

DIÁLOGO SOCIAL EN GALICIA

---

XUNTA DE GALICIA

# **ACORDOS ASINADOS NA MESA XERAL**

30 de xullo de 2010

# ÍNDICE

<b>1.- ACORDOS RELATIVOS ÁS POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO .....</b>	<b>3</b>
1.1.- FOMENTO DA EMPREGABILIDADE, DA CONTRATACIÓN E DA ESTABILIDADE .....	4
1.2.- SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA .....	18
1.3.- ACORDO EN MATERIA DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO .....	36
<b>2.- ACORDOS RELATIVOS Á PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS .....</b>	<b>47</b>
2.1.- PLAN ESTRATÉXICO PARA A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS EN GALICIA 2011-2014 .....	48
<b>3.- ACORDOS RELATIVOS Á MELLORA DA COMPETITIVIDADE EMPRESARIAL .....</b>	<b>85</b>
3.1.- PROPOSTAS DE MELLORA DA XESTIÓN E DA ÁREA DE FINANCIAMENTO DO ÍGAPE .....	86
3.2.- ACORDOS EN MATERIA DE INTERNACIONALIZACIÓN E CAPTACIÓN DE INVESTIMENTO ESTRANXEIRO .....	108
3.3.- PROPOSTAS EN MATERIA DE I+D+I .....	132
3.4.- ACORDO DA VISIÓN ESTRATÉXICA DO SECTOR TÉXTIL EN GALICIA.....	155
3.5.- ACORDO RELATIVO AO SECTOR TÉXTIL: PROGRAMA EMPREGATEX.....	176
3.6.- PROPOSTAS EN MATERIA DE MODERNIZACIÓN E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA E RACIONALIZACIÓN E SIMPLIFICACIÓN DAS CARGAS ADMINISTRATIVAS .....	187
<b>4.- ACORDOS RELATIVOS A INFRAESTRURAS E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE .....</b>	<b>208</b>
4.1.- ACORDO RESPECTO AOS PRINCIPIOS INSPIRADORES DO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL DE GALICIA .....	209
4.2.- ACORDO RELATIVO Á VIVENDA EN GALICIA .....	227
<b>5.- ACORDOS RELATIVOS AO BENESTAR E Á COHESIÓN SOCIAL .....</b>	<b>265</b>
5.1. BASES PARA A ELABORACIÓN DA LEI GALEGA DE INCLUSIÓN SOCIAL .....	286
5.2. PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE DESENVOLVE A LEI 13/2008 DE SERVIZOS SOCIAIS NO RELATIVO AO CONSELLO GALEGO DE BENESTAR SOCIAL .....	338
5.3. PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO DA MESA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS .....	350

# **1.- Acordos relativos ás políticas activas de emprego**

Fomento da empregabilidade, da contratación e da estabilidade

Servizo Público de Emprego de Galicia

Acordo en Materia de Formación Para o Emprego

## **1.1.- Fomento da empregabilidade, da contratación e da estabilidade**

A crise económica está tendo unha dramática repercusión en termos de emprego, que día a día afecta á destrución de numerosos postos de traballo. As taxas de paro e o número de persoas inscritas nas oficinas do Servizo Público de Emprego reflicten esta situación. Aínda que Galicia presenta un diferencial positivo co conxunto do Estado e se observa unha desaceleración no ritmo de crecemento do desemprego, cómpre tomar medidas e mellorar as xa existentes para reverter totalmente o mal comportamento do emprego.

É obrigación de toda a sociedade loitar contra o desemprego. Así, o Diálogo Social, no que están inmersos a Administración autonómica e os axentes sociais participantes no proceso, recolle este espírito e traballa a prol da creación de emprego, do freo da súa destrución e na mellora da súa calidade. Débense xuntar esforzos nun momento de crise como o actual, no que non se pode esquecer que detrás dos indicadores macroeconómicos e de emprego se encontran dramas persoais e familiares, e que afectan con especial intensidade a colectivos tan importantes como a nosa mocidade.

As políticas activas de emprego configúranse como un mecanismo de inserción e permanencia no mercado de traballo. Cómpre mellorar a súa eficiencia e eficacia, de xeito que quen se beneficie destas políticas aumente a súa empregabilidade e posibilidades de inserción real no mercado laboral.

Os recursos destinados ao fomento do emprego, nun momento como o actual, deben empregarse nos colectivos con maiores dificultades para acceder a un posto de traballo. Cómpre priorizar estes colectivos e adaptar definicións como desemprego de longa duración ou colectivo en risco de exclusión social á situación actual e aos cambios sociais.

As contratacións indefinidas iniciais deben fomentarse para colectivos como as persoas desempregadas de longa duración, persoas desempregadas que esgotasen as prestacións por desemprego, persoas desempregadas maiores de 45 anos, mozos e mozas desempregados sen cualificación e vítimas de violencia de xénero en empresas que se comprometan a incrementar o emprego fixo e manter os niveis de emprego fixo e neto. As contías de subvencións teñen que actualizarse graduando e actualizando a súa contía segundo os colectivos.

Debido á necesidade de manter e incrementar o emprego na conxuntura actual, establécense axudas destinadas á transformación de contratos temporais en indefinidos, prioritariamente nas microempresas, mellorando, así, as posibilidades de acceso por parte destas.

Sendo a temporalidade outro dos puntos febles do noso mercado laboral, é necesario delimitar claramente os supostos en que se incentivarán contratacións laborais temporais, reducíndose a contratos de inserción laboral para colectivos en risco de exclusión social e contratos que favorezan a conciliación da vida profesional e familiar.

Así, apróbase o seguinte acordo:

## 1) Definición dos colectivos prioritarios

Confeccionarase unha orde que reflicta os colectivos prioritarios no ámbito de todas as políticas activas de emprego xestionadas pola Xunta de Galicia.

Os colectivos con dificultades para acceder ao emprego serán os seguintes:

- Persoas desempregadas de longa duración
- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións por desemprego
- Persoas desempregadas de máis de 45 anos
- Mozas e mozos
- Víctimas de violencia de xénero
- Persoas con discapacidade
- Persoas desempregadas que pertencen a colectivos en risco de exclusión social
- Mulleres

Para os efectos destas políticas, entenderase por **persoa desempregada de longa duración** a persoa desempregada que, na súa data de alta no correspondente réxime da Seguridade Social, estivera sen traballo e acreditara un período de inscrición ininterrompido como persoa desempregada de 180 días se fose menor de 25 anos ou tivese 45 anos de idade ou máis, e de 360 días se fose maior de 25 e menor de 45 anos.

Enténdese por **mozos e mozas** as persoas que teñen ata 30 anos.

Así mesmo, inclúense no grupo de persoas desempregadas as que pertencen aos seguintes **colectivos en risco de exclusión social**:

a) Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia ou as que non poidan acceder a ela, ben por falta do período esixido de residencia ou empadramento, ou ben por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido, ou membros da súa unidade familiar en desemprego.

b) Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes debidamente acreditados ou autorizados.

c) Persoas internas de centros penitenciarios cuxa situación penal lles permita acceder a un emprego, así como liberados/as condicionais ou ex-reclusos/as que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.

d) Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.

e) As persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia de xénero que, por proceder de recursos específicos de acollida ou por calquera outra circunstancia, teñan especiais dificultades de integración laboral.

f) Persoas que abandonaran o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral, e transexuais ou en proceso de reasignación sexual.

g) Menores internos incluídos/as no ámbito de aplicación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como os/as que estean en situación de liberdade vixiada e os ex-reclusos e ex-reclusas.

h) Persoal que estea ou estivese ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración autonómica.

i) Traballadores e traballadoras inmigrantes que pasen a ser residentes da comunidade cuxas características condicionen a súa integración social.

j) Emigrantes retornados/as con graves necesidades persoais ou familiares.

k) Persoas que forman parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.

Os incentivos á contratación das persoas con discapacidade serán obxecto dunha regulación específica ao estar estes financiados con fondos finalistas do Servizo Público de Emprego Estatal.

## **2) Contratación en base a plans empresariais de incremento da estabilidade laboral**

- Suspéndese de xeito temporal para o ano 2010 a vixencia da taxa de estabilidade.
- Non se procederá á publicación da orde pola que se regula o programa de incentivos a plans empresariais de incremento da estabilidade laboral para o ano 2010.
- Os fondos destinados a esta orde redirixiranse ao resto de medidas previstas neste documento, en función das solicitudes presentadas.

### 3) Contratación indefinida inicial: colectivos e contías

a). **Condicións básicas:** as empresas beneficiarias destas axudas adquiren o compromiso de:

- Incrementar o emprego fixo e neto do seu persoal con referencia á media dos tres meses anteriores á data da contratación.
- Manter o nivel de emprego fixo e neto utilizado de base para a concesión da subvención durante tres anos, calculado en cómputo anual.

b). Defínense como **colectivos subvencionables** neste ámbito para os efectos do cálculo da subvención base:

- Persoas desempregadas de longa duración
- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións por desemprego
- Persoas desempregadas maiores de 45 anos
- Mozas e mozos desempregados sen cualificación
- Víctimas de violencia de xénero
- **Contías:**
  - **6.000.- €** para as empresas que teñan unha taxa de estabilidade igual ou superior á establecida no seu convenio específico ou, no seu defecto, ao 75 %.
  - **4.000.- €** para as empresas restantes.

c). **Graduación das axudas dos colectivos subvencionables:**

- No caso de **mulleres:** incremento dun 10 % da contía base: **4.400.- e 6.600.- €.**
- No caso de **microempresas** (empresas con menos de 10 persoas traballadoras): incremento dun 25 % da contía base: **5.000.- e 8.250.- €.**
- No caso de **microempresas situadas nun concello rural:** incremento dun 50 % da contía base: **6.000.- e 9.900.- €.**
- No caso de **mozas e mozos con cualificación** e sempre que sexan encadrados no grupo de cotización correspondente á súa

cualificación profesional: 50 % da contía base cos incrementos:  
**2.000.- e 4.950.- €.**

**d).** A contía do incentivo será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria máxima legal.

## 4) Transformacións de contratos temporais en indefinidos

a). Serán subvencionables as transformacións de contratos temporais en indefinidos nas seguintes circunstancias:

- a) **En empresas con menos de 10 persoas traballadoras (microempresas):** serán subvencionables as transformacións de calquera modalidade de contrato temporal.
- b) **En empresas de 10 ou máis persoas traballadoras:** incentivarase unha transformación en indefinido dun contrato temporal en vigor por cada contratación indefinida inicial que sexa realizada cunha persoa traballadora pertencente a un colectivo subvencionable dos definidos no punto 3 letra b) (regra 1 x 1).
- c) Incentivarase a transformación dos contratos temporais en indefinidos sempre que transcorreran menos de 24 meses desde a súa celebración inicial, computándose todas as modalidades contractuais celebradas sen ruptura de continuidade e, excepcionalmente os que, pola súa modalidade contractual, permitan contratos temporais superiores a 24 meses.
- d) No caso de mozos e mozas de 16 a 30 anos, e só para os efectos do establecido na letra b deste punto 4, só se incentivará a transformación en indefinido dos contratos en prácticas para a formación, de revezamento e de substitución por anticipación da idade de xubilación.
- e) No caso de persoas en risco de exclusión social, incentivaranse todas as transformacións de contratacións.

**b). Contías:**

- o **3.000.- €** para as empresas que teñan unha taxa de estabilidade igual ou superior á establecida no seu convenio específico ou, no seu defecto, ao 75 %.
- o **2.000.- €** para as empresas restantes.

**c).** A contía do incentivo será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria máxima legal.

## 5) Contratación temporal

a). Os incentivos á contratación temporal estarán limitados:

- **Á inserción laboral:** contratos temporais –entre 6 e 12 meses– celebrados con colectivos en risco de exclusión social.
- **Á conciliación laboral:** contratos de interinidade para substitución de persoas traballadoras en excedencia por coidado de familiares.

b). **Contías:**

- entre **2.520.- e 5.040.- €** para a contratación temporal de persoas traballadoras que pertencen a colectivos en risco de exclusión social entre 6 e 12 meses, respectivamente.
- **1.800.- €** para a contratación destinada á conciliación laboral.

c). A contía do incentivo será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria máxima legal.

## **6) Período de vixencia do acordo e seguimento**

- Duración 2010-2013, revisable anualmente.
- A mesa 1 do diálogo social, Emprego e Relacións Laborais, constitúese como mesa de seguimento deste acordo e reunirase cando o solicite unha das partes integrantes desta (representantes empresariais, sindicais ou Administración) e, en todo caso, cando se produza unha redución continua das taxas de paro rexistrado durante seis meses ou dunha diminución dos datos de paro estimado da EPA referente ao número de persoas paradas durante dous trimestres consecutivos.

## 7) Orzamento 2010-2013

<b>Orzamento estimado 2010-2013</b>			
<b>Programa incentivos á contratación</b>	<b>2010</b>	<b>2011-2013</b>	<b>2010-2013</b>
Liña de contratación indefinida inicial	19.501.387,86	60.875.688,37	80.377.076,24
Liña de contratación indefinida por transformacion de contratos temporais	6.866.685,87	21.435.101,54	28.301.787,41
Liña de contratación temporal	1.098.669,74	3.429.616,25	4.528.285,99
<b>TOTAL</b>	<b>27.466.743,47</b>	<b>85.740.406,16</b>	<b>113.207.149,63</b>

## 8) Indicadores de avaliación

<b>TIPO DE CONTRATACIÓN POR NATURALEZA DO CONTRATO</b>			
<b>NATURALEZA DO CONTRATO</b>	<b>2010</b>	<b>2011-2013</b>	<b>2010-2013</b>
Número de contratos indefinidos iniciais	3.425	10.692	14.117
Número de contratos indefinidos por transformacion	2.500	7.804	10.304
Número de contratos temporais	250	780	1.030

<b>TIPO DE CONTRATACIÓN POR SEXO</b>				
<b>NATURALEZA DO CONTRATO</b>	<b>sexo</b>	<b>2010</b>	<b>2011-2013</b>	<b>2010-2013</b>
Número de contratos indefinidos iniciais	mulleres	2.055	6.415	8.470
	homes	1.370	4.277	5.647
Número de contratos indefinidos por transformacion	mulleres	1.250	3.902	5.152
	homes	1.250	3.902	5.152
Número de contratos temporais	mulleres	175	546	721
	homes	75	234	309

<b>TIPO DE CONTRATACIÓN POR EDADE</b>				
<b>NATURALEZA DO CONTRATO</b>	<b>idade</b>	<b>2010</b>	<b>2011-2013</b>	<b>2010-2013</b>
Número de contratos indefinidos iniciais	< 30 anos	1.370	4.277	5.647
	de 30 e 45 anos	1.370	4.277	5.647
	> 45 anos	685	2.138	2.823
Número de contratos indefinidos por transformacion	< 30 anos	875	2.731	3.606
	de 30 e 45 anos	1.125	3.512	4.637
	> 45 anos	500	1.561	2.061
Número de contratos temporais	< 30 anos	100	312	412
	de 30 e 45 anos	100	312	412
	> 45 anos	50	156	206

<b>TIPO DE CONTRATACIÓN POR LOCALIZACIÓN RURAL/URBANA</b>				
<b>NATURALEZA DO CONTRATO</b>	<b>localización</b>	<b>2010</b>	<b>2011-2013</b>	<b>2010-2013</b>
Número de contratos indefinidos iniciais	rural	1.370	4.277	5.647
	urbana	2.055	6.415	8.470
Número de contratos indefinidos por transformacion	rural	750	2.341	3.091
	urbana	1.750	5.463	7.213
Número de contratos temporais	rural	125	390	515
	urbana	125	390	515

<b>TIPO DE CONTRATACIÓN POR PROVINCIA</b>				
<b>NATURALEZA DO CONTRATO</b>	<b>provincia</b>	<b>2010</b>	<b>2011-2013</b>	<b>2010-2013</b>
Número de contratos indefinidos iniciais	A Coruña	1.199	3.742	4.941
	Pontevedra	1.130	3.528	4.658
	Lugo	617	1.924	2.541
	Ourense	480	1.497	1.976
Número de contratos indefinidos por transformacion	A Coruña	875	2.731	3.606
	Pontevedra	825	2.575	3.400
	Lugo	450	1.405	1.855
	Ourense	350	1.093	1.443
Número de contratos temporais	A Coruña	88	273	361
	Pontevedra	83	257	340
	Lugo	45	140	185
	Ourense	35	109	144

## **1.2.- Servizo Público de Emprego de Galicia**

O Servizo Público de Emprego de Galicia concíbese como un servizo de emprego público e gratuíto ao servizo da cidadanía; un servizo que sexa capaz de implementar as políticas activas de emprego; que sexa capaz de orientar as persoas demandantes de emprego; que sexa capaz de captar as ofertas de emprego do mercado de traballo; e que sexa capaz de lograr a confianza de traballadores/as e empresarios/as baseándose nunha atención eficaz e de calidade.

No contexto actual de crise que estamos a sufrir, as funcións do SPEG revélanse como absolutamente necesarias para o contexto da sociedade galega. Neste sentido, partimos da seguinte situación, segundo datos referidos a 2009:

**Datos da EPA en miles de persoas – Valores medios do ano 2009**

	<b>Activas</b>	<b>Taxa de actividade</b>
<b>Total nacional</b>	23.037,48	59,95
<b>Galicia</b>	1.317,35	55,21

	<b>Ocupadas</b>	<b>Taxa de ocupadas</b>
<b>Total nacional</b>	18.888,59	81,99%
<b>Galicia</b>	1.152,13	87,41%

	<b>Paradas</b>	<b>Taxa de paro</b>
<b>Total nacional</b>	4.149,64	18,01%
<b>Galicia</b>	166,02	12,60%

**Fonte: Instituto Galego de Estatística**

**Paro rexistrado – Ano 2009**

<b>PROVINCIA DEMANDANTE</b>	<b>Media</b>
CORUÑA (A)	82.937,75
LUGO	19.179,75
OURENSE	23.416,42
PONTEVEDRA	80.711,50
<b>TOTAL</b>	<b>206.245,42</b>

**Fonte: Consellería de Traballo e Benestar**

**Rexistro de contratos - Ano 2009**

	<b>Contratos rexistrados</b>
<b>INDEFINIDO</b>	67.042
<b>TEMPORAL</b>	616.087
<b>TOTAL</b>	<b>683.129</b>

**Fonte: Consellería de Traballo e Benestar**

## Afiliación á Seguridade Social – Media do ano 2009 en alta por réximes

	Réxime Xeral	Réxime Especial de Traballadores/as Autónomos	Réxime Especial Agrario	TOTAL SISTEMA
<b>GALICIA</b>	755.564,26	229.042,37	4.475,31	1.034.468,34
<b>TOTAL</b>	13.634.775,80	3.220.769,43	801.725,34	18.020.470,24

Fonte: Seguridade Social

No apartado de xestión do SPEG, no que atende aos seus servizos básicos, é preciso sinalar que en 2009 foron atendidas polos servizos de orientación laboral 99.201 persoas demandantes de emprego, das cales 36.601 foron atendidas polas oficinas de emprego e 62.600 polos centros colaboradores; definíronse 16.697 itinerarios personalizados de inserción, dos que 7.943 corresponden ao programa temporal de protección por desemprego e inserción; tramitáronse 37.280 postos de traballo a través do seu sistema de intermediación propio, e foi clasificada ao longo do ano o 27 % das persoas demandantes de emprego rexistradas.

Hai que comezar por admitir que existe un certo descrédito e falta de confianza tanto de persoas traballadoras como de empresarias nas funcións e utilidades deste servizo.

Un dos factores que máis contribúe a isto é a escasa porcentaxe de intermediación, stricto sensu, que presenta o SPEG: apenas un 5,5 %. Aínda que isto é certo, as solucións pasan, non por externalizar o servizo, senón por mellorar as súas aplicacións, contando, na medida en que sexa posible, coa colaboración dos axentes sociais, para deste modo lograr, entre outras cousas, que se poidan acadar índices de intermediación que non sexan testemuñais.

O SPEG, como calquera outro servizo público de emprego, ten como un dos seus obxectivos proporcionarlles ás persoas demandantes de emprego a posibilidade de atopar un posto de traballo a través da intermediación entre persoas demandantes e empresas.

Para mellorar a función de intermediación no mercado laboral e chegar aos intereses e necesidades reais das persoas demandantes de emprego, é necesario acadar un maior coñecemento mediante a realización dunha

entrevista persoal e o rexistro na base de datos do perfil da persoa demandante de emprego.

A aplicación deste procedemento de clasificación alcanza a todas as actividades realizadas polo persoal técnico das oficinas de emprego, tendentes, por un lado, a comprobar a empregabilidade, e, por outro, a determinar a dispoñibilidade das persoas demandantes de emprego. Polo tanto, este labor de clasificación, absolutamente vital, tórnase imprescindible realizalo a través do persoal técnico das oficinas, co fin de que se siga a mesma metodoloxía para todas as persoas demandantes, de xeito que os resultados de empregabilidade das persoas obedezan aos mesmos parámetros.

Hai, por conseguinte, que continuar a definir, en colaboración cos axentes sociais, o mellor procedemento de clasificación, como elemento que sirva de base para mellorar a empregabilidade e, polo tanto, as oportunidades de emprego para os galegos e galegas inscritos nas oficinas.

Neste contexto faise preciso diferencialo da orientación, no sentido de que como resultado da clasificación o persoal técnico determina cal é, para a persoa demandante, a súa empregabilidade e a súa dispoñibilidade, mentres que o resultado da orientación busca mellorar estas variables actuando sobre a persoa demandante e de acordo con esta.

Baixo estes parámetros, o persoal técnico de clasificación, se así o estima, poderá informar a persoa demandante da posibilidade de acudir á orientación e, se esta acepta, poderá asignarlle unha cita; no mesmo sentido, como resultado do proceso de orientación, o persoal de orientación poderá suxerirle ao persoal de clasificación a introdución de modificacións na demanda, en relación cos avances logrados.

Partindo do vixente Acordo sobre o novo modelo do Servizo Público de Emprego de Galicia, preténdese melloralo e apróbase o seguinte acordo:

## **OBXECTIVOS E FUNCIÓNS:**

O obxectivo do Servizo Público de Emprego de Galicia é o de facilitar a inserción das persoas desempregadas a través das políticas activas de emprego para contribuír a acadar emprego, estable e de calidade.

As funcións que desenvolverá serán as seguintes:

- Inscripción.
- Clasificación.
- Orientación.
- Intermediación.
- Rexistro e seguimento da contratación.

## **1) Inscripción das persoas demandantes de emprego**

O obxectivo da inscrición das persoas demandantes é o de dadas de alta dentro da base de datos do SPEG, cubrindo os datos necesarios para que poidan obter o documento acreditativo da súa inscrición como demandante (DARDE) e de xeito que comece a computar un período de inscrición ininterrompido, sen que decaia a súa demanda.

A función de inscrición será competencia exclusiva da Administración.

## **2) Clasificación das persoas demandantes de emprego**

O obxectivo da clasificación da persoa demandante é o de acadar un maior coñecemento mediante a entrevista persoal e rexistrar na base de datos o perfil da persoa demandante segundo a súa tipoloxía, detallando os datos profesionais e formativos da persoa demandante, así como a súa empregabilidade e dispoñibilidade, e mellorar a función de intermediación no mercado laboral e chegar aos intereses e necesidades reais das persoas demandantes.

O procedemento de clasificación prevé, de xeito básico, as tres actuacións seguintes:

- Completar a demanda.
- Determinar a dispoñibilidade e a empregabilidade.
- Derivar a persoa demandante a outros procesos de mellora da empregabilidade (orientación e formación basicamente).

Segundo estas actuacións, a persoa, cando vai inscribirse, cobre unha serie de datos co fin de garantirle un conxunto de dereitos e a expedición do DARDE. Unha vez inscrito, pasa ao proceso de clasificación co fin de completar a demanda, determinar a dispoñibilidade e empregabilidade e aconsellarlle o acceso a outros servizos. A continuidade desas accións na mesma oficina de emprego é necesaria para darlle continuidade e integración a eses servizos.

Por outra banda, e no que respecta á responsabilidade do SPEG na intermediación, será o SPEG quen deberá asegurar a necesaria e imprescindible calidade dos datos, e, xa que tanto a dispoñibilidade como a empregabilidade van ser clave á hora de acceder a unha oferta, non se considera que estas valoracións poidan “delegarse” en entidades externas. Isto é así porque se asegura a todas as persoas demandantes a mesma calidade e oportunidade con respecto ás ofertas de emprego.

A función de clasificación será competencia exclusiva da Administración.

No prazo dun ano, a contar dende o mes de abril, estará rematado o proceso de clasificación, de tal xeito que o 100 % das persoas demandantes de emprego estea clasificado no mes de abril do ano 2011.

Igualmente ao longo deste ano implantaranse os procesos nas ofertas de emprego para que, na intermediación, se teñan en conta estes criterios de empregabilidade e dispoñibilidade.

Deste xeito, dende a Administración considérase que, unha vez rematado este proceso, e, por tanto, determinadas, de xeito correcto, a empregabilidade e dispoñibilidade das persoas demandantes de emprego, se posibilitará que a intermediación mellore de xeito substancial, en tanto que se axustarán de forma correcta as ofertas e as demandas.

Para acadar este obxectivo a Administración deberá, se é necesario, realizar as seguintes actuacións dentro do ámbito do SPEG:

- Diminuír a axenda dos orientadores/as nas oficinas de emprego.
- Optimizar a xestión dos IPIS PRODI, derivando o seguimento aos centros colaboradores, de acordo co procedemento legalmente establecido. Por outra banda, o Servizo Público de Emprego de Galicia efectuará un seguimento e unha avaliación da citada xestión.

### **3) Orientación laboral**

Cada persoa que acuda a orientación laboral precisa dun asesoramento inicial para aproximar un plan de traballo e despois valorar a súa inclusión nun itinerario a través do cal dispoña de elementos suficientes para decidir o seu propio proxecto laboral de maneira realista e viable.

Dentro deste contexto pode definirse a orientación laboral como o proceso continuo de axuda no ámbito laboral ás persoas demandantes de emprego, co obxecto de potenciar o seu desenvolvemento profesional e de posibilitar a mellor toma de decisións autónomas para un óptimo aproveitamento dos seus recursos en relación co emprego.

O obxectivo da orientación laboral será polo tanto facilitar o desenvolvemento dos recursos e competencias propias da persoa demandante que lle permitan identificar opcións laborais e elixir entre elas con autonomía, tomar decisións para planificar actuacións en relación co emprego e avaliar os resultados de forma autónoma.

As funcións de inscrición e clasificación, no sentido estrito do termo, serán competencia exclusiva da Administración, mentres que na orientación, pola súa banda, se poderán requirir os servizos das entidades colaboradoras en materia de orientación profesional.

Esta colaboración posibilitará que os técnicos/as do Servizo Público de Emprego de Galicia poderán concentrar, ao longo do ano, as súas funcións en rematar a clasificación das persoas demandantes de emprego, deixando que o labor de orientación sexa descargado, na súa maior parte, nos centros colaboradores. O Servizo Público de Emprego realizará a necesaria validación dos procesos, establecendo os mecanismos oportunos de seguimento e control da orientación realizada polas entidades colaboradoras.

## 4) Intermediación laboral

O artigo 20 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego define a intermediación laboral como o conxunto de accións que teñen por obxecto pór en contacto as ofertas de traballo coas persoas demandantes de emprego para a súa colocación. A intermediación laboral ten como finalidade proporcionarles ás persoas un emprego axeitado ás súas características e facilitarlles aos empregadores/as os perfís máis axeitados aos seus requirimentos e necesidades.

Partindo de que as funcións de inscrición e clasificación son competencia exclusiva da Administración e que no desenvolvemento da orientación laboral a Administración pode apoiarse en entidades colaboradoras, queda por fixar a xestión da intermediación laboral nos termos definidos neste documento.

Na función de intermediación teranse en conta os criterios de empregabilidade e dispoñibilidade determinados no procedemento de clasificación. Deste xeito, posibilitarase que a intermediación mellore de xeito substancial, en tanto que se axustarán de xeito correcto as ofertas e as demandas.

Os labores de intermediación serán realizados polo Servizo Público de Emprego e establecerase a posibilidade de realizar acordos e colaboracións con entidades mediante os instrumentos que se determinen tendentes a mellorar a empregabilidade das persoas demandantes de emprego.

## **5) Centro de apoio á persoa empregadora**

A Administración, para os efectos de colaborar cos ofertantes no proceso de intermediación, propón abrir e pór en funcionamento centros de apoio á persoa empregadora. Estes centros, que serán atendidos por persoal técnico das oficinas, colaborarán coas persoas empregadoras na correcta definición das súas ofertas de traballo, na realización das entrevistas persoais ás persoas demandantes de emprego, e proporcionaranlles asesoramento técnico e profesionalizado en cantas actuacións precisen, para os efectos de lograr que ningunha oferta de traballo quede sen cubrir por non atopar o perfil profesional axeitado ás necesidades da persoa empregadora.

## **6) Acci3ns de mellora do servizo**

O Servizo P3blico de Emprego de Galicia por3 a disposici3n, tanto da persoa demandante de emprego como da empregadora, os medios necesarios para que, por medios electr3nicos, sen que sexa necesaria a presenza do cidad3n/3, se poidan executar funci3ns e servizos precisos tales como actualizar o curr3culo, expedir certificados, renovar a demanda..., implantando estes procedementos a trav3s do portal de emprego e atendendo ao disposto na Lei 11/2007, do 22 de xu3o, de acceso electr3nico dos cidad3ns aos servizos p3blicos.

A inclusi3n das novas tecnolox3as na xesti3n, baseada na eficiencia dos recursos, na sostibilidade e na accesibilidade de toda a cidadan3a, ser3 referente en todos os servizos que desenvolva o Servizo P3blico de Emprego de Galicia.

As3 mesmo, abordarase unha actuaci3n integral de reforma dos espazos f3sicos das oficinas tendentes a mellorar as condici3ns de traballo do persoal e de quen acuda a eles.

Proponse de igual xeito a definici3n dun proxecto de formaci3n destinado ao persoal das oficinas para os efectos de mellorar a s3a cualificaci3n e capacitaci3n profesional, as3 como o desenvolvemento de acci3ns formativas en materia de habilidades sociais, imprescindibles para o desenvolvemento do labor que realiza.

## **7) Salario de inserción**

No marco do proceso do diálogo social aberto en Galicia, e como elemento integrante do Servizo público de Emprego de Galicia, acórdase retomar a negociación sobre o salario de inserción, que quedou temporalmente en suspenso.

## **8) Pactos territoriais de emprego**

Para poder avaliar de maneira obxectiva se cumpren cos obxectivos previstos, como elemento constituínte que son do Servizo Público de Emprego de Galicia, constitúese no proceso do diálogo social un grupo de traballo específico que revisará o funcionamento dos Pactos territoriais e, se fose oportuno, propondrá as modificacións pertinentes.

Esta proposta deberá efectuarse como data límite ao remate do ano 2010.

Co obxectivo de homoxeneizar o período de vixencia das UPD das asociacións impulsoras dos Pactos existentes actualmente, acórdase propor o financiamento dunha nova UPD por un período de seis meses nos casos cuxo período de vixencia expira a 30 de xuño de 2010. Estas son as dos Pactos territoriais seguintes: Lugo, Costa da Morte, Valdeorras e Salnés.

## **9) Período de vixencia do acordo e seguimento**

Duración: 2010-2013, revisable anualmente.

A mesa 1 do Diálogo Social, Emprego e Relacións Laborais constitúese como mesa de seguimento deste acordo e reunirase cando o solicite unha das partes integrantes desta (representantes empresariais, sindicais ou Administración) e, en todo caso, como mínimo unha vez ao ano.

## 10) Orzamento

	<b>2010</b>	<b>2011-2013</b>	<b>2010-2013</b>
<b>Cap. I</b>	6.153.266,93	18.459.800,79	24.613.067,72
<b>Cap. II</b>	1.759.060,66	6.211.222,56	7.970.283,22
<b>Cap. IV</b>	1.606.624,40	4.737.042,40	6.343.666,80
<b>Cap. VI</b>	2.995.157,34	10.575.865,44	13.571.022,78
<b>TOTAL</b>	<b>12.514.109,33€</b>	<b>39.983.931,19€</b>	<b>52.498.040,52 €</b>

## **11) Indicadores de avaliación**

Número de persoas demandantes de emprego clasificadas. Porcentaxe sobre o total de demandantes.

Número de persoas demandantes de emprego orientadas. Porcentaxe sobre o número de persoas demandantes de emprego clasificadas.

Número de ofertas de emprego xestionadas.

Número de contactos con empregadores/as dos centros do empregador/a.

Número de persoas de oficinas de emprego participantes en accións de formación.

Taxa de cobertura: porcentaxe de intermediación do Servizo Público de Emprego sobre o total de contratos formalizados.

Porcentaxe de ofertas de emprego con éxito.

### **1.3.- Acordo en materia de formación para o emprego**

O proceso de Diálogo Social en Galicia que se está a desenvolver entre a Administración autonómica e as asociacións empresariais e sindicais continúa como un proceso de concertación a prol do desenvolvemento social e económico da nosa comunidade autónoma.

As distintas consellerías da Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia, UGT-Galicia e o S.N. de CCOO de Galicia están a traballar arreo nas distintas mesas de traballo cos obxectivos de favorecer a creación de emprego de calidade en condicións iguais para toda a cidadanía e de aumentar a competitividade das empresas galegas.

Nun contexto como o da actual situación económica, as distintas políticas activas de emprego en xeral e a formación en particular son unha prioridade para as administracións públicas, constituíndo a Formación para o Emprego un instrumento insustituíble para mellorar a cualificación e a empregabilidade dos traballadores e a competitividade das empresas.

A integración dos antigos subsistemas de formación profesional ocupacional e continua nun único subsistema de formación para o emprego e a nova regulación estatal nesta materia, fan preciso acometer importantes reformas na normativa galega de desenvolvemento.

Así mesmo, faise preciso avanzar na territorialización dos fondos, no senso de lograr que aqueles fondos de formación para o emprego que teñen como destino a nosa Comunidade Autónoma cheguen de xeito íntegro ás entidades galegas, e repercutan na capacitación e cualificación profesional das persoas traballadoras ocupadas e desempregadas de Galicia.

Os axentes sociais desempeñan un papel fundamental na determinación da oferta da formación para o emprego, derivado do seu coñecemento das necesidades formativas demandadas polos distintos sectores produtivos. Faise, preciso, por tanto, potenciar os órganos de participación dos anteditos axentes no subsistema da formación para o emprego.

Como peche do sistema, ocupa un lugar preponderante o procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral e por outras vías non formais na Comunidade Autónoma de Galicia, que é necesario poñer en marcha de forma inmediata.

Da mesa de Formación do Diálogo Social de Galicia, logo dun traballo de análise e debate das propostas, xorden, lexitimadas pola participación de todos os axentes que interveñen no proceso, as seguintes medidas e propostas:

- 1. Decreto de inscrición e acreditación de centros e entidades formativas.**
- 2. Comisión Galega de Formación Continua.**
- 3. Fundación Galega de Formación para o traballo.**
- 4. Comisión Sectoriais de Cualificación e Formación Profesional.**
- 5. Procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral.**
- 6. Período de vixencia do acordo e seguimento.**

Apróbase, segundo o exposto, o seguinte acordo:

# **1.- DECRETO DE INSCRIPCIÓN E ACREDITACIÓN DE CENTROS E ENTIDADES FORMATIVAS.**

A publicación do Real Decreto 395/2007, de 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego integra os dous antigos subsistemas da formación profesional ocupacional e continua no subsistema único da formación para o emprego; a Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo que o desenvolve en materia de oferta, conleva un importante cambio na regulación e xestión da formación para o emprego.

O Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, inclúe aspectos relativos á impartición e avaliación das ofertas de formación profesional para o emprego correspondentes aos novos certificados de profesionalidade.

Redactarase un novo decreto que substitúa o Decreto 158/2001, do 29 de xuño, polo que se regula o procedemento para a homologación de especialidades formativas e para a inscrición no Censo de centros colaboradores de formación ocupacional da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, adaptando aos cambios normativos antes expostos, e que conterà como puntos básicos os seguintes:

- a) Creación dun rexistro de Centros e Entidades de Formación para o emprego adscrito á Consellería de Traballo e Benestar, que substituirá ao censo actual.
- b) Inscrición no rexistro dos centros e entidades de formación que impartan formación para o emprego, e acreditación dos centros e entidades que impartan formación dirixida á obtención dos certificados de profesionalidade.
- c) Limitación da inscrición ou, se é o caso, da acreditación, ás especialidades incluídas no ficheiro de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal.
- d) Inscrición ou, se é o caso, acreditación dos centros ou entidades tanto para a impartición de formación dirixida prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas como para a dirixida prioritariamente a persoas ocupadas.

- e) Posibilidade de inscrición ou, se é o caso, acreditación, para a impartición de formación a distancia e teleformación.
- f) Peculiaridades para a inscrición e, se é o caso, acreditación de especialidades formativas dirixidas especificamente a persoas con discapacidade.
- g) Apertura do prazo de presentación de solicitudes durante todo o ano.
- h) Posibilidade de acreditar a formación impartida para persoas ocupadas por entidades incluídas no censo actual, naquelas especialidades nas que estivesen homologadas na data de entrada en vigor do decreto, sempre e cando acrediten o cumprimento dos requisitos establecidos nos respectivos certificados de profesionalidade.
- i) Posibilidade de facer inscricións e, se é o caso acreditacións, provisionais, de xeito excepcional, garantindo o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa reguladora das distintas especialidades formativas, e a calidade da formación.

## **2.- COMISIÓN GALEGA DE FORMACIÓN CONTINUA.**

En marzo de 2004 asinouse entre a administración e os axentes sociais o acordo para a creación da Comisión Galega de Formación Continua. En aplicación deste acordo, o Decreto 7/2005, do 13 de xaneiro, crea e regula o funcionamento da Comisión Galega de Formación Profesional Continua, con diversas competencias relacionadas con este subsistema da formación profesional.

A publicación do Real Decreto 395/2007, de 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, e da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo que o desenvolve en materia de oferta, integra os dous antigos subsistemas da formación profesional, ocupacional e continua, no subsistema único da formación para o emprego.

Abordárase a reforma do Decreto 7/2005, para adaptar a Comisión Galega a este cambio normativo, establecendo:

1. A Comisión Galega de Formación Continua pasará a denominarse Comisión Galega de Formación para o Emprego.
2. Manteranse todas as competencias da Comisión en materia de formación profesional continua.
3. As ditas competencias relativas á formación profesional continua pasarán a referirse aos plans de formación dirixidos prioritariamente ás persoas traballadoras ocupadas.
4. Incorporaranse dentro das competencias da Comisión:
  - Informar as ordes de convocatoria das accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas.
  - Colaborar coa administración no establecemento das prioridades anuais da programación das accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas.
  - Coñecer as propostas de resolución das subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas, con carácter previo á súa resolución.

### **3.- FUNDACIÓN GALEGA DE FORMACIÓN PARA O TRABALLO**

A Fundación Galega de Formación para o Traballo, nace a raíz do Real Decreto 552/2006, de 5 de maio, de ampliación dos medios económicos adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real Decreto 146/1993, do 29 de xaneiro, en materia de xestión da formación profesional ocupacional.

O Consello da Xunta do 4 de outubro de 2007, autoriza ao Director Xeral de Formación e Colocación para o outorgamento da Carta fundacional e para realizar os trámites necesarios para a súa constitución. Con data do 5 de maio de 2008, constitúese a Fundación mediante escritura pública perante Notario.

Con data de 26 de novembro de 2009, asinase o Convenio entre a *Fundación Tripartita para la Formación en el Empleo* e a Fundación Galega da Formación para o Traballo sobre o traspaso de medios humanos, técnicos e materiais.

Potenciarase o papel da Fundación como órgano asesor e de apoio técnico no ámbito de formación para o emprego.

A Fundación poderá proporcionar apoio técnico a Comisión Galega da Formación Continua e o Consello Galego de Formación Profesional.

#### **Comisión Galega da Formación Continua**

Neste caso a Fundación actuaría como órgano asesor, prestando apoio técnico mediante a realización de:

- Informes
- Propostas Técnicas
- Estudos e Análises
- Elaboración de documentación

#### **Consello Galego de Formación Profesional**

As funcións da Fundación poderían ser consultivas no eido da formación para o emprego, especialmente orientadas ós participantes relacionados con esta formación, aínda que válidas para tódolos demais.

A Fundación prestaría apoio técnico realizando:

- Informes
- Propostas Técnicas
- Estudos e Análises
- Elaboración de documentación

## **4.- COMISIÓNS SECTORIAIS DE CUALIFICACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL**

As Comisións sectoriais de Cualificación e Formación Profesional foron creadas no ano 2002 como órganos colexiados de carácter consultivo e de asesoramento do Consello Galego de Formación Profesional.

As comisións Sectoriais de Cualificación e Formación Profesional están vinculadas, no que atinxe ao desenvolvemento e promoción de traballos técnico relacionados cos estudos sectoriais de cualificación, desenvolvemento e actualización de cualificacións profesionais de carácter sectorial e xeración de informes e estudos profesionais, ao Consello Galego de Formación Profesional.

Actualmente existen 26 Comisións sectoriais de cualificación e formación profesional que foron creadas de xeito gradual ata o momento actual no que todas as familias profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais dispoñen da súa comisión sectorial.

Apostarase forte e decididamente polas Comisións Sectoriais no papel que xogan na Formación para o Emprego coas seguintes medidas:

- Dar un novo impulso ao funcionamento das comisións sectoriais
- Reformular e delimitar prioridades de actuación
- Unificar metodoloxías e instrumentos de traballo para todas as comisións sectoriais que permitan consolidar os resultados en informes comúns.
- Constituír un gabinete técnico como órgano de apoio ás Comisións Sectoriais que se financiará con cargo a convocatorias anuais de subvencións. As organizacións sindicais e empresariais intersectoriais galegas máis representativas estarán presentes neste gabinete técnico, mantendo unha representación paritaria entre as organizacións sindicais e empresariais

## **5.- PROCEDIMIENTO DE RECOÑECIMIENTO DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS ADQUIRIDAS POLA EXPERIENCIA LABORAL**

1.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Traballo e Benestar confeccionarán unha orde que regule o procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral e por outras vías non formais na Comunidade Autónoma de Galicia, que terá como principios básicos os seguintes:

- a) A xestión única do procedemento recaerá no Instituto Galego das Cualificacións da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar
- b) Os procesos de acreditación de competencias terán lugar nos seguintes centros:
  - Centros de traballo
  - Centros integrados e outros centros públicos que impartan FP
  - Centros acreditados

2.- Establecerase a colaboración coas organizacións sindicais e empresariais intersectoriais galegas máis representativas á hora de fixar as prioridades estratéxicas que determinen as unidades de competencia a acreditar no período, e que se incluírán nas convocatorias anuais.

## **6.- PERÍODO DE VIXENCIA DO ACORDO E SEGUIMENTO.**

Duración: 2010-2013, revisable anualmente.

A mesa 1 do diálogo social, “emprego e relación laborais”, constitúese como mesa de seguimento deste acordo e reunirase cando o solicite unha das partes integrantes da mesma (representantes empresariais, sindicais ou administración) e, en todo caso, unha vez como mínimo ao ano

## **2.- Acordos relativos á prevención de riscos laborais**

Plan estratéxico para a prevención de riscos  
laborais en Galicia 2011-2014

## **2.1.- Plan estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014**

A promulgación da **Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais** supuxo a adaptación da normativa estatal a marco xurídico xeral no que opera a política de prevención comunitaria, ao traspoñer a Directiva 89/391/CEE, relativa á aplicación das medidas para promover a mellora da seguridade e da saúde das persoas traballadoras no traballo, ao tempo que definiu unha liña política en materia preventiva, até entón dispersa e imprecisa, ordenando a actuación das Administracións públicas competentes, introducindo a participación necesaria do empresariado e das persoas traballadoras, e involucrando asemade ao conxunto da sociedade co fomento da cultura preventiva, mediante a promoción da educación sobre a prevención en todos os niveis educativos.

Pasados catorce anos, o corpo normativo incrementouse notablemente, desenvolvendo regulamentariamente moitos dos aspectos da citada Lei 31/1995, e regulando especificamente a prevención fronte a riscos ou axentes concretos, ou en actividades específicas. A propia lei de prevención de riscos laborais, á metade deste período, tivo que ser modificada como consecuencia dunha deficiente incorporación do novo modelo de prevención e unha falta de integración da prevención na empresa, pola **Lei 54/2003, de 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais**.

Pola súa banda, o **Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, que aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención (RSP)**, que desenvolveu a organización e xestión da prevención na empresa, polos seus medios ou mediante a participación de servizos especializados alleos, experimentou tamén unha modificación polo **Real Decreto 604/2006, de 19 de maio**, co obxecto, entre outros, de integrar a prevención dos riscos laborais nos sistemas de xestión da empresa. Máis recentemente, o **Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo** introduciu novas modificacións ao RSP adaptándoo aos obxectivos fixados pola Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo (EESST) para o período 2007-2012.

A Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2007-2012 foi froito do consenso e por tanto é o marco común e compartido das accións que deben desenvolver o Goberno do Estado, as Comunidades Autónomas e os interlocutores sociais. En consideración a isto, visto que orienta as iniciativas, mesmo as normativas, en materia de prevención de riscos laborais da Administración Xeral do Estado, e tendo tamén en conta que a maioría dos instrumentos que con diversas denominacións (plans de acción, plans directores, plans autonómicos, plans de choque) teñen en marcha case que

todas as Comunidades Autónomas, a EESST debe ser un eixe referencial á hora de elaborar un novo Plan Estratéxico para Galicia.

Outra referencia ineludible debe ser a análise da execución do actual Plan estratéxico, porque amosará os puntos nos que, a pesar de ter formulado propostas de avance, non se acadaron os propósitos previstos; a determinación das causas do non cumprimento das accións enunciadas poderá mesmo pór en evidencia posibles eivas estruturais e, en todo caso, debe servir para focalizar unha atención especial ao porqué da súa inconclusión.

Pero cando se quere marcar a traxectoria a medio prazo da prevención en Galicia, o criterio fundamental debe ser o punto de partida da mencionada traxectoria, é dicir, o coñecemento e diagnose da situación actual, e a formulación dos obxectivos que se perseguen, como orientación do rumbo a seguir.


Apróbase, segundo o exposto, o seguinte acordo:

# 1.- DIAGNOSE: SÍNTESE ESTATÍSTICA

POBOACIÓN AFILIADA  
MULLERES  
2002-2009

ANOS	POBOACIÓN AFILIADA
2002	373753
2003	387484
2004	402614
2005	420490
2006	441502
2007	463322
2008	473791
2009	466162

## POBOACIÓN AFILIADA, MULLERES




\*Fonte: IGE; inclúe traballadoras autónoma e do fogar.

POBOACIÓN AFILIADA  
POR RANGO DE IDADE  
2002-2009

ANOS	Idade (<24)	Idade (25-34)	Idade (35-44)	Idade (45-54)	Idade (55-64)	Idade (>65)
2002	94982	258408	244910	200888	121354	7546
2003	92782	264576	251164	205436	125389	6958
2004	90038	272497	258194	210978	131264	6690
2005	88338	282109	266477	218539	135399	6607
2006	88097	292865	276903	228944	138727	6866
2007	88517	301097	289666	239683	143921	7166
2008	80847	296820	295411	244902	146820	7682
2009	65197	274504	290098	244195	147465	8130

**POBOACIÓN AFILIADA SEGUNDO IDADE**




\*Fonte: IGE

PARO REXISTRADO  
2005-2009

ANOS	HOMES	MULLERES
2005	61794	103455
2006	59641	101635
2007	54666	95881
2008	64601	97910
2009	92395	113851

PARO REXISTRADO




\*Fonte: IGE

**POBOACIÓN OCUPADA  
SEGUNDO SECTOR ECONÓMICO  
2002-2009**

<b>ANOS</b>	<b>AGRICULTURA E PESCA</b>	<b>INDUSTRIA</b>	<b>CONSTRUCCIÓN</b>	<b>SERVIZOS</b>
2002	136,4	209,5	128,1	561,3
2003	135,6	206,2	125,4	602,1
2004	124,6	206,6	130,9	621,5
2005	120,9	217,4	125	666,7
2006	110,9	213,9	138,9	700,5
2007	103,1	217,3	147,3	725,7
2008	96,3	215,3	131,9	756,5
2009	91,6	194,1	115,7	750,1

\* En miles de persoas.

**POBOACIÓN OCUPADA POR SECTOR**



\*Fonte: IGE; inclúe a persoas traballadoras autónomas

ACCIDENTES DE TRABAJO CON BAIXA  
EN XORNADA DE TRABAJO  
1994-2009


ANOS	AT	ÍNDICE DE INCIDENCIA
2000	43.590	6.193
2001	46.396	6.391
2002	47.594	6.403
2003	46.190	6.060
2004	47.280	6.009
2005	48.002	5.929
2006	48.567	5.771
2007	51.842	5.919
2008	50.361	5.793
2009	39.517	4.766

\* Índice de incidencia por 100.000 traballadores/as

Base do índice: poboación afiliada á Seguridade Social con continxencia de accidente de traballo cuberta

Fonte: ISSGA

**ÍNDICE DE INCIDENCIA**



ACCIDENTES TOTAIS POR SECTORES ECONÓMICOS

		Accidentes de trabajo con baixa en xornada de traballo									
GALICIA		2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
AGRICULTURA		1.335	1.349	1.422	1.378	1.489	1.550	1.490	1.520	1.620	1.521
PESCA		2.136	2.007	1.823	1.628	2.063	1.905	1.733	1.552	1.340	1.254
INDUSTRIA		13.945	15.087	15.336	14.933	15.527	15.516	16.177	17.661	17.464	12.276
CONSTRUCCIÓN		11.346	12.183	12.552	11.902	12.159	12.499	12.864	13.317	11.652	8.589
SERVIZOS		14.828	15.770	16.461	16.349	16.042	16.532	16.303	17.792	18.285	15.877
TOTAL		43.590	46.396	47.594	46.190	47.280	48.002	48.567	51.842	50.361	39.517

		% Variación interanual accidentes totais									
GALICIA		2000-2001	2001-2002	2002-2003	2003-2004	2004-2005	2005-2006	2006-2007	2007-2008	2008-2009	2000-2009
AGRICULTURA		1,05	5,41	-3,09	8,06	4,10	-3,87	2,01	6,58	-6,11	13,93
PESCA		-6,04	-9,17	-10,70	26,72	-7,66	-9,03	-10,44	-13,66	-6,42	-41,29
INDUSTRIA		8,19	1,65	-2,63	3,98	-0,07	4,26	9,17	-1,12	-29,71	-11,97
CONSTRUCCIÓN		7,38	3,03	-5,18	2,16	2,80	2,92	3,52	-12,50	-26,29	-24,30
SERVIZOS		6,35	4,38	-0,68	-1,88	3,05	-1,39	9,13	2,77	-13,17	7,07
TOTAL		6,44	2,58	-2,95	2,36	1,53	1,18	6,74	-2,86	-21,53	-9,34

		Índice de incidencia por sectores (accidentes totais)									
GALICIA		2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
AGRICULTURA		1.706,07	1.812,90	1.995,90	1.986,22	2.222,79	2.419,95	2.445,23	2.568,22	3.409,09	3.495,27
PESCA		7.295,58	7.001,08	6.476,71	5.830,74	7.474,64	7.162,46	6.798,48	6.362,48	5.735,32	5.392,39
INDUSTRIA		9.787,89	10.257,61	10.342,11	10.077,20	10.406,70	10.402,95	10.642,27	10.891,23	10.886,29	8.350,40
CONSTRUCCIÓN		14.246,07	14.471,87	14.344,98	13.110,10	12.748,49	12.489,38	12.106,04	12.060,64	11.258,30	9.371,22
SERVIZOS		3.965,20	4.030,00	4.066,62	3.869,77	3.583,94	3.520,16	3.280,35	3.423,87	3.421,14	3.031,96
TOTAL		6.193	6.391	6.403	6.060	6.009	5.929	5.771	5.919	5.793	4.766

% Variación interanual do índice de incidencia (accidentes totais)

<b>GALICIA</b>	<b>2000-2001</b>	<b>2001-2002</b>	<b>2002-2003</b>	<b>2003-2004</b>	<b>2004-2005</b>	<b>2005-2006</b>	<b>2006-2007</b>	<b>2007-2008</b>	<b>2008-2009</b>	<b>2000-2009</b>
<b>AGRICULTURA</b>	6,26	10,09	-0,49	11,91	8,87	1,04	5,03	32,74	2,53	104,87
<b>PESCA</b>	-4,04	-7,49	-9,97	28,19	-4,18	-5,08	-6,41	-9,86	-5,98	-26,09
<b>INDUSTRIA</b>	4,80	0,82	-2,56	3,27	-0,04	2,30	2,34	-0,05	-23,29	-14,69
<b>CONSTRUCCIÓN</b>	1,58	-0,88	-8,61	-2,76	-2,03	-3,07	-0,38	-6,65	-16,76	-34,22
<b>SERVIZOS</b>	1,63	0,91	-4,84	-7,39	-1,78	-6,81	4,38	-0,08	-11,38	-23,54
<b>TOTAL</b>	<b>3,20</b>	<b>0,19</b>	<b>-5,36</b>	<b>-0,84</b>	<b>-1,33</b>	<b>-2,66</b>	<b>1,85</b>	<b>-1,44</b>	<b>-17,73</b>	<b>-23,04</b>

A partir do ano 2009 emprégase a nova clasificación de actividades económicas (CNAE-2009).

Fonte: ISSGA

## SEGUNDO GRAVIDADE E POR SECTORES ECONÓMICOS

### A). ACCIDENTES LABORAIS LEVES:

GALICIA	Accidentes de trabajo con baixa en xornada de traballo									
	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
AGRICULTURA	1.195	1.206	1.271	1.248	1.358	1.436	1.382	1.456	1.564	1.450
PESCA	2.032	1.912	1.738	1.531	1.930	1.787	1.660	1.460	1.276	1.204
INDUSTRIA	13.720	14.837	15.108	14.636	15.255	15.226	15.907	17.427	17.243	12.138
CONSTRUCCIÓN	11.117	11.912	12.289	11.606	11.840	12.198	12.555	13.035	11.429	8.411
SERVIZOS	14.553	15.480	16.178	16.069	15.735	16.253	16.036	17.555	18.081	15.691
<b>TOTAL</b>	<b>42.617</b>	<b>45.347</b>	<b>46.584</b>	<b>45.090</b>	<b>46.118</b>	<b>46.900</b>	<b>47.540</b>	<b>50.933</b>	<b>49.593</b>	<b>38.894</b>

GALICIA	% Variación interanual accidentes leves									
	2000-2001	2001-2002	2002-2003	2003-2004	2004-2005	2005-2006	2006-2007	2007-2008	2008-2009	2000-2009
AGRICULTURA	0,92	5,39	-1,81	8,81	5,74	-3,76	5,35	7,42	-7,29	21,34
PESCA	-5,91	-9,10	-11,91	26,06	-7,41	-7,11	-12,05	-12,60	-5,64	-40,75
INDUSTRIA	8,14	1,83	-3,12	4,23	-0,19	4,47	9,56	-1,06	-29,61	-11,53
CONSTRUCCIÓN	7,15	3,16	-5,56	2,02	3,02	2,93	3,82	-12,32	-26,41	-24,34
SERVIZOS	6,37	4,51	-0,67	-2,08	3,29	-1,34	9,47	3,00	-13,22	7,82
<b>TOTAL</b>	<b>6,41</b>	<b>2,73</b>	<b>-3,21</b>	<b>2,28</b>	<b>1,70</b>	<b>1,36</b>	<b>7,14</b>	<b>-2,63</b>	<b>-21,57</b>	<b>-8,74</b>

GALICIA	Índice de incidencia por sectores (accidentes leves)									
	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
AGRICULTURA	1.527,16	1.620,73	1.783,96	1.798,84	2.027,23	2.241,96	2.267,99	2.460,08	3.291,25	3.332,11
PESCA	6.940,36	6.669,69	6.174,73	5.483,33	6.992,75	6.718,80	6.512,10	5.985,32	5.461,39	5.177,38
INDUSTRIA	9.629,96	10.087,64	10.188,35	9.876,78	10.224,39	10.208,51	10.464,65	10.746,93	10.748,53	8.256,53
CONSTRUCCIÓN	13.958,54	14.149,96	14.044,41	12.784,05	12.414,02	12.188,61	11.815,25	11.805,25	11.042,83	9.177,00
SERVIZOS	3.891,67	3.955,89	3.996,71	3.803,49	3.515,35	3.460,75	3.226,62	3.378,26	3.382,97	2.996,44
<b>TOTAL</b>	<b>6.057,03</b>	<b>6.249,09</b>	<b>6.295,44</b>	<b>5.942,67</b>	<b>5.861,66</b>	<b>5.793,61</b>	<b>5.648,20</b>	<b>5.815,60</b>	<b>5.705,11</b>	<b>4.691,17</b>

GALICIA	% Variación interanual do índice de incidencia (accidentes leves)									
	2000-2001	2001-2002	2002-2003	2003-2004	2004-2005	2005-2006	2006-2007	2007-2008	2008-2009	2000-2009

AGRICULTURA	6,13	10,07	0,83	12,70	10,59	1,16	8,47	33,79	1,24	118,19
PESCA	-3,90	-7,42	-11,20	27,53	-3,92	-3,08	-8,09	-8,75	-5,20	-25,40
INDUSTRIA	4,75	1,00	-3,06	3,52	-0,16	2,51	2,70	0,01	-23,18	-14,26
CONSTRUCCIÓN	1,37	-0,75	-8,97	-2,89	-1,82	-3,06	-0,08	-6,46	-16,90	-34,26
SERVIZOS	1,65	1,03	-4,83	-7,58	-1,55	-6,77	4,70	0,14	-11,43	-23,00
TOTAL	3,17	0,74	-5,60	-1,36	-1,16	-2,51	2,96	-1,90	-17,77	-22,55

B). ACCIDENTES LABORAIS **GRAVES**:

Accidentes de trabajo con baixa en xornada de traballo										
GALICIA	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
AGRICULTURA	135	138	146	129	127	113	106	58	51	65
PESCA	69	67	77	83	111	101	64	80	51	42
INDUSTRIA	204	237	205	271	256	261	254	222	209	124
CONSTRUCCIÓN	210	251	233	269	302	275	285	258	205	154
SERVIZOS	231	257	247	254	280	251	240	216	182	164
TOTAL	849	950	908	1.006	1.076	1.001	949	834	698	549

% Variación interanual accidentes graves										
GALICIA	2000-2001	2001-2002	2002-2003	2003-2004	2004-2005	2005-2006	2006-2007	2007-2008	2008-2009	2000-2009
AGRICULTURA	2,22	5,80	-11,64	-1,55	-11,02	-6,19	-45,28	-12,07	27,45	-51,85
PESCA	-2,90	14,93	7,79	33,73	-9,01	-36,63	25,00	-36,25	-17,65	-39,13
INDUSTRIA	16,18	-13,50	32,20	-5,54	1,95	-2,68	-12,60	-5,86	-40,67	-39,22
CONSTRUCCIÓN	19,52	-7,17	15,45	12,27	-8,94	3,64	-9,47	-20,54	-24,88	-26,67
SERVIZOS	11,26	-3,89	2,83	10,24	-10,36	-4,38	-10,00	-15,74	-9,89	-29,00
TOTAL	11,90	-4,42	10,79	6,96	-6,97	-5,19	-12,12	-16,31	-21,35	-35,34

Índice de incidencia por sectores (accidentes graves)										
GALICIA	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
AGRICULTURA	172,52	185,46	204,92	185,94	189,59	176,42	173,96	98,00	107,32	149,37
PESCA	235,67	233,72	273,56	297,27	402,17	379,74	251,07	327,96	218,28	180,61
INDUSTRIA	143,19	161,14	138,25	182,88	171,58	174,99	167,10	136,90	130,28	84,35
CONSTRUCCIÓN	263,68	298,16	266,28	296,30	316,64	274,79	268,21	233,66	198,07	168,03
SERVIZOS	61,77	65,68	61,02	60,12	62,55	53,45	48,29	41,57	34,05	31,32
TOTAL	120,67	130,92	122,71	132,59	136,76	123,65	112,75	95,23	80,30	66,22

GALICIA	% Variación interanual do índice de incidencia (accidentes graves)									
	2000-2001	2001-2002	2002-2003	2003-2004	2004-2005	2005-2006	2006-2007	2007-2008	2008-2009	2000-2009
AGRICULTURA	7,50	10,50	-9,26	1,96	-6,94	-1,40	-43,67	9,52	39,18	-13,42
PESCA	-0,83	17,05	8,66	35,29	-5,58	-33,88	30,63	-33,44	-17,26	-23,37
INDUSTRIA	12,54	-14,21	32,29	-6,18	1,99	-4,51	-18,07	-4,84	-35,26	-41,09
CONSTRUCCIÓN	13,08	-10,69	11,27	6,86	-13,22	-2,39	-12,88	-15,23	-15,17	-36,28
SERVIZOS	6,32	-7,09	-1,47	4,05	-14,56	-9,64	-13,92	-18,08	-8,03	-49,30
<b>TOTAL</b>	<b>8,49</b>	<b>-6,27</b>	<b>8,05</b>	<b>3,15</b>	<b>-9,58</b>	<b>-8,82</b>	<b>-15,54</b>	<b>-15,68</b>	<b>-17,53</b>	<b>-45,12</b>

C). ACCIDENTES LABORAIS **MORTAIS**:

GALICIA	Accidentes de trabajo con baixa en xornada de traballo									
	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
AGRICULTURA	5	5	5	1	4	1	2	6	5	6
PESCA	35	28	8	14	22	17	9	12	13	8
INDUSTRIA	21	13	23	26	16	29	16	12	12	14
CONSTRUCCIÓN	19	20	30	27	17	26	24	24	18	24
SERVIZOS	44	33	36	26	27	28	27	21	22	22
<b>TOTAL</b>	<b>124</b>	<b>99</b>	<b>102</b>	<b>94</b>	<b>86</b>	<b>101</b>	<b>78</b>	<b>75</b>	<b>70</b>	<b>74</b>

GALICIA	% Variación interanual accidentes mortais									
	2000-2001	2001-2002	2002-2003	2003-2004	2004-2005	2005-2006	2006-2007	2007-2008	2008-2009	2000-2009
AGRICULTURA	0,00	0,00	-80,00	300,00	-75,00	100,00	200,00	-16,67	20,00	20,00
PESCA	-20,00	-71,43	75,00	57,14	-22,73	-47,06	33,33	8,33	-38,46	-77,14
INDUSTRIA	-38,10	76,92	13,04	-38,46	81,25	-44,83	-25,00	0,00	16,67	-33,33
CONSTRUCCIÓN	5,26	50,00	-10,00	-37,04	52,94	-7,69	0,00	-25,00	33,33	26,32
SERVIZOS	-25,00	9,09	-27,78	3,85	3,70	-3,57	-22,22	4,76	0,00	-50,00
<b>TOTAL</b>	<b>-20,16</b>	<b>3,03</b>	<b>-7,84</b>	<b>-8,51</b>	<b>17,44</b>	<b>-22,77</b>	<b>-3,85</b>	<b>-6,67</b>	<b>5,71</b>	<b>-40,32</b>

Índice de incidencia por sectores (accidentes mortais)

<b>GALICIA</b>	<b>2000</b>	<b>2001</b>	<b>2002</b>	<b>2003</b>	<b>2004</b>	<b>2005</b>	<b>2006</b>	<b>2007</b>	<b>2008</b>	<b>2009</b>
<b>AGRICULTURA</b>	6,39	6,72	7,02	1,44	5,97	1,56	3,28	10,14	10,52	13,79
<b>PESCA</b>	119,54	97,67	28,42	50,14	79,71	63,92	35,31	49,19	55,64	34,40
<b>INDUSTRIA</b>	14,74	8,84	15,51	17,55	10,72	19,44	10,53	7,40	7,48	9,52
<b>CONSTRUCCIÓN</b>	23,86	23,76	34,29	29,74	17,82	25,98	22,59	21,74	17,39	26,19
<b>SERVIZOS</b>	11,77	8,43	8,89	6,15	6,03	5,96	5,43	4,04	4,12	4,20
<b>TOTAL</b>	<b>17,62</b>	<b>13,64</b>	<b>13,78</b>	<b>12,39</b>	<b>10,93</b>	<b>12,48</b>	<b>9,27</b>	<b>8,56</b>	<b>8,05</b>	<b>8,93</b>

<b>% Variación interanual do índice de incidencia (accidentes mortais)</b>										
<b>GALICIA</b>	<b>2000-2001</b>	<b>2001-2002</b>	<b>2002-2003</b>	<b>2003-2004</b>	<b>2004-2005</b>	<b>2005-2006</b>	<b>2006-2007</b>	<b>2007-2008</b>	<b>2008-2009</b>	<b>2000-2009</b>
<b>AGRICULTURA</b>	5,16	4,44	-79,46	314,27	-73,85	110,23	208,87	3,79	31,04	<b>115,78</b>
<b>PESCA</b>	-18,29	-70,90	76,42	58,97	-19,81	-44,76	39,34	13,10	-38,17	<b>-71,22</b>
<b>INDUSTRIA</b>	-40,04	75,48	13,12	-38,88	81,31	-45,86	-29,69	1,08	27,31	<b>-35,39</b>
<b>CONSTRUCCIÓN</b>	-0,41	44,31	-13,26	-40,07	45,76	-13,06	-3,76	-19,99	50,56	<b>9,76</b>
<b>SERVIZOS</b>	-28,33	5,46	-30,80	-1,98	-1,16	-8,88	-25,61	1,86	2,07	<b>-64,29</b>
<b>TOTAL</b>	<b>-22,59</b>	<b>1,04</b>	<b>-10,12</b>	<b>-11,77</b>	<b>14,14</b>	<b>-25,72</b>	<b>-7,59</b>	<b>-5,97</b>	<b>10,84</b>	<b>-49,36</b>

ACCIDENTES DE TRABAJO CON BAIXA EN XORNADA DE TRABAJO  
SEGUNDO SEXO

SEXO	2000		2001		2002		2003		2004		2005		2006		2007		2008		2009		% Var.
	A. T.	%	A.T.	%	A.T.	%	A.T.	%	A.T.	%	A.T.	%	A.T.	%	A.T.	%	A.T.	%	A.T.	%	2000-2009
Homes	36.990	84,86	39.169	84,42	39.655	83,32	38.066	82,41	38.980	82,45	39.386	82,05	39.541	81,42	41.431	79,92	39.428	78,29	30.308	76,70	-18,06
Mulleres	6.600	15,14	7.227	15,58	7.939	16,68	8.124	17,59	8.300	17,55	8.616	17,95	9.026	18,58	10.411	20,08	10.933	21,71	9.209	23,30	39,53
<b>TOTAL</b>	<b>43.590</b>	<b>100</b>	<b>46.396</b>	<b>100</b>	<b>47.594</b>	<b>100</b>	<b>46.190</b>	<b>100</b>	<b>47.280</b>	<b>100</b>	<b>48.002</b>	<b>100</b>	<b>48.567</b>	<b>100</b>	<b>51.842</b>	<b>100</b>	<b>50.361</b>	<b>100</b>	<b>39.517</b>	<b>100</b>	<b>-9,34</b>

Fonte: ISSGA

**ACCIDENTES DE TRABAJO CON BAIXA EN XORNADA DE TRABAJO  
SEGUNDO SEXO E SECTOR DE ACTIVIDADE**

	2000		2001		2002		2003		2004		2005		2006		2007		2008		2009	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
<b>Agricultura</b>	1.018	317	1.000	349	1.031	391	1.031	386	1.092	394	1.111	439	1.004	486	1.065	455	1.164	456	1.088	433
<b>Pesca</b>	1.913	223	1.800	207	1.621	202	1.468	160	1.866	200	1.720	185	1.543	190	1.409	143	1.186	154	1.128	126
<b>Industria</b>	12.373	1.576	13.372	1.715	13.404	1.932	13.338	2.043	13.402	2.132	13.397	2.126	13.853	2.325	14.850	2.811	14.758	2.706	10.328	1.948
<b>Construcción</b>	11.252	90	12.080	103	12.439	113	11.545	183	12.051	99	12.386	112	12.752	111	13.178	139	11.545	107	8.485	104
<b>Servizos</b>	10.434	4.394	10.917	4.853	11.160	5.301	10.604	5.339	10.569	5.475	10.772	5.754	10.389	5.914	10.929	6.863	10.775	7.510	9.279	6.598
<b>Sen especificar</b>	0	0	0	0	0	0	80	13	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>TOTAL</b>	<b>36.990</b>	<b>6.600</b>	<b>39.169</b>	<b>7.227</b>	<b>39.655</b>	<b>7.939</b>	<b>38.066</b>	<b>8.124</b>	<b>38.980</b>	<b>8.300</b>	<b>39.386</b>	<b>8.616</b>	<b>39.541</b>	<b>9.026</b>	<b>41.431</b>	<b>10.411</b>	<b>39.428</b>	<b>10.933</b>	<b>30.308</b>	<b>9.209</b>

Fonte: ISSGA

% Variación interanual segundo sexo e sector económico:

	% Var.	
	HOMES	MULLERES
	2000-2009	2000-2009
<b>AGRICULTURA</b>	6,88	36,59
<b>PESCA</b>	-41,04	-43,50
<b>INDUSTRIA</b>	-16,53	23,60
<b>CONSTRUCCIÓN</b>	-24,59	15,56
<b>SERVIZOS</b>	-11,07	50,16
<b>SEN ESPECIFICAR</b>	0,00	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>-18,06</b>	<b>39,53</b>

As diferenzas na distribución dos accidentes por sectores de actividade nesta táboa respecto á táboa "por sectores económicos" son debidas a que se emprega o CNAE do centro de traballo ao que pertence o traballador ou traballadora en lugar do CNAE da empresa.

**ACCIDENTES DE TRABALHO COM BAIXA EN XORNADA DE TRABALLO  
SEGUNDO IDADE**

IDADE	2000		2001		2002		2003		2004		2005		2006		2007		2008		2009		% Var. 2000-2009
	A. T.	%	A.T.	%	A.T.	%	A.T.	%	A.T.	%	A.T.	%	A.T.	%	A.T.	%	A.T.	%	A.T.	%	
Ata 19 anos	2.659	6,10	2.601	5,61	2.308	4,85	2.093	4,53	1.770	3,74	1.728	3,60	1.707	3,51	1.704	3,29	1.387	2,75	386	0,98	-85,48
De 20 a 24 anos	7.405	16,99	7.723	16,65	7.539	15,84	7.109	15,39	6.670	14,11	6.437	13,41	6.114	12,59	6.429	12,40	5.601	11,12	3.132	7,93	-57,70
De 25 a 34 anos	12.958	29,73	14.212	30,63	14.507	30,48	14.514	31,42	15.176	32,10	15.289	31,85	15.785	32,50	16.581	31,98	15.829	31,43	11.762	29,76	-9,23
De 35 a 44 anos	10.256	23,53	10.890	23,47	11.130	23,39	11.280	24,42	11.683	24,71	11.967	24,93	12.231	25,18	13.256	25,57	13.379	26,57	11.153	28,22	8,75
De 45 a 54 anos	6.998	16,05	7.547	16,27	7.557	15,88	7.640	16,54	8.205	17,35	8.579	17,87	8.878	18,28	9.627	18,57	9.714	19,29	8.662	21,92	23,78
De 55 a 65 anos	3.281	7,53	3.361	7,24	4.481	9,42	3.485	7,54	3.711	7,85	3.941	8,21	3.783	7,79	4.176	8,06	4.367	8,67	4.350	11,01	32,58
Maior de 65 anos	33	0,08	61	0,13	72	0,15	69	0,15	65	0,14	61	0,13	69	0,14	69	0,13	84	0,17	72	0,18	118,18
Sen especificar	0	0,00	1	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>43.590</b>	<b>100</b>	<b>46.396</b>	<b>100</b>	<b>47.594</b>	<b>100</b>	<b>46.190</b>	<b>100</b>	<b>47.280</b>	<b>100</b>	<b>48.002</b>	<b>100</b>	<b>48.567</b>	<b>100</b>	<b>51.842</b>	<b>100</b>	<b>50.361</b>	<b>100</b>	<b>39.517</b>	<b>100</b>	<b>-9,34</b>

Fonte: ISSGA

## **2.- CONCLUSIÓNS DA DIAGNOSE**

O último lustro, co desenvolvemento do anterior Plan estratéxico, foi decisivo na consolidación de instrumentos preventivos fundamentais, entre eles a creación do ISSGA, pero as carencias seguen a ser importantes. O incremento dos recursos existentes e dos medios foi significativo, pero moitas veces por falta de coordinación para un máis eficaz aproveitamento, a cobertura real das actividades preventivas é aínda insuficiente en relación coas necesidades e demandas das empresas e das persoas traballadoras.

### **1. Respecto da situación sociolaboral:**

- Incremento da poboación traballadora feminina, que nos últimos 10 anos duplicou a súa significación na sinistralidade.
- Presenza permanente de persoas traballadoras inmigrantes.
- Envellecemento da poboación traballadora, especialmente nalgúns sectores como o da agricultura.
- Diminución importante do peso da poboación menor de 24 anos na sinistralidade.
- Dificil seguimento da sinistralidade en sectores con réximes especiais de cotización (agricultura, pesca).
- Dende 2008: aumento do desemprego, asociado á retracción importante da actividade dalgúns sectores. Descenso do número de persoas traballadoras autónomas.

### **2. Respecto da estrutura produtiva:**

#### **2.1. Xeral**

- Predominio de pemes, microempresas e das persoas traballadoras autónomas en determinados sectores: en xeral, este tipo de estrutura adoece de:
  - Necesidade de apoio para acadar unha eficaz organización e xestión preventiva;
  - Escaseza de medios económicos e humanos para asumir e internalizar a prevención;
  - Falta de formación e cualificación para asumir e internalizar a prevención;
  - Utilización xeneralizada de servizos de prevención alleos como modalidade preventiva única;

- Ausencia ou escaseza de representatividade das persoas traballadoras e, por tanto, de información e participación; dificultades para que asuman o rol de delegada ou delegado de prevención;
- Atomización que dificulta o asesoramento e o control pola Administración.

## **2.2. Sectorial:**

- Crecemento do emprego desigual: estruturalmente (aumento nos servizo se diminución na agricultura) ou conxuntural (construción e industria, descenso polos efectos da crise actual)
- Influencia significada do sector da pesca en Galicia, de elevado índice de sinistralidade, no que inflúen negativamente algunhas características do sector:
  - A remuneración "a la parte" , representa un factor de risco fronte á seguridade laboral.
  - Longas e continuadas xornadas de traballo.
  - A significativa presenza de persoas traballadoras inmigrantes doutras culturas e idiomas que dificultan a comunicación.
- Peculiaridades do sector da construción:
  - Elevadas taxas de contratación temporal.
  - Significativa presenza de persoas traballadoras inmigrantes e mesmo subcontratas doutros países.
  - Subcontratación xeneralizada.
  - Na obra pública, coexistencia con actividades no ámbito da seguridade mineira.

### **3. Respecto da organización do sistema preventivo:**

#### **3.1. Ámbito privado:**

- Control insuficiente sobre os servizos de prevención e entidades de formación.
- Criterios de calidade consensuados só nalgúns sectores: naval, metal.
- Documentalización da prevención: avaliación de riscos e planificación preventiva existentes, pero sen seguimento.
- Integración e cultura preventiva mellorables; elevada externalización.
- Falla de mecanismos de comunicación e participación das persoas traballadoras.
- Formación insuficiente e/ou inespecífica de moitas das persoas traballadoras e mandos na maioría dos sectores.

#### **3.2. Ámbito público:**

- Escasa implantación da cultura preventiva e falta de integración: mesmos problemas que no ámbito privado.
- Falta de coordinación entre administracións: laboral, sanitaria, industrial, educativa:
  - Falta de conexión na planificación das actuacións institucionais relacionadas coa prevención.
  - Ausencia de plans de investigación aplicada sobre Seguridade e Saúde Laboral.
  - Falta de conexión entre os sistemas de información das distintas administracións.
  - Insuficiente implicación do sistema educativo e de formación en prevención.
  - Articulación e coordinación de recursos inexistente: inclúense tamén aquí as actividades dos axentes sociais.

## **4. Respecto á sinistralidade en Galicia**

### **4.1 Accidentes de traballo:**

- Os índices de incidencia son inversamente proporcionais ao tamaño do cadro de persoal.
- Incremento importante de accidentes por sobreesforzos, acadando en 2009 o 35,74 % do total.
- Necesidade de mellorar a información dos partes.
- A actividade con máis sinistros é a dos servizos; con todo, os índices de incidencia máis altos seguen a ser nos sectores da pesca, da construción e a industria.
- Os maiores índices de incidencia de graves e mortais corresponden á pesca, onde triplican e cuadriplican respectivamente a media dos índices de incidencia; en leves, é a construción.
- Aínda que en 2009 descenderon moitísimo, os accidentes de tráfico en misión ou “in itinere” supoñen aínda un 10% das mortes totais na estrada (o ano anterior fora un 18%);
- Aumento significativo de mortes por causas non traumáticas, tamén en 2009.
- Como se pode ver nas epígrafes anteriores, a crise produciu en 2009 fortes cambios e distorsións nas cifras e nas tendencias da accidentalidade (situación conxuntural).
- Insuficiente evidencia científica sobre a dimensión dos problemas asociados aos factores psicosociais.

### **4.2. Enfermidades profesionais:**

- Necesidade de mellora do coñecemento da incidencia das EP.
- Sen articular mecanismos eficientes para o desenvolvemento do art. 5 do RD 1299/2006.
- Elevada prevalencia das enfermidades osteomusculares.
- Incremento significativo dalgunhas, como a silicose.
- Vixilancia da saúde postocupacional non sistematizada.

#### **4.3. Evolución sectorial da sinistralidade no último decenio:**

- Agricultura: incremento dos índices de incidencia (ii) dos accidentes leves e mortais de máis do 100%; porén o ii dos graves baixa un 13%.
- Pesca: os ii dos accidentes leves e graves redúcense un 23% e un 25% respectivamente; este descenso é máis notable nos mortais, nos que chega ao 71%. Con todo, este sector é o que presenta, con diferenza, os maiores ii en graves e mortais.
- Industria: baixan os ii en todos os tipos de accidente. Este descenso é máis significado nos peores sinistros, de xeito que minoran un 14% nos leves, un 41% nos graves, e un 35% nos mortais.
- Construción: descenden tamén os ii dos leves (-34%) e dos graves (-36%). Porén, os mortais sofren un aumento do ii do 9,76%. É o sector de maiores ii de leves, e o segundo nos graves e mortais. En valores absolutos é o de maior mortalidade.
- Servizos: é o sector con maior redución da sinistralidade, pois os ii baixan un 23% nos leves, o 49% nos graves e o 64% nos mortais.
- Global: na década 2000-2009, produciuse un importante descenso da sinistralidade, tanto nos leves, cun recorte do 23 do ii, pero especialmente nos graves (-45%) e nos mortais (-49%).

#### **5. Respecto á exposición e á natureza dos riscos:**

- Novos riscos pouco coñecidos asociados a novos procesos e/ou produtos.
- Insuficiente sensibilidade e coñecemento dos riscos dos produtos CMR.
- O aumento no peso do sector servizos e a súa menor progresión en materia de prevención de riscos está a xerar un incremento na importancia dos factores ergonómicos (trastornos musculoesqueléticos) e dos riscos psicosociais.
- Tamén ten certa influencia no descenso dos accidentes graves e mortais.
- Descoñecemento case absoluto dos riscos derivados de factores cruzados (organización + lugares de traballo, exposición combinada a axentes físicos e químicos, etc.)
- Aumento dos accidentes por infartos, derramos, e outras causas non traumáticas.

#### **6. Aspectos positivos**

- Tendencia ao descenso da sinistralidade. En 2009 produciuse un descenso moi significativo dos accidentes leves, mentres que os graves manteñen a mesma

tendencia de descenso da serie anterior e os mortais estabilizáronse nos últimos 4 anos.

- Diminución importante do peso da poboación menor de 24 anos na sinistralidade.
- Cumprimento dun 85% das accións do anterior Plan Estratégico; esta porcentaxe aumenta nos aspectos técnico-preventivos a un 96% (Anexo I)
- Creación do ISSGA como órgano aglutinador de accións de asesoramento, investigación e apoio.
- Aumento xeral da conciencia preventiva, tanto entre o empresariado e as persoas traballadoras coma na sociedade en xeral.
- Mellora da xestión preventiva, impulsada polas reformas normativas e polos instrumentos técnicos desenvolvidos (guías do INSHT, documentos técnicos de comunidades autónomas, asociacións, axentes sociais, etc.).
- Incorporación da prevención de riscos laborais ao colectivo de persoas traballadoras autónomas, recollida no art. 8 da Lei 20/2007.
- Creación de servizos de prevención mancomunados de forte implantación sectorial.
- Participación activa dos axentes sociais no eido da PRL.

### **3.- OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS, LIÑAS E ACCIÓNS QUE COMPRE DESENVOLVER**

#### **OBXECTIVO 1: PROMOCIÓN E CONTROL DUN MELLOR E MÁIS EFICAZ CUMPRIMENTO DA NORMATIVA.**

O corpo normativo en materia preventiva, derivado fundamentalmente da transposición de normas europeas, é moi amplo e, moitas veces, tecnicamente tan complexo que precisa das guías do INSHT para a súa interpretación. Isto dificulta a súa aplicación, especialmente nas empresas máis pequenas, que carecen de tempo, persoal e medios para estar ao día da normativa que lles afecta. Este problema é xeral, e dado que o estrato de pemes e microempresas ten moito peso na estrutura produtiva, tanto en Galicia como a nivel do estado, a EESST dedícalle un dos seus oito obxectivos estratéxicos.

#### Liña 1: Actuacións na Administración autonómica

1.1. Favorecer e impulsar a creación de normativa autonómica para o desenvolvemento da execución das competencias das distintas administracións (nomeadamente sanitaria e industrial) relacionadas coa prevención de riscos.

1.2. Apoio e asesoramento para a efectiva implantación da xestión preventiva nos concellos.

1.3. Fomento de boas prácticas no seo das administracións públicas, e da coordinación entre os seus servizos de prevención.

1.4. Fomentar a prevención e avaliación dos riscos psicosociais nas administracións ou organismos públicos, sexa cal sexa o seu ámbito de actuación.

1.5. Integración da prevención na Administración autonómica:

- Potenciando os servizos de prevención propios, asumindo todas as funcións, agás a vixilancia da saúde, dotándoos dos recursos suficientes e axeitados para o desenvolvemento do seu labor en todas as consellerías.
- Implantando un procedemento de coordinación das actividades empresariais homoxéneo para todos os centros de traballo da Xunta de Galicia.
- Facilitando, por parte das unidades administrativas, a asistencia aos cursos de formación en prevención de riscos que impartan en horario

laboral pola EGAP, o ISSGA ou outras unidades administrativas, tendo en conta as necesidades do servizo público.

1.6. Garantir, por parte das Administracións Públicas, que as empresas adxudicatarias dos concursos públicos cumpran a Lei de Prevención de Riscos Laborais e toda a normativa na materia.

1.7. Impulsar a inclusión e reforzo dos aspectos laborais no Plan de Drogodependencias”.

#### Liña 2: Asesoramento sobre o cumprimento da normativa e a integración.

2.1. Realización de xornadas, seminarios, cursos, etc. con ocasión da entrada en vigor de nova normativa.

2.2. Difundir a normativa e as súas modificacións mediante actividades divulgativas, publicacións, e a web do ISSGA, establecendo nela un fondo documental.

2.3. Asesoramento directo a pemes, micropemes, persoal autónomo e colectivos específicos.

2.4. Programas sectoriais específicos de asesoramento: fomento e divulgación de guías de boas prácticas.

#### Liña 3: Accións para a mellora do cumprimento normativo.

3.1. Establecer como finalidade da recadación, consecuencia das sancións impostas polo incumprimento en materia de seguridade e saúde laboral, que esta poida destinarse a actuacións preventivas, preferentemente dirixidas ás pemes a través de accións de asesoramento, información e divulgación.

3.2. Programas dirixidos ás empresas cos maiores índices de sinistralidade.

3.3. Programas sectoriais específicos.

3.4. Actuación dos técnicos e técnicas habilitados.

3.5. Investigacións de accidentes ao abeiro do protocolo de colaboración coa fiscalía.

3.6. Propoñerlle á Administración Xeral do Estado o incremento do número de inspectores de traballo ata acercalo a parámetros da UE.

3.7. Poñer en marcha ó cumprimento do RD 597/2007, sobre publicación das sancións por infraccións moi graves en materia de prevención de riscos laborais e da orde do 30 de xullo de 2008 (DOG do 07/08), o rexistro de empresas sancionadas.

## **OBXECTIVO 2: INCREMENTO DA CALIDADE E EFICACIA DOS SISTEMAS DE PREVENCIÓN NAS EMPRESAS<sup>1</sup>**

Ao igual que no caso do obxectivo anterior, as pemes determinan a formulación deste, e por motivos moi similares: neste estrato empresarial os medios e o coñecemento determinaron a externalización da xestión da prevención, feito agudizado polo excesivo abaratamento dos prezos dos servizos relacionados coa prevención, especialmente nos primeiros tempos da aplicación da Lei de PRL.

A nivel estatal, tres de cada catro empresas optaron por externalizar totalmente a súa actividade preventiva, delegando nun ou varios servizos de prevención alleos a propia organización da xestión da prevención de riscos laborais. Mesmo a asunción preventiva por parte do empresariado ou persoas traballadoras designadas nas empresas eximibles de auditoría do seu sistema preventivo pode considerarse testemuñal.

A externalización dificulta a integración da prevención e, en consecuencia, a súa eficiencia.

Por outra banda, a eficacia dos mecanismos de control sobre a calidade dos servizos concertados é de esperar que mellore tras a entrada en vigor do RD 337/2010.

En consecuencia, é importante potenciar un sistema preventivo centrado na incentivación e o máximo aproveitamento dos recursos propios da empresa, ao tempo que se perfeccione a complementariedade de recursos preventivos alleos cuxa prestación de servizos progresa significativamente en eficacia e calidade.

---

<sup>1</sup> Este obxectivo está directamente relacionado coas modificacións que o RD 337/2010 introduce no Regulamento dos Servizos de Prevención e pode verse condicionado por elas.

### Liña 1: Mellora dos recursos propios para a prevención

- 1.1. Programas de avaliación da implantación dos sistemas de prevención nas pequenas e medianas empresas de Galicia.
- 1.2. Favorecer a eficiencia e suficiencia dos recursos dos SPP.
- 1.3. Promover e fomentar a formación do empresariado, mandos e persoas traballadoras en materia preventiva.
- 1.4. Promover a constitución de servizos de prevención mancomunados, a designación de persoas traballadoras e a asunción da prevención polo empresariado.
- 1.5. Creación dun rexistro de servizos de prevención mancomunados
- 1.6. Organizar actividades de actualización específica para os técnicos e técnicas e persoal sanitario dos servizos de prevención.

### Liña 2: Servizos de prevención externos

- 2.1. Definir e implantar criterios de calidade para garantir que os servizos de prevención externos avancen cara á prestación dun servizo homoxéneo e de calidade no ámbito da nosa comunidade.
- 2.2. Potenciar a actuación coordinada entre os diferentes servizos de prevención (propios e alleos) que poidan actuar nunha mesma empresa e promover a integración da prevención no sistema xeral de xestión da empresa.
- 2.3. Aspectos de xestión: intensificar a coordinación das actuacións das administracións laborais, sanitaria e ITSS nos procedementos de acreditación e de control de servizos de prevención alleos.
- 2.4. Mellorar os sistemas de comunicación e colaboración entre os SPA, as empresas e a Administración.

### Liña 3: Sobre entidades formativas e auditoras

- 3.1. Seguimento e control de calidade por parte dos órganos competentes das condicións de acreditación e de desenvolvemento da actuación das empresas autorizadas en Galicia para realizar auditorías e formación en prevención de riscos laborais.

### **OBXECTIVO 3: FORTALECER A IMPLICACIÓN DAS INSTITUCIÓNS E DE TODOS OS ACTORES NA MELLORA DA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO. REFORZAR AS INSTITUCIÓNS DEDICADAS Á PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E A COLABORACIÓN E COORDINACIÓN ENTRE ELAS.**

O importante labor que veñen desenvolvendo as organizacións empresariais e sindicais na mellora das condicións de traballo debe ser reforzado mediante o establecemento de liñas de actuación que favorezan a implicación do empresariado e das persoas traballadoras e os seus representantes nas actividades preventivas da empresa, condición necesaria para favorecer unha xestión preventiva integrada.

Por outra parte, as actuacións dos poderes públicos dirixidos á mellora do nivel de protección da saúde e da seguridade das persoas traballadoras, deben basearse nos principios de eficacia, de coordinación e de participación. A coordinación entre administracións está regulada nos artigos 5.3, 11 e 12 da Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais. Así pois, a prevención de riscos laborais esixe a colaboración e coordinación de todas as administracións implicadas nela, dende a Administración Autonómica, con todas as súas consellerías, ata a Administración Xeral do Estado e a Administración Local, xa que todas teñen competencias na materia.

Finalmente, e como axentes que perseguen un mesmo fin, débese promover a corresponsabilidade social, institucional e doutros axentes da sociedade civil na prevención de riscos laborais.

#### Liña 1: Favorecer a participación dos axentes sociais e económicos

1.1. Fomento das actuacións de asesoramento, formación e divulgación promovidas por estes axentes, coordinadas tamén cos programas das administracións.

1.2. Fomentar a actuación conxunta de asociacións empresariais e sindicais e da Administración, na mellora das condicións de traballo de colectivos específicos e de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

1.3. Programas de formación prelaboral e de inserción, de formación ocupacional e continua, de asesoramento ao empresariado e persoal delegado de prevención.

1.4. Modificación do rexistro de delegados e delegadas de prevención de riscos laborais.

1.5. Potenciar os contidos relativos á seguridade e saúde laboral nos convenios colectivos de acordo coa normativa vixente:

- Fomento da cultura preventiva e a integración da prevención.
- Vixilancia da saúde periódica e específica.
- Procedimentación da revisión e actualización da planificación preventiva.
- Fortalecemento do compromiso das persoas traballadoras e do persoal delegado de prevención no cumprimento das súas obrigas preventivas.

1.6. Fomentar mecanismos de axuda á contratación de técnicos preventivos a dispor das organización socias e empresariais.

1.7. Mellorar as liñas de financiamento para novos proxectos en materia de prevención de riscos laborais.

1.8. Establecer unha regulación dos actuais Comités Provinciais de Seguridade e Saúde Laboral.

1.9. En liña co punto 2 do obxectivo 3 da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo (EESST), promoveranse no ámbito territorial acordos entre as organizacións empresariais, as organizacións sindicais e a Administración Autonómica para desenvolver programas de actuación para a promoción da saúde e seguridade no traballo, condicionado á existencia da correspondente convocatoria de asignación de recursos da “Fundación para la prevención de riesgos laborales” así como ao previo consenso dos ámbitos sectoriais aos que se dirixan

Estes programas terán un carácter subsidiario respecto ao ámbito sectorial definido no punto 1 do obxectivo 3 da EESST, evitando a concorrencia sobre un mesmo sector dos programas sectoriais e territoriais, e os seus contidos serán acordes cos principios de paridade e de confidencialidade.

Estableceranse prazos e procedementos para a avaliación dos resultados das actuacións. O contido destes programas será determinado por consenso entre as organizacións asinantes do presente Acordo sobre o Plan Estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014.

#### Liña 2: Colaboración e coordinación entre Administracións.

2.1. No ámbito nacional, colaborando activamente nos órganos de participación en materia de Seguridade e Saúde no Traballo coa Administración Xeral do Estado e con outras comunidades autónomas.

2.2. Establecer procedementos de actuación e colaboración, no ámbito autonómico, en materia de saúde laboral entre os departamentos da Administración con competencias na materia.

2.3. Coordinación co INSS para o rexistro correcto de EEPP.

2.4. Reforzar as funcións de coordinación no ámbito do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral e no ISSGA.

2.5. Implicar a atención primaria na comunicación de enfermidades profesionais, de xeito que dende o sistema público de saúde se poidan detectar enfermidades profesionais, coa colaboración e asistencia do ISSGA e as unidades de saúde laboral da inspección sanitaria.

2.6. Programas dirixidos ao desenvolvemento operativo e funcional e ao fortalecemento do ISSGA.

2.7. Programas ou acordos de cooperación coas administracións locais en materia de seguridade e saúde laboral.

2.8. Sinatura de convenios de colaboración con outras administracións e institucións.

### Liña 3. Promover a colaboración doutros actores.

3.1. Programas en colaboración con servizos de prevención, empresas e asociacións empresariais e sindicais para desenvolver actuacións orientadas á mellora da prevención.

3.2. Establecer sistemas de colaboración doutros actores implicados na prevención.

## **OBXECTIVO 4: POTENCIAR A FORMACIÓN EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS**

A prevención, aínda que se aplica á actividade laboral, debe ser introducida en etapas anteriores, en especial no sistema educativo. Polo tanto, conseguir que a política educativa desempeñe un papel activo na concienciación e sensibilización da poboación desde idades temperás debe ser un obxectivo inicial da formación nesta materia.

Por outra banda, para preservar a saúde laboral, as persoas traballadoras teñen que ter unha formación sólida en materia de prevención de riscos, polo que, para atender a esta necesidade, o sistema educativo debe proporcionar profesionais capacitados e suficientes para o desempeño de funcións preventivas nas empresas.

Finalmente, e xa que o coñecemento sobre os riscos laborais e as actividades preventivas relacionadas están sometidas a cambios permanentes, posto que xorden novos produtos, equipos e formas de traballo e se busca unha mellor comprensión das causas e efectos relacionados, a formación continua dos técnicos e do resto de persoas implicadas na prevención debe ser un obxectivo permanente de mellora.

### Liña 1. Implantación transversal da PRL no sistema educativo.

- 1.1. Integrar a prevención de riscos laborais de forma transversal na formación regrada: ensino primario, educación secundaria obrigatoria (ESO), Formación Profesional e Ensino Universitario.
- 1.2. Realización dunha análise da situación actual na impartición de materias relacionadas coa prevención de riscos laborais e diagnóstico de necesidades.
- 1.3. Deseño de programas adaptados a diferentes niveis educativos e dos materiais didácticos apropiados.
- 1.4. Mellora da capacitación do profesorado.
- 1.5. Integrar a PRL na formación non regrada dirixida ao emprego.

## Liña 2: Capacitación das persoas traballadoras e do empresariado.

2.1. Capacitación acerca dos riscos e medidas preventivas para colectivos específicos (empresariado, persoal directivo e mandos directos e intermedios, persoas traballadoras, persoas traballadoras designadas, delegados e delegadas de prevención, coordinadores de seguridade, persoas traballadoras da construción).

2.2. Formación especializada para certos colectivos especiais (minusválidos/as, xente nova, mulleres embarazadas ou en período de lactación, persoal traballador especialmente sensible).

2.3. Formación sectorial sobre determinados riscos ou actividades concretas (traballos con amianto, risco químico, atmosferas explosivas, etc.)

## Liña 3: Formación continua de profesionais da prevención:

Ademais das actividades mencionadas na liña 2:

3.1. Accións de actualización dos profesionais da prevención.

3.2. Formación de persoal sanitario con responsabilidades en patoloxía laboral.

3.3. Programa de formación de formadores.

3.4. Promoción da formación superior en prevención de riscos laborais.

## **OBXECTIVO 5: INTRODUCIR E CONSOLIDAR A CULTURA DA PREVENCIÓN NA SOCIEDADE GALEGA.**

A calidade e o benestar no traballo non dependen só da política de seguridade e saúde. Por iso, a prevención de riscos laborais debe ser considerada como unha materia transversal que require de actuacións dende todos os ámbitos da Administración, que deben colaborar na difusión da cultura preventiva e facilitar a redución da sinistralidade laboral.

O Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral pode ser a canle de comunicación dos diferentes departamentos do Goberno autonómico, para acordar as medidas que se poidan adoptar dende os diversos ámbitos de actuación da Administración co consenso dos axentes sociais e económicos.

Liña 1: Transversalizar a prevención nas políticas da Xunta (en relación co Obxectivo 3)

- 1.1. Fomentar a comunicación entre os departamentos da Xunta no eido da PRL para a integración desta nas súas políticas.
- 1.2. Acadar mecanismos de coordinación para a integración e difusión da cultura preventiva.

Liña 2: Accións de sensibilización e promoción

- 2.1. Campañas de sensibilización e concienciación, tanto de carácter xeral como específico sobre sectores de maior sinistralidade, riscos emerxentes, colectivos críticos, etc., a través dos medios de comunicación e soportes publicitarios.
- 2.2. Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo (28 abril).
- 2.3. Semana Europea da Seguridade e Saúde no Traballo.
- 2.4. Presenza en congresos e outros eventos relacionados co ámbito da prevención.
- 2.5. Presenza institucional nas actividades relacionadas coa prevención de riscos laborais.
- 2.6. Programa de actualización e mellora da páxina web do ISSGA.
- 2.7. Programas de deseño e realización de campañas de difusión e promoción da prevención no ámbito escolar, co fin de sensibilizar ao alumnado na adopción de hábitos de conduta segura e saudable.
- 2.8. Establecer un plan de apoio e asistencia ás empresas, especialmente pemes e micropemes, incluíndo a promoción dos investimentos en prevención, e a mellora da formación e cualificación en prevención de riscos laborais dos recursos humanos destas.

No ámbito da promoción dos investimentos, mediante incentivos e apoios financeiros en prevención de riscos laborais teranse en conta as seguintes premisas, valorando estas de forma independente:

1. Carácter innovador.
2. Efecto multiplicador.
3. Establecemento de obxectivos e resultados medibles que melloren os derivados da simple aplicación da normativa vixente.
4. En liña coa EESST, facilitar o cumprimento das obrigas preventivas polas micropemes cando as funcións do art. 30 da lei de Prevención de Riscos Laborais sexan asumidas persoalmente polo empresariado ou a través da figura do persoal designado.

No desenvolvemento destas medidas terase en conta, no seu caso, a representación legal das persoas traballadoras.

## **OBXECTIVO 6: MELLORAR OU NIVEL DO COÑECEMENTO, ANÁLISE E INVESTIGACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL**

Para establecer políticas preventivas e mellorar a súa eficacia, é preciso mellorar as ferramentas e sistemas dispoñibles que nos permitan mellorar o coñecemento en materia de sinistralidade e a súa prevención e, en consecuencia, poder adoptar as decisións apropiadas.

A obtención de datos fiables require depurar e mellorar os actuais sistemas de información. Esixe, así mesmo, un enfoque coherente en materia de investigación, coordinando os programas de todas as institucións dedicadas á prevención e propiciando a súa transferencia ás empresas. O Observatorio Galego de Condicións de Traballo será o instrumento de adquisición e transferencia do coñecemento.

Pola súa banda, o sistema sanitario dispón de sistemas potentes que poden aplicarse na detección en Atención Primaria, cuxa actividade actual non se aproveita para os procesos e enfermidades relacionadas co traballo.

A Estratexia Española prevé configurar un novo sistema xeral de información para a análise dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais, compatible co sistema de información europeo.

### Liña 1: Adquisición e difusión da información

- 1.1. Mellorar a calidade dos datos e a explotación da información dispoñible.
- 1.2. Garantir a información periódica sobre sinistralidade e enfermidades profesionais en Galicia, mediante o Observatorio Galego de Condicións de Traballo.
- 1.3. Desenvolver iniciativas para mellorar a declaración de enfermidades profesionais (en relación co Obxectivo 3, liña 2).
- 1.4. Impulsar a investigación sobre saúde laboral e prevención de riscos laborais.
- 1.5. Investigar os accidentes laborais e estudar a epidemioloxía das enfermidades profesionais tomando como base plans de actuación xerais ou sectoriais contra a sinistralidade por AT e EEPP.
- 1.6. Sistematización e informatización dos cuestionarios utilizados en cada un dos programas desenvolvidos para optimizar a análise da información recollida.
- 1.7. Mellorar a comunicación entre o ISSGA e os servizos de prevención e demais axentes implicados, para a divulgación de informacións sobre riscos e factores de risco emerxentes.

## Liña 2: Análise da información

- 2.1. Realizar e difundir informes derivados das investigacións mencionadas na liña anterior.
- 2.2. Colaboración co Observatorio Estatal de Condicións de Traballo e os Observatorios doutras CCAA no intercambio de información.
- 2.3. Desenvolvemento dun Sistema de Información de Saúde Laboral: implantación de procedementos de declaración de enfermidades profesionais.
- 2.4. Monitorización do custo económico e social das consecuencias da sinistralidade laboral e doutros indicadores de interese.
- 2.5. Analizar os riscos emerxentes e os danos que producen, considerando a accidentalidade viaria como un deles.

## Liña 3: Investigación aplicada

- 3.1. Potenciar a I+D+i en materia preventiva.
- 3.2. Participación na Rede Nacional de Institutos Públicos para a investigación en prevención de riscos laborais.
- 3.3. Programas de colaboración con outras institucións de carácter científico-técnico.

#### **4. SEGUIMIENTO, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN.**

Realizarase un seguimento e avaliación permanentes do presente acordo, que se estenderá tamén á análise da eficacia das distintas liñas cara á súa posible revisión de acordo coas necesidades que se detecten.

A avaliación, e no seu caso, desenvolvemento dos temas obxecto do presente acordo realizaranse a través dunha comisión que se creará, que contará coa presenza dos mesmos representantes das organizacións do Diálogo Social en Galicia: Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), UGT-Galicia, SN de CC.OO de Galicia, e a Xunta de Galicia.

Esta comisión reunirse cada ano e sempre que unha das partes así o solicite por razóns de urxencia ou oportunidade.

### **3.- Acordos relativos á mellora da competitividade empresarial**

Propostas de mellora da xestión e da área de financiamento do Igape

Propostas en materia de internacionalización e captación de investimento estranxeiro

Propostas en materia de I+D+i

Acordo da visión estratéxica do sector téxtil en Galicia

Acordo relativo ao sector téxtil: Programa EmpregaTex

### **3.1.- Propostas de mellora da xestión e da área de financiamento do Igape**

O contexto actual esixe das administracións públicas e os servidores públicos que se erixan no máximo expoñente de principios básicos moitas veces esquecidos: economía, celeridade, eficacia e eficiencia no gasto público, que necesariamente deben conxugarse coa absoluta garantía dos dereitos das persoas administradas. Partindo desta base inescusable, cómpre que a Xunta de Galicia lle ofrezca ao tecido produtivo galego unha/s:

- Ferramentas destinadas ao mantemento das empresas e, en consecuencia, ao mantemento e xeración de emprego de calidade.
- Resposta inmediata ás súas necesidades máis perentorias no momento presente.
- Visión a medio prazo dunha realidade que mudará profundamente respecto da actual.
- Rigoroso control dos procesos de xestión e liquidación das súas liñas de axuda.
- Introducción de novidades nas liñas de financiamento empresarial na procura de cubrir os espazos non previstos ata o de agora respecto das empresas galegas.

En resposta ao antes indicado, cómpre unha reordenación dos procesos administrativos, no sentido de inserir nestes os mecanismos de axilidade que a normativa vixente pon ao noso alcance. A empresa galega e os organismos intermedios teñen que obter da Administración unha resposta áxil e axeitada ás súas necesidades, evitando posicionamentos nos que aqueles se teñan que adaptar aos “tempos” e “necesidades” da Administración. Así pois, entre outras medidas, será necesario que as bases reguladoras que rexerán as liñas de axudas no ano 2010 e posteriores introduzan, entre outras, previsións relativas a:

- a. Períodos de resolución máis curtos.
- b. Inclusión dalgunha das modalidades de xustificación da subvención previstas no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións.
- c. Incluír pagos a conta ou anticipados nos supostos que así o permitan.

- d. Propor ao Consello da Xunta a exención de garantías nos pagos a conta ou anticipados.

En canto á procura do acceso ao financiamento por parte das empresas galegas, é preciso dicir que non cabe escatimar esforzos nun momento no que a restrición crediticia é de tal magnitude que está non só a afogar a viabilidade de moitas daquelas, senón tamén a provocar unha profunda aversión ao risco. Esta circunstancia aletarga desde o xurdimento de novos emprendimentos ata procesos de investimento ou internacionalización ata hai pouco tempo na folla de ruta de moitas das nosas empresas e, como consecuencia, limita o crecemento empresarial e do correspondente emprego asociado.

Co gallo de paliar os déficits antes indicados, adoptáronse medidas encamiñadas á facilitación do acceso ao circulante, o refinanciamento de pasivos e as ampliacións de capital. Do mesmo xeito, o Igape considerou oportuno apoiar as medidas citadas compartindo riscos coas entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca, mediante o afianzamento parcial de liñas de financiamento operativo (pólizas de crédito, liñas de desconto de facturas e efectos comerciais, e *confirming*).

Porén, cómpre afondar, por unha banda, no apoio á obtención de financiamento por parte das empresas galegas e, en consecuencia, o mantemento destas e do emprego de calidade, tratando de cubrir ámbitos non cubertos polas medidas adoptadas nos últimos dous anos e, por outra, na creación de mecanismos que axuden a acometer as medidas necesarias para reestruturar ou posicionar a empresa nas mellores condicións de cara ao futuro a curto e medio prazo. Así mesmo, tamén resulta imprescindible recuperar o espírito emprendedor, auténtico xerme do noso tecido produtivo e a creación de emprego na nosa comunidade autónoma. Por último, e ante a situación descrita, a Xunta de Galicia elevará o esforzo dedicado á mellora da situación financeira das empresas a través da súa liña de avais, ata o límite máximo previsto na Lei de orzamentos da comunidade autónoma.

Apróbase, segundo o exposto, o seguinte acordo:

## 1) Melloras de xestión do Igape nas liñas de financiamento empresarial

En primeiro lugar, cómpre unha **reordenación dos procesos administrativos**, no sentido de inserir nestes os mecanismos de axilidade que a normativa vixente pon ao noso alcance. Neste sentido, adoptaranse as seguintes medidas:

1.1. Acurtar os prazos da tramitación, reducindo notablemente os períodos de resolución e pagamento.

- Períodos de presentación de solicitudes de axuda máis reducidos: límite de 45 días (en concorrencia competitiva).
- Períodos de resolución: non superiores a 90 días (salvo cando o atraso sexa imputable á persoa interesada).
- Períodos de solicitude de liquidación non superiores a 30 días.
- Liquidación das axudas dentro da anualidade orzamentaria e nun período non superior aos:
  - 45 días dende a solicitude de cobro.
  - Estes 45 días serán obxecto dunha nova rebaixa aos 30 días que estipula a Lei 3/2004, do 29 de decembro.

1.2. Inclusión dalgunha das **modalidades de xustificación da subvención** previstas no artigo 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións. En concreto:

- Conta xustificativa con entrega de informe de auditor/a.
- Conta xustificativa simplificada.

1.3. Establecer a **exención de garantías** nos pagos a conta ou anticipados, segundo o establecido no punto 4 do artigo 67 do Regulamento da lei de subvencións.

- 1.4. Na liña de acercar ao Igape as persoas destinatarias deste, definirase **unha carta de servizos** que faga máis sinxelo actualizar o exercicio dos dereitos da cidadanía ao proporcionarlle unha influencia máis directa sobre os propios servizos públicos. Así mesmo, fomentará a mellora continua da calidade e fará máis explícita a responsabilidade dos xestores públicos ante a cidadanía.
- 1.5. Deberase modificar o sistema de xestión económico-financeira do Igape (SXEF) para que poida aceptar **facturas electrónicas**, revisando integramente o procedemento interno de revisión e pago de facturas. Os obxectivos son:
  - Axilizar os pagos a provedores.
  - Mellorar a operativa interna do Igape, simplificando a tramitación e automatizando tarefas manuais.
  - Preparar a integración co sistema conxunto da Xunta polo que se dará información aos provedores sobre as súas facturas.
- 1.6. O Igape poñerá en marcha **a integración nun único fluxo de procedemento dos trámites que debe realizar o Instituto e os que deben realizar as entidades colaboradoras** (entidades financeiras, SGR).

Para conseguir esta interoperabilidade abrírase un sistema único de documentación ao que calquera das partes poderá contribuír, e permitirase que as capturas de datos e información das solicitudes sexa directamente accesible por todos os sistemas dos participantes sen necesidade de reintroducilo nos seus sistemas.

Medida	Indicador	Referc.	Obxectivo	Empres.	Presup.
1.1. prazos de tramitación	presentación da solict.: 45 días	90 DÍAS	xuño de 2010	universal	non presupostable
	presentación da liquid.: 30 días	60 DÍAS	xuño de 2010		
	liquidación de axudas: 45 días	132 DÍAS	setembro de 2010		
	liquidación de axudas: 40 días		decembro de 2010		
	liquidación de axudas: 35 días		marzo de 2011		
	liquidación de axudas: 30 días		xuño de 2011		
1.2. modalidades de conta xustificativa	inclusión nas bases reguladoras	non incluídas ata a data	xuño de 2010	universal	non presupostable
1.3. exención de garantías	inclusión nas bases reguladoras e convenios	non incluídas ata a data	xuño de 2010	universal	non presupostable
1.4. carta de servizos	posta a dispor das empresas	non existe	outubro de 2010	universal	non presupostable
1.5. factura electrónica	posta a dispor das empresas n.º de empresas que a empregan	non existe non se dispón de datos	setembro de 2010 incremento mensual do 5%	universal	non presupostable
1.6. integración entidades colaboradoras	posta en marcha	non existe	setembro de 2010	universal	non presupostable

## 2) Medidas de financiamento das pemes

A actual restrición crediticia é un dos factores que explican a grave situación na que se atopa unha boa parte das empresas, situación especialmente preocupante no caso das pemes e con drásticas consecuencias de recorte de emprego. Por isto, implementaranse medidas que favorezan a obtención de crédito para o financiamento do capital circulante das empresas e as necesidades de investimento. Por último, e ante a situación descrita, a Xunta de Galicia elevará o esforzo dedicado á mellora da situación financeira das empresas a través da súa liña de avais, ata o límite máximo previsto na Lei de orzamentos da comunidade autónoma.

### 2.1. INCENTIVOS ECONÓMICOS PARA PROXECTOS DE INVESTIMENTO EMPRESARIAL

O presente período de dificultades económicas especiais aconsella a revisión e posta en marcha de incentivos económicos que apoiem o empresariado galego tanto na mellor resposta á situación conxuntural como, especialmente, facilitando a súa actuación preparatoria para o mellor posicionamento competitivo no cambio de ciclo. Por iso, o Igape, na procura da promoción económica de Galicia, estimulará a posta en marcha de proxectos de investimento empresarial.

Conscientes de que as dificultades de acceso ao financiamento son de especial relevancia no devir empresarial, as liñas de incentivos ao investimento **prevén o anticipo parcial do 50 % das subvencións concedidas**, cumprindo así, por primeira vez, un obxectivo dobre: **incentivo económico e prefinanciamento parcial dos proxectos** que resulten aprobados.

Co obxectivo antes indicado, o Igape concederá este tipo de prefinanciamento nos seguintes tipos de iniciativa:

#### 2.1.1. Proxectos de investimento empresarial que cumpran unha das seguintes condicións:

- a) Investimento subvencionable superior a 500.000 €.
- b) Proxectos de servizos avanzados cunha creación de emprego ligado ao investimento igual ou superior a 10 postos de traballo de carácter indefinido. Neste caso, o investimento subvencionable previsto deberá ser

superior a 200.000 €.

**2.1.2. Proxectos dirixidos á mellora da produtividade, nos seguintes eidos:**

- a) Proxectos de investimento tecnolóxico das pemes cun investimento subvencionable entre 100.000 e 500.000 €.
- b) Proxectos de equipamento no sector dos servizos, cun investimento subvencionable entre 30.000 e 200.000 €.

**2.1.3. Proxectos de creación de empresas e investimentos de empresas novas promovidas por novos emprendedores/as cun custo subvencionable non superior a 1.500.000 €.**

MEDIDA	INDICADORES	REF. 2009	OBJECTIVO
1.1. prefinanciam.	posta en marcha da medida	Non existe	maio de 2010
	N.º DE SOLICITUDES	514	625
	Nº DE SOLICITUDES APROBADAS (EMPRESAS)	434	527
	PRESUPOSTO	15	20 M €
	N.º DE SOLICITUDES DENEGADAS	80	98
	N.º DE EXPEDIENTES PREFINANCIADOS (EMPRESAS)	-----	263
	PREFINANCIAMENTO	-----	10 M €
	INVESTIMENTO EFECTUADO	173,29 M €	210,42
	EMPREGO EXISTENTE	Non se dispón de datos	
	EMPREGO PARA CREAR		

## 2.2. NOVAS INICIATIVAS

**2.2.1** Posta en marcha dunha nova liña de apoio ao circulante, ampliación de capital e refinanciamento de pasivos, a través de convenio con EE.FF. e SGR.

**2.2.2.** Liña de financiamento plurianual para facilitar o acceso ao financiamento dos investimentos das microempresas e para apoiar investimentos en proxectos emprendedores galegos ou que permitan mellorar a competitividade das pemes galegas.

**2.2.3.** Creación dun **servizo de asesoramento integral de apoio ás persoas autónomas, micropeme e a pequena empresa** que, entre outras funcións, desenvolva as seguintes:

- a) poña en contacto **emprendedores/as e investidores intelixentes**, aqueles que non só acheguen capital, senón tamén coñecemento sobre o sector, capacidade de xestión, contactos etc., podendo, incluso, involucrarse no proxecto.
- b) **diagnóstico e asesoramento** para a análise de puntos débiles, aspectos financeiros etc.
- c) **reorientación e competitividade.**
- d) **introdución de procesos innovadores.**
- e) **apoio e asesoramento** aos proxectos de continuidade empresarial no caso de empresas en crise, incluíndo as persoas traballadoras destas.

O detalle destas propostas preséntase a continuación:

### **2.2.1. LIÑA DE FINANCIAMENTO DE CIRCULANTE, REFINANCIAMENTO DE PASIVOS E AMPLIACIÓN DE CAPITAL PARA PERSOAS AUTÓNOMAS, MICROEMPRESAS E PEMES INSTRUMENTADAS MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGAPE, AS ENTIDADES FINANCEIRAS E AS SOCIEDADES DE GARANTÍA RECÍPROCA**

#### **2.2.1.1. LIÑA DE CIRCULANTE**

- a) Modalidades

Poderanse formalizar préstamos ou pólizas de crédito.

b) Importe

O importe máximo de préstamo/crédito subsidiable ao abeiro desta liña será de 150.000 €. O importe mínimo atendible será de 3.000 €.

c) Prazo

O prazo de vixencia en calquera das modalidades será de tres anos.

### **2.2.1.2. LIÑA DE REFINANCIAMENTO DE PASIVOS**

a) Modalidade

Préstamos para micropemes e pemes.

b) Importe

O importe máximo de préstamo subsidiable ao abeiro desta liña será de 300.000 €.

Non obstante, o préstamo con dereito a subsidiación determinarao o Igape en función do plan de cancelación de pasivos e limitarase, en todo caso, ao importe do capital vivo á data de solicitude, no caso dos préstamos/leasing, e ao importe nominal, no caso das pólizas de crédito.

c) Prazo

O prazo de vixencia será de sete anos, incluído como máximo un ano de carencia.

### 2.2.1.3. LIÑA DE AMPLIACIÓN DE CAPITAL

#### a) Modalidade

Préstamos para micropemes e pemes.

#### b) Importe

O importe máximo de préstamo subsidiable ao abeiro desta liña será de 250.000 € por socio que subscribe capital e de 500.000 € por empresa que amplía o seu capital social. O importe mínimo atendible por cada un dos socios solicitantes será de 3.000 €.

En todo caso, o volume do préstamo con dereito a subsidiación determinarao o Igape a partir da análise das necesidades financeiras que se derivan do diagnóstico e dos estados financeiros da sociedade e limitarase ao necesario para o restablecemento do equilibrio financeiro da sociedade emisora, fixándose o límite máximo de ampliación subvencionable cando se alcance a relación 55/45 entre fondos propios e pasivo alleo.

#### c) Prazo

O prazo de vixencia será de sete anos, incluído como máximo un ano de carencia.

As garantías a favor das entidades financeiras serán o aval das sociedades de garantía recíproca adheridas ao convenio. En función do destino da operación, a porcentaxe do aval será a seguinte:

- Préstamos ou pólizas de crédito para circulante: 90 % do risco.
- Préstamos para refinanciamento de pasivos: 50 % do risco.
- Préstamos para ampliación de capital: 80 % do risco.

As garantías a favor da SGR serán o reaval do Igape en cobertura do 25 % do risco.

## **2.2.2. LIÑA DE FINANCIAMENTO PLURIANUAL PARA FACILITAR O ACCESO AO FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS DAS MICROEMPRESAS E PARA APOIAR INVESTIMENTOS EN PROXECTOS EMPREENDEDORES GALEGOS OU QUE PERMITAN MELLORAR A COMPETITIVIDADE DAS PEMES GALEGAS**

Co gallo de facilitar o acceso ao financiamento dos investimentos referidos no título desta iniciativa, sen o constrinximento que supón un prazo limitado de solicitude, introdúcese como novidade o carácter plurianual deste medida, que conta coas seguintes características:

### **2.2.2.1. LIÑA MICROEMPRESAS**

a) Beneficiarios:

Microempresas.

b) Características principais:

- Operación máxima de 25.000 euros.
- Ata o 100 % dos investimentos financiáveis.
- A operación financeira poderá ser amortizada sen custo de forma anticipada.
- As entidades financeiras e SGR adheridas non lles repercutirán aos prestameiros/as e avalados/as ningún tipo de gasto ou comisión derivados das operacións aprobadas en aplicación destas bases.

c) Prazo:

O prazo de reembolso será de cinco anos, incluído ata un ano de carencia.

### **2.2.2.2. LIÑA PEMES**

a) Beneficiarios:

Pemes que inicien a súa actividade económica ou cunha antigüidade inferior a dous anos; ou pemes con máis de dous anos de antigüidade que melloren a súa competitividade.

b) Características principais:

- Operación mínima de 25.000 euros e máxima de 120.000 €.
- Ata o 90 % dos investimentos financiáveis.
- A operación financeira poderá ser amortizada sen custo de forma anticipada.
- As entidades financeiras e SGR adheridas non lles repercutirán aos prestameiros/as e avalados/as ningún tipo de gasto ou comisión derivados das operacións aprobadas en aplicación destas bases.
- Garantías da operación: aval dunha SGR.

c) Prazo:

O prazo de reembolso será de entre cinco e sete anos, incluído ata un ano de carencia.

### **2.2.3. CREACIÓN DUN SERVIZO DE APOIO AO EMPRENDEMENTO, REORIENTACIÓN E COMPETITIVIDADE, E AOS PROCESOS DE INNOVACIÓN PARA EMPRENDEDORES/AS, AUTÓNOMOS, MICROEMPRESAS E PEQUENAS EMPRESAS**

Trátase de crear un servizo multidisciplinario e único de apoio ao tecido empresarial galego que abarque as diferentes fases polas que pode transcorrer a “vida” dunha empresa: o seu nacemento, a necesidade de adquirir maior competitividade ou de reorientar os seus obxectivos, e a posibilidade para introducir modificacións nos seus procesos de xestión, comercialización, recursos humanos, internacionalización etc.

As actividades do devandito servizo en cada unha das fases nas que se encontre a empresa serán as seguintes:

#### **2.2.3.1. Fase de emprendemento**

Asesorar directamente as persoas emprendedoras nas posibilidades dos seus proxectos e dirixilas ás fontes máis axeitadas de investidores ou de financiamento, en cada caso.

No mesmo senso, buscarase o cofinanciamento mediante investidores privados con bagaxe empresarial previa que poidan chegar financiamento e coñecemento ao proxecto, e potenciarase o uso das redes de *Business Angels* existentes e potenciais.

#### **2.2.3.2. Fase de reorientación e competitividade**

Establecer un portelo de soporte e apoio para persoas autónomas, microempresas e pequenas empresas para levar a cabo un diagnóstico de cada situación, coñecer a orixe das súas deficiencias e recibir o asesoramento axeitado para a toma de decisións de carácter financeiro, de xestión ou orientación a medio prazo da empresa.

A filosofía deste proxecto tamén trata de que as empresas deseñen un plan de negocio transparente e proactivo para o seu coñecemento por parte dos colaboradores/as e provedores.

#### **2.2.3.3. Fase de apoio á innovación**

Seleccionar, formar e asesorar directamente a empresas innovadoras galegas con alto potencial de crecemento nas posibilidades concretas de innovación e financiamento dos seus proxectos de crecemento, apoiando tamén a obtención de recursos financeiros necesarios para o seu desenvolvemento.

#### **2.2.3.4. Apoio ás empresas en crise**

Facilitar con recursos orzamentarios e humanos a sucesión empresarial no caso de empresas en crise ou no suposto de xubilación dos titulares, de maneira que se axude de xeito efectivo á supervivencia da empresa e das persoas que traballan nela.

Trataríase de prestar apoio e asesoramento a estes proxectos, facendo unha diagnose, planeamento, financiamento, consultoría etc., coa finalidade de seleccionar os proxectos viables.

### **PROCESO:**

#### **1. Fase de emprendemento**

O Igape, xunto con BIC Galicia, dispón dun importante abano de asesoramento, formación e ferramentas de apoio (*online* e *offline*) dirixidas á xeración de empresas e negocios en Galicia, complementadas con instrumentos financeiros. Apoiándose en toda esa capacidade e o coñecemento derivado dela, desenvolverase un servizo específico de direccionamento e interlocución para proxectos emprendedores viables que demanden participación de investidores privados no capital e con capacidade de participación e orientación de xestión.

O proceso basearase nos seguintes piares:

- 1 Ferramentas e oferta existente.
- 2 Servizo específico de análise de proxectos.
- 3 Establecemento de acordos coas redes existentes en Galicia e fóra de Galicia de *Business Angels* para dirixir axeitadamente os proxectos.

Adicionalmente apoiará e organizará as xornadas de encontro emprendedores/as/investidores e reforzará as persoas participantes nas redes existentes e futuras, mediante a detección de novos investidores privados con capacidade financeira e coñecemento empresarial.

En función da demanda deberáselles dar resposta “universal” a todos os potenciais emprendedores/as, premisa básica para o dimensionamento inicial e futuro do servizo.

## **2. Fase de reorientación e competitividade**

Piases do proxecto:

1. Diagnose da situación empresarial.
2. Asesoramento sobre as deficiencias detectadas.
3. Reorientación e reestruturación da empresa.

Mecanismos do servizo a disposición da empresa:

4. Ferramentas e recursos humanos do Igape e BIC Galicia.
5. Asesoramento de persoas expertas para brindar servizos de actuación rápida.
6. Asesoría técnico-económica en liña.

Este servizo complementará un conxunto de ferramentas e información existente en liña (BIC Galicia) e será á súa vez apoiado con:

- *incentivos ás análises económico-financeiras e*
- *titorías directas para pemes de maior dimensión.*

## **3. Terceira fase: apoio á innovación con potencial de alto crecemento**

O Igape iniciará un proceso completo de apoio a un itinerario de innovación nun conxunto de empresas galegas innovadoras e con alto potencial de crecemento.

O proceso basearase nos seguintes piares:

- a) Definición do servizo completo de formación e asesoramento que se vai prestar.
- b) Establecemento de parámetros de selección de empresas.
- c) Detección e captación de demanda empresarial do servizo.
- d) Formación sobre posibilidades de innovación e crecemento a todas as empresas demandantes ata un máximo de 100. Realización dun traballo específico por cada empresa participante na formación para aspirar aos seguintes pasos de asesoramento.
- e) Análise e diagnóstico detallado de capacidades de innovación sobre unha selección dun máximo de 50 empresas.
- f) Selección mediante esas análises-diagnóstico dun máximo de 20 empresas para un apoio directo na definición e desenvolvemento dun proxecto de innovación que xere potencialidades importantes na empresa e sexa susceptible de obtención de financiamento.
- g) Obtención de recursos financeiros para apoiar o 50 % do custo de polo menos dez dos proxectos desenvolto con apoio externo (subvención a fondo perdido + outros recursos financeiros alleos á empresa).

#### **4. Apoio a empresas en crise**

Contará con apoio multidisciplinario aos plans de viabilidade en empresas en crise con procesos de reestruturación dos seus cadros de persoal, prestando especial atención ao asesoramento destes. Todo isto farase de acordo co previsto no punto 2.2.3.4.

MEDIDA	INDICADOR	REFER. 2009	OBXECTIVO
2.2.1. LIÑA DE CIRCULANTE, REF. PASIVOS E AMPLIACIÓN DE CAPITAL	POSTA EN MARCHA	NON EXISTENTE LIÑA IGUAL	XUÑO DE 2010
	N.º DE EMPRESAS	3.097	3.500
	IMPORTE AVALADO IGAPE	0	0
	IMPORTE AVALADO SGR	103 M E (PRÉSTAMO AVALADO)	ATA 150 M €
	REAVAL IGAPE	0	37,5 M E
	SUBSIDIACIÓN IGAPE	7,2 M E (SUBSIDIACIÓN)	4,8 M €
	N.º DE EMPREGOS MANTIDOS	8.588	9.705
	PRAZOS DE TRAMITACIÓN		
	RESOLUCIÓN	85 DÍAS	75 DÍAS VER CADRO PUNTO 1.1.
	LIQUIDACIÓN	145 DÍAS	

2.2.2. LIÑA DE FINANCIAMENTO PLURIANUAL	POSTA EN MARCHA DA LIÑA		XULLO DE 2010
	N.º DE EMPRESAS	151	300 ANO
	INVESTIMENTO EFECTUADO	4 M €	15 M €
	CUSTO EE.FF E SGR	0,5 M €	1 M €
	IMPORTE DO PRÉSTAMO	4 M €	13,5 M €
	N.º DE EMPREGOS MANTIDOS	534	

	<b>PRAZO DE TRAMITACIÓN</b>		
	<b>RESOLUCIÓN</b>	<b>270 DÍAS</b>	<b>90 DÍAS</b>
	<b>LIQUIDACIÓN</b>		<b>VER CADRO PUNTO 1.1.</b>
<b>2.2.3.SERVIZO DE APOIO EMPRESARIAL</b>	<b>POSTA EN MARCHA DA LIÑA. EMPRESAS 1.<sup>a</sup> FASE EMPRESAS 2.<sup>a</sup> FASE EMPRESAS 3.<sup>a</sup> FASE EMPRESAS 4.<sup>a</sup> FASE PRESUPOSTO</b>	<b>NON EXISTENTE</b>	<b>NOVEMBRO DE 2010 UNIVERSAL. 2.<sup>a</sup> FASE: 400/ANO 3.<sup>a</sup> FASE: 100/ANO DEMANDA 2,2 M € (AMPLIABLE)</b>

## 2.3. OUTRAS INICIATIVAS

### 2.3.1. Elaboración dun estudo de cada liña de financiamento do Igape, da liña de avais e fondos capital risco co obxecto de analizar a súa idoneidade e posibilidades de mellora cos seguintes criterios xerais:

- Ampliar os límites de risco que asume o Igape, evitando a presentación de garantías adicionais para acceder á axuda.
- Eliminación de comisións bancarias ou, no seu caso, que fosen incluídas como gasto subvencionable.
- Nos programas de empréstito, ampliación dos períodos de carencia, que debería estenderse tanto ao pagamento de xuros coma á amortización do principal.
- Nas liñas de apoio ás persoas emprendedoras, rebaixar o límite mínimo para poder acceder á axuda, xa que moitas ideas empresariais (con éxito) comezan cun baixo investimento inicial, ou no seu caso, establecer diferentes porcentaxes de financiamento segundo o importe e risco do proxecto subvencionado.

- e) Análise das posibilidades futuras dos fondos de capital risco.
- f) Análise dun plan de reforzamento das sociedades de garantía recíproca.
- g) Análise das posibilidades de actuacións conveniadas co Instituto de Crédito Oficial (ICO).

**2.3.2. Análise das posibilidades que ofrece o Fondo JEREMIE para o financiamento das pemes galegas e deseño dun programa piloto**

MEDIDA	INDICADOR	OBXECTIVO	EMPRESAS	PRESUPOSTO
2.3.1. ELABORACIÓN DE ESTUDOS LIÑAS IGAPE	ELABORACIÓN DO ESTUDO	OUTUBRO DE 2010	UNIVERSAL	60.000
2.3.2. FONDO JEREMIE	ELABORACIÓN DO ESTUDO E POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA PILOTO	DECEMBRO DE 2010	UNIVERSAL	1.5 M €

### **3) Seguimento, desenvolvemento e avaliación**

Realizarase un seguimento e unha avaliación permanentes do presente acordo, que se estenderá tamén á análise da eficacia das distintas liñas do Igape cara á súa posible revisión de acordo coas necesidades que se detecten.

A avaliación e, no seu caso, desenvolvemento dos temas obxecto do presente acordo realizaranse a través dunha comisión, que contará coa presenza dos mesmos representantes das organizacións que conforman a Mesa 2 do Diálogo Social “Competitividade empresarial e innovación”: Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), UGT-Galicia, SN de CC.OO. de Galicia e a Xunta de Galicia.

Esta comisión reunirse cada tres meses e sempre que unha das partes así o solicite por razóns de urxencia ou oportunidade.

### **3.2.- Acordos en materia de internacionalización e captación de investimento estranxeiro**

A necesidade dunha crecente dimensión internacional da nosa economía fai necesario adoptar estratexias que faciliten a competitividade no exterior dos nosos produtos e servizos. Desde hai dez anos a economía galega experimentou un importante dinamismo internacional. A pesar desta evolución positiva, non debemos esquecer os importantes retos aos que nos enfrontamos actualmente: exportacións pouco diversificadas xeograficamente e por produtos, e, en moitos casos, de baixo contido tecnolóxico, un reducido número de empresas internacionalizadas, ou unha concentración importante destas no índice de medias e grandes empresas en detrimento das pequenas empresas (derivado este feito do importante esforzo de xestión que teñen que acometer nos procesos de expansión exterior).

Cómpre resaltar a necesidade de cooperación institucional e empresarial neste proceso. Ata o de agora existe unha multiplicidade de actores que traballa no eido da internacionalización xunto coa empresa galega, polo que se produce o inevitable e indesexable solapamento de programas e liñas de apoio que é necesario eliminar. Por isto, as medidas propostas irán na dirección de crear os mecanismos que sexan precisos para optimizar os recursos existentes e, deste xeito, que a empresa galega mellore a visibilidade dos necesarios apoios e a imprescindible coordinación institucional.

A primeira destas premisas xa está a dar os seus primeiros pasos coa constitución do Consello Galego de Acción Exterior. Así pois, constitúe un marco a través do que a coordinación de accións permitirá unha maior eficiencia, non só do gasto público, senón tamén dos resultados acadados.

Polo que se refire á cooperación empresarial, o camiño que hai que percorrer aínda é longo, pero absolutamente imprescindible. Moitas das nosas pemes só poderán acceder aos mercados internacionais no caso de que empreguen mecanismos cooperativos e se imbúan desta metodoloxía de traballo no seu proceder cotián. Por este motivo, desde a Administración cómpre liderar este proceso proporcionándolles ás empresas mecanismos que fagan viable este xeito de traballar no eido internacional: redes, apoio técnico temático, consultoría para a configuración de consorcios de exportación, plataformas en destino que lles acheguen capacidade de penetración no mercado elixido etc.

Á marxe dos apoios necesarios, tamén é imprescindible abordar un proceso de introdución da cultura da internacionalización (asociada á cooperación e á competitividade) nas pemes galegas. Cómpre sensibilizalas dunha visión máis ampla das posibilidades que lles ofrece o mercado local ata conseguir a consolidación da internacionalización como

valor da cultura empresarial. A esta visión necesariamente ten que ligarse un intenso labor de formación e capacitación dos empresarios/as galegos e dos seus recursos humanos.

Outro aspecto importante –e ata o de agora desaproveitado– é a oportunidade da Galicia empresarial na diáspora. Cómpre activar a potencialidade desta rede co gallo de crear un mecanismo de intercambio que favoreza mutuamente a introdución das empresas galegas tanto nos países de destino dos nosos irmáns no exterior como na Unión Europea.

No “outro lado da moeda” encóntrase a necesidade de promover e facilitar o investimento estranxeiro en Galicia. Nesta liña de actuación cómpre ser particularmente incisivo. En consecuencia, é necesario espremer ao máximo as fontes diferenciais de que dispoñemos, no que se vén a denominar “**intelixencia rexional**”. Poñela en práctica implica combinar conceptos básicos da estratexia pública: a planificación rexional a medio prazo e a análise prospectiva. A intelixencia rexional debe combinar os aspectos positivos do capital social da nosa comunidade autónoma coa atracción do talento externo como mecanismos para a fixación do negocio e o investimento nun territorio. Así mesmo, a intelixencia rexional permite o óptimo aproveitamento da información social, industrial e tecnolóxica e delimitar o seu impacto na atracción de investimentos do exterior.

A crecente importancia dos procesos de internacionalización da nosa economía implica o compromiso de todos os axentes públicos e privados na ardua tarefa de alcanzar os niveis de competitividade que permitan a consolidación nos mercados máis esixentes. En efecto, as nosas empresas enfróntanse a un novo marco competitivo caracterizado pola maior competencia internacional e a necesidade de adaptar dun xeito acelerado os seus procesos aos cambios esixidos polos mercados, tanto para iniciar como para consolidar os procesos de internacionalización. Por este motivo, cómpre xuntar esforzos entre as administracións públicas e os axentes económicos e sociais para levar a cabo procesos áxiles de observación que permitan adoptar medidas e actuacións eficaces para a internacionalización das empresas galegas.

Apróbase, segundo o exposto, o seguinte acordo:

## **1) Creación do Observatorio Galego da Internacionalización**

Será un órgano colexiado, dependente do Instituto Galego de Promoción Económica, que actuará como órgano de seguimento e análise da economía internacional e do desenvolvemento empresarial desde a perspectiva da internacionalización. Nel estarán representados, como mínimo, os axentes sociais e a Administración pública da Xunta de Galicia. A definición última dos seus fins, da súa composición, funcións e funcionamentos establecerase na norma de creación deste.

## 2) Creación da Rede de Plataformas empresariais no exterior (Rede PEXGA)

Estas plataformas empresariais no exterior non só se conciben como a oficina de representación do Igape no exterior, senón, fundamentalmente, como un **ámbito de negocio e servizos do que disporá a empresa galega**.

Este novo servizo materializarase **contando coas necesidades sectoriais e xeográficas das empresas e organismos intermedios** que teñen necesidades de apoio para a súa internacionalización.

Disporán dun **catálogo de servizos** que se lles ofrecerá ás empresas que pretendan traballar no país, así como de:

- **Persoal cualificado nativo**, co obxecto de que coñeza o mercado do país, así como as características xurídicas ou fiscais deste.
- **Oficinas** con salas de reunións que disporán de infraestrutura tecnolóxica e material axeitada.
- **Asesoramento xurídico e fiscal.**
- Xestión de **apoi loxístico e operativo.**
- Posibilidade de **contactar con redes empresariais locais.**

Estas plataformas terán un **modelo organizativo homoxéneo** no que poderán **participar os sectores empresariais galegos**, así como as **asociacións de empresarios galegos no exterior**. Tanto uns como outros disporán de medios humanos e tecnolóxicos para que se poidan localizar fisicamente no país de destino do seu interese. Deste xeito, ambos os tipos de organizacións non só poderán desenvolver os seus obxectivos, senón tamén apoiar a Xunta de Galicia na procura do interese xeral da internacionalización do tecido empresarial galego:

- Procura de socios locais para empresas galegas.
- Apoio á conformación de consorcios.
- Apoio a nivel institucional local.
- Desenvolvemento de misións comerciais directas e inversas.

- Formación empresarial.
- Etc.

Esta rede contará nunha **primeira fase** con **oito plataformas (que se ampliará ata 12 nunha segunda fase)**. Unha vez rematada, avaliarase a oportunidade de ampliar esta rede onde as necesidades das nosas empresas así o demanden.

Con carácter previo levarase a cabo un traballo de:

- Elaboración do deseño e modelo organizativo das oficinas.
- Definición dos países de situación destas.
- Contacto cos diferentes sectores empresariais para determinar en cada caso a presenza destes nesta rede.

### **3) Plan de apoio para a introdución da empresa galega nos organismos financeiros multilaterais**

Neste ámbito poranse en marcha **dúas iniciativas:**

#### **a) Proxecto de internacionalización das empresas de servizos:**

En Galicia existen numerosas empresas de servizos técnicos, en xeral de pequena dimensión, cun elevado nivel profesional, que operan fundamentalmente, ata o momento, no mercado local e nacional. Existe un alto grao de asociacionismo, sobre todo nos sectores da enxeñería, a consultoría e os servizos tecnolóxicos, así como no ámbito das tecnoloxías da información e a comunicación, circunstancia que facilita o obxecto da colaboración empresarial na procura da internacionalización.

Por outra banda, cómpre incidir no feito da baixa taxa de internacionalización tanto das empresas de servizos como do resto dos operadores económicos galegos que traballan nese campo, circunstancia esta que cómpre mudar de xeito inmediato ante a atonía presente e a medio prazo do mercado interior galego e nacional.

Así mesmo, cabe recordar:

- O nivel de cualificación e a experiencia destes operadores en Galicia.
- A dispoñibilidade existente en Galicia de mozos e mozas cualificados no ámbito técnico.
- As oportunidades que se presentan nos países emerxentes, tanto na área de América Latina, nos países do Magreb, como nos países do Leste europeo, no eido da enxeñería, arquitectura, medio ambiente, enerxías renovables e tecnoloxías da información, entre outras.
- O efecto de arrastre á internacionalización que este tipo de servizos pode ter sobre outras actividades da construción e de bens de equipo, entre outros.
- A pequena dimensión, por regra xeral, destes operadores.

Polos motivos antes indicados, propónse un **programa de fomento da internacionalización dos operadores galegos no ámbito da prestación de servizos**, a través da participación nas licitacións internacionais derivadas dos organismos multilaterais de desenvolvemento (aproximadamente, 90.000 millóns de dólares USA ao ano), así como dos países prestameiros dos fondos provenientes daqueles. O devandito programa terá como **obxectivo**:

- a) O establecemento de acordos de cooperación dos operadores económicos galegos cos seus homólogos nos países obxectivo para, conxuntamente, presentarse a licitacións internacionais, financiadas tanto por organismos multilaterais como por outras institucións públicas dos países obxectivo.
- b) O acceso dos operadores económicos galegos a mercados privados dos países obxectivo, ben directamente ou mediante a creación de centros e filiais en destino e/ou acordos con socios locais.

Este programa preverá as seguintes **actuacións**:

- Divulgación e promoción das oportunidades que brindan as licitacións internacionais.
- Servizo de apoio para a conformación de acordos de cooperación con operadores económicos estranxeiros.
- Asistencia técnica en destino.
- Misións empresariais directas e inversas para definir ofertas en licitacións internacionais.

b) **Convenio de colaboración con organismos multilaterais de desenvolvemento para a formación e capacitación de mozos e mozas profesionais galegos:**

A través de procesos de **inmersión laboral de mozos e mozas profesionais galegos en organismos multilaterais de desenvolvemento** (por exemplo, o Banco Interamericano de Desenvolvemento (BID)), será posible que o tecido produtivo galego dispoña de recursos humanos altamente cualificados nun mercado descoñecido para a maioría das

empresas galegas. En consecuencia, **porase a dispor das nosas empresas técnicos/as con experiencia nos procesos e metodoloxías** duns organismos cunha capacidade financeira decisiva nos países prestameiros cos que opera (que se traduce en proxectos e contratacións anuais por valor de 90.000 millóns de dólares USA).

Ao mesmo tempo, estes organismos –a través das súas oficinas nos países nos que están implantados– supoñen unha magnífica plataforma para “albiscar” e analizar en profundidade os mercados nacionais dos países ao que se expatríe o recurso humano. En consecuencia, a empresa que envíe un traballador/a a traballar a unha oficina destes organismos estará obtendo:

- Experiencia no mercado multilateral.
- Coñecemento do modus operandi do organismo multilateral.
- Coñecemento do mercado nacional no/s sectores que máis interesen ás empresas galegas.
- Contacto con empresas do país coas que formalizar futuros consorcios para a internacionalización de empresas galegas.
- Coñecemento das posibilidades da empresa galega respecto da competencia local e internacional.

## 4) Programa de implantación promocional conxunta no exterior

Este programa está dirixido a empresas galegas que acaden un acordo de cooperación entre elas para xuntar esforzos, compartir custos e, no seu caso, estratexia e marca para introducirse por primeira vez en novos mercados internacionais, especialmente nos países emerxentes de alto crecemento para o lanzamento de produtos ou servizos galegos en novos mercados (países ou zonas xeográficas determinadas dentro dun país).

Así mesmo, coa mesma finalidade de cooperación, para a introdución en novos mercados internacionais, apoiaranse as accións que realicen os organismos intermedios beneficiarios para os seus asociados/as que participen no proxecto baixo as regras de funcionamento que establezan co organismo intermedio beneficiario.

As empresas galegas poderán adoptar dous tipos de proxectos:

### 1. Proxectos de tipo I, primeira implantación conxunta no estranxeiro

Este tipo de proxectos poderán adoptar as seguintes modalidades de acordos de cooperación empresarial:

1.1. As agrupacións de polo menos tres empresas que se comprometan a crear unha **sociedade de promoción comercial** dos seus produtos ou servizos no país de destino, entendendo como tal unha sociedade con personalidade xurídica propia ou calquera tipo de agrupación empresarial admitida en dereito no país de destino.

1.2 Os consorcios domiciliados en Galicia e con personalidade xurídica independente formados por polo menos tres empresas galegas que se comprometan a **crear unha filial no estranxeiro para a promoción comercial** dos seus produtos ou servizos no país de destino.

### 2. Proxectos de tipo II, centros de promoción no estranxeiro

Este tipo de proxectos poderán adoptar as seguintes modalidades de acordos de cooperación empresarial:

2.1. **Organismos intermedios de carácter empresarial que representen un colectivo de empresas**, sempre que o obxectivo

sexa a **exposición e promoción comercial dos produtos ou servizos das empresas asociadas.**

2.2. As **agrupacións de polo menos tres empresas** que se comprometan a establecer de forma conxunta un centro de promoción comercial no estranxeiro.

## 5) Plan estratéxico da Galicia empresarial no exterior

Unha **diagnose rápida e actual** da rede de asociacións de empresarios galegos no exterior facilítanos unha visión caracterizada por **encontrarse nunha fase de consolidación** na que debemos traballar entre todos para lograr a **potenciación tanto individual –de cada asociación– como colectiva**. Deste xeito, a Xunta de Galicia aposta por:

- Que as asociacións recollan a maior cantidade posible de empresarios/as galegos no país de acollida. Para logralo, será necesario que os actuais directivos/as das asociacións fagan **novos esforzos para incrementar o seu número de asociados/as**, co obxecto de tecer unha rede de empresariado galego no exterior cada vez máis dinámica e poderosa.
- **Ampliar a rede** aos países nos que, na actualidade, non contamos con asociacións de empresarios/as galegos.
- A busca e integración de **empresarios/as de orixe galega de ata a terceira xeración**, e
- Definir **obxectivos comúns** sen que ningunha asociación perda a súa **singularidade**.

Cómpre, polo tanto, dar un importante impulso á relación coa diáspora empresarial galega. Para logralo estamos a deseñar unha serie de medidas que se desenvolverán de acordo cos seguintes principios reitores:

- Dotar de utilidade e valor de uso a rede para os socios/as, mediante a elaboración periódica de produtos informativos ou organizativos atractivos e útiles, incluíndo proxectos, programas e obxectivos do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) nunha programación anual de actividades.
- Fornecer recursos para o contacto periódico entre os dirixentes que teñen que marcar liñas de traballo, co gallo de ser eficientes no seguimento permanente daquelas.
- Crear unha estrutura técnica permanente, cualificada, formada e con capacidade de xestión suficiente.
- Procurar novas formas de relación e negocio para tratar de que os encontros anuais dos empresarios/as galegos de Galicia e do exterior sexan, nas vindeiras edicións, cada vez máis produtivos.

- Resaltar **o valor das asociacións de empresarios/as galegos no exterior como plataformas de servizos**, como elementos importantes para canalizar investimentos e “lobby” de apoio ás empresas galegas que se internacionalizan.

Na práctica, a posición da Rede de Asociacións de Empresarios Galegos no Exterior desempeñará un papel decisivo na maioría das liñas estratéxicas de traballo anteriormente definidas. En concreto, a súa participación será moi positiva:

- Na Rede de Plataformas Empresariais no Exterior da Xunta de Galicia.
- No apoio para a conformación de consorcios de exportación cando se precise de empresas dalgún país latinoamericano.
- A conexión con axencias de desenvolvemento coas que o Igape poida establecer acordos de colaboración.
- Apoio a misións comerciais directas ou inversas.
- A relación con socios locais para acceder a licitacións internacionais derivadas dos organismos multilaterais nos seus respectivos países.
- Desenvolvemento de procesos formativos para os seus asociados/as ou outros emprendedores/as relacionados coa diáspora e, en definitiva,

para que esa participación sexa efectiva articularase un **Plan estratéxico de actuación coa Galicia empresarial no exterior**.

## **6) Plan de sensibilización e procura do compromiso activo dos sectores empresariais nos procesos de internacionalización**

Porase en marcha un plan que afondará nas seguintes liñas:

- Política concertada de cambio cultural para encarar a internacionalización empresarial.
- Promoción de foros de coordinación empresarial na análise de aspectos decisivos no proceso de internacionalización: estratexias de promoción, xestión loxística conxunta etc.
- Encontros empresariais temáticos.
- Foros permanentes de exportación e internacionalización de pemes.
- Redes de comunicación.
- Implantación de sistemas de información concertados co sector empresarial que se especialice en facilitar a toma de decisións.
- Procesos de reflexión estratéxica para directivos/as con profesionais nacionais e internacionais.
- Transferencia de experiencias de internacionalización de empresarios/as ou directivos/as a mozos/as universitarios galegos.

## 7) Plan de formación e capacitación empresarial

A intensificación e a especialización da formación das persoas emprendedoras, empresarias, mandos intermedios, xerentes e directivos/as antóllase imprescindible como premisa básica para que o “xene” da internacionalización prenda no noso tecido produtivo como un proceso natural no devir empresarial. Neste sentido, cómpre levar a cabo un plan de formación e capacitación no eido da internacionalización e que se centrará, entre outros, nos seguintes temas:

- Foros para o intercambio de experiencias de internacionalización.
- Cursos temáticos sobre aspectos operativos da internacionalización (loxística, fiscalidade, busca de información, xestión de cobros e pagos internacionais etc.).
- Seminarios especializados para xerentes e directivos/as.
- Xornadas de reflexión estratéxica para xerentes.
- Programas de intercambios de directivos/as entre empresas galegas e estranxeiras.
- Programas de intercambio de experiencias entre empresas internacionalizadas e mozos/as galegos.
- Cursos de especialización sectorial e xeográfica.
- Programas de mobilidade laboral internacional.
- Programas de innovación nos procesos de internacionalización empresarial.
- Etc.

## 8) Creación dunha oficina de captación de investimento estranxeiro

Esta oficina terá como prioridade a captación de investimento produtivo a través de dúas premisas básicas:

- Desenvolverá a visión de país que queremos trasladar ao estranxeiro, isto é, a proposta de valor que Galicia supón para as empresas interesadas en implantarse e investir na comunidade autónoma.
- Canalizar todas as oportunidades detectadas no estranxeiro.

E esta prioridade materializarase a través das seguintes funcións:

- Promoción da **Marca Galicia** nos mercados de destino que previamente se elixan a través da creación de redes internacionais de promoción desta.
- Creación de redes internacionais que favorezan a captación de investimentos.
- Reforzar as accións de atracción de investimentos á comunidade autónoma.
- Promoción e divulgación dos instrumentos postos a disposición dos empresarios/as estranxeiros para a localización de proxectos empresariais.
- Acompañamento en Galicia aos empresarios/as estranxeiros que estean analizando a posible localización dun proxecto.
- Obter e facilitar a información que demanden os empresarios/as estranxeiros.
- Impulsar, coordinar e supervisar a actividade de axentes colaboradores para a captación de proxectos de investimento.
- Levar a cabo o deseño e seguimento de estudos que teñan un interese estratéxico en materia de captación de investimentos.
- Creación dun portal de información sobre a realidade socioeconómica galega e as súas oportunidades de negocio.

- Guía de oportunidades de investimento.

## **9) Servizos de apoio aos procesos de internacionalización empresarial**

Á marxe das liñas de axuda e os servizos permanentes de apoio aos procesos de internacionalización empresarial, cómpre a posta a disposición do tecido empresarial galego dun conxunto de medidas que faciliten o coñecemento exhaustivo dos mercados internacionais a través de información periódica e actualizada en función das áreas xeográficas e sectores empresariais onde Galicia teña máis interese; medios tecnolóxicos que acheguen as nosas empresas aos procesos de internacionalización mellorando a súa competitividade e unha análise dos factores que reforcen este proceso. Do mesmo xeito, é necesaria unha análise das situacións concretas e posibles alternativas na interrelación deslocalización-internacionalización dentro dunha economía global.

- Realizar o Mapa de mercados e sectores prioritarios que permita coñecer as áreas de maior dinamismo e que mellor se adapten ás capacidades da empresa galega.
- Programa de avaliación das capacidades de internacionalización da empresa galega.
- Programa de consultoría fiscal que permita afrontar as dificultades técnicas que teñen as empresas nesta materia cando inician un proceso de internacionalización.
- Creación dun portal que permita a interconexión dos promotores de negocio da Xunta de Galicia e todas as entidades galegas que dispoñan destes no exterior.
- Desenvolver unha análise da interrelación existente entre os procesos de internacionalización e de deslocalización para os efectos de conseguir un mantemento do emprego correspondente a actividades de maior valor engadido.

## **10) Elaboración dun Plan estratéxico de internacionalización da empresa galega (2011-2013)**

Deberá incluír unha descrición detallada da situación de partida actual (tanto en canto á internacionalización da empresa como da captación de investimentos estranxeiros), das diferentes medidas existentes e os seus resultados, así como unha motivación da implantación de novas liñas de actuación cunha concreción dos obxectivos que hai que acadar e o orzamento, tendo en conta as distintas actuacións existentes no eido da internacionalización na comunidade autónoma e a súa complementariedade con outras liñas de ámbito estatal ou internacional.

<b>Medidas</b>	<b>Indicadores</b>	<b>Referencia 2009</b>	<b>Obxectivo</b>
1. <i>Observatorio da Internacionalización</i>	Data de creación	Non existe	Xaneiro de 2011
	Data de constitución		Marzo de 2011
2. <i>Expansión internacional do Igape</i>	Data de posta en marcha	Non existe	
	1.ª fase (4 plataformas)		Outubro de 2010
	2.ª fase (4 plataformas)		Maio de 2011
	3.ª fase (4 plataformas)		Outubro de 2011
	N.º de plataformas empresariais creadas no exterior		12
	N.º de empresas que empregan as plataformas (media)		225
	N.º de actuacións de intercambio comercial (media)		330
Presuposto		4.75 M € (ano)	
3. <i>Interacción cos organismos financeiros multilaterais (OMD)</i>	Data de posta en marcha	Non existe	
	1.ª fase		Xuño de 2010
	2.ª fase		Novembro de 2010
	N.º de convenios de colaboración con OMD	1	1
	N.º de mozos/as traballando con cargo aos convenios	6	10
	N.º de empresas de servizos beneficiadas	0	50
	N.º de ofertas a licitacións presentadas	0	100

	Presuposto	225.000 €	1 M €
<i>4. Afondamento nos mecanismos de cooperación empresarial</i>	Data de posta en marcha	Non existe	Marzo de 2011
	N.º de consorcios empresariais	0	6
	Presuposto	0	100.000 €
<i>5. Plan estratéxico da Galicia empresarial no exterior</i>	Data de posta en marcha	Non existe	Marzo de 2011
	N.º de accións de promoción desenvolvidas	1	10
	N.º de accións de capacitación empresarial	0	6
	% de incremento neto de socios/as das asociacións	0	15%
	N.º de asociacións creadas	1	1
	Presuposto	300.000 €	600.000 €
<i>6. Procura do compromiso activo dos sectores empresariais nos procesos de internacionalización</i>	Data de posta en marcha		Febreiro de 2011
	N.º de foros de exportación e internacionalización	0	5
	N.º de procesos de transferencia de experiencias de internacionalización a mozos/as	0	3
	N.º de procesos de reflexión estratéxica	0	3
	N.º de xestores de exportación contratados	7	50
	Presuposto	138.000 €	850.000 €
<i>7. Formación e capacitación</i>	Data de posta en marcha		

<i>especializada</i>	1.ª fase		Maio de 2010	
	2.ª fase		Febreiro de 2011	
	3.ª fase		Maio de 2011	
	N.º de cursos impartidos a directivos/as e mandos intermedios	0	6	
	N.º de seminarios e xornadas	4	12	
	N.º de mozos/as especializados en comercio exterior	25	75	
	Presuposto	800.000 €	1.5 M €	
<i>8. Creación da Oficina de Captación de Investimentos</i>	Data de posta en marcha	Non existe	Novembro de 2010	
	Presuposto (2011)		1.5 M €	
	<ul style="list-style-type: none"> <li><i>Promoción da imaxe galega e da marca "Made in Galicia"</i></li> </ul>	N.º de accións de promoción no exterior	Non existe	10
		N.º de misións inversas con entidades foráneas	0	5
	<ul style="list-style-type: none"> <li><i>Creación de redes internacionais</i></li> </ul>	N.º de redes creadas (2010-2012)	Non existe	6
	<ul style="list-style-type: none"> <li><i>Reforzo das accións de</i></li> </ul>	N.º de axencias de desenvolvemento dos países preferentes coas que se convenia	0	3

<i>atracción de investimentos á comunidade autónoma</i>  <ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Creación dun portal de información</i></li>   <li>• <i>Reforzo dos mecanismos de promoción internacional empresarial</i></li> </ul>	Outras entidades	0	3
	N.º de accións de promoción de atracción de investimentos	44	55
	N.º de acordos de promoción formalizados		6
	N.º de acompañamentos a investidores foráneos	2	24
	% de incremento de investimento estranxeiro	12	Variable
		Non dispoñible	
	Data de posta en marcha		Xaneiro de 2011
	Presuposto	Non existe	60.000 €
	Data de posta en marcha		Abril de 2010
	N.º de asistencia a feiras directas e/ou inversas	204	320
	N.º de plans estratéxicos de internacionalización	0	30
	N.º de prospeccións en oficinas/exposicións permanentes	0	10
	N.º de liñas de márketing ou de promoción de marca	0	50
Presuposto	1,7 M €	4 M €	

<p>9. <i>Servizos de apoio á internacionalización</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Mapa de mercados e sectores</i></li> <li>• <i>Programa de avaliación de capacidades</i></li> <li>• <i>Programa de consultoría fiscal</i></li> <li>• <i>Portal Promotores de Negocio</i></li> <li>• <i>Interrelación dos procesos de deslocalización e internacionalización</i></li> </ul>	<p>Data de elaboración e/ou posta en marcha</p> <p>Presuposto</p> <p>Data de elaboración e/ou posta en marcha</p> <p>N.º de empresas avaliadas</p> <p>Presuposto</p> <p>Data de posta en marcha</p> <p>N.º de empresas no programa</p> <p>Presuposto</p> <p>Data de elaboración</p> <p>Presuposto</p>	<p>Non existe</p> <p>Non existe</p> <p>0</p> <p>Non existe</p> <p>0</p> <p>Non existe</p>	<p>Outubro de 2010</p> <p>30.000 €</p> <p>Outubro de 2010</p> <p>50</p> <p>200.000 €</p> <p>Marzo de 2011</p> <p>75</p> <p>375.000 €</p> <p>Setembro de 2010</p> <p>60.000 €</p>
---	---	---	--

	Data de posta en marcha	Non existe	Decembro de 2010
<i>10. Plan estratéxico da internacionalización da empresa galega (2011-2013)</i>	Elaboración do Plan estratéxico	Avaliación dos resultados acadados no período 2008-2010	Decembro de 2010 (suxeito a revisión pola Comisión de Seguimento)

### **3.3.- Propostas en materia de I+D+i**

A Investigación pódese definir como o proceso de transformación dos recursos económicos en coñecemento. Para poder definir políticas eficientes no eido da I+D+i e poder manter e incrementar os investimentos en Investigación, é necesario que o coñecemento acadado teña a debida aplicación na sociedade, mediante a xeración de produtos e servizos dinamizadores nos diferentes sectores da economía dun país. Por isto, é importante e fundamental orientar políticas públicas orientadas á dinamización e incentivación da Innovación, entendida como o proceso de transformación do coñecemento en recursos económicos.

A investigación básica continua sendo un factor esencial para a consistencia a longo prazo dos sistemas de Investigación e Innovación. O debate sobre a necesidade de incrementar o peso da investigación orientada e focalizada, continúa vivo aínda que existe consenso en que a condición da investigación non orientada debe ter como requisito a excelencia.

Dacordo co datos do CSIC do ano 2009, España é responsable do 3,4% da produción científica mundial pero xenera menos do 1% das patentes internacionais, por debaixo de países do contorno con menor poboación. España é, ademais, a única nación industrializada na que o principal xerador de patentes é un organismo público, e non una empresa privada, o cal pódese explicar se atendemos a que a inversión das empresas en investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i), é do 0,57% do PIB fronte ó 1,73% alemán.

Por todo o dito anteriormente, é de vital importancia definir políticas que redunden na transferencia de coñecemento e na necesidade de converter o novo coñecemento en tecnoloxía, produtos e servizos útiles para o desenvolvemento económico. Temos que ser, polo tanto, capaces durante os próximos anos de valorizar esta **evolución positiva da Investigación desenvolvendo máis proxectos que rematen en Innovación.**

O Sistema de Innovación Galego veuse construíndo durante os últimos anos desenvolvendo un conxunto de iniciativas que lle outorgaron unha certa

complexidade que fai complexa a análise e obtención de resultados<sup>2</sup>, pero que constitúe, sen dúbida, unha base sobre a que despreparar novas políticas de innovación sólidas e eficientes.

Neste sentido, o Sistema Galego de Ciencia e Tecnoloxía adoece dunha insuficiente cooperación entre axentes e de escasos resultados en materia de transferencia tecnolóxica e aproveitamento empresarial do coñecemento xerado. Coma exemplo, nos últimos tres anos dende as diferentes Plataformas Tecnolóxicas Galegas **presentáronse só una ducia de proxectos de I+D+i en colaboración**. Precísase polo tanto, o desenvolvemento de actuacións máis centradas en proxectos susceptibles de mobilizar a cooperación entre axentes e promover unha maior implicación do mundo empresarial.

As políticas de I+D+I para ser eficaces non deben ser un proceso illado, unha política máis, senón que teñen que ser un elemento central de todas as políticas, xa que os seus plans deben cubrir aos fogares, ás pemes, ao comercio, aos servizos públicos, etc. O **Plan Galego de Investigación, Ciencia e Tecnoloxía que remata este ano** (INCITE 2006/2010) supuso un gran esforzo económico público pero a súa execución adoece dun sistema de monitorización de resultados que sexa áxil e que nos permita coñecer o verdadeiro impacto das súas accións. Neste sentido temos que redobrar os esforzos na redacción dun novo Plan para os próximos anos nel que se fai **esencial a colaboración de todos os axentes económicos e sociais**, na definición de prioridades, estratexias e accións concretas.

No actual contexto, incrementar o apoio ás actividades de I+D+i debe ser unha das prioridades para levar a cabo o cambio do modelo produtivo actual a un novo modelo baseado no coñecemento e o crecemento da produtividade, tan necesarios na actualidade, e que sexa sostible e **potencie a creación de empregos ligados á utilización de enerxías limpas e as tecnoloxías**.

Entre os obxectivos do Plan Galego de Investigación, Ciencia e Tecnoloxía deben estar: o crecemento económico baseado na creación de novos e máis

---

2 No momento de redactar o presente documento estase a realizar un traballo de avaliación dos resultados acadados polo Plan INCITE 2006-2010.

cualificados empregos, mellora na produtividade para unha maior competitividade e a creación de novas actividades produtivas máis competitivas. Para avanzar cara unha sociedade innovadora precisamos incrementar os procesos de innovación, racionalizando o esforzo público, implicando en maior medida ás universidades na colaboración coas empresas innovadoras, e adoptando as medidas que incentiven e promovan o crecemento dos recursos que as empresas galegas dedican á I+D+i.

Apróbase, segundo o exposto, o seguinte acordo:

## **1.- Creación dun Órgano Xestor da Innovación en Galicia.**

O desenvolvemento de novos modelos produtivos e sociais baseados no coñecemento, é un dos desafíos máis importantes, aos que se enfrenta na actualidade a nosa sociedade. Europa, igual que España e Galicia, necesitan impulsar as súas capacidades creativa e de innovación por motivos tanto sociais coma económicos.

Na actualidade, dentro do marco estratéxico para saír da crise, resulta máis necesario que nunca facer do coñecemento o centro de produción da riqueza e da innovación un potente motor de desenvolvemento, para xerar e soste r ciclos prolongados de crecemento.

Para mellorar a articulación e seguimento das políticas públicas de I+D+i, impulsar un sistema de axudas menos complexo, unha xestión máis dinámica e flexible destas e mellorar a articulación do tecido empresarial cos programas europeos e españois porase en marcha un Órgano Xestor da Innovación en Galicia.

Co este Órgano Xestor desenvolverase un conxunto de políticas públicas que permitan ás empresas implementar iniciativas de innovación que incrementen a súa competitividade e fomenten o seu crecemento, que faciliten a eficiencia en resultados do sistema galego de innovación a través dun sistema de indicadores de impacto, que permita a xestión eficiente de talento para incrementar o rendemento innovador das empresas e do conxunto do sistema galego de innovación, xerando mecanismos de valorización do coñecemento desenvolvido nas empresas, universidades e centros de investigación de Galicia e liderando as políticas de innovación dentro da propia administración galegas.

De acordo con este marco de políticas públicas, o Órgano Xestor da Innovación ten as seguintes misións:

1. Introducir a cultura da innovación vinculada a resultados, tanto nas empresas coma no conxunto de axentes do sistema.

2. Facilitar dinámicas de innovación máis abertas e máis rápidas en chegar ao mercado.
3. Xerar modelos de goberno máis simples e eficientes dos sistemas de I+D+i con capacidade de focalizar e priorizar a investigación e a innovación.
4. Xerar un novo modelo de valorización do coñecemento, máis orientado a unha comercialización do coñecemento eficaz, menos local e máis cooperativo.
5. Introducir políticas públicas que apoien proxectos de alto impacto.
6. Mellorar a articulación e seguimento do plan galego de innovación.
7. Transformar a cultura das administracións públicas e facela permeable á propia aplicación da innovación e o emprendimento.

A creación deste Órgano Xestor da Innovación contará co correspondiente Plan Estratéxico; servirá como factor de racionalización dun conxunto de estruturas e plataformas, actualmente insuficientemente conexas e carentes dunha perspectiva estratéxica clara, posibilitando o dinamismo corporativo necesario para abordar as novas tarefas; coordinará os incentivos e mecanismos que potencien a innovación en Galicia, e abordará desde unha perspectiva global as distintas políticas da Administración autonómica na materia.

Serán obxectivos deste Órgano, que deberán ser recollidos no pertinente contrato de xestión, aínda pendente de redacción, os seguintes aspectos:

1. Apoiar o crecemento e a competitividade das empresas galegas a través de estratexias e programas de innovación eficientes.
2. Incrementar o rendemento do sistema galego de innovación.
3. Vincular indicadores de impacto ás políticas de innovación.
4. Aumentar a eficiencia do coñecemento xerado na universidade e centros de investigación a través de procesos de valorización eficientes.
5. Desenvolver un sistema de financiamento da innovación sostible e utilizado polas empresas como panca de innovación estratéxica nas súas prioridades corporativas.
6. Fomentar e vertebrar as políticas de innovación dentro das administracións galegas.
7. Aumentar o número de proxectos significativos (por dimensión e carácter estratéxico) impulsados polas empresas galegas.

8. Internacionalizar iniciativas de innovación, con maior presenza das empresas galegas nos programas europeos de innovación e incrementando o factor rede de internacionalización dos proxectos de innovación impulsados ou participados por empresas galegas.

En aras de facer efectivo o principio de transparencia que o caracterizará , as centrais sindicais e a CEG participaran como membros de pleno dereito do seu Consello Asesor (ou órgano equivalente).

Por outra banda, na comisión de seguimento deste acordo se arbitrará un grupo de traballo para analizar este Órgano Xestor.

## **2.- Redacción do novo Plan Galego de Innovación (2011-2015)**

O Plan Galego de I+D+i constitúe a ferramenta imprescindible para proporcionarlle ás políticas públicas de I+D+i o pulo necesario para achegarnos aos indicadores dos países máis desenvolvidos en termos de PIB. Aínda lonxe dos obxectivos da Axenda de Lisboa para o 2011 de acadar un 3% do PIB en investimentos en I+D, o crecemento de estos investimentos están estancados dende os anos 90 por debaixo do 2% do PIB no países da UE15, mentras que outras economías como a americana (cun 2,62%) ou a xaponesa (cun 3,33%) están a liderar esta carreira.

Neste ano 2010 remata o vixente Plan Galego de I+D+i que permitiu que, nos últimos anos, os gastos internos en I+D+i executados en Galicia se incrementaran de forma constante, alcanzando, por primeira vez, no ano 2007 un valor superior ao 1% en PIB (1,03) fronte á media española do 1,27%. Porén, estes datos encóntranse aínda lonxe do obxectivo formulado a nivel estatal no 2011 de alcanzar o 2,2% do PIB dedicado a I+D+i.

É preciso, en consecuencia, redobrar os esforzos públicos e privados e xerar procesos, que adaptados ás nosas condicións, promovan dende Galicia a xestión do coñecemento e que este se canalice, xurda onde xurda, cara á produción e a obtención de servizos innovadores no noso territorio. Compre, polo tanto definir obxectivos plurianuais en I+D+i en termos de PIB.

Nos dous últimos anos o investimento privado en I+D (dacordo cos datos do INE) experimentou un retroceso do 8% polo que o novo Plan deberá incidir especialmente no ámbito empresarial. Os obxectivos de participación empresarial nun 50% do esforzo en I+D do Plan que agora remata están lonxe dos fixados polo Ministerio de Ciencia e Innovación para o ano 2011 (acadar un 55%) dentro da nova Estratexia Estatal de Innovación presentada recentemente.

Polo tanto, a execución do Plan Galego de Innovación (2011-2015), constituirá a ferramenta de partida imprescindible para desenvolver as políticas públicas

de I+D+i, enfocado cara o fomento da I+D+i nas empresas, e na creación e mellora de centros tecnolóxicos, plataformas tecnolóxicas, centros de competencia, e centros de excelencia científica.

Tendo en conta que a avaliación dos resultados acadados polo plan vixente na actualidade pode levar un tempo considerable a efectos de non retrasar a posta en marcha do novo Plan, propónse neste documento a definición do Plan Galego de Innovación 2011-2015 cun carácter fundamentalmente dinámico e aberto ás propostas de participación dos integrantes desta Mesa en función das súas contribucións e das que resulten do estudo de avaliación dos resultados do Plan vixente no momento de redactar o presente documento.

O Plan deberá abordar, entroncos aspectos as seguintes eidos de actuación:

### **2.1.- Reforzar a investigación no ámbito universitario galego e especialmente na súa aplicación aos procesos empresariais.**

Medidas:

1. Elaborar un "mapa científico" da investigación nos centros públicos galegos.
2. Definir as áreas de investigación estratéxicas para Galicia.
3. Mellorar a ordenación, a articulación e incentivar a alineación da investigación de los grupos coas áreas estratéxicas, respetando a liberdade e a autonomía académica.
4. Incentivar o financiamento dos grupos e a súa capacidade de xestión, transferencia de resultados e internacionalización.
5. Proporcionar recursos humanos estratéxicos para a investigación.
6. Apoiar e incentivar a incorporación de tecnólogos nas empresas, especialmente en PYMES y en sectores estratéxicos, incluíndolo como criterio relevante nas convocatorias competitivas de investigación e innovación.
7. Profundizar na liña de actuación dirixida a favorecer a creación, consolidación de grupos e a actividade de investigadores novos.
8. Promover no contorno dos estatutos vixentes, a presenza nas Universidades de empresarios, técnicos de empresas y profesionais de I+D+i nos posgrados e nos doctorados, así como a estancia temporal de persoal investigador nas empresas.

### **2.2 Apoio ao desenvolvemento dos centros tecnolóxicos, centros de competencia, centros de transferencia científica e plataformas tecnolóxicas.**

#### Medidas:

1. Impulsar, como elemento clave do sistema de I+D+i, una estratexia de infraestruturas tecnolóxicas.
2. Elaborar un plan de eficiencia da xestión de infraestruturas que inclua o establecemento de mecanismos de cooperación na creación e no uso, e que debe evitar duplicidades e garantir os niveis técnicos de calidade necesarios.
3. Evaluar as estruturas de I+D+i participadas pola Xunta de Galicia, tendo en conta o cumprimento de criterios de eficacia e resultados aplicados no sector empresarial
4. Desenvolver áreas de traballo complementarias con entidades suprarrexionais en ámbitos de mutuo interés e para fomentar a colaboración, do xeito que resulte máis adecuado.
5. Impulsar iniciativas de reordenación e confluencia dos axentes de I+D+i participados pola Xunta de Galicia como resultado de los análisis anteriores. Neste proceso velaráse pola confluencia (agrupación, fusión, adscrición) dos axentes na cadea de valor asociada aos focos de investigación e innovación para adquirir masa crítica e para a mellora da eficiencia e da provisión dos servizos comúns.

### **2.3.- Fomento da I+D+i empresarial e da investigación aplicada priorizando as iniciativas de cooperación empresarial.**

#### Medidas:

1. Impulsar a oferta de intermediarios de innovación cunha estratexia propia, alineada coas necesidades dos sectores empresariais e os focos de investigación e innovación que se establezcan.
2. Impulsar os centros de apoio á innovación tecnolóxica, formados por grupos mixtos de investigación universitaria e empresarial con vocación e experiencia en transferencia tecnolóxica.
3. Ofrecer apoio a proxectos de innovación empresarial que comporten a introducción de un novo produto, un novo proceso, ou un novo método de comercialización que aporte ventaxas competitivas á empresa.
4. Contribuir ao desenvolvemento de proxectos tractores de I+D+i
5. Apoio á participación de empresas galegas en programas estatais e europeos e fomentando a cooperación con empresas doutras rexións, co esforzo particular na participación galega no VII Programa Cadro e o Fondo Tecnolóxico.
6. Promover a internacionalización dos resultados de I+D+i que se xeneren en Galicia.

7. Promover o apoio a proxectos de innovación vinculados a novas oportunidades de negocio que impliquen un cambio estratéxico ou estrutural das empresas.
8. Potenciar a presenza en Galicia de empresas pioneiras en alta tecnoloxía – mediante transferencia de tecnoloxía asociada ao control sobre as patentes e os coñecementos dos procesos de fabricación ou marketing.
9. Potenciar os fondos de financiamento preferentes, o capital semente, o capital risco e os *business angels* que poidan prestar apoio aos proxectos de I+D+i empresariais para contribuir ao desenvolvemento de proxectos tractores de I+D+i.
10. Impulsar a transferencia tecnolóxica internacional, ofrecendo liñas específicas de apoio á presenza da tecnoloxía galega nos mercados internacionais a través da rede Enterprise Europe Network, os programas ERA-NET ou EUREKA, as misións tecnolóxicas, etc.
11. Reforzar a creación de IEBS mediante o asesoramento na elaboración de plans de negocio, así como o apoio a empresas de base tecnolóxica existentes a través do asesoramento na elaboración de plans de viabilidade de negocio.
12. Reforzar o apoio ás IEBS mediante ofertas financeiras que cubran as necesidades dunha IEBS nos diferentes estadios do seu proxecto empresarial, completando a oferta pública e privada existente.
13. Reforzar o apoio á internacionalización das IEBS mediante o asesoramento a emprendedores.
14. Potenciar os diferentes eventos de encontro de investimento e de innovación para que se convertan en puntos de referencia internacionais entre inversores nacionais e internacionais e emprendedores.

#### **2.4.- Desenvolver proxectos de I+D+i na administración autonómica e local coa finalidade de aumentar a eficacia dos servizos.**

Medidas:

1. Impulsar a valoración do coñecemento xerado nos entes públicos.
2. Incorporar mecanismos que impulsen unha demanda de produtos e servizos innovadores.
3. Establecer plans de I+D+i nos servizos públicos que prevean, entroncos aspectos, a organización da I+D+i vinculada aos servizos, as convocatorias públicas competitivas de apoio á I+D+i, a detección e incentivos para os núcleos de innovación e o fomento de entornos de innovación centrados nos usuarios.
4. Incrementar a capacidade das regulacións e das normativas como instrumentos para o fomento da innovación empresarial e social.

5. Incorporar sistemáticamente medidas de fomento da investigación e da innovación, así como os recursos necesarios, a todas as políticas, plans gubernamentales e outras formas de planificación a longo prazo da Xunta de Galicia.

## **2.5.- Promover proxectos de transferencia tecnolóxica entre empresas especialmente os de carácter transfronteirizo.**

Medidas:

1. Establecer programas que faciliten a participación cooperativa de empresas e grupos de investigación transfronteiriza en programas europeos.
2. Apoiar, financeira e institucionalmente, o desenvolvemento de proxectos colaborativos e en cooperación no contorno da I+D+i.

**2.6.- Fomentar os proxectos colaborativos e individuais dentro do marco do Fondo Tecnolóxico 2007/2013 e do VII Programa Cadro.**

A través da correspondiente Comisión de Seguimento dos acordos da Mesa 2, facilitarase aos representantes empresariais e sindicais nela representados os avances do borrador do Plan, aos efectos de que achegen as consideracións que se estimen oportunas para enriquecer o texto definitivo. Así mesmo, nesta Comisión se definirán os indicadores de seguimento e avaliación do Plan; que se incorporarán ao cadro de indicadores previsto neste Acordo.

### **3.- Creación do Observatorio da Innovación de Galicia**

A carencia de datos do actual Plan vixente fai necesaria a creación dun Observatorio da Innovación de Galicia que permita implementar un proceso integral de Seguimento e Avaliación do novo Plan Gallego de Innovación, para dispor de indicadores fiables a nivel Galicia centrados nos resultados do esforzo en I+D+i. Para isto, creárase un observatorio que permita rexistrar distintos indicadores vinculados aos resultados acadados mediante os proxectos financiados polos axentes públicos, entre os que poderíanse considerar os seguintes:

- Proxectos presentados e aprobados nas distintas convocatorias
- Empleo cualificado xerado
- Creación de novas empresas (spin-offs) ou novas liñas de negocio
- Patentes rexistradas
- Publicacións científicas
- % de facturación obtida polos novos produtos e servizos
- Mellora da competitividade da empresa (mellora na súa capacidade para acceder a novos mercados, para a internacionalización, para mellorar o súa cota de mercado, ...)

Así mesmo, se fará chegar a este órgano os avances na análises de resultados de que se dispoña respecto do Plan de I+D+i que agora remata.

## **4.- Liñas de incentivos para o desenvolvemento de proxectos do Fondo Tecnolóxico**

O Fondo Tecnolóxico 2007/2013 é un instrumento financeiro xestionado polo CDTI (Centro para el Desarrollo Tecnológico e Industrial), organismo dependiente do Ministerio de Ciencia e Innovación. A dotación deste Fondo para Galicia no período 2007/2013 supón máis de 160 M€ non retornables polas empresas e centros tecnolóxicos galegos para o desenvolvemento de proxectos de innovación e base tecnolóxica.

Ata o ano 2009 o nivel de execución do Fondo Tecnolóxico foi moi escaso xa que apenas un 6% destes recursos foron utilizados desde que arrancou. Compre aproveitar o potencial deste Fondo para Galicia nos próximos anos, para o que é necesario desenvolver as seguintes accións:

1. Incentivos para as empresas consultoras e axentes intermedios que dinamicen ás empresas e presenten proxectos exitosos dentro destes Fondos. Potenciaranse os mecanismos que favorezan a “comisión por éxito”.
2. Axudas complementarias dentro dos límites legais vixentes para as empresas que sexan beneficiarias destes Fondos.
3. Creación dunha “ventana única” para asesoría e apoio gratuito ás empresas galegas na presentación de proxectos ao Fondo Tecnolóxico.
4. Definición y elaboración dunha serie de proxectos estratéxicos de base tecnolóxica dentro da Administración pública que poidan ser desenvolvidos polas empresas galegas e financiados polo Fondo Tecnolóxico.
5. Difusión das posibilidades do Fondo Tecnolóxico a través de xornadas e seminarios prácticos expresamente deseñados.

O orzamento previsto para esta medida é de 1 millón de euros cada ano cantidade, que poderá ser incrementada en función das solicitudes presentadas e das dispoñibilidades orzamentarias do momento.

## **5.- Liñas de incentivos para o desenvolvemento de proxectos dentro do VII Programa Cadro.**

O VII Programa Cadro da CE, arranca neste ano a súa segunda fase no período 2010/2013, cun obxectivo de retorno medio para España dun 8%. Ata agora, os datos dos que dispoñemos están lixeiramente por debaixo da cifra obxectivo polo que temos que facer un grande esforzo para acadar proxectos financiados por esta vía.

Os obxectivos para Galicia para este período 2010/2013 están fixados en 15 M€ de retorno e aínda é unha asignatura pendente a participación das empresas nestes programas.

Para acadar estes obxectivos, as novas liña de accións propostas son:

1. Incentivos para as empresas consultoras e axentes intermedios que dinamicen ás empresas e presenten proxectos exitosos dentro dos programas do VII Programa Cadro, no mesmo senso que o previsto no apartado 4.
2. Creación dunha “ventana única” para asesoría e apoio gratuito ás empresas, axentes e institucións na presentación de proxectos ao VII Programa Cadro.
3. Difusión das posibilidades do VII Programa Cadro a través de xornadas e seminarios prácticos expresamente deseñados, así como un programa específico de difusión das convocatorias dos incentivos empresariais.

## **6.- Promoción dos recursos e capacidades investigadoras no sistema público de I+D+I**

As accións a realizar neste ámbito estarán coordinadas coa Secretaría Xeral de Universidades da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria xa que en Galicia o maior gasto en I+D+I prodúcese no sector do ensino superior.

Destacan nas seguintes accións:

1. Elaboración do Catálogo de Capacidades de I+D dos Organismos Públicos de Investigación de Galicia.
2. Axudas a Consolidación de Unidades de Investigación Competitivas destinadas a financiar a estruturación, especialización e consolidación das unidades de investigación do sistema público de I+D
3. Axudas a grupos de investigación para a formación de novos grupos, para o seu funcionamento, así como incentivos para conseguir a cohesión de grupos de investigación consolidados e de excelencia.
4. Axudas ao funcionamento e incentivos para Centros de Investigación cunha actividade investigadora de excelencia.
5. Axudas para a organización, estruturación e consolidación de redes de referencia para sectores estratéxicos e de excelencia científica e tecnolóxica.
6. Proxectos de investigación básica para equipos de investigación de universidades e centros públicos de investigación.
7. Incentivos para proxectos do Plan Nacional ou de Programas Europeos.
8. Incentivos aos grupos de investigación en base a seus indicadores no marco da transferencia de coñecemento ás empresas.

## **7.- Fomento da innovación empresarial**

A difícil situación económica, que afecta especialmente ás empresas e ó emprego fai preciso manter as medidas existentes para apoiar o financiamento da innovación empresarial:

1. Anticipar ata o 80% o pagamento de axudas concedidas ás empresas para realizar actividades de I+D+I co fin de que non teñan que detraer fondos do proceso produtivo para estas actividades.
2. Eximir ás empresas da presentación de avais das cantidades anticipadas para evitar as dificultades que existen actualmente para conseguir este tipo de garantías así como que as empresas non incorran nos gastos que supoñen os ditos avais.

As principais accións que se desenvolverán neste ámbito terán como un dos seus obxectivos prioritarios o mantemento e a creación de emprego de calidade na Comunidade Autónoma. Serán as seguintes:

1. Axudas a empresas para a realización de proxectos de I+D+I de carácter aplicado nas diferentes tecnoloxías do Plan para contribuír a competitividade, modernización e diversificación da economía produtiva.
2. Axudas a empresas para a realización de proxectos de innovación empresarial con vista non só a impulsar innovacións tecnolóxicas de procesos ou produtos, senón tamén a implementación de técnicas de márketing ou técnicas loxísticas.
3. Axudas dinamización e sistematización da innovación.
4. Axudas á internacionalización da innovación.
5. Axudas financeiras para reforzar ás empresas na presentación de proxectos nos programas nacionais (Fondo Tecnolóxico) e internacionais (Programa Marco).
6. Axudas para a sensibilización, información e formación empresarial neste eido.
7. Axudas as empresas para a transferencia de tecnoloxía asociada ao control sobre as patentes e os coñecementos dos procesos de fabricación un márketing.

## **8.- Apoio ao desenvolvemento de Centros Tecnolóxicos**

A saúde do Sistema Galego de Innovación estará condicionada pola calidade dos seus axentes. Destes destacan pola súa labor de palanca no desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos vinculados ás empresas, os denominados Centros Tecnolóxicos.

Os Centros Tecnolóxicos deben xurdir como necesidade expresada por un colectivo empresarial que precisa dun motor tecnolóxico para o desenvolvemento das súas melloras tecnolóxicas, e o seu papel no marco da transferencia é fundamental.

Dado co rexistro oficial do Ministerio de Ciencia e Innovación, os Centros Tecnolóxicos deben cumprir cunha serie de requisitos (financiamento, constitución dos padroados, doutores, ...) que marcan sen dúbida o camiño da excelencia nos campos da Investigación e Desenvolvementos tecnolóxicos. Neste sentido compre facer unha análise e balance da situación dos Centros Tecnolóxicos galegos existentes así como un marco de seguimento das accións destes e os que no futuro se poidan poñer en funcionamento.

Sendo conscientes do esforzo económico que supón a creación e o mantemento deste tipo de Centros se non acadan os retornos desexados, é importante definir unha política de incentivos baseada en resultados que premie con criterios de excelencia. Neste sentido, as accións propostas para desenvolver son as seguintes:

1. Contratos Programa para financiar os distintos centros recoñecidos dentro do Sistema Galego de I+D+I, en función de obxectivos previamente establecidos que incidan na mellora da competitividade e calidade do noso tecido empresarial, para o cal serán avaliados a través de indicadores específicos.
2. Axudas para o fomento da actividade dos Centros Tecnolóxicos, públicos ou privados, favorecendo iniciativas de colaboración conxunta entre eles, potenciando o acercamento ás entidades xeradoras de coñecemento.

3. Convenios de financiamento para a construción de infraestructuras de base científico/tecnolóxico con cargo aos Fondos Feder dos programas operativos actuais.
4. Incrementar os recursos humanos dedicados a actividades de I+D+I, tanto en número como en especialización, nas áreas de maior interese.
5. Incentivos para os Centros que acaden fondos nacionais e/ou europeos dentro dos diferentes programas vixentes.
6. Incentivos para os centros que sexan validados polo rexistro do MICINN.

## **9.- Seguemento, desenvolvemento e avaliación.**

Realizarase un seguimento e avaliación permanentes do presente acordo, que se estenderá tamén á análise da eficacia das distintas liñas cara á súa posible revisión de acordo coas necesidades que se detecten.

A avaliación, e no seu caso, desenvolvemento dos temas obxecto do presente acordo realizaranse a través dunha comisión, que contará coa presenza dos mesmos representantes das organizacións que conforman a Mesa 2 do Diálogo Social “Competitividade empresarial e innovación”: Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), UGT-Galicia, SN de CC.OO de Galicia, e a Xunta de Galicia.

Esta comisión reunirse cada 3 meses e sempre que unha das partes así o solicite por razóns de urxencia ou oportunidade.

<b>Medidas</b>	<b>Indicadores</b>	<b>Referencia 2009</b>	<b>Obxectivo</b>
<i>1. Axencia Galega de I+D+i</i>	Data de creación Data de constitución	Non existe Non existe	Novembro 2010 Decembro 2010
<i>2. Plan Galego de Innovación (2011-2015)</i>	Data de posta en marcha Avance de resultados plan 2007-2010 Nº de accións de promoción da investigación universitaria na súa aplicación aos procesos empresariais. Nº Centros e Plataformas apoiados. Nº proxectos apoiados Nº de proxectos de alto impacto Nº de actuacións de cooperación empresarial Nº proxectos de transferencia tecnolóxica Presuposto	Plan 2006-2010  100  85% 400 Non existe Non existe Non existen datos 140 M€	Xaneiro 2011 Xaneiro 2011 125 ano  100% 500 ano 6 ano 50 ano 50 ano 150 M €
<i>3. Desenvolvemento dun Plan de medidas de acceso ao Fondo Tecnolóxico do Mº Ciencia e Tecnoloxía por parte das empresas galegas.</i>	Data de posta en marcha Creación da "ventanilla única". Plan para a elaboración de proxectos estratéxicos Data de posta en marcha. Nº de proxectos que o conforman Nº empresas que se suman ao plan. Presuposto % de execución do fondo	Non existe Non existe Non existe Non existe Non existe Non existe Non existe 6 %	Setembro 2010 Novembro 2010 Xullo 2010 Setembro 2010 10 50 1 M € ano 20 % no 2010//25 % anos sucesivos
<i>4. Liña de incentivos para o desenvolvemento do VII Programa Cadro.</i>	Data de posta en marcha das liñas de incentivos Presuposto de retorno para Galicia Creación da "ventanilla única". Presuposto	Non existe Pendente de confirmación de datos Non existe	Setembro 2010 15 M € Novembro 2010 1 M € (ampliable)
<i>5. Promoción de recursos e capacidades investigadoras no sistema público de I+D+i.</i>	Creación do Catálogo de Capacidades Investigadoras Data de posta en marcha das axudas. Nº de proxectos de investigación apoiadas. Nº de centros de investigación apoiados. Creación do catálogo de grupos de investigación Presuposto	Non existe Novembro 2009 100 Non existe Non existe 8 M€	Outubro 2010 Setembro 2010 120 5 Setembro 2010 10 M€
<i>6. Programa de Fomento da innovación empresarial.</i>	Data de posta en marcha Nº empresas apoiadas Presuposto	Novembro 2009 200 16 M€	Outubro 2010 250 20 M€

<p><i>7. Apoio ao desenvolvemento de Centros Tecnolóxicos.</i></p>	<p>Data de posta en marcha.  Análise de situación dos Centros Tecnolóxicos  Nº de contratos-programa formalizados.  Nº de convenios de financiamento para a construción de infraestructuras de base científico/tecnolóxica.  % incremento de rr.hh. na I+D+i.  Presuposto</p>	<p>Novembro 2009</p> <p>3 2</p> <p>Non existen datos 6 M€</p>	<p>Outubro 2010 Outubro 2010</p> <p>10 5</p> <p>15 % 10 M € ano</p>
<p><i>8. Creación do Observatorio da Innovación en Galicia</i></p>	<p>Data de posta en marcha</p>	<p>Non existe</p>	<p>Novembro 2010</p>

### **3.4.- Acordo da visión estratéxica do sector téxtil en Galicia**

A Mesa Sectorial do Sector T xtil, despois do **preacordo** adoptado relativo   xesti n conxunta polos axentes sociais do Programa Empregatex, segue a traballar e a pactar nas materias que afectan ao sector. Agora, presenta un **PREACORDO DA VISI N ESTRAT XICA DO SECTOR T XTIL EN GALICIA**, ferramenta e marco de traballo fundamental para o desenvolvemento deste importante sector da econom a galega.

O 27 de abril de 2008, na anterior Mesa Sectorial do Sector T xtil, chegouse a dous acordos. O primeiro acordo, referente   “Elaboraci n dun plan auton mico de apoio do sector t xtil-confecci n en Galicia”, ti a en conta a aposta por actividades de maior valor engadido, pola incorporaci n da innovaci n, o fortalecemento da marca, a presenza en mercados internacionais e a adopci n de novas li as de comercializaci n.

O segundo acordo, establec a que, na elaboraci n e desenvolvemento do plan de apoio ao sector se tivese en conta un plan de formaci n espec fico dirixido tanto a ocupados como a desempregados, un programa galego semellante ao “Plan de apoio estatal t xtil-confecci n” de xu o de 2006, focalizado nas relaci ns laborais do sector e, por  ltimo, no desenvolvemento das acci ns necesarias para que a aplicaci n en Galicia do “Plan nacional de apoio ao sector t xtil” coa intensidade que corresponde ao peso do sector en Galicia.

Neste momento do Di logo Social en Galicia, a Mesa Sectorial do Sector T xtil, tendo en conta os acordos anteriores, a situaci n actual do t xtil e os cambios da contorna, quere concertar e desenvolver unha estrat xia para o sector.

As , o presente **ACORDO DA VISI N ESTRAT XICA DO SECTOR T XTIL EN GALICIA** config rase como unha estratexia para o sector t xtil en Galicia para lograr obxectivos tan importantes como o mantemento dos niveis de emprego en Galicia ou manter a competitividade das nosas empresas no mercado globalizado.

Apr base, segundo o exposto, o seguinte acordo:

# 1.- Diagnóstico do sector

A industria téxtil constitúe un sector heteroxéneo e diverso que comprende un amplo número de actividades produtivas (textiles para vestuario, fogar, decoración, automóbil, construción, e incluso naval) e comerciais e que en cada unha desas áreas presenta trazos particulares e característicos.

Seguindo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE 93 Rev.1), esta actividade está incluída en:

- 13 Industria téxtil
- 14 Industria da confección
- 47 Relacionado co comercio

O sector téxtil conforma unha industria heteroxénea e diversa que inclúe unha gran variedade de produtos, desde os fíos sintéticos de alta tecnoloxía ás fibras de la, desde roupa de cama ata filtros industriais, desde cueiros de algodón ata moda de alta costura. Esta diversidade de produtos terminados correspóndese con multitude de procesos industriais, empresas e estruturas de mercado.

Ademais, dentro da cadea de valor téxtil atópanse unha gran variedade de empresas con diferentes tipos e tamaños desde pemes fortemente especializadas nun aspecto concreto da cadea de valor ata grandes empresas con grandes producións ou máis dun aspecto da subministración (por exemplo fabricación e distribución).

Nos anos 80, comezou un proceso de transformación dos modelos de negocio, con cambio dun enfoque que pasa da produción cara á marca e a distribución. Existe unha boa imaxe sectorial entre os empresarios e comerciantes do resto de España, e mesmo entre clientes finais.

O estudo do sector require desagregar os datos que se manexan para non distorsionar calquera análise que pretenda realizarse, tendo en conta tanto a existencia dun grupo de gran tamaño, que se converteu en líder mundial, como a existencia das outras dúas únicas grandes empresas que ten o sector en Galicia.

Estes grupos convertéronse en empresas de *retail* de forma que as cifras de facturación que achegan, o son en prezos de venda ao consumidor final nas tendas, e os datos de emprego tamén se refiren fundamentalmente ao persoal de tenda, que na súa práctica totalidade se atopan situadas fóra de Galicia, polo que, sobre todo a nivel de emprego, é un dato que debe considerarse con moita atención.

O resto do sector está moi atomizado, pero no seu conxunto achegan cifras agregadas moi significativas.

Por outra banda, tamén debe considerarse que se trata de empresas cunha antigüidade media alta, que demostraron unha enorme capacidade para resistir as distintas crises que soportaron desde a súa creación. Existe un predominio de empresas de primeira xeración, co fundador á fronte do negocio.

<b>Tramos facturación</b>	<b>0,3 → 1</b>	<b>1 → 5</b>	<b>5 → 15</b>	<b>15 → 100</b>	<b>100 → 200</b>	<b>10.000 →</b>
<b>Facturación conxunta</b>	189	331	218	302	396	10.407
<b>Nº Empresas</b>	344	160	29	13	2	1
<b>Empregados</b>	4.589	3.726	1.962	2.508	4.025	89.112
<b>Facturación/ empregado</b>	40,35	88,85	128,54	124,44	98,5	117
<b>Persoal medio</b>	13,28	23,29	70,25	261,75	2.012,5	---
<b>Antigüidade media empresa</b>	13,82	16,87	17,72	27,48	17	---

## 2.- Unha estratexia para o sector téxtil en Galicia

No momento de definir unha estratexia para o sector téxtil en Galicia, descártanse estratexias reactivas ou adaptativas para optar por unha estratexia **proactiva**, na que, sendo conscientes da realidade do sector, pero tamén da súa potencialidade, se atope e aposte por unha forma innovadora de abordar o negocio da moda reestruturando e innovando cara un modelo que procure a excelencia e actuando sobre o mercado nacional e o converta no referente para a posterior internacionalización.

O sector téxtil confección-moda de Galicia debe evolucionar a un sector que se caracterice por:

- Estar integrado por empresas competitivas independentemente da súa dimensión.
- Sector no que convivan grandes empresas con pemes que a través da cooperación poidan acceder a estas vantaxes competitivas que as empresas de maior dimensión.
- Con capacidade para xerar novas empresas en áreas de alto valor engadido relacionadas co negocio da industria da moda e o vestiario.
- Xerador de novos empregos de maior cualificación.
- Sector con proxección internacional.
- Sector identificado cos valores do territorio.
- Sector que busca sinerxías con outros sectores como o TIC, o loxístico e determinados servizos para fortalecer e ampliar a súa cadea de valor.
- Un sector que transcende das fronteiras de Galicia e complementase no espazo da eurrorrexión que achega a potencialidade suficiente para conseguir vantaxes competitivas a nivel internacional.
- Sector aglutinador de coñecemento.

Estes obxectivos pódense lograr a través de dúas cadeas de valor que poden e deben convivir dentro do sector en Galicia:

- A das empresas integradas verticalmente cara adiante a través do control do punto de venda.
- A das empresas que non teñen integrado o punto de venda pero que poidan acceder ás mesmas vantaxes das grandes empresas grazas ao aproveitamento das capacidades doutros elos da cadea de valor.

As empresas que queiran adaptarse á nova realidade do mercado terán que conseguir chegar ao mercado cun “concepto” de forma que non estean a vender unha peza senón unha imaxe de se mesmo que está a comprar ao cliente. Desta forma, aínda que a empresa non estea integrada verticalmente deberá actuar coma se o estivese, para liderar dende a súa posición a súa cadea de valor. Para iso, o contorno deberá contar con suficientes servizos de apoio e loxísticos.

A visións estratéxica do sector deseñase sobre a base dos seguintes principios reitores:

- A atención tanto das necesidades do curto prazo do sector como daquelas que contribúan a dotalo de estabilidade a medio e longo prazo.
- A focalización dos esforzos no segmento de empresas consideradas como pemes, que constitúen o segmento con maior potencial e crecemento así como a clave para soste o emprego.
- O fomento a colaboración con outros sectores estratéxicos de Galicia para conseguir sinerxías intersectoriais, destacando o potencial de colaboración con sectores como o das novas tecnoloxías ou o loxístico.
- O complemento que supón o sector téxtil no norte de Portugal como fonte de vantaxes competitivas ao ser as súas cadeas de valor complementarias
- A forte vocación internacionalizadora, pero abordándoa en paralelo coa defensa da cota e posición competitiva no mercado español.
- A creación dun Observatorio do Téxtil no que estea integrada a comisión de seguemento do acordo de Visión Estratéxica

Para definir a visións estratéxica, tívose moi en conta o obxectivo de vertebrar un sector estratéxico que ata o de agora non contou cunha visión compartida. Tamén, se buscou o apoio á reestruturación financeira e organizativa das empresas para consolidalas no contorno actual de crise e a consecución da mellora da súa competitividade a través da promoción da innovación en procesos e produtos, que permita facilitar a consolidación do mercado interior como sustento e plataforma para a necesaria internacionalización.

### 3.- Mapa estratéxico

Nesta visión estratéxica, establécense cinco eixes que recollen a necesidade de que para poder competir no novo contexto de mercado o sector téxtil galego debe afrontar o reto de facilitar a necesaria evolución cara a un sector con capacidade de innovar de maneira continuada en produtos e procesos, conseguindo desta maneira adaptarse ás cambiantes tendencias nos mercados da moda e conseguindo así consolidar a súa posición tanto no mercado español como nos mercados internacionais, favorecendo con iso o fortalecemento do tecido empresarial en Galicia e vinculando o seu desenvolvemento ao territorio galego.

A continuación, preséntase o desenvolvemento do plan de acción apuntando, para cada un dos cinco eixes, as súas áreas estratéxicas:

<b>Eixos da visión estratéxica do sector textil e da confección en Galicia</b>		
Vertebración sectorial	Integración estratéxica	Integración estratéxica
	Visión estratéxica compartida	Plan 2020
Reestruturación financeira e organizativa	Aseguramento do ciclo de financiamento do circulante e reestruturación das débedas	Plan Circulante
	Reconversión e recualificación de persoal	EmpregaTex Moda Plus
Innovación e mellora competitiva	Posta en valor dos recursos e coñecemento tácito existente no contorno. Aproveitamento e transvasamento cara as empresas.	ReforzaTex
	Creación de novas empresas e incorporación de talento ás organizacións	RenovaTex
	Incorporación das TIC para estandarizar procesos e favorecer a interrelación das empresas	TexTIC
	Espazo de cooperación sectorial e territorial	Proxecto POCTEP
	Capacidade empresarial e organizativa	Plan Formación
Consolidación interior	Integración na xestión do comercio independente	Ecosistex
	Reforzo á comercialización. Apoio a proxectos individuais e conxuntos de conceptos, puntos de venda e apoio a marcas (tamén internacional).	Comercializa Tex
	Reforzo da imaxe da moda galega en España	Galicia Calidade
	Coordinación de accións impulsadas por distintos axentes	Plan Dir <sup>ex</sup>

Internacionalización	Reforzo do capital humano	Xestor <sup>ex</sup>
	Portal de contidos, para utilización en presentacións e divulgación do sector e empresas.	Divulga <sup>tex</sup>

## 4.- Áreas estratégicas

### INTEGRACIÓN ESTRATÉGICA

#### Eixe.- VERTEBRACIÓN SECTORIAL

**Obxectivo.-** Evolucionar cara á confluencia das estratexias dos distintos elos da cadea de valor e especialmente a aqueles con maior achegue de valor e maior proximidade ao mercado, así como a integración das actividades complementarias.

**Xustificación.-** Necesidade de que os elos máis dinámicos e que máis valor poden achegar ao sector se integren na estratexia do sector téxtil, entendendo o sector non só como unha estrutura industrial senón tamén de servizos de valor engadido e coñecemento.

**Descrición.-** Accións principais para desenvolver:

- Ampliar e alongar o conxunto de empresas integradas, así como establecer unha canle máis fluída de comunicación.
- Posta en práctica de protocolos de colaboración con outras entidades cos que se poidan desenvolver sinerxías.

**Recursos.-** Consellería de Economía e Industria.

#### Indicadores de seguimento.-

- Deseño de proxectos vertebradores que impliquen a empresas de distintos elos da cadea de valor

### VISIÓN ESTRATÉGICA SECTORIAL: Plan 2010

#### Eixe.- VERTEBRACIÓN SECTORIAL

**Obxectivo.-** Contar cun documento de visión compartida sectorial que permita aliñar os esforzos de entidades privadas e públicas relacionadas co sector cara a un horizonte común, que permita ter un sector competitivo e adaptado á globalización.

**Xustificación.-** Evitar tensións internas por disputas entre os distintos axentes económicos implicados no sector, que acaban contrarrestando as accións impulsadas polos máis dinámicos e impedindo conseguir un sector moderno e competitivo.

**Descrición.-** Accións a desenvolver:

- Elaboración do Plan estratéxico.
- Elaboración Cadro de Mando Sectorial e indicadores.
- Divulgación.

**Recursos.-** Consellería de Economía e Industria.

**Indicadores de seguimento.-** Actualización do Cadro de Mando do Plan estratéxico anual.

## **PLAN CIRCULANTE**

### **Eixe.- REESTRUTURACIÓN FINANCEIRA E ORGANIZATIVA**

**Obxectivo.-** Evitar que as tensións de tesourería, aumentadas pola complexa situación de crise no sector financeiro, provoque a desaparición de empresas con potencial de desenvolvemento e crecemento. Conversión desta situación nunha oportunidade para facerse cunha bolsa de locais comerciais de clientes.

**Xustificación.-** As restricións de crédito e financiamento están a romper o ciclo de funcionamento normal do sector. Unha inxección de liquidez ás empresas galegas situaraas nunha posición vantaxosa fronte a outros competidores. A cesión de créditos nas operacións participativas pode facer máis efectiva a acción de cobro á vez que pode permitir a adquisición de puntos de venda en condicións máis favorables.

**Descrición.-** Principais accións para desenvolver:

- Reforzo das liñas de financiamento de circulante.
- Refinanciamento a longo prazo de pólizas e préstamos concertados a curto prazo sendo financiamento permanente.
- Préstamos participativos para o financiamento das vendas a clientes.

**Recursos.-**

- Recursos de entidades financeiras
- Garantías públicas

**Indicadores de seguimento.-**

- Número de empresas acollidas ao programa
- Redución taxa de desaparición de empresas

## **Reconversión e recualificación do persoal: EMPREGATEX e MODA PLUS**

### **Eixe.- REESTRUTURACIÓN FINANCEIRA E ORGANIZATIVA**

**Obxectivo.-** Reducir a continua perda de emprego no sector e a consecuente desaparición do talento sectorial.

**Xustificación.-** O factor clave da competitividade deste sector está no coñecemento, de carácter tácito na súa práctica totalidade, e competencias que teñen o conxunto de persoas que o integran. No seu conxunto fan que en Galicia exista unha especial sensibilidade e cultura da industria da moda, que aínda que sexa necesario mellorar, xa existe dunha maneira estendida cunha enorme potencialidade.

**Descrición.-** Principais accións para desenvolver:

- Identificación dos postos que maiores taxas de destrución de emprego se están a rexistrar.
- Orientación e recualificación das persoas que actualmente ocupan postos con risco de desaparición cara a outros postos con maior valor engadido e con maiores garantías de empregabilidade.

**Recursos.-** Axudas rexionais, estatais e europeas para recualificación e reinserción sectorial.

**Indicadores de seguimento.-**

- Evolución do número de empregos, incluíndo tamén as novas ocupacións en actividades complementarias e de apoio.
- Seguimento de altas e baixas, identificando as causas.

## **REFORZATEX**

**Eixe.- INNOVACIÓN E MELLORA COMPETITIVA**

**Obxectivo.-** Mellora na competitividade das empresas, mediante un mellor aproveitamento dos recursos e complementariedades existentes na eurorrexión.

**Xustificación.-**

- Necesidade de mellorar o modelo de funcionamento e as estruturas organizativas de empresas en subsectores que están sendo especialmente afectados pola competitividade existente.
- Existencia dunha oferta de servizos de alto valor engadido, propiciados pola superespecialización que, nalgúns casos, conseguiuase ao contar con grandes clientes, así como da saída de persoal directivo para converterse en profesionais e empresarios independentes.
- Potencial de cooperación interempresarial pouco desenvolvido.

**Descrición.-** Accións para desenvolver:

- Certificación de prestadores de servizos de apoio cualificados como excelentes.
- Apoio á súa contratación, fomentando o traspaso de coñecemento ás organizacións.
- Fomento dos procesos de concentración e alianzas para adquirir masa crítica ou mellorar a eficiencia de procesos.
- Apoio ao proceso de reconversión de obradoiros do téxtil, como garantía de subsistencia dun soporte industrial que achegue excelencia na calidade e estea sincronizado coa estratexia das marcas.

**Recursos.-**

- Consellería de Economía e Industria.

- Consellería de Traballo e Benestar.

**Indicadores de seguimento.-**

- Censo de empresas especializadas cualificadas de excelentes.
- Plans de mellora e viabilidade elaborados.
- Casos de estudos elaborados.
- Operacións de cooperación e concentración levadas a cabo.

**RENOVATEX****Eixe.- INNOVACIÓN E MELLORA COMPETITIVA**

**Obxectivo.-** Creación de novas empresas e incorporación de talento ás organizacións.

**Xustificación.-**

- Existen directivos de primeiro nivel internacional dentro do sector que, despois dunha etapa máis ou menos longa dentro dunha compañía, teñen capacidade e interese en crear as súas propias empresas, que normalmente teñen altas probabilidades de ter éxito e de ser innovadoras.
- Necesidade de incorporar ás persoas que anualmente completan os seus ciclos formativos, especialmente nas áreas de deseño, dentro dos equipos das empresas do sector, de forma que pasan a mellorar a capacidade creativa das marcas galegas.

**Descrición.** Accións para desenvolver.-

- Apoio á realización de plans de negocio.
- Consultaría de apoio á xestión de equipos de traballos en contornos especialmente creativos.
- Apoio ás pasarelas de novos deseñadores, como punto de conexión entre os centros formativos especializados e as industrias.

**Recursos.-**

- Consellería de Economía e Industria.
- Consellería de Traballo e Benestar.

**Indicadores de seguimento.-**

- Evolución da creación de novas empresas no sector.
- Seguimento da mortalidade empresarial.
- Pasarelas e certames de moda en Galicia.

## **Incorporación do TIC aos procesos: TEXTIC**

### **Eixe.- INNOVACIÓN E COMPETITIVIDADE**

**Obxectivo.-** Conseguir que as novas tecnoloxías permitan ás pequenas e medianas empresas do sector poder competir en igualdade de condicións que as empresas de maior dimensión, grazas á mellora da xestión interna e da conexión en tempo real cos elos de comercialización e puntos de venda.

**Xustificación.-** Reducida introdución das novas tecnoloxías que impide o crecemento ordenado das empresas e dificulta a orientación ao mercado e á internacionalización.

**Descrición.-** Accións para desenvolver:

- Deseño de alianzas con asociacións TIC de relevancia estatal para o deseño de proxectos conxuntos de ámbito estratéxico.
- Posta en marcha de proxectos estratéxicos de mellora da comunicación entre fabricante e punto de venda, incorporación de tecnoloxías no punto de venda, incorporación de prácticas de comercio electrónico, etc.

**Recursos.-**

- Xunta de Galicia: Consellería Economía e Industria.

**Indicadores de seguimento.-**

- Proxectos TIC impulsados.
- Solucións TIC estandarizadas para o sector téxtil.

## **Espazo de colaboración sectorial e territorial: Proxecto POCTEP**

### **Eixe.- INNOVACIÓN E COMPETITIVIDADE**

**Obxectivo.-** Dotar o téxtil moda galego dunha dimensión transfronteiriza que reflicta a realidade territorial das empresas do sector téxtil que se atopan distribuídas ao longo da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

**Xustificación.-** Conseguir complementar o sector galego téxtil e o sector portugués para alcanzar sinerxías que reforcen a súa capacidade de competir a nivel internacional.

**Descrición.-** Accións principais para desenvolver:

- Elaboración dun plan de acción conxunto.
- Avaliación da viabilidade para a creación dunha asociación europea transfronteiriza.
- Completar a execución do proxecto POCTEP actualmente en curso.

- Presentación dun novo proxecto POCTEP para o fomento da innovación para a internacionalización conxunta.

**Recursos.-** FEDER.

**Indicadores de seguimento.-** Proxectos en común.

## **Capacidade empresarial e organizativa: PLAN FORMACIÓN**

**Eixe.-** INNOVACIÓN E COMPETITIVIDADE

**Obxectivo.-** Mellorar a cualificación dos recursos humanos do sector nos distintos niveis organizativos das empresas (directivos, mandos intermedios e persoal de operacións).

**Xustificación.-**

- Falta de visión estratéxica a longo prazo en moitas empresas do sector derivada da ausencia de forma directiva en moitas organizacións.
- Necesidade de actualización permanente das competencias das persoas que traballan no sector.

**Descrición.-** Accións para desenvolver:

- Seguimento e análise de necesidades formativas.
- Organización de programas formativos:
  - o A nivel directivo.
  - o A nivel de mandos intermedios.
  - o A nivel de persoal de operacións.
- Programa formativo dirixido á alta dirección, instrumentado a través dun seminario permanente sobre dirección xeral e habilidades directivas.
- Apoio á creación dun título de grado relacionado coa industria da moda, así como a potenciación de oferta formativa a nivel de Máster e programas de especialización e prácticas de xestión na especialización de moda, tecnoloxía téxtil de materiais avanzados y de procesos de fabricación, en deseño avanzado de produtos y de procesos téxtiles, así coma en xestión de empresas téxtiles.
- Divulgación conxunta nos centros de educación secundaria, realizada por centros e empresas, da oferta universitaria e a especialización existente e das salidas profesionais.
- Plan de bolsas e incentivos para a incorporación de titulados ás empresas.

**Recursos.-** Xunta de Galicia:

- Consellería de Traballo e Benestar
- Consellería de Economía e Industria

### **Indicadores de seguimento.-**

- Persoas formadas nas actividades desenvolvidas.
- Grao de satisfacción dos asistentes.
- Avaliación da efectividade da formación impartida.

## **ECOSISTEX Definición duns modelos de negocio especializados**

### **Eixe.- CONSOLIDACIÓN INTERIOR**

**Obxectivo.-** Ter un papel proactivo na evolución do comercio multimarca tradicional existente en España, reintegrándoo nos espazos urbanos.

**Xustificación.-** O mercado español e, dentro del, a tenda multimarca tradicional é o destino de máis do 80% das vendas de máis do 80% das empresas galegas. Por tanto, a súa desaparición suporía na práctica a desaparición do sector en Galicia tal como o coñecemos na actualidade.

**Descrición.-** Accións para desenvolver:

- Proxectos piloto en cidades e vilas galegas.
- Estrutura de apoio á xestión de tendas.

### **Recursos.-**

- Xunta de Galicia: Consellería Economía e Industria.
- Fondos europeos.

**Indicadores de seguimento.-** Referencias que poidan exporse como exemplos reais.

## **COMERCIALIZATEX**

### **Eixe.- CONSOLIDACIÓN INTERIOR**

**Obxectivo.-** Apoio á promoción e comercialización das marcas galegas.

**Xustificación.-** Tanto na canle como no mercado, é necesario estar a realizar de maneira permanente accións que permitan ter ás marcas galegas unha visibilidade suficiente para que o cliente teña a oportunidade de apreciar os seus atributos.

**Descrición.-** Accións para desenvolver:

- Presenza en feiras, desfiles e *show rooms*, nacionais con carácter internacional e internacionais.
- Material de promoción gráfico, audiovisual e en internet para cada tempada.
- Campañas de publicidade por tempadas.
- Apoio á contratación de *corners*, *shop in shop* e demais conceptos que permitan a presenza en puntos de venda.

- Desenvolvemento de franquías.
- Desenvolvemento de canle de tendas propias.

**Recursos.-** Xunta de Galicia: Consellería Economía e Industria.

**Indicadores de seguimento.-** Proxectos presentados e número empresas solicitantes.

## **Reforzo da imaxe da moda galega en España: Galicia Calidade**

**Eixe.-** CONSOLIDACIÓN DO MERCADO INTERIOR

**Obxectivo.-** Mellorar os resultados conseguidos polas empresas na súa participación en feiras.

**Xustificación.-** As empresas participantes non poden realizar determinadas accións de forma individual, posto que os seus resultados serían recolleitos por varias e tampouco terían capacidade para levalas a cabo de forma independente.

**Descrición.-** Accións para desenvolver:

- Actuacións que reforcen a visibilidade das marcas galegas presentes na feira ou certame.
- Edición de publicacións especiais de reforzo á presenza na feira ou certame.
- Reportaxes especiais en medios de comunicación que resulten complementarias á feira ou certame.
- Presenza institucional na feira ou certame.
- Galicia está convidada nas próximas edicións de SIMM (setembro 2010) e FIMI (maio 2010).

**Recursos.-** Xunta de Galicia: Consellería Economía e Industria.

**Indicadores de seguimento.-** Enquisa de resultados ás empresas participantes.

## **Plan de accións impulsadas por distintos axentes: Plan DIR<sup>ex</sup>**

**Eixe.-** INTERNACIONALIZACIÓN

**Obxectivo.-** Posta en marcha de accións estratéxicas para fomentar a presenza internacional do sector téxtil galego e minimizar as consecuencias da crise económica actual.

**Xustificación.-** Necesidade de internacionalizar especialmente as pemes do sector téxtil galego como forma de contrarrestar a caída do consumo no mercado interno e dotar as empresas de maior viabilidade.

**Descrición.-** Accións para desenvolver:

- Creación dunha oficina de apoio á internacionalización integrada por un director/a de Internacionalización Sectorial e de técnicos sénior de apoio.
- Intervención en todas as actuacións de promoción internacional (misións, feiras) levadas a cabo polas distintas organizacións no ámbito público que están a apoiar o proceso de internacionalización, coordinando todo o referente ao sector téxtil-moda galego.
- Elaboración de plans operativos de actuación en mercados estratéxicos para o sector téxtil galego.
- Planificación de campañas de comunicación en mercados considerados estratéxicos.
- Elaboración de guías de boas prácticas sobre a internacionalización nos mercados seleccionados.
- Organización misións inversas.
- Conformación dun observatorio sobre a internacionalización do sector téxtil galego, que actúe como referente en materia sectorial e complementa os esforzos realizados polo ICEX. Realizarase como unha versión para o sector moda do portal **pasaporte ao exterior** que ten o ICEX.

**Recursos.-** Xunta de Galicia: Consellería Economía e Industria.

**Indicadores de seguimento.-** Nivel de execución do plan: número de misións comerciais.

## **Reforzo do capital humano: XestorEX**

**Eixe.-** INTERNACIONALIZACIÓN

**Obxectivo.-** Permitir que as empresas poidan reforzar os seus departamentos de internacionalización mediante a incorporación de recursos humanos cualificados.

**Xustificación.-** A ausencia de recursos humanos especializados no campo da internacionalización dentro das empresas reduce as posibilidades de acceder a mercados internacionais

**Descrición.-** Accións para desenvolver:

- Organización de programas formativos en materia de internacionalización especificamente adaptados á realidade sectorial do téxtil galego.
- Inserción de xestores de internacionalización en empresas ou grupos de empresas do sector téxtil galego.

**Recursos.-** Xunta de Galicia: Consellería Economía e Industria.

**Indicadores de seguimento.-**

- Número de empresas adheridas
- Número de xestores inseridos en empresas

- Aumento do peso da actividade exportadora nas empresas

## **Portal de contidos, para utilización en presentacións e divulgación sector e empresas: DivulgaTEX**

### **Eixe.- INTERNACIONALIZACIÓN**

**Obxectivo.-** Xerar un centro de coñecemento web con información sectorial de interese para a promoción do sector, as súas empresas, produtos e tendencias en mercados internacionais e dirixido especialmente a prescriptores e xeradores de opinión.

### **Xustificación.-**

- Necesidade de contar con materiais adecuados para que os representantes sectoriais, políticos e empresariais poidan utilizalos en distintas ocasións para “vender” o sector.
- Que calquera xornalista, estudoso ou persoa interesada no sector poida acceder facilmente a contidos de alto valor, que poida utilizar inmediatamente para o seu traballo, co efecto acumulado de divulgación que iso suporá.

### **Descrición.-** Accións para desenvolver:

- Deseño do sitio web en varios idiomas.
- Carga de contidos con alto contido multimedia.
- Mantemento continuado dos contidos por persoal especializado.
- Promoción do sitio web en medios escritos e dixitais.

**Recursos.-** Xunta de Galicia: Consellería Economía e Industria.

### **Indicadores de seguimento.-**

- Número de usuarios do centro web
- Actos de presentación
- Referencias ao sitio web

## **5.- Axentes**

1. A Confederación de Empresarios de Galicia a través da Confederación de Industrias Têxtils de Galicia (COINTEGA)
2. As organizacións sindicais UGT-Galicia a través da Federación de Industrias Afíns de UGT Galicia (FIA UGT Galicia), e o S. N. de CC.OO. de Galicia
3. A Xunta de Galicia

## 6.- Presupostos estimados

Para a consecución dos obxectivos anteriores, estimase a necesidade de contar cos orzamentos que a continuación se detallan por eixes, áreas e anualidades:

ORZAMENTO POR EIXES E ÁREAS			2010	2011	2012	TOTAL	TOTAL POR EIXES
Vertebración sectorial	Integración estratéxica	Integración estratéxica	70.000	70.000	70.000	210.000,00	300.000,00
	Visión estratéxica compartida	Plan 2020	30.000	30.000	30.000	90.000,00	
Reestruturación financeira e organizativa	Aseguramento do ciclo de inanciamento do circulante e reestruturación da deuda	Plan circulante	-	-	-	-	875.000,00
	Reconversión e recualificación de persoal	Emprega Tex Moda Plus	625.000	250.000	-	875.000,00	
Innovación e mellora competitiva	Posta en valor dos recursos e coñecemento tácito existente no contorno. Aproveitamento e transvasamento cara ás empresas.	Reforza Tex	50.000	500.000	500.000	1.050.000,00	2.865.000,00
	Creación de novas empresas e incorporación de talento ás organizacións	Renova Tex	45.000	120.000	100.000	265.000,00	
	Incorporación das TIC para estandarizar procesos e favorecer a interrelación das empresas.	Tex TIC	-	250.000	100.000	350.000,00	
	Espazo de cooperación sectorial e territorial	Proxecto POCTEP	-	-	-	-	
	Capacidade empresarial e organizativa	Plan de Formación	-	600.000	600.000	1.200.000,00	
Consolidación interior	Integración na xestión do comercio independente	Ecosistex	50.000	450.000	-	500.000,00	5.650.000,00
	Reforzo á comercialización. Apoio a proxectos individuais e conxuntos de conceptos puntos de venda e apoio a marcas. (tamén internacional).	Comercializa Tex	1.500.000	1.500.000	1.500.000	4.500.000,00	
	Reforzo da imaxe da moda galega en España	Galicia Calidade	50.000	300.000	300.000	650.000,00	
Internacionalización	Coordinación de accións impulsadas por distintos axentes	Plan Dir <sup>ex</sup>	-	200.000	200.000	400.000,00	1.220.000,00
	Reforzo do capital humano	Xestor <sup>ex</sup>	-	150.000	150.000	300.000,00	
	Portal de contidos, para utilización en presentacións e divulgación do sector e empresas.	Divulga <sup>tex</sup>	120.000	200.000	200.000	520.000,00	
<b>TOTAL POR ANOS</b>			<b>2.540.000</b>	<b>4.620.000</b>	<b>3.750.000</b>	<b>10.910.000</b>	

## **7.- Periodo de vixencia do acordo e seguimento**

Duración: 2010-2012, revisable anualmente.

A mesa sectorial do sector téxtil constitúese como mesa de seguimento deste acordo e reunirse cando o solicite unha das súas partes integrantes e, como mínimo, cada seis meses.

### **3.5.- Acordo relativo ao sector t xtil: Programa EmpregaTex**

O sector téxtil é, aínda hoxe en día, un dos sectores de Galicia con maior importancia no emprego e na economía en xeral. Ao igual que no resto de Europa, experimentou, a grandes liñas, unha evolución caracterizada pola perda de empregos e de peso económico fronte ao auxe doutros sectores industriais e, fundamentalmente, do sector servizos.

A globalización causou un descenso no volume de traballo en Galicia –e tamén no resto de España–, que viu desviada a produción do sector especialmente cara a países do continente asiático, dadas as vantaxes competitivas. Este feito está influíndo na actualidade na estrutura produtiva deste sector e, consecuentemente, provocando a perda dun gran número de empregos.

Conscientes desta situación, solicitouse e púxose en marcha o proxecto EmpregaTex. O proxecto conta co apoio financeiro da Xunta de Galicia e do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG), creado polo Regulamento 1927/2006 do Parlamento Europeo e xestionado directamente pola Comisión Europea, que ten como obxectivo conceder axudas únicas e específicas destinadas a facilitar a reinserción laboral das persoas traballadoras en rexións, sectores, territorios ou cuncas de emprego damnificados por perturbacións económicas graves.

Este Fondo é accesible a todos os Estados membro e permítelle á Comunidade canalizar a súa solidariedade cara ás persoas traballadoras despedidas como consecuencia dos cambios nos patróns do comercio mundial. O FEAG concederá unha contribución financeira cando se produza unha grave perturbación económica, en particular un incremento importante das importacións na Unión Europea, ou unha diminución acelerada da cota de mercado da Unión Europea nun determinado sector ou deslocalizacións cara a terceiros países.

O Diálogo Social, consciente da importancia do sector téxtil na realidade galega, constituíu a Mesa Sectorial do Sector Téxtil, na que participan os axentes sociais do sector.

Apróbase, segundo e exposto, o seguinte acordo:

## **- Xestión conxunta do programa EmpregaTex polos axentes sociais do diálogo social**

O programa EmpregaTex será xestionado de forma conxunta pola Xunta de Galicia en colaboración con COINTEGA, UGT-Galicia e o S.N. de CCOO de Galicia. Esta xestión conxunta polos axentes sociais articularase mediante un convenio de colaboración ou encomenda de xestión, ao igual que se fixo noutras comunidades autónomas cos programas do FEAG.

O programa EmpregaTex ten unha duración de dous anos, e ten como obxectivo a inserción de, polo menos, o 60 % das persoas participantes. Reconducirá cara a outras alternativas as persoas que perderon o seu posto de traballo neste sector e promoverá a súa inserción laboral. Para isto, conta cun presuposto de tres millóns de euros.

**As medidas propostas son as seguintes:**

- **Asistencia** na procura dun emprego.
- **Reciclaxe profesional** a medida.
- **Promoción do espírito empresarial** e a asistencia con vistas ao establecemento por conta propia.

Estas medidas están deseñadas para incentivar en particular as **persoas con discapacidade ou de máis idade** para que permanezan ou se reintegren no mercado laboral.

As persoas participantes disporán de **seis programas diferentes**, que se dividen en:

- **Tres programas verticais:** específicos, enfocados a un grupo concreto de persoas en función das súas perspectivas.
- **Tres programas horizontais:** de reforzo, que incidirán na mobilidade, nas novas tecnoloxías e na conciliación.

## PROGRAMAS VERTICAIS

### 1. TexMellora

Actividades deseñadas para orientar e **recualificar as persoas que perderon o seu emprego nunha determinada ocupación do sector téxtil-confección** cara a novas ocupacións, de maior valor engadido dentro do sector, que actualmente están emerxendo, como por exemplo, deseño, administración, tecnoloxía, distribución e loxística, marcas etc., que, por outra banda, apenas se viron afectadas pola crise.

### 2. InsireTex

Actividades deseñadas para orientar e recualificar as persoas que perderon o seu emprego no sector téxtil-confección pero que teñen un determinado perfil profesional que lles permitiría **reorientar o seu futuro profesional noutros sectores** que están xerando emprego, tal e como podería ser, a título de exemplo, o sector dos servizos sociais.

### 3. TexCreación

Actividades de **promoción do autoemprego, de cooperativas e pemes en xeral** e a posta en marcha de novas actividades económicas dentro do sector téxtil-confección ou noutros sectores onde as competencias das persoas que forman parte do proxecto poidan ser de utilidade, ben en sectores produtivos ou de servizos.

## PROGRAMAS HORIZONTAIS:

### 1. MoveTex

Consistirá na articulación de **bolsas de axuda económica á mobilidade** para a realización de formación, de xeito que se favorezan os desprazamentos das persoas participantes. Estas axudas poderán ir dirixidas parcialmente á persoa beneficiaria, mediante cheques de axuda, e parcialmente a pagar recursos que fomenten a mobilidade, como por exemplo, gastos derivados de desprazamentos.

## 2. TexTIC

Levaranse a cabo **accións formativas no campo das tecnoloxías da información** e a comunicación, xa que se consideran vitais para a procura de emprego, así como para a inserción no mercado laboral.

## 3. TexConcilia

A conciliación da vida laboral, familiar e persoal **ten unha especial incidencia** nun proxecto destas características, pois un cambio de posto de traballo implica non só cambios de carácter laboral, senón tamén familiares e persoais, na medida en que pode supor xornadas laborais distintas e, polo tanto, modificacións na distribución do tempo, desprazamentos ata o novo posto etc. Polo tanto, este programa propónse **contribuír á conciliación** co fin de fomentar a inserción laboral a través de bolsas de **axuda económica**.

## DESCRIPCIÓN DOS ITINERARIOS DE INSERCIÓN

### ITINERARIO TEXMELLORA

Este itinerario componse das seguintes fases, que deberán seguir as persoas participantes nel:

#### 1.- Entrevistas individuais

En primeiro lugar, realizarase un **diagnóstico** da persoa desempregada, a través de **entrevistas persoais**, co fin de coñecer con detalle a súa situación socioprofesional, o seu nivel formativo, as súas aptitudes, capacidades, experiencias, intereses e expectativas laborais, así como calquera outra información necesaria para facer unha valoración adecuada das súas posibilidades reais de reincorporación ao mercado laboral. Un equipo de profesionais na materia encargárase de levar a cabo as entrevistas individualizadas.

É fundamental conseguir a **motivación e implicación** activa da persoa desempregada no deseño do seu propio itinerario de inserción laboral, que será distinto para cada persoa.

## 2.- Orientación continuada

É preciso ter en conta que a orientación debe conxugar os intereses, así como as aptitudes, actitudes e perspectivas da persoa orientada, e debe respectar sempre a liberdade de elección de cada persoa. Este proceso de orientación, que necesariamente debe entenderse como un proceso integral que non pode obviar o contexto persoal, cultural ou socioeconómico das persoas desempregadas, debe promover a **igualdade de oportunidades** de todas as persoas e a súa **participación activa** no propio proceso.

A orientación profesional tamén serve para axudar a dotar as persoas desempregadas das capacidades e a autonomía necesarias para que pouco a pouco poidan tomar decisións acerca do seu futuro laboral, as súas expectativas etc., de maneira que todo isto redunde nun mellor e maior coñecemento persoal e, por extensión, nunha incorporación ao novo posto de traballo dentro do sector téxtil con máis garantías de éxito.

A partir do diagnóstico derivado das entrevistas e das súas conclusións, o equipo de profesionais **deseñará e concretará o proceso que cada persoa vai seguir** para lograr a inserción laboral, abordando os contidos do diagnóstico e tratando de **pactar** as diversas posibilidades existentes á vista daquel.

## 3.- Información

O **equipo de orientadores/as** definirá as perspectivas da persoa desempregada e elaborará un **documento consensuado** que conterá as posibilidades de inserción laboral dentro do sector téxtil-confección existentes para a persoa.

## 4.- Formación

**Cada persoa asistirá ás accións formativas** que se consideren máis adecuadas para o correcto desempeño do posto que vai cubrir dentro do sector. Estas accións determinaranse a partir do proceso realizado anteriormente, que definiu as capacidades, aptitudes e posibilidades de cada persoa.

O proxecto **contará con talleres grupais e sesións individuais**, de maneira que se poidan combinar os beneficios de ambos os tipos de accións formativas.

## 5.- Apoio na busca de emprego

Os plans de traballo combinarán accións de información, orientación, formación e asesoramento, e, ao mesmo tempo, un **seguimento** individualizado de cada persoa desempregada nos progresos na procura de emprego.

Desta maneira, poderase comprobar a evolución de cada participante no seu proceso na procura de emprego e, polo tanto, valorar se o itinerario de inserción laboral deseñado é correcto ou se é preciso introducir algunha modificación que redunde na súa mellora, aumentando así as posibilidades de inserción.

## 6.- Inserción laboral

Este é o obxectivo último do itinerario que lle deberá permitir á persoa participante no proxecto acadar un novo emprego, ben na ocupación que tiña con anterioridade ou ben noutras que están a xurdir actualmente en campos tales como os seguintes:

- Deseño
- Administración
- Distribución e loxística
- Etc.

## ITINERARIO INSIRETEX

Este itinerario componse das seguintes fases, que deberán seguir as persoas participantes nel:

### 1.- Entrevistas

De igual xeito que no anterior itinerario que denominabamos TexMellora, en primeiro lugar realizarase un **diagnóstico** da persoa desempregada, a través de **entrevistas persoais**, co fin de coñecer con detalle a súa situación socioprofesional, o seu nivel formativo, as súas aptitudes, capacidades, experiencias, intereses e expectativas laborais, así como calquera outra información necesaria para facer unha valoración adecuada

das súas posibilidades reais de reincorporación ao mercado laboral en sectores diferentes ao téxtil.

Un equipo de profesionais na materia encargárase de levar a cabo as entrevistas individualizadas.

De novo é fundamental conseguir a **motivación e implicación** activa da persoa desempregada neste proceso de coñecemento da realidade particular e individual da persoa interesada en participar no itinerario InsireTex.

## **2.- Orientación continuada**

É preciso ter en conta que a orientación debe conxugar os intereses, así como as aptitudes, actitudes e perspectivas da persoa orientada, e debe respectar sempre a liberdade de elección de cada individuo, e especialmente neste caso sobre a conveniencia ou non de apostar pola procura de emprego en sectores diferentes, como podería ser o de servizos sociais, do turismo etc.

Velarase polo cumprimento do principio de **igualdade de oportunidades** de todas as persoas favorecendo de igual xeito a **conciliación** familiar coas actividades programadas de formación e información.

A orientación profesional tamén serve para axudar a dotar as persoas desempregadas das capacidades e a autonomía necesarias para que pouco a pouco poidan tomar decisións acerca do seu futuro laboral, as súas expectativas etc., de maneira que todo isto redunde nun mellor e maior coñecemento persoal e, por extensión, nunha incorporación ao novo ámbito laboral con máis garantías de éxito, sendo conscientes de que a procura de emprego nun sector diferente ao actual supón un reto importante.

A partir do diagnóstico derivado das entrevistas e das súas conclusións, o equipo de profesionais **deseñará e concretará o proceso que cada persoa vai seguir** para lograr a inserción laboral noutro sector, abordando os contidos do diagnóstico e tratando de **pactar** as diversas posibilidades existentes á vista daquel.

### 3.- Información

O **equipo de profesionais** definirá as perspectivas da persoa desempregada e elaborará un **documento** que conterá as posibilidades de inserción laboral existentes para a persoa.

Trátase de ofrecer información sobre as ocupacións que a persoa podería desempeñar noutro sector tendo en conta o posto que desenvolvía no téxtil e os seus intereses e inquietudes profesionais e persoais.

### 4.- Formación

**Cada persoa asistirá ás accións formativas** que se consideren máis adecuadas para o correcto desempeño do posto que vai cubrir dentro do novo ámbito laboral.

Estas accións determinaranse a partir do proceso realizado anteriormente, que definiu as capacidades, aptitudes e posibilidades de cada persoa.

A persoa desempregada realizará accións necesarias para adquirir habilidades sociais e técnicas necesarias, nos casos en que sexa preciso, para a reincorporación ao mercado laboral, como elaboración de currículum, preparación de entrevistas de traballo etc.

Tamén se realizarán talleres grupais que aborden a necesidade de modificar actitudes e que incidan no autoconecemento, a autonomía persoal e a toma de decisións, entre outros elementos.

### 5.- Inserción laboral

En Galicia, dado o envellecemento da poboación e os cambios producidos no concepto de familia tradicional extensa, así como a súa dispersión xeográfica, é previsible que a demanda de **servizos sociais** continúe aumentando e que, polo tanto, se incremente tamén o número de postos de traballo que é necesario cubrir para poder atender debidamente as persoas dependentes.

## ITINERARIO TEXCREACIÓN

O camiño cara ao autoemprego constará das seguintes etapas:

### 1.- Entrevista

En primeiro lugar, realizarase un **diagnóstico** da persoa desempregada, a través de **entrevistas persoais**, co fin de coñecer con detalle a súa situación socioprofesional, o seu nivel formativo, intereses, experiencias, aptitudes, capacidades e expectativas para crear a súa propia empresa de xeito individual ou de xeito cooperativo.

Un equipo de profesionais expertos na materia da creación de empresas encargárase de levar a cabo as entrevistas individualizadas co fin de detectar a predisposición a iniciar unha aventura empresarial.

É fundamental conseguir a **motivación e implicación** activa da persoa desempregada, especialmente neste itinerario, orientado a fomentar a creación de empresas ben no sector téxtil ou noutros sectores.

### 2.- Idea de proxecto

O equipo de profesionais axudará a **identificar e orientar as posibles ideas de negocio** para a creación de empresas, microempresas ou cooperativas, ou ben a perfeccionar a idea xa existente na mente da futura persoa emprendedora.

Constitúe o paso fundamental antes de crear unha empresa e levaríase a cabo a través de sesións de traballo orientadas por persoal especializado.

### 3.- Apoio no perfeccionamento da idea

O equipo de profesionais axudará o emprendedor/a a **analizar a viabilidade das ideas empresariais**, a través dun estudo de mercado, a competitividade do produto ou servizo, o seu carácter innovador etc.

A posta en marcha da empresa terá como referencia a viabilidade obtida a partir da **elaboración dun plan de empresa**, documento que identificará e analizará a oportunidade de negocio e as súas posibilidades técnicas, económicas etc.

Así mesmo, as persoas emprendedoras recibirán **formación** acerca das formas xurídicas, fiscalidade, marketing, trámites, subvencións e axudas, dirección e xestión empresarial etc.

#### **4.- Apoio á posta en marcha da empresa**

O equipo de profesionais **asesorará e acompañará o emprendedor/a** na posta en marcha do proxecto empresarial.

Grazas a titorías individualizadas, as persoas emprendedoras recibirán asesoramento personalizado para iniciar a súa actividade empresarial.

### **3.6.- Propostas en materia de modernización e innovación tecnolóxica e racionalización e simplificación das cargas administrativas**

As TIC constitúen un instrumento de alto nivel estratéxico polo seu potencial para impulsar a modernización e a racionalización e simplificación de cargas da Administración pública, así como a súa capacidade para estimular e sustentar o desenvolvemento social e económico de Galicia.

Nembargante, a situación de partida permite amplos aspectos de mellora, xa que partimos de que menos da metade da poboación galega utilizou Internet no último ano (en concreto, un 49,8% soamente), e destas tan só o 13,7% adquiriron algún produto ou servizo a través da rede. Estas cifras poden supoñer un freo no desenvolvemento das TIC en relación con outras rexións ao ter un grao de penetración tan baixo. Por outra banda, no eido das empresas, a situación non mellora moito máis, posto que tan só o 26% das empresas (de máis de 10 empregados) reciben factura electrónica, e aínda queda un 80,5% de microempresas (empresas de menos de 10 empregados) que non dispoñen, nin sequera, de páxina web.

Galicia non pode quedar atrás no impulso das novas tecnoloxías. Este impulso se materializa na Axenda Dixital de Galicia que dá resposta á estratexia de Galicia no emprego das novas tecnoloxías.

Por iso, é preciso ordenar e homoxeneizar as actuacións en materia de TIC de toda a Sociedade galega, vertebrándoas en torno a unhas directrices tecnolóxicas comúns, que se contextualizan na *2014.gal Axenda Dixital*. Neste sentido, a mesa 2 de Diálogo Social será un instrumento que permita propoñer a incorporación de accións que se integren dentro desta estratexia global para dar o impulso definitivo que necesita Galicia no que se refire ás TIC e a Sociedade da Información.

Do mesmo xeito, para fomentar a competitividade e o desenrolo económico de Galicia, resulta necesario, baseándose nas tecnoloxías da información, realizar un esforzo especial na redución das cargas administrativas que soportan os cidadáns e as empresas seguindo as directrices do Plan de Lisboa 2001, a iniciativa "*Better Regulation*" (mellor regulación) do Consello Europeo na súa reunión de Bruxelas de 8 e 9 de marzo de 2007 e o compromiso adquirido polo Goberno de España de efectuar esta redución nun 30% no ano 2012.

En consecuencia co indicado, existen unha serie de actuacións de carácter estratéxico que é necesario acometer para acadar en Galicia un adecuado desenvolvemento das TIC en Galicia:

- 1. Desenvolvemento de infraestruturas de Banda Larga en Galicia**
- 2. Extensión do modelo de eGoberno (eAdministración / eConcellos / eXustiza / eEducación / eSanidade) ás Administracións Públicas Galegas**
- 3. Racionalización e simplificación administrativa**
- 4. Incentivación e desenvolvemento do Sector TIC galego; un ámbito estratéxico que tamén considera a dinamización da utilización do software libre**
- 5. Impulso da alfabetización dixital**
- 6. Potenciación do Observatorio da sociedade da Información e Modernización de Galicia (Osimga)**

Apróbase, segundo o exposto, o seguinte acordo:

# 1.- Desenvolvemento de infraestruturas de Banda Larga en Galicia

Galicia atópase inmersa dentro dun proceso de desenvolvemento no ámbito das telecomunicacións e sociedade da información, onde as redes de banda larga actúan como un dos motores principais para a modernización da rexión, o benestar da cidadanía e o desenvolvemento do tecido industrial. Para iso, **é importante garantir a capacidade de acceso de todos os galegos á Sociedade da Información**, logrando unha penetración xeneralizada das novas redes de telecomunicacións de banda larga e contribuíndo así a consolidar a economía do coñecemento.

Con este obxecto desenvólvese o **Plan de Banda Larga de Galicia (2010-2013)** para **posibilitar o acceso a banda larga a toda a sociedade galega e que sexa un dos motores principais para o desenvolvemento de Galicia**. Dito Plan persegue os seguintes obxectivos estratéxicos:

1. **Consecución do equilibrio territorial**, proporcionando unha calidade de servizo e custo axeitados.
2. **Modernización dos servizos públicos** en todos os puntos de Galicia.
3. **Xerar competitividade e innovación** mediante a dispoñibilidade de acceso á banda larga para as empresas de Galicia.
4. **Maximizar a cooperación e a eficacia** no despregamento das infraestruturas de telecomunicacións.

En consecuencia, para acadar os obxectivos expostos compre desenvolver as seguintes actuacións:

- Posta en marcha dun **plan sectorial de infraestruturas de redes públicas** de telecomunicacións no ámbito xeográfico galego, necesario para unha axeitada ordenación do territorio en función dos servizos de telecomunicacións a prestar á cidadanía. O plan sectorial acadaría unha consideración supramunicipal das infraestruturas de redes públicas, dotando de competencias a Xunta de Galicia para regularizar as adquisicións de terreos e licenzas fornecendo os despregamentos áxiles e óptimos. Este plan abordarase en paralelo á execución do PBL entre o 2010 e o 2013. Dito Plan contemplará, como un dos seus obxectivos prioritarios, acadar un maior nivel de emprego de calidade neste sector. A tal efecto se analizará o impacto do mesmo na mesa de seguimento dos acordos acadados.
- Actuacións para facilitar o despregue da banda larga en Galicia, en concreto:
  - Actuacións de **coordinación cos concellos** para acelerar o despregue maximizando a coordinación e o aproveitamento das infraestruturas coas que contan os concellos (redes tubulares, canalizacións, etc.)

- **Apoio na tramitación de licenzas** e en procesos administrativos asociados
  - **Establecemento dun rexistro de demandantes**, como mecanismo que permita recompilar información da cidadanía sobre a demanda real de banda larga non satisfeita.
- 
- **Incentivación do uso**, mediante actuacións de difusión e formación para o uso da Banda Larga nos concellos unha vez realizado o despregue. Estas actuacións estarán dirixidas aos cidadáns e tamén irán encamiñadas a estimular e favorecer a integración das TIC na empresa para reverter os baixos niveis de penetración das tecnoloxías da información e as comunicacións, especialmente no caso das microempresas e dos autónomos. Estas actuacións estarán coordinadas cos nova estratexia en materia de sociedade da información da Xunta de Galicia.
  - **Potenciación da candidatura de Galicia á Axencia Estatal de Radiocomunicacións**, mediante a colaboración dos axentes sociais orientada cara a difusión e potenciación da mesma con diversos actos.

## **2.- Extensión do modelo de eGoberno (eAdministración / eConcellos / eXustiza / eEducación / eSanidade) ás Administracións Públicas Galegas**

Actualmente os cidadáns demandan servizos telemáticos nas administracións públicas (local, autonómica, estatal...) que permitan unha xestión máis áxil e transparente. A Lei 11/2007 de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos converte esta demanda de comunicarse coas Administracións por medios electrónicos nun dereito para os cidadáns.

O modelo de eGoberno representa un **novo modelo de relación entre Administración, cidadanía e empresas** que se concreta en **cinco áreas de actuación**: eAdministración, eConcellos, eEducación, eSanidade e eXustiza. Polo que se refire a **eAdministración** cabe dicir que o seu **obxectivo final** é **mellorar e potenciar a accesibilidade e a transparencia**poñendo á **disposición dos actores sociais os medios que lles permitan interactuar telematicamente coa Administración**.

**eConcellos** é unha iniciativa cuxo obxectivo é sentar as bases dun **desenvolvemento coordinado e sostible da eAdministración nas Entidades Locais galegas**, que permita dar maior **valor ás inversións realizadas** e mellore a penetración da eAdministración na sociedade galega. En canto ao desenvolvemento da **eEducación**, coa integración plena das TIC na práctica educativa en Galicia, **suporá a conversión dos colexios e institutos galegos en Centros Educativos Dixitais (Proxecto Abalar)**.

Dentro do ámbito da **eSanidade**, realizouse a **integración de toda a información clínica nun documento dixital e a súa posta a disposición dos profesionais sanitarios**. Este fito permite que calquera paciente poida ser atendido en distintos puntos de Galicia en calquera dos niveis asistenciais (**Historia clínica Única**).

En relación coa **eXustiza** estase a traballar no desenvolvemento das TIC para a mellora da Administración de Xustiza en Galicia.

A orientación estratéxica que sustenta os proxectos antes descritos é a de potenciar a transformación das relacións entre gobernantes e cidadáns mediante o uso axeitado das TIC por parte das institucións, contribuíndo ao desenvolvemento da sociedade, así como promovendo melloras efectivas na calidade de vida.

Para acadar os obxectivos expostos compre desenvolver as seguintes actuacións:

- Desenvolvemento do proxecto de **Personalidade Administrativa Dixital (P.A.D.)**, tanto para o cidadán como para o empregado público, recollendo aquela información e documentación sobre o cidadán que lle permite relacionarse electronicamente coas Administración Galegas, unificando así os sistemas de identificación do cidadán na súa relación coa Administración Autonómica, sobre a base de utilizar a tarxeta intelixente cos estándares establecidos de certificación electrónica. Esta medida permitiría axilizar os trámites realizados o que supón, a súa vez, unha importante medida de racionalización de procedementos que evita a reiteración na presentación de documentos, e polo tanto contribúe a redución do gasto público.
- Desenvolvemento dun **proxecto de concentración dos diferentes Centros de Atención a Usuarios (CAUs)** existentes na actualidade. Esta concentración, contribúe tamén a procedimentar o traballo que se realiza prestando soporte aos usuarios, sendo o obxectivo último prestar asistencias a estes para garantir un desenvolvemento rápido da eAdministración na Xunta de Galicia.
- Na actualidade, os proxectos relacionados coa Seguridade Informática son frecuentes nas Administracións Públicas, tanto por necesidade como por cumprimento dos requirimentos da Lei 11/2007. Deste xeito elaborárase un **Plan de Seguridade Informática**.
- Nun entorno de eAdministración, resulta necesario potenciar o **desenvolvemento do posto de traballo dixital do empregado público**, dotándoo das ferramentas informáticas que precisen e que garantan un correcto e eficiente desempeño do seu traballo. Nesta liña, fanse precisas melloras do equipamento informático do posto de traballo, así como, en consonancia, medidas de aforro enerxético. Do mesmo xeito, tamén se poñerán en marcha medidas que garantan a conciliación da vida laboral e familiar, como poden ser medidas relacionadas co teletraballo (partindo, por exemplo, de poñer a disposición un acceso web ao correo electrónico).

- **Servizos electrónicos comúns postos a disposicións de terceiros**, dentro do modelo de eGoberno, con aras de mellora na eficiencia no gasto público:

#### ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS GALEGAS (por exemplo, Concellos)

- Posta a disposición do sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia para os Concellos galegos e outras administracións.
- Posta a disposición de servizos dixitais, como poden ser a certificación e firma dixital, ou o selado de tempo.
- Posta a disposición do sistema de rexistro de factura electrónica

#### EMPRESAS

- Posta a disposición do sistema de rexistro de factura electrónica
- Melloras na plataforma de contratación e sistema de información sobre a licitación pública e o seguimento dos expedientes de contratación
- Tramitación telemática completa de axudas facilitando a aportación de documentación en formato electrónica e simplificando os trámites administrativos necesarios

### 3.- Racionalización e simplificación administrativa

As características cambiantes do entorno socioeconómico unido á existencia dunha forte crise económica e financeira demandan unha **resposta efectiva por parte das administracións públicas** mediante o desenvolvemento dun marco normativo, que facilite a transparencia, accesibilidade e, de maneira especial, que permita eliminar as cargas administrativas superfluas, as reiteracións innecesarias e custosas para os administrados contribuíndo así a mellora da produtividade, ao crecemento económico e a xeración de emprego.

Requirise avanzar cara un **novo modelo de administración** que ten que saber pasar do control a colaboración, sumando esforzos para impulsar unha liña que potencie o crecemento da economía produtiva galega.

Para iso, é necesario que, mediante a aplicación intensiva das tecnoloxías da información, se arbitren **medidas tendentes a suprimir todos aqueles trámites ou requirimentos que non aporten un valor** necesario para a resolución dos diferentes procedementos administrativos. Así mesmo, é preciso pasar da actual situación de controles previos a un modelo de verificación a posteriori que parte da confianza na correcta actuación dos cidadáns.

Proponse o desenvolvemento das seguintes actuacións:

- **Desenvolvemento regulamentario da Directiva Europea de Servicios** substituindo as autorizacións, permisos e licencias polas declaracións responsables reducindo a intervención previa da administración substituíndoa polo control posterior.
- **Progresiva implantación da e-administración dos procedementos administrativos** a través dos que os cidadáns e as empresas se relacionan coa Administración, sustituindo o soporte papel tanto no inicio dos mesmos a través da presentación dos correspondentes formularios como na súa posterior tramitación.
- Desenvolvemento do proxecto de **Personalidade Administrativa Dixital (PAD)** en virtude do cal os cidadáns ao relacionarse coa Xunta de Galicia non terán necesidade de presentar os documentos previamente presentados que xa obren en poder da mesma.
- Desenvolver o proxecto e **interoperabilidade** conectando os sistemas de información da Xunta de Galicia co de outras administracións públicas (Administración Xeral do Estado, Administración Tributaria,

Administración Local) de forma que non sexan esixibles aos cidadáns, calquera que sexa a administración coa que se relacionen, os documentos xerados ou que obren en poder de ditas Administracións.

- Deseño e implantación do **Portelo Único Empresarial** que sexa punto de contacto a través do cal o emprendedor poderá non só obter a información precisa senón tamén realizar a tramitación dos procedementos necesarios para o desenvolvemento da actividade económica que se propoña desenvolver.
- Elaboración dun **Plan de redución de prazos e cargas de tramitación dos procedementos administrativos**.

A concreción e desenvolvemento das accións de racionalización e simplificación administrativa realizaranse no seno da comisión de seguimento, desenvolvemento e avaliación deste acordo, a través do análise dos seguintes contidos:

- Detalle dos trámites administrativos
- Proposta de mellora
- Prazo de implantación

Para atender ás áreas de estudio de lexislación fiscal, estatísticas, contratación pública, medio ambiente e laboral-prevención de riscos relacionadas con estas accións, invitarase á comisión aos especialistas que oportunamente se determinen.

- **Desenvolvemento normativo e procedimental** para a simplificación das cargas administrativas.
- Desenvolvemento dun **sistema de información que permita realizar unha avaliación da xestión** pública realizada.

## 4.- Incentivación e desenvolvemento do sector TIC galego

Estamos a vivir nunha sociedade de información global emerxente, cunha economía global que depende cada vez máis da creación, a administración e a distribución da información a través de **redes globais como Internet**. Moitas das nosas **empresas están en proceso de globalización**, é dicir, están a converterse en empresas globais interconectadas en rede. Neste ámbito, outro elemento de cambio estratéxico é o software.

O **software libre** representa hoxe un verdadeiro fenómeno ao ser un movemento que procura redefinir as regras actuais sobre a propiedade intelectual no desenvolvemento e utilización do software, e por tanto, regras que están a condicionar a evolución da Sociedade da Información. A promoción, difusión e fomento da utilización de tecnoloxías baseadas en “Software Libre” (SwL) e “Software de Fontes Abertas” (SFA) –en inglés Free and open source software (en adiante FLOSS)- debe de ser unha opción para poñer a disposición do tecido empresarial e da sociedade en xeral compoñentes de software libre que podan resultar de interese. **Unha medida que, en todo caso, se levará a cabo con estrito respecto aos principios constitucionais de liberdade de empresa, liberdade comercial e leal competencia.**

Atendendo ao ámbito de dinamización da **utilización do software libre en Galicia**, identifícanse **tres obxectivos estratéxicos** co fin de compartir todos os recursos necesarios para a reutilización eficiente do software e do coñecemento:

1. Mellorar a imaxe dos desenvolvementos coñecidos como software libre e de fontes abertas.
2. Establecemento dun Procedemento para licenciar como software libre e de fontes abertas o software propiedade da Xunta de Galicia e desenvolvido con fondos públicos.
3. Coordinación dos diversos axentes que compoñen o ecosistema galego do FLOSS.

Para acadar os obxectivos expostos para a incentivación e desenvolvemento do sector TIC galego compre desenvolver as seguintes actuacións:

- **Elaboración do Plan Integral do Desenvolvemento do Sector TIC Galego**, para o que se contará coa colaboración das organizacións

empresariais e sindicais máis representativas da nosa comunidade autónoma. A finalidade será o fomento de actuacións dirixidas ao desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, promovendo aquelas accións que faciliten e impulsen a incorporación de toda a sociedade aos novos recursos tecnolóxicos da información e das comunicacións e a implicación dos cidadáns galegos na utilización das novas tecnoloxías como factor xerador de novas capacidades, de emprego e, de modo singular, de desenvolvemento económico. Nesta liña tamén se deberían de potenciar **novas liñas de axuda** identificadas mediante diálogo coas partes e os axentes representativos do sector. As liñas de actuación principais deste plan son as seguintes:

- O estímulo da innovación nos ámbitos público e privado
  - O apoio ao emprendemento utilizando as novas tecnoloxías
  - As políticas de capacitación dos profesionais TIC tanto na formación universitaria como durante o seu exercicio profesional
  - O estímulo e potenciación dun sector TIC máis unido
  - A creación e potenciación das estruturas de apoio á innovación tecnolóxica
  - O impulso e apoio aos sectores económicos estratéxicos
- Creación dun **Centro Demostrador de solucións para PEMEs**, co obxecto de potenciar a utilización directa do software polas PEMEs procurando, así, acadar un punto de encontro entre o Sector TIC galego e outros sectores representativos para a procura de solucións baseadas en software que sexan fonte de vantaxes competitivas para as nosas empresas.
  - **Redacción e publicación dunha política de interoperabilidade** ou guía de boas prácticas para mellorar a comunicacións e o intercambio de información entre sistemas de información utilizando estándares abertos que permita simplificar as relacións entre a Xunta de Galicia e a cidadanía e empresas.
  - **Realización dun estudo tecnolóxico e funcional sobre solucións de xestión empresarial orientadas a PEMEs** de sectores con presenza en Galicia, analizando outras iniciativas de software doutras comunidades, e focalizándose no máis adecuado para o tecido non TIC galego. Os obxectivos a acadar son a mellora da competitividade do sector empresarial galego mediante a utilización deste tipo de ferramentas, orientación do software a configuración de servizos e solucións tecnolóxicas que permitan as PEMEs obter vantaxes competitivas derivadas do seu uso e, con tolo elo, fomentar a colaboración entre as asociacións empresariais e o sector tecnolóxico galego.

- **Adaptación e Reestruturación do Repositorio de Software.**
- **Selo de Calidade do software** desenvolvido por empresas galegas, co gallo de garantir a calidade do software desenvolvido polas nosas empresas.

## 5.- Impulso da alfabetización dixital

A Rede CeMIT, enmarcada na Estratexia Galega para a Sociedade da Información, ten entre os seus principais obxectivos **titorizar á cidadanía con maiores dificultades e proporcionarlles os medios e ferramentas necesarios para poder integrar as novas tecnoloxías na súa vida cotiá.**

Os diferentes servizos teñen como público obxectivo cinco colectivos: a **ciudadanía** (na que se inclúen os desempregados, maiores, inmigrantes, mulleres e persoas con discapacidade), os **profesionais das TIC** (tanto ocupados como desempregados), as **empresas** (incluíndo micropemes e autónomos), os **empregados e empregadas públicas** e os **axentes territoriais** (colectivo que agrupa aos servizos municipais, asociacións civís, empresariais, Ongs, Anpas etc.).

Para acadar os obxectivos expostos desenvolveranse as seguintes actuacións:

- Promover a incorporación de outras **novas entidades á rede CeMIT**, o cal permitiría garantir unha maior participación no proxecto aproveitando o efecto sinérxico das entidades integrantes.
- Nun entorno de desenvolvemento do modelo de eGoberno faise necesario impartir aquela **formación** que sexa imprescindible para acadar os mellores resultados coa implantación deste modelo. Polo tanto, a necesidade de revisar os cursos TIC que se imparten na actualidade, está claramente presente. Nesta liña, se levará a cabo unha programación de accións formativas entre a Xunta de Galicia e as organizacións empresariais e sindicais.

## 6.- Potenciación do Observatorio da sociedade da Información e Modernización de Galicia (Osimga)

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (en adiante, OSIMGA) configurase como órgano asesor para a valoración da evolución da Sociedade da Información, a modernización administrativa e a administración electrónica nas administracións públicas de Galicia, así como para a participación e colaboración coas distintas Administracións públicas nestas materias, contribuíndo á promoción e extensión da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia.

En cumprimento da Lei de Participación Institucional compre dar cabida ás organizacións empresariais e sindicais, co gallo de enriquecer a súa orientación estratéxica, consistente na elaboración de informes de situación, de evolución e análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos, e á definición estratéxica das políticas públicas en materia de Sociedade da Información e modernización da Administración.

As súas liñas básicas de traballo serán as seguintes:

- Realización dun **estudo sobre a penetración da Banda Larga** nos fogares e empresas galegas no 2010 coa previsión de facer un seguimento e evolución deste servizo dende a posta en marcha do plan.
- Inclusión de **organizacións empresariais e sindicais na estrutura organizativa do Osimga**, segundo o establecido no artigo 2 da Lei 17/2008, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia. Por elo, e tal e como se establece no artigo 4.7 do Decreto 21/2010 polo que se crea e se regula o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia, propónse a súa participación como membros de pleno dereito do Osimga, co gallo de recoller aportacións dende todos os puntos de vistas sociais que permitan tanto analizar os indicadores obtidos como reorientar a política de observación.
- Realización de **mesas de traballo conxuntas** coas organizacións que garden relación cos estudos que se poñen en marcha dende o Osimga (a previsión é que esta medida sexa efectiva a principios de 2011).

## **7. Seguemento, desenvolvemento e avaliación**

Realizarase un seguimento e avaliación permanentes do presente acordo, que se estenderá tamén á análise da eficacia das distintas liñas cara á súa posible revisión de acordo coas necesidades que se detecten.

A avaliación, e no seu caso, desenvolvemento dos temas obxecto do presente acordo realizaranse a través dunha comisión, que contará coa presenza dos mesmos representantes das organizacións que conforman a Mesa 2 do Diálogo Social “Competitividade empresarial e innovación”: Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), UGT-Galicia, SN de CC.OO. de Galicia, e a Xunta de Galicia.

Esta comisión reunirse cada 3 meses e sempre que unha das partes así o solicite por razóns de urxencia ou oportunidade.

## INDICADORES E ORZAMENTO

Medidas	Indicadores	Referencia 2009	Obxectivo
<b>1. Desenvolvemento de infraestruturas de Banda Larga en Galicia</b>	Poboación con acceso a banda larga de calidade	70%	94% (2013) + 6% restante con servizos de acceso vía satélite.
	Diferenza de acceso a banda larga entre as Provincias da Coruña e Pontevedra con respecto as provincias de Ourense e Lugo	15%	7% (2011)
	Polígonos industriais con acceso á rede WIMAX	23	34
	Acceso a redes de nova xeración	17	1.000.000 galegos (2013)
	Orzamento destinado	0,4 M€	102 M€ (2013) <u>ORZAMENTO 2010:</u> 31 M€
<b>2. Extensión do modelo de eGoberno (eAdministración / eConcellos / eXustiza / eEducación / eSanidade) ás Administracións Públicas Galegas</b>	<u>CIDADANÍA</u>		
	Farmacias con receita electrónica	67%	100% (2010)
	Salas de vistas dos xulgados de Galicia dotados de sistemas de gravación de vistas con sinatura dixital	0	100% (2011)
	Centros Educativos Dixitais (Proxecto Abalar)	0	308 (2010) e >1000 (2013)
	<u>EMPRESAS</u>		
	Empresas con facturación electrónica	26%	80% (2013)
	Licitación electrónica	0%	30% (2012)
	<u>XUNTA DE GALICIA E EMPREGADOS PÚBLICOS DA MESMA</u>		
	Empregados públicos dotados de tarxeta con firma dixital	30% (Sanidade)	80% (2011)
	Número de CAUs existentes na Xunta de Galicia	20	10 (2012)
Dispoñibilidade da rede de			

	<p>sistemas e comunicacións na Xunta de Galicia</p> <p>Aforro no custo de mantemento dos sistemas de microinformática na Xunta de Galicia</p> <p>Aforro enerxético nos postos de traballo da Administración Pública</p> <p>Aumento da capacidade dos buzóns de correo</p> <p>% Desenvolvemento dun Plan de Seguridade Informática</p>	<p>99,8%</p> <p>0%</p> <p>0%</p> <p>0%</p> <p>0%</p>	<p>99,9%</p> <p>10%</p> <p>33%</p> <p>100% buzóns con tamaño mínimo 200Mb (2011)</p> <p>100% (2011)</p> <p><u>ORZAMENTO 2010:</u> 17,3 M€, segundo</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Proxecto Abalar: 12 M€</li> <li>- Plan Senda2014 (Xustiza): 4M€</li> <li>- Plan Seguridade Informática: 1,3M€</li> </ul>
<b>3. Racionalización e simplificación administrativa</b>	<p>% Procedementos afectados pola Directiva de Servizos con tramitación telemática completa ("Portelo único")</p> <p>% Procedementos a instancia de parte que admiten presentación telemática con entrada no Rexistro da Xunta dixitalizada</p> <p>% Axudas tramitadas por vía telemática</p> <p>% Implantación da Personalidade Administrativa Dixital (P.A.D.)</p> <p>% Procedementos administrativos entre a Xunta e os Concellos con tramitación telemática</p> <p>Deseño e implantación da xanela única empresarial</p> <p>Plan de Redución de cargas administrativas a empresas: % de redución dos documentos actualmente solicitados</p> <p>Elaboración dun plan de redución</p>	<p>0%</p> <p>4%</p> <p>6%</p> <p>0%</p> <p>0</p> <p>0%</p> <p>0%</p>	<p>100% (2011)</p> <p>70% (2012)</p> <p>100% (2013)</p> <p>100% (2012)</p> <p>100% (2012)</p> <p>Deseño completado (2011), Directiva de Servizos (2012) e Implantación completada (2013)</p> <p>30% (2012) Definición do Plan (Decembro de 2010)</p>

	de prazos de trámite no procedemento administrativo		Plan elaborado (2011)
	Desenvolvemento normativo e procedemento para a simplificación de cargas administrativas		Regulación completada (2011)
	% Automatización da avaliación da xestión pública mediante sistemas de información		100% (2012)
<b>4. Incentivación e desenvolvemento do sector TIC galego</b>	Porcentaxe de vivendas con algún tipo de ordenador	58,5%	60,5% (2010)
	Porcentaxe de persoas que utilizaron Internet	49,8%	52,1% (2010)
	Porcentaxe de persoas que adquiriron algún produto ou servizo a través de Internet	13,7%	16,2% (2010)
	Porcentaxe de persoas que dispoñen de DNI electrónico	23,7%	25,4% (2010)
	Porcentaxe de empresas de 10 e máis empregados/as que reciben facturas electrónicas	26,0%	28,3% (2010)
	Porcentaxe de empresas de 10 e máis empregados/as que empregan a sinatura dixital nalgunha comunicación enviada desde a súa empresa	54,8%	56,0% (2010)
	Porcentaxe de empresas de 10 e máis empregados/as que dispoñen de xestión automatizada de stocks	29,2%	32,1% (2010)
	Porcentaxe de empresas menos de 10 empregados/as con conexión a Internet contratada	46,7%	50,1% (2010)
	Porcentaxe de empresas menos de 10 empregados/as que dispoñen de páxina web	19,5%	20,6% (2010)
	Elaboración do Plan Integral do Desenvolvemento do sector TIC		Elaboración do Plan (2011)
	Creación dun Centro Demostrador de solucións para PEMEs		Creación do centro (2011)
	Elaboración dunha Política de interoperabilidade		Publicación (2011)

	<p>Estudo tecnolóxico e funcional sobre solucións de xestión empresarial orientadas a PEMEs</p> <p>Melloras no repositorio de software</p> <p>Selo de Calidade do software desenvolvido por empresas galegas</p> <p><u>SOFTWARE LIBRE</u></p> <p>Orzamento de formación dada na Rede CeMIT sobre FLOSS</p> <p>Nº de empresas asistentes a algunha actividade FLOSS do Centro Demostrador</p> <p>Nº de empresas TIC expositoras de solucións FLOSS</p> <p>Nº de consultas atendidas relacionadas con FLOSS</p> <p>Nº de proxectos software da Xunta liberados como FLOSS</p> <p>Porcentaxe de documentos publicados pola Xunta en formatos abertos</p> <p>Número de actividades de fomento e difusión do FLOSS executadas</p> <p>Horas de formación en FLOSS</p>	<p>250.000</p> <p>0</p> <p>0</p> <p>13</p> <p>0</p> <p>41</p> <p>3.580</p>	<p>Elaboración (2012)</p> <p>Adaptación e reestruturación (2011)</p> <p>Desenvolvemento (2012)</p> <p>800.000 € (2010)</p> <p>50</p> <p>5</p> <p>25</p> <p>1</p> <p>75%</p> <p>60</p> <p>14.000</p> <p><u>ORZAMENTO 2010:</u> 10,8 M€, segundo: - FLOSS: 0,8 M€ - Axudas Sector TIC: 10 M€</p>
<b>5. Impulso da alfabetización dixital</b>	<p>Número de cursos cara á "alfabetización dixital"</p> <p>Horas de formación</p> <p>Número de beneficiarios</p>	<p>1.995</p> <p>17.067</p> <p>13.014</p>	<p>2.000 cursos en 14 áreas temáticas (2010)</p> <p>&gt; 18.500 horas (2010)</p> <p>&gt; 14.800 (2010)</p>

			<u>ORZAMENTO 2010:</u> 2 M€, segundo: - Rede dinamización: 1.679 k€ - Rede CEMIT: 271 k€ - Centro Demostrador: 61 k€
<b>6. Potenciación do  Observatorio da  sociedade da  Información e  Modernización de  Galicia (Osimga)</b>	Elaboración de estudos  Número de mesas redondas realizadas	6  0	10  4  <u>ORZAMENTO 2010:</u> 355k€

## **4.- Acordos relativos a infraestruras e desenvolvemento sostible**

Acordo respecto aos principios inspiradores do  
Plan de Ordenación do Litoral de Galicia

Acordo relativo á vivenda en Galicia

#### **4.1.- Acordo respecto aos principios inspiradores do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia**

O litoral de Galicia presenta un diverso número de paisaxes e oportunidades, que entre todos debemos poñer en valor para non perder a identidade propia, que en definitiva é a marca que nos diferencia de calquera outro lugar.

O Plan de Ordenación do Litoral nace do convencemento de que debemos enfocar con urxencia un novo modelo de xestión e uso do territorio litoral, e de que o debemos facer sendo conscientes do contexto de desequilibrio urbanístico existente, dende unha perspectiva de considerar o litoral como un dos maiores patrimonios dos galegos e desde a perspectiva de que aínda estamos a tempo de actuar sobre o mesmo. Neste proceso é prioritaria a participación de todas as administracións, grupos políticos e os propios cidadáns, os que mellor coñecen o seu territorio. Neste senso púxose a disposición pública desde o comezo o traballo realizado a través da páxina web da Xunta de Galicia e diferentes medios de comunicación social co fin de traballar cara a unha gobernanza integral.

Nesta liña, as organizacións representadas na Mesa 3 do Diálogo Social en Galicia sobre Infraestruturas e Desenvolvemento Sostible: Xunta de Galicia, Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), UGT-Galicia, e SN de CCOO de Galicia, conscientes da importancia que ten para Galicia a ordenación do seu territorio e dentro da franxa territorial vencellada ao mar, que se instrumentará a través do Plan de Ordenación do Litoral (POL) actualmente en fase de redacción, elevaron o acordo sobre os Principios inspiradores do Plan de Ordenación do Litoral e o articulado que os desenvolve.

Apróbase, segundo o exposto, o seguinte acordo:

## O ACORDO SOBRE OS PRINCIPIOS INSPIRADORES DO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

O Plan de Ordenación do Litoral (POL) concebiuse como unha ferramenta para dotar dos medios axeitados, **un modelo de ordenación do territorio** que garante a ordenación e coidado do litoral galego, a fin de que se mellore o marco do desenvolvemento sostible nas 212.164 Hectáreas que o integran.

Un amparo do litoral que xorde do **recoñecemento dos seus valores ambientais** e culturais, maila a súa ordenación, testemuño das dinámicas da ocupación do territorio. Dúas caras da mesma moeda, ambas as dúas, na procura de acadar una xestión integral do litoral. E dicir, un **documento dinámico** que abofé medra e se forxa con cada acción no territorio. Un modelo que xorde coma garantía xurídica, estabilidade e equilibrio ao territorio que experimentou, nas derradeiras décadas moito máis que ningún outro de Galicia, fortes transformacións.

O POL ten por obxecto establecer os **criterios, principios e normas xerais para a ordenación territorial da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesarias para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.**

O ámbito do POL céntrase na xestión do conxunto do litoral, considerado como una **entidade especial claramente individualizada** e dotada dun alto valor que debe ser debidamente protexida no marco cunha política de desenvolvemento sostible.

Para acadar estes cobizosos obxectivos, o POL afrontou o reto de **delimitar o ámbito de actuación.** O trazado dos límites obrigou a **una aproximación multiescalar**, dende a visión de conxunto, ata poñer pé a terra e “ler” a costa a escala humana. Froito deste esforzo **debuxáronse 428 unidades de paisaxe**, apoiándonos nas liñas marcadas polas cuncas drenantes e visuais que ocupan a primeira franxa de costa que, como **invariantes estruturais**, delimitan o ámbito de xestión.

Non é necesario abondar no carácter complexo do ámbito definido. Nel existe **un volume inmenso de variables naturais, culturais, sociais, económicas a calquera escala de aproximación que se considere.** Isto esixiu un esforzo enorme de caracterización dos elementos naturais e antrópicos, cara a unha diagnose axeitada que permitira acadar con garantías o deseño dun modelo integral de ordenación do territorio.

Algunhas cifras poden dar idea certa da **inxente labor acometida.** Estudáronse 863 praias, 71 sistemas dunares, clasificouse a totalidade de formas acantiladas rochosas e mixtas do perímetro costeiro, dende os

megaacantilados que superan os 500 metros ata as informacións, incorpórese un **Sistema Información Xeográfica**, xunto con todas as variables culturais; o mosaico agronómico e forestal, os asentamentos, sistemas que están en constante transformación como consecuencia do crecemento demográfico doutros fenómenos comúns a todas as rexións litorais europeas: a dispersión, a difusión ou a aparición de novos usos e a necesidade de equipamentos e infraestruturas. Nesta relación, ás veces convulsa, entre o sistema natural e o conformado polo home xorde a necesidade da ordenación dun territorio. Nel conviven valores sociais, ambientais, ecolóxicos, patrimoniais e económicos que interactúan de xeito complexo e no que existen procesos de perda de biodiversidade, de banalización e deterioro das paisaxes, en definitiva dun territorio que experimentou nos últimos anos fortes transformacións.

**Para xestionar esta realidade tan complexa o modelo territorial proposto** no POL estrutúrase nunha serie de **ámbitos continuos denominados áreas**, e outros de carácter **descontinuo que se chamaron espazos**, nos que se recoñecen o seu carácter e valores; nos que se establecen os usos compatibles, así como a maneira de implantarse, no marco duns obxectivos e criterios definidos para cada unha das áreas e espazos.

Son **tres as áreas definidas**, en solución de continuidade: **de protección, de mellora ambiental e paisaxística e de ordenación**.

**A protección** caracterizouse a través de **dous grandes tipos, a ambiental e a de corredor**. A primeira delas asociada ao valor en sí dos elementos identificados para preservar e, a segunda, como garantía de conectividade e funcionalidade ecolóxica. A protección ambiental garante a conservación daqueles valores naturais singulares presentes no territorio costeiro englobando todas as dinámicas ecolóxicas presentes. Pola súa banda, a de corredor procura dar unha solución de continuidade a aqueles elementos de especial valor, favorecendo a conectividade dos ecosistemas –sendo esta unha das funcionalidades básicas de calquera sistema identificado no territorio-. **Xuntas conforman unha maia que está chamada a ser unha infraestrutura verde** e social capaz de preservar os valores significativos deste patrimonio natural e cultural ó mesmo tempo que fortalecer a súa funcionalidade e calidade, colaborando a dotar de lexitimidade a un territorio cada vez máis fragmentado e desestruturado.

A segunda das áreas, a **de mellora ambiental e paisaxística** abrangue o territorio comprendido entre a área costeira e os primeiros eidos ou espazos que articulan o modelo de organización tradicional, comprendendo a paisaxe litoral máis próxima á costa. Sendo, sen dúbida, o espazo sometido ás maiores

transformacións nas últimas décadas. **Avotación desta categoría é permanecer libre de edificación, conformando o que poderíamos chamar a paisaxe litoral. Non obstante**, dada a complexidade do sistema de asentamentos e de transformacións recentes, esta categoría **dará cabida a algunhas operacións de crecemento motivado e contido**, desde os asentamentos en dirección contraria ao mar. O seu obxectivo principal é, polo tanto, preservar a paisaxe litoral como un valor natural e cultural, reivindicando este fronte como un elemento propio, un rasgo distintivo, un recurso e un indicador da calidade de vida de Galicia. Búscase garantir a integridade do borde costeiro como espazo de lecer e valor social, ao mesmo tempo que procura un desenvolvemento racional sostible e integrado na paisaxe.

Finalmente, o ámbito de **ordenación**, recolle as planicies costeiras de transición situadas tras a fronte litoral nas que podemos **atopar asentamentos ligados visual e funcionalmente ás paisaxes litorais**.

Xunto a estas tres áreas continuas, tivéronse en consideración unha serie de **espazos** que, **situados nas áreas de protección e mellora**, responden a valores singulares, merecedores dun recoñecemento complementario. Estes son os denominados espazos de interese.

En definitiva, trátase dun **modelo deseñado** para ser aplicado e xestionado **de xeito integrado co planeamento municipal**. E as súas **sinais de identidade** son o **carácter propio**, xurdido do coñecemento da diversidade de valores, usos e dinámicas da nosa costa. **É dinámico**, nace coa capacidade potencial de dar resposta ás transformacións cada vez máis aceleradas, que experimenta un territorio tan dinámico como o litoral galego. **É innovador**, xa que todo un sistema de información xeográfica o sustenta e porque, ademais, é a primeira vez que se recompila tal volume de información nun mesmo documento. E, sobre todo, porque **ten como ferramenta para a ordenación, a protección e xestión da paisaxe**, segundo os principios da Convención Europea da Paisaxe, polo que aspira a ser un Plan de todos e todas, **poñendo o acento na participación cidadá**. E sobre todo é unha forte aposta polo futuro, o recoñecemento da nosa realidade para desde a corresponsabilidade solidaria das administracións deixar o mellor legado posible ás xeracións futuras.

O Plan de Ordenación do Litoral recolle os seguintes principios básicos que inspiran o mesmo:

## **1.- Recoñecemento da paisaxe como unha ferramenta e un valor de calquera territorio.**

O artigo 4 do Título Preliminar recolle as funcións do Plan de Ordenación do Litoral, entre as que se atopan: a definición do ámbito litoral da Comunidade de Galicia; a concreción, no ámbito litoral, de criterios globais para a ordenación dos usos do solo e a fixación dos criterios xerais de protección do medio litoral; a protección e conservación dos recursos naturais do litoral; o establecemento dun marco básico de referencia para a integración de políticas territoriais e actuacións urbanísticas tendo en conta a sostibilidade dos recursos naturais do litoral; a consideración do litoral como unha entidade espacial dotada dun alto valor que debe ser debidamente protexido; a delimitación dos ecosistemas litorais e costeiros, praias e unidades xeomorfolóxicas e paisaxísticas cunhas características que xustifican a súa conservación e protección; a fixación das directrices para a ordenación territorial dos municipios costeiros da Comunidade Autónoma de Galicia; a elaboración dunha normativa particular, marco de ordenación para regular os usos e actividades localizadas no litoral; lograr unha coordinación entre as administracións que operan sobre o litoral e o seu contorno terrestre; constituír a base para elaborar un Programa Coordinado de Actuación do espazo litoral.

Ademais o Plan incorpora como marco complementario da súa protección, ordenación e xestión as determinacións que se establezan froito da elaboración do Catálogo de Paisaxe Litoral e as directrices de paisaxe que o desenvolvan e, así mesmo, serve como base para a elaboración do Catálogo de Paisaxe Litoral.

## **2.- Recoñecemento dos valores naturais do territorio, dos seus procesos e do seu sistema ambiental como soporte de actividades humanas e dos ecosistemas e da diversidade, complexidade e conectividade dos mesmos.**

Este principio desenvólvese tamén no artigo 4 do Título Preliminar, citado no parágrafo anterior.

Así mesmo, o título I, que trata do modelo territorial, recolle nos seus capítulos 1 e 2 as áreas do Plan de Ordenación do Litoral e os espazos de interese, respectivamente.

Dentro das áreas do Plan de Ordenación do Litoral, cómpre sinalar o seguinte:

O artigo 11 recolle catro categorías de protección ambiental, a saber:

- 1.- Intermareal, que se corresponde coas áreas nas que o escenario costeiro se prolonga por rías e esteiros xerando formas asociadas á dinámica fluvio-mariña.
- 2.- Costeira, que se corresponde coas áreas que conforman os elementos máis singulares e representativos do escenario costeiro. Recolle espazos de elevado valor natural, ambiental e paisaxístico.
- 3.- Bosques, que engloba ámbitos onde o carácter físico dominante é a vexetación arbórea autóctona por conformar hábitats de interese e alta fragilidade.
- 4.- Ecolóxica, que engloba espazos que conteñen hábitats de interese e alta fragilidade por pertencer ao amplo catálogo de brañas recollidas no Convenio RAMSAR. Tamén recolle, en función da súa localización en relación á paisaxe litoral espazos recollidos como Lugares de Interese Comunitario (LIC).

O artigo 12, relativo á protección de corredor, recolle nesta categoría, entre outros, os ríos e a súa vexetación de ribeira, así como os ámbito adxacentes necesarios para o bo funcionamento dos hábitats que os conforman, incluíndo áreas hidromorfas, mato de substitución, lagoas non costeiras e encoros.

O artigo 13, que regula a mellora ambiental e paisaxística, indica que esta recolle o territorio comprendido entre a área costeira e os primeiros eixes e espazos que articulaban o modelo de organización tradicional, comprendendo

deste xeito a paisaxe litoral próxima á costa. Engloba as chairas e vertentes litorais e o espazo rural máis directamente asociado co presenza do mar.

En canto aos espazos de interese, o artigo 15 recolle os espazos de interese xeomorfolóxico, que recolle os ámbitos únicos e singulares das xeofomas costeiras.

O artigo 16, relativo aos espazos de interese de taxóns, recolle a existencia de taxóns vexetais endémicos, vulnerables ou de distribución reducida, recollidos no Atlas e Libro Vermello da flora Vascular Ameazada de España, recoñecibles como Taxóns Prioritarios.

Como mecanismo de posta en valor do litoral e de coordinación administrativa recóllense aqueles ámbitos de protección ambiental recoñecida por outros instrumentos de carácter autonómico, nacional e internacional, segundo o artigo 18.

O Título II regula os criterios xerais, que son marco de referencia base para a xestión das áreas do POL. Así, o artigo 24 regula o fomento da recuperación dos elementos de valor natural e cultural recollidos no POL, o establecemento polo planeamento urbanístico de espazos libres que permitan o contacto da poboación coa natureza e a previsión de corredores ecolóxicos para garantir a protección das áreas máis sensibles.

O artigo 27 establece que a planificación hidrolóxica constituirá o marco de referencia para a planificación das políticas sectoriais e a ordenación dos distintos usos e actividades no ámbito do litoral, para acadar unha utilización eficiente do recurso da auga na súa concepción de ciclo, que permita manter as súas funcións ecolóxicas ao mesmo tempo que se cobren as necesidades de abastecemento, saneamento e depuración.

O artigo 28 regula os ciclos de materiais establecendo a necesidade de prever as localizacións máis axeitadas para as instalacións de residuos e o impulso de sistemas de recollida selectiva.

O artigo 29, que regula o solo, establece que o crecemento urbano deberá fomentar formas de desenvolvemento compacto, que o planeamento fomentará a rehabilitación e renovación das súas edificacións, que se velará por que a planificación dos novos crecementos procure tramas compactas e diversas en

usos e que o planeamento deberá dirixirse cara as zonas con pendentes máis suaves.

O artigo 30, relativo aos recursos xeolóxicos, prohibe a instalación de novas explotacións mineiras e a ampliación das existentes nas categorías de protección e mellora ambiental e paisaxística establecidas no POL, salvo recursos de extraordinario valor económico.

En canto ás normas de protección, o Título III recolle nos seus artigos 32 a 36, as limitacións de uso regulado en cada área do POL, os procedementos para a autorización de usos. Así regulan estes artigos tres tipos de usos:

1.- Os usos permitidos, compatibles coas determinacións establecidas para cada área do POL e espazo de interese, sen prexuízo da existencia de licenza urbanística municipal e demais autorizacións administrativas sectoriais que procedan.

2.- Os usos autorizables, con carácter xeral e para cada área, suxeitos a autorización da Administración autonómica previamente á licenza urbanística municipal.

3.- Os usos prohibidos, incompatibles coas determinacións establecidas para cada categoría de solo ou que impliquen un risco relevante de deterioración dos seus valores.

O Título V do POL recolle, nos seus artigos 40 ao 53, unha serie de disposicións específicas para as praias e o seu contorno. Así regúlase a protección do sistema praia-duna; propónse unha caracterización das praias, clasificándoas en urbanas, periurbanas, rurais e naturais, atendendo á súa xénese, ao contorno no que se sitúan, á súa accesibilidade e á intensidade de uso; regúlase a posibilidade de realizar plans especiais para reordenar, restaurar e protexer a praia e o seu contorno e recóllese a ordenación do contorno en praias urbanas, periurbanas e rurais e naturais; regúlase a recollida de residuos nas praias, as instalacións e servizos nas praias, os accesos peonís e rodados ás mesmas, os aparcadoiros en praias periurbanas e rurais e a circulación de vehículos a motor, prohibida con carácter xeral agás certas excepcións.

A disposición adicional 1ª establece que no prazo de 6 meses dende a aprobación definitiva do POL a consellería competente en materia de Medio Ambiente realizará unha Guía de boas prácticas de intervención nos sistemas praia-duna.

### **3.- Recoñecemento dos elementos e sistemas patrimoniais froito da actividade humana e da relación desta coa explotación dos recursos naturais.**

Ademais do artigo 4, xa mencionado, que recolle as funcións do POL, o artigo 19 refírese aos núcleos de identidade do litoral, que responden a asentamentos tradicionais cuxa localización estratéxica no bordo costeiro confírelles unha singularidade que lles fai merecedores dun tratamento específico.

Cómpre recordar o artigo 24, relativo ao patrimonio natural e cultural e os artigos 32 a 36 que regulan as normas de protección.

O artigo 39 regula as condicións específicas dos núcleos de identidade litoral que poderán establecer novos crecementos urbanísticos necesarios para satisfaceren as necesidades de crecemento municipal no marco dun desenvolvemento equilibrado e sostible.

## **4.-Racionalización dos sistemas de asentamentos e de ocupación do territorio a partir dos procesos históricos de organización do territorio.**

Cómpre facer mención tamén neste apartado, do artigo 4, que regula as funcións do POL e dos artigos 32 a 36, que recollen as normas de protección.

O Título IV regula, nos seus artigos 37, 38 e 39, os desenvolvementos urbanísticos, co obxectivo de establecer unhas pautas para o planeamento que fagan posible a conciliación das necesidades de crecemento municipal coa preservación dos valores costeiros. Recóllense tamén as condicións específicas dos núcleos de identidade do litoral, xa mencionadas e das áreas de mellora ambiental, nas que se permitirán os crecementos urbanísticos desde aqueles asentamentos considerados tradicionais (orixinais) ou de carácter funcional.

No relativo á integración paisaxística (Título VI), régulanse no artigo 57 as diversas estratexias que permiten acadar o obxectivo da integración paisaxística, isto é: a contextualización, a naturalización, a mimetización, a ocultación e a singularización.

O artigo 58 regula os criterios xerais de integración e o 59 os específicos para cada actuación prevista e, en concreto, para os usos e edificacións previstos no chan rústico.

Por outro lado, o artigo 60 regula os criterios nas edificacións que resulten de interese en atención á existencia de valores catalogados ou ao seu carácter tradicional ou etnográfico.

## **5.- Integración dos usos e actividades contemporáneos cos sistemas naturais e patrimoniais anteriores de tal xeito que o seu desenvolvemento sexa compatible cos seus valores e estruturas.**

O artigo 1 indica que o obxecto do POL é establecer os criterios, principios e normas xerais para unha ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

En relación con este principio cómpre mencionar, así mesmo, os artigos 4 (funcións do POL), 24 (patrimonio natural e cultural), 32 a 36 (normas de protección), 37 a 39 do Título IV, desenvolvementos urbanísticos e 57 a 61 do Título VI relativo á integración urbanística.

## **6.- Consumo racional do solo, fomentando a concentración urbana, evitando a dispersión e favorecendo os procesos de recualificación das áreas degradadas.**

O capítulo 1 do Título I regula as áreas do POL. Neste capítulo intégranse, ademais do artigo 13, que recolle a mellora ambiental e paisaxística, o artigo 14 regula a ordenación do litoral e recolle as planicies costeiras e de transición situadas tras a fronte litoral nas que, na maioría das ocasións, podemos encontrar asentamentos ligados visual e/ou funcionalmente ás paisaxes litorais.

Os artigos 20 e 21 do capítulo 3 do Título I, regulan os ámbitos de recualificación que son aqueles que recollen ás áreas de carácter residencial, produtivo, de servizos ou análogas, desvinculadas dos núcleos fundacionais. Normalmente estas son froito do proceso de ocupación das áreas costeiras que experimentou non só Galicia senón toda a costa europea nas últimas décadas.

Cómpre, neste principio, volver a sinalar os artigos 32 a 36 do Título III, que regula as normas de protección; os artigos 37 a 39 do Título IV, que regula os desenvolvementos urbanísticos e os artigos 57 a 61 do Título VI, que regula a integración paisaxística.

## **7.- Incorporación de criterios e estratexias de calidade paisaxística e sostenibilidade ambiental.**

Este principio regúlase polos artigos 1 e 4 do Título Preliminar, 32 a 36 do Título III e 57 a 61 do Título VI.

## **8.- A coordinación e solidaridade administrativa.**

O artigo 7 do POL establece que as determinacións do mesmo rexerán as actuacións das administracións local, autonómica e estatal con incidencia no territorio do ámbito e que con tal fin, adoptarán como principio reitor da súa actuación o de colaboración entre as administracións.

## **9.- A educación na diversidade natural, patrimonial e paisaxística ao obxecto de poñer en valor o carácter de cada territorio.**

O artigo 64, relativo ás accións formativas e divulgativas, indica que se establecerá unha estratexia de divulgación dos estudos, análise e contidos do POL, co obxectivo de mellorar o coñecemento específico do litoral de Galicia.

**10.- A transparencia e o respecto, porque sen respecto ás normas e convencións rexionais, nacionais e internacionais democraticamente aprobadas a convivencia, a paisaxe e o medio ambiente deteríóranse, moitas veces de xeito irreversible.**

O artigo 7 do POL, xa citado, regula, a este respecto, a coordinación entre as distintas administracións.

Así mesmo, conscientes da fase de tramitación na que se atopa o Plan de Ordenación do Litoral e, por tanto, suxeito a posibles modificacións ou evolucións na súa formulación, a elevan á mesa de coordinación os seguintes compromisos desta Mesa 3:

- Realizar unha avaliación e seguimento dos resultados das consultas a concellos, deputacións e entidades de carácter supramunicipal afectados polo POL, previstas na Orde de 30 de abril de 2010, así como do texto do Plan inicial que se someterá ao trámite de información pública.
- Realizar unha análise e seguimento do réxime transitorio que se defina para compatibilizar o novo Plan cos instrumentos e medidas existentes cos que teña que convivir.

## **11.- Comisión de seguemento**

Constituirase unha comisión de seguimento do presente acordo, que contará coa presenza dos mesmos representantes das organizacións que conforman a mesa 3 do Diálogo Social, que se reunirá catro veces ao ano ou sempre que unha das partes así o solicite por motivos de urxencia ou oportunidade

## **4.2.- Acordo relativo á vivenda en Galicia**

A vivenda protexida é unha vía eficaz para ofrecer solucións ás necesidades de vivenda das familias galegas, especialmente daquelas que dispoñen de menores ingresos e os colectivos con especiais dificultades de acceso á vivenda. Ao mesmo tempo, a súa repercusión sobre a actividade económica resulta moi importante, tanto dende o punto de vista empresarial como pola creación e mantemento de postos de traballo nun sector primordial da economía galega.

O correcto funcionamento do Rexistro de Demandantes de Vivenda Protexida é de vital importancia, e debe de converterse nun dos instrumentos mais validos de planificación das actuacións da administración pública e da iniciativa privada en materia de vivenda protexida. O coñecer a demanda real de vivenda protexida e o réxime de acceso a mesma permite programar as actuacións en cada localidade e axustar as reservas de solo determinadas no planeamento para este tipo de vivendas. É por elo, que se facilitará o acceso público aos datos xerais por localidade do Rexistro e se axilizará o seu funcionamento.

Así mesmo, os integrantes da Mesa acordan seguir a levar un control ríxido dende a administración para garantir os prezos máximos de venda e renda legalmente establecidos, a igualdade de acceso as vivendas e o bo uso das mesmas.

A Mesa acorda que outra das medidas que nestes momentos debe seguir a potenciarse é a posta no mercado do stock de vivenda construída e rematada que, polas circunstancias económicas do momento, non teñen apenas saída. Neste sentido, existe unha necesidade de buscar formulas orientadas a satisfacer as necesidades de vivenda dos cidadáns posibilitando o acceso a estas vivendas xa construídas dando, o mesmo tempo saída as vivendas xa rematadas, sempre que as condicións de prezo e calidade constructiva así o permitan.

Asemade, acórdase impulsar a rehabilitación das vivendas existentes como unha prioridade para os próximos anos, xa que o fomento desta actividade non so ten efectos económicos, ao beneficiar a empresas de ámbito local, cun alto porcentaxe de man de obra da zona onde se realizan as rehabilitación, senón que ademais permiten fixar poboación en zonas rurais, cascos históricos de vilas e cidades e zonas ata o de agora desfavorecidas, onde se melloran as condicións de vida dos seus habitantes e se estimula a actividade económica. En canto aos procedementos para a concesión de axudas, acórdase a súa

simplificación sen que isto supoña unha perda de control ou menores garantías na concesión das axudas.

De forma moi especial ,acórdase fomentar as actuacións de rehabilitación que potencien o aforro enerxético e a creación de espazos urbanos mais sostibles. Deste xeito faise necesario a coordinación de actuacións con outros organismos que dispoñen de axudas neste sentido como é o caso do INEGA, de tal xeito que a rehabilitación sostible sexa a orientación das políticas publicas nesta materia.

A Mesa acorda tamén a potenciación das oficinas de atención e xestión en materia de rehabilitación que deben estar emprazadas nos propios ámbitos a rehabilitar cando a envergadura da actuación así o requira. Deste xeito considerase de especial relevancia o bo funcionamento das actuais oficinas de rehabilitación creadas o amparo das areas de rehabilitación integral.

Considérase o alugueiro de vivenda como outra das prioridades en materia de vivenda, xa que constitúe unha vía eficaz para dar resposta á demanda de vivendas de familias e colectivos desfavorecidos, facilita a posta no mercado de vivendas ata o de agora baleiras, posibilita a maior mobilidade laboral e pode axudar na reactivación do sector da construción, coa conseguinte creación de riqueza e postos de traballo.

Neste sentido acórdase poñer en marcha medidas que faciliten o acceso ao solo publico para a construción de vivendas protexidas en alugamento e potencien formulas mixtas como pode ser o alugamento con opción de compra.

Na mesma liña tódolos integrantes do Diálogo Social consideran primordial as actuacións públicas dirixidas ao desenvolvemento de solo residencial para vivenda protexida, e acordan que ditas actuacións se realicen en función da demanda real, permitindo a administración racionalizar os seus investimentos e aos promotores construír vivendas alí onde existe demanda real, de maneira que se obteña un triplo obxectivo: reactivar o sector da construción, crear postos de traballo e dar resposta ás demandas reais de vivenda nova. Neste punto refórzase o compromiso de ter en conta os datos que se extraian do Rexistro de demandantes de vivenda protexida establecendo a necesidade de vincular as reservas de solo no planeamento municipal os datos de demanda existentes no citado Rexistro.

A mesa acorda tamén reclamar mais medidas e programas orientados a cubrir as situacións xeradas pola crise económica de tal xeito que sectores ou colectivos que non están especialmente protexidos dispoñan de axudas para atender a situacións sobrevidas como poden ser os parados de larga duración. Así mesmo, tamén se reclaman mais medidas de dinamización do sector.

Neste sentido administración comprométese a estudar e analizar outras medidas, e en función das dispoñibilidades orzamentarias, implantar aquelas que mellor responda as necesidades do momento logo da consulta cos axentes sociais.

Para dar seguimento ao presente acordo, e analizar a pertinencia das medidas que a realidade demande, constituirase unha comisión de seguimento, que contará coa presenza dos mesmos representantes das organizacións que conforman a mesa 3 do Diálogo Social, que se reunirá catro veces ao ano ou sempre que unha das partes así o solicite por motivos de urxencia ou oportunidade.

Acórdase integrar como parte do presente acordo os seguintes Eixes de Actuación da Xunta de Galicia en materia de vivenda adaptados e mellorados cos compromisos acadados por esta mesa, nos termos expostos no apartado seguinte:

- 1.- Vivenda protexida.
- 2.- Rehabilitación de vivendas
- 3.- Alugueiro de vivendas
- 4.- Solo para vivenda protexida
- 5.- Outras medidas.

Dada a situación económica de contención do gasto público no que nos atopamos inmersos na actualidade con constantes revisións das contas públicas aínda unha vez aprobadas, os orzamentos indicados no presente acordo poderanse modificar en función da evolución dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia

Apróbase, segundo o exposto, o seguinte acordo:

## DIAGNOSE SOBRE O MERCADO DE VIVENDA

### Consideracións xerais

O mercado de vivenda en Galicia vive na actualidade nun momento de evidente retracción causada pola crise económica que atravesa o país e o mundo enteiro, que se traduce fundamentalmente en dificultades económicas para os cidadáns, que aprazan as súas decisións de compra, dificultades de acceso ao financiamento para aqueles que deciden mercar vivenda e dificultades de acceso ao financiamento para as empresas promotoras e constructoras. Entre os aspectos positivos da situación cabe salienta a contención dos xuros en niveis baixos, pero esa situación beneficia fundamentalmente a quen dispón xa dun préstamo ou dun hipoteca e non serve de nada aos que non poden acceder ao crédito.

O ano 2009 representou para o mercado inmobiliario un período de intensificación dos axustes na meirande parte das variables que o compoñen, mentres que no primeiro trimestre de 2010 aprécianse circunstancias, respecto do anterior trimestre, como unha lixeira alza na compravenda de vivendas, que acada o maior nivel dos últimos dezoito meses, que de confirmarse nos próximos meses podería significar que o axuste chegou ao seu nivel máis baixo e comeza a recuperarse, timidamente, a actividade do mercado inmobiliario no conxunto de España.

As baixadas dos prezos de venda rexistrados, a desproporción entre oferta e demanda e os baixos tipos de xuro vixente son as variables que inflúen de maneira positiva sobre o mercado inmobiliario na actualidade. Na balanza contraria sitúanse a situación laboral dos cidadáns, con pouca seguridade, e as grandes dificultades para o acceso ao financiamento, tanto dos interesados na adquisición de vivendas como dos promotores das mesmas.

En 2009 os tipos de xuro acadaron as cotas máis baixas dos últimos vinte anos e previsiblemente se manteñan en niveis similares ao longo dos próximos meses, dado que os expertos non consideran posible que os tipos de xuro oficiais se vaian modificar nalgún tempo.

Por outra parte, a redución dos prezos da vivenda conleva un menor endebedamento dos adquirentes o que, sumado á gran baixada dos tipos de xuro, facilita a accesibilidade á vivenda medida en porcentaxe do total de ingresos familiares dedicados á compra da vivenda.

A mellora da accesibilidade á vivenda manifestase dende comezos do ano 2009 e, segundo os expertos, prevese que esa redución se manteña nos próximos meses, inda que a redución será cada vez menor ao reducirse os marxes de manobra das distintas variables que inflúen na accesibilidade. A única destas variable que se prevé poida influír negativamente na accesibilidade nos próximos meses sería a redución dos prazos máximos das hipotecas.

A mellora da accesibilidade non é suficiente para dinamizar o mercado da vivenda se non melloran as condicións de acceso ao financiamento e a situación laboral, xa que non resulta previsible que a vivenda volva a ser considerada obxectivo dos inversores a curto ou medio prazo.

### **Compravenda de vivendas**

Exceso de oferta e retracción da demanda son os dous compoñentes que determinan a situación actual do mercado de vivenda en Galicia, que en 2009 continuou coa súa tendencia á baixa, segundo os datos dispoñibles, inda que no primeiro trimestre de 2010 a compravenda de vivendas rexistrou un incremento.

Segundo datos do Colexio de Rexistradores, en 2009 rexistráronse 21.531 compravendas de vivendas en Galicia, que supoñen o 5,1 por cento do total de compravendas rexistradas en España (423.114). En 2010 mantense a mesma tendencia, xa que nos doce meses que comprenden os tres últimos trimestres de 2009 e o primeiro de 2010 rexistráronse 21.528 compravendas.

Dese total, a meirande parte corresponde a vivendas novas, que supoñen un 68,5 por cento do total, e o 31,5 por cento restante a vivendas usadas. Resulta significativa a diferenza coa media española, onde o 55 por cento das vivendas mercadas son novas e o 45 por cento usadas.

No primeiro trimestre de 2010 rexistráronse en Galicia 5.406 compravenda de vivendas, que supoñen o 4,6 por cento do total de España.

#### **COMPRAVENDAS DE VIVENDAS EN 2009**

	<b>España</b>	<b>Galicia</b>	<b>%</b>
<b>2009</b>	423.114	21.531	5,1
<b>2010 (1º trimestre)</b>	117.911	5.406	4,6

Nos primeiros meses de 2010 reduciuse a participación no total das vivendas novas (64 por cento) e incrementouse a de usadas (36 por cento), mentres no conxunto de España as porcentaxes case se equilibraron: 51,5 por cento novas e 48,5 por cento usadas.

### VIVENDAS NOVAS E VIVENDAS USADAS

	Novas % sobre total		Usadas % sobre total	
	2009	2010*	1999	2010*
<b>Galicia</b>	68,5	64	31,5	36
<b>España</b>	55	51,5	45	48,5

\*Primeiro trimestre de 2010

Se referimos estas cifras a comprandas por cada mil habitantes, atopamos que en Galicia en 2009 se realizaron 7,70 compravendas por cada 1.000 habitantes, fronte a 9,08 no conxunto de España.

No primeiro trimestre de 2010 en Galicia realizáronse 1,93 compravendas por cada 1.000 habitantes fronte a 2,51 no conxunto de España.

### VIVENDAS POR CADA 1.000 HABITANTES

	2009	2010 (1º trimestre)
<b>Galicia</b>	7,7	1,93
<b>España</b>	9,08	2,51

Polo que respecta ao comportamento do mercado no interior de Galicia, a da Coruña é claramente a provincia onde se rexistra a meirande parte das transaccións rexistradas.

Ao longo de 2009 na Coruña realizáronse 9.466 compravendas de vivenda, seguidas das 6.655 de Pontevedra, 3.013 de Lugo e 2.397 de Ourense.

No primeiro trimestre de 2010 mantense a mesma tendencia, con 2.468 compravendas rexistradas na Coruña, 1.636 en Pontevedra, 687 en Lugo e 615 en Ourense.

	<b>2009</b>	<b>2010 (1º trimestre)</b>
<b>A Coruña</b>	9.466	2.468
<b>Lugo</b>	3.013	687
<b>Ourense</b>	2.397	615
<b>Pontevedra</b>	6.655	1.636

### **Accesibilidade á vivenda**

Posiblemente foi 1999 o ano en que a accesibilidade á vivenda, medida na porcentaxe de ingresos necesarios para o seu pago, acadou as cifras máis baixas, chegando ao 30,1 por cento no terceiro trimestre dese ano.

O primeiro trimestre de 2000 rexistrou unha subida ata o 35,4 por cento, manténdose arredor desa cifra ata comezos de 2005, en que chegou ao 38,4 por cento (primeiro trimestre do ano). A partir de entón a cifra mantívose por encima do 40 por cento, chegando a un máximo do 51,2 por cento no primeiro trimestre de 2008.

En 2009 iniciouse unha tendencia á baixa, cun 45,9 por cento no primeiro trimestre, 39,1 por cento no segundo, 38,7 por cento no terceiro e 37,3 no cuarto. Polo momento non se publicaron datos referentes a 2010.

De confirmarse a tendencia á redución no esforzo para a compra de vivenda, estaríamos regresando aos niveles do ano 2000.

### **Vivenda protexida**

A promoción de vivendas protexidas en Galicia por parte de promotores privados, acollidas aos sucesivos planes de vivenda, continúa a ser un instrumento eficaz para facilitar o acceso á vivendas ás familias con menos recursos, que se benefician das axudas establecidas no correspondente Plan de Vivenda e consistentes en préstamos subsidiados, axuda estatal á entrada e subvencións autonómicas.

No marco do Plan de Vivenda 2005-2008 cualificáronse definitivamente un total 5.767 vivendas, mentres que no Plan de Vivenda 2009-2012 se prevé a promoción dun total de 13.780 vivendas.

## **Rehabilitación**

A rehabilitación de vivendas cobra cada día máis pulo nunha sociedade sensible coa conservación do patrimonio construído e a necesidade de rehabilitar antes que construír novas vivendas.

Galicia foi pioneira en materia de rehabilitación cando en 1996 se creou a figura da área de rehabilitación e continúa a ser un referente para o resto de Comunidades Autónomas. Así, declárase o Camiño de Santiago como área de rehabilitación, o que suporá a primeira área que se estende por varios municipios e, na meirande parte das rutas, en máis de unha provincia.

Os obxectivos iniciais de rehabilitación fixados no Plan de Vivenda 2009-2012 supoñen un incremento do 210 por cento respecto dos mesmos obxectivos do plan anterior, pasando de 9.350 rehabilitacións previstas no Plan 2005-2008 a 29.025 no actual.

En 2009 financiáronse en Galicia un total de 6.282 actuacións de rehabilitación ao abeiro do Plan de Vivenda 2009-2012. A importancia do número de rehabilitacións financiadas o ano pasado comprehendese mellor se a comparamos coa mesma cifra de 2006, primeiro ano de aplicación en Galicia do anterior Plan de Vivenda. Naquel ano financiáronse en toda a comunidade autónoma 2.446 actuacións de rehabilitación.

A maiores, a Xunta de Galicia fomenta, exclusivamente con fondos propios, a rehabilitación de vivendas e edificios en cascos históricos e no medio rural.

## **Stock de vivendas**

Segundos datos do Ministerio de vivenda a finais de 2008 existía en Galicia un stock de vivenda sen vender que se achegaba ás 32.000, sobre un total de máis de 613.000 en toda España.

En relación coa poboación Galicia tiña entón unha situación lixeiramente mellor que a media española, cun stock de 11,4 vivendas por cada 10.000 habitantes fronte a 13,3 da media española.

Seguindo a mesma fonte, no primeiro semestre do ano seguinte (2009), entre cinco e seis mil vivendas máis pasaron a engrosar o stock de vivenda sen vender, xa que 13.000 obtiveron nese período o certificado final de obra e escrituráronse en notaría 7.264.

Seguindo a mesma lóxica, cabe estimar que algo menos da metade das vivendas que se atopaban en construción durante o ano 2008 pasaron a integrar o stock de vivendas sen vender, polo que se pode calcular que o stock de vivendas libres na actualidade en Galicia supera amplamente as 40.000

### **Vivenda usada**

As vendas de vivenda usada teñen tamén a súa influencia na creación do stock de vivenda sen vender, xa que na actual situación de crise moitas destas vivendas saen ao mercado polas dificultades dos propietarios para facer fronte ao pago da hipoteca e non porque se trate da substitución por unha vivenda nova. Entre 2004 e 2009 vendéronse en Galicia 76.244 vivendas usadas, que equivalen ao 41,4 por cento das vendas totais de vivenda nese período.

### **Edifícios construídos**

O número de edificios residenciais construídos en Galicia acadou o seu máximo en 2007, cunha cifra de 7.920 edificios construídos segundo datos do Instituto Galego de Estatística. En 2008 rexistrouse unha baixada ata 5.710 e en 2009 a cifra reduciuse á menos da metade que no ano anterior: 2.537. No primeiro trimestre de 2010 foron 546 os edificios residenciais construídos, o que supón unha nova baixada respecto do primeiro trimestre de 2009, en que a cifra foi de 801.

### **Visado de proxectos**

Os proxectos de vivendas visados polos colexios oficiais veñen reducíndose cada ano, pasando dos 38.000 en 2003 a 18.510 en 2008 e 3.568 no primeiro semestre de 2009, o que permite prever que os datos definitivos do pasado ano serán de novo inferiores ao do anterior.

As vivendas visadas polos colexios de arquitectos no primeiro semestre de 2009 representan unha caída do 69% en taxa interanual, establecendo un novo límite inferior nesta variable, deixando ver que a oferta de novas vivendas se situará baixo mínimos en 2010. Nos seis primeiros meses de 2009 o descenso da oferta é xeral en todas as provincias, con caídas superiores ao 60% no número de visados.

No primeiro semestre de 2009 visáronse principalmente vivendas no ámbito urbano, reducíndose sensiblemente os visados correspondentes a vivendas de carácter turístico ou estacional, xa que os visados nos concellos costeiros non urbanos, que chegaron a representar o 44 por cento das vivendas iniciadas en

Galicia, so supuxeron o 20 por cento dos visados do primeiro semestre de 2009.

### Hipotecas

O número de vivendas hipotecadas en Galicia sufriu unha sensible rebaixa entre 2005 e 2008, pasando de 44.806 a 36.925. No primeiro trimestre de 2009 o número de vivendas hipotecadas continuou diminuindo respecto ao mesmo período do ano anterior, pasando de 10.208 a 8.353, segundo datos do Instituto Nacional de Estadística.

### Ingresos máximos para acceso a vivendas protexidas e axudas

#### Ingresos máximos

O acceso á vivenda protexida, así como as diversas axudas para adquisición e rehabilitación, están limitados polos ingresos máximos ponderados dos solicitantes, que de modo orientativo se indican a continuación.

#### **TÁBOA ORIENTATIVA DE INGRESOS MÁXIMOS PONDERADOS**

Nº membros unidade familiar	1,5 IPREM	2 IPREM	2,5 IPREM	3 IPREM	3,5 IPREM	4 IPREM	4,5 IPREM	5,5 IPREM	6,5 IPREM	7 IPREM
1	10.927,26	14.545,56	18.163,86	21.782,1	25.400,46	29.018,76	32.637,06	39.873,66	47.110,26	50.728,57
2	12.141,40	16.161,73	20.182,07	24.202,40	28.222,74	32.243,07	36.263,40	44.304,07	52.344,74	56.365,07
3	13.659,08	18.181,95	22.704,83	27.227,70	31.750,58	36.273,45	40.796,33	49.842,08	58.887,83	63.410,7
4	14.569,68	19.394,08	24.218,48	29.042,88	33.867,28	38.691,68	43.516,08	53.164,88	62.813,68	67.638,09
5 ou +	15.610,37	20.779,37	25.948,37	31.117,37	36.286,37	41.455,37	46.624,37	56.962,37	67.300,37	72.469,38

Se algún membro da unidade familiar ten discapacidade ou a vivenda está situada nun ATPMS computarase como se houbera un membro máis por cada circunstancia destas circunstancias.

#### Ingresos mínimos

**0,7 IPREM 5.065,62**

**IPREM 2008 7.236,60**

#### Procedemento para o cálculo dos ingresos familiares:

Para o cálculo dos ingresos súmanse as casiñas 455 e 465 da última declaración da renda co prazo de presentación vencido.

# EIXOS DE ACTUACIÓN DO ACORDO EN MATERIA DE VIVENDA

## EIXO 1.- VIVENDA PROTEXIDA

### PRINCIPIOS

O acceso á vivenda é un dereito básico de tódolos cidadáns que as administracións públicas teñen a obriga de facilitar por medio de políticas dirixidas a potenciar a construción de vivendas axeitas ás necesidades das familias, con prezos limitados e axudas para os colectivos máis desfavorecidos.

Considérase que facilitar o acceso á vivenda debe ser obxectivo prioritario, facilitando aos cidadáns condicións de vida dignas e acordes coas súas necesidades e posibilidades económicas.

Para cumprir con estes fins, a Xunta de Galicia desenvolve diversos programas de axudas e investimentos directos, como son os seguintes:

- Promoción pública de vivendas. O IGVS promove e constrúe con fondos propios vivendas destinadas, en alugueiro ou compravenda, a familias con ingresos en 0,7 e 2,5 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM)
- Plan de Vivenda, a través do que se xestionan axudas para adquisición de vivendas protexidas e vivendas libres a prezo limitado. As axudas consisten en préstamos subsidiados, axuda á entrada e subvencións a fondo perdido. As subvencións diríxense fundamentalmente a colectivos desfavorecidos economicamente, familias numerosas e monoparentais, vítimas da violencia de xénero e do terrorismo e persoas con mobilidade reducida.

Para atender as necesidades de aquelas persoas con máis dificultades de acceso faise necesario a intervención directa do IGVS no mercado inmobiliario ca construción de vivendas de promoción pública. Así, dentro das correspondentes asignacións orzamentarias, este tipo de vivendas prográmanse atendendo a demanda existente en cada localidade, e as disponibilidades de solo.

O IGVS constrúe a edificación, adxudica as vivendas, facilita o financiamento das mesmas con convenios cas entidades financeiras e concede unha subvención que pode chegar ata o 50% do prezo da vivenda. Procurase ademais adaptar as tipoloxías constructivas as necesidades dos demandantes e, por suposto, a súa total adecuación o entorno no que se atopan.

Por outra banda o fomento da vivenda protexida é unha das liñas de actuación que permanentemente se establece como un instrumento eficaz para mellorar o acceso e uso da vivenda polos cidadáns. Nestes momentos, como complemento, e tendo en conta a situación actual do sector, adóptanse medidas coxunturales orientadas a dar a posibilidade de recuperar parte da produción sobranse de vivendas libres, xa sexa en execución ou rematadas, para seu tratamento como vivendas protexidas.

Nesta liña permítense a calificación de vivendas por portais, plantas ou incluso individualmente

para vivendas en execución e crease a figura de vivendas libres a prezo limitado facilitando a posta no mercado das mesmas e posibilitando o acceso dos interesados. Deste xeito se consegue que a vivenda protexida se poida obter tanto por nova promoción como por reconversión do parque xa existente que tiña, no seu orixe, un réxime xurídico como vivenda libre.

Asímesmo, e ca intención de dar total transparencia a demanda real de vivenda tanto protexida, tanto pública como privada, en cada localidade e a adxudicación das mesmas, púxose en funcionamento un novo Rexistro Único de Demandantes de Vivenda que permitirá programar a construción de este tipo de vivendas de forma axustada a demanda real por tipos de vivenda o mesmo tempo que garante os principios de igualdade, publicidade e concorrencia na adxudicación e impide o fraude nas primeiras e posteriores adxudicacións, sempre partindo dun principio de acceso a vivenda pensado dende a libre elección do interesado e dun procedemento áxil e rápido.

### **OBXECTIVOS**

- 1.- Facilitar o acceso á vivenda en propiedade
- 2.- Dinamizar o sector da construción
- 3.- Reducir o stock de vivendas
- 4.- Xerar emprego

### **Promoción pública de vivenda**

O Instituto Galego da Vivenda e Solo actúa como promotor, construíndo vivendas novas ou rehabilitando vivendas xa existentes, que se califican como de promoción pública.

Estas vivendas destínanse aos colectivos máis desfavorecidos da poboación, con ingresos entre 0,7 e 2,5 veces o Iprem, en réxime de alugueiro ou de compravenda, con subvencións que poden acadar o 60 por cento do custe, segundo os ingresos familiares ponderados.

<b>PROGRAMAS</b>	<b>1.- Promoción pública de vivendas</b>
ORZAMENTO 2010-2012	110.000.000
OBXECTIVOS QUE DESENVOLVE	1, 2, 4

## **Axudas para adquisición de vivendas de protección autonómica**

### **As vivendas protexidas poderán calificarse como:**

#### VPA de Réxime especial( para ingresos inferiores a 2,5 iprem)

Adquirente con ingresos inferiores a 2,5 iprem (aprox. 22.612,15 €, para unha familia de 3 membros).

Precio: Entre 985,40 €/m<sup>2</sup> y 1.307,55 €/m<sup>2</sup>

#### VPA de Réxime xeral (para ingresos inferiores a 4,5 iprem)

Adquirente con ingresos inferiores a 4,5 iprem (aprox. 40.702,50 €, para unha familia de 3 membros).

Precio: Entre 1.099,1 €/m<sup>2</sup> y 1.394,72 €/m<sup>2</sup>

#### VPA de Réxime concertado (para ingresos inferiores a 6,5 iprem)

Adquirente con ingresos inferiores a 6,5 iprem (aprox. 58.792,50 €, para unha familia de 3 membros).

Precio: Entre 1.250,7 €/m<sup>2</sup> y 1773,7 €/m<sup>2</sup>

### **Galicia divídese en tres zonas territoriais:**

- Área Territorial de Prezo Máximo Superior: A Coruña, Santiago, Vigo, Ourense e Pontevedra
- Zona 1: resto de zonas urbanas e periurbanas.
- Zona 2: concellos rurais

As axudas establecidas no Plan de Vivenda van destinadas a facilitar a adquisición de vivendas de protección autonómica, dirixidas especialmente a colectivos con dificultades, como mozos e maiores, familias numerosas e monoparentais, dependentes, familias con ingresos inferiores a 2,5 veces o Ipre, etc.

### **As axudas consisten en:**

- Préstamo subsidiado. A subsidiación concédese por un prazo de 5 anos, renovable durante outro período de igual duración. O importe da subsidiación oscila entre os 60 e os 155 euros por cada 10.000 euros de préstamo
- Axuda á entrada. Consiste nun pago único de entre 5.000 e 12.000 euros para adquirentes con ingresos que non superen 4,5 veces o Ipre
- Subvencións. Subvencións de 2.000 euros para familias con ingresos

inferiores a 2,5 veces o Iprem, e colectivos (ata 4,5 veces o Iprem) tales como mozos e maiores, primeiro acceso á vivenda en propiedade, familias numerosas e monoparentais con fillos, dependentes, vítimas da violencia de xénero, etc. No caso de familias numerosas de cinco ou máis fillos a axuda é de 4.000 euros. Estas subvencións son acumulables no caso de pertencer a máis dun destes colectivos.

- Subvención do 25% do prezo de adquisición dunha vivenda, co límite de 17.000 euros, para persoas sen fogar ou procedentes de operacións de erradicación do chabolismo e emigrantes retornado. Os ingresos non superarán 1,5 veces o Iprem.

<b>PROGRAMAS</b>	<b>2.- Axudas para adquisición de vivendas de protexidas</b>
ORZAMENTO 2010-2012	16.000.000
OBXECTIVOS QUE DESENVOLVE	1, 2, 4

### **Axudas para adquisición de vivendas libres a prezo limitado**

Con este programa existe a posibilidade de outorgar o financiamento cualificado a vivendas libres de prezo limitado. Inclúese dentro deste concepto aquelas vivendas nas que xa transcurra 1 ano dende o outorgamento da licenza de primeira ocupación, sempre que sexa primeira transmisión e cumpla os requisitos de superficie e prezo máximo establecido.

As axudas que poden percibir os adquirentes son as mesmas que perciben os compradores consisten en préstamo subsidiado (ata 155 euros anuais por cada 10.000 euros de préstamo), axuda estatal á entrada (ata 12.000 euros, segundo condicións) e subvencións de ata 17.000 euros segundo as condicións que establece o Plan de Vivenda

Este programa ten por obxecto facilitar o acceso a vivenda dos adquirentes e axudar a eliminar o stock de vivendas recén rematadas.

O financiamento cualificado de estas vivendas será individual e está orientado a facilitar a venda de vivendas xa rematadas que non foron calificadas durante a construción pero que nestes momentos precisan dun estímulo para a súa venda.

<b>PROGRAMAS</b>	<b>3.- Axudas para adquisición de viviendas libres a prezo limitado</b>
ORZAMENTO 2010-2012	7.500.000
OBXECTIVOS QUE DESENVOLVE	1, 2, 3, 4

## EIXO 2- REHABILITACIÓN DE VIVENDAS

### **PRINCIPIOS**

A rehabilitación das vivendas e edificios xa existentes ten que constituír unha preocupación fundamental de calquera administración, que sempre debe tender a poñer en valor as edificacións existentes antes que a construír outras novas, cando as condicións do xa existente o fai posible. As actuacións de rehabilitación teñen unha especial importancia nos cascos históricos das vilas e cidades galegas e no medio rural, xa que aos valores como vivenda das construcións existentes únese o seu valor patrimonial e arquitectónico.

A mesa do diálogo social considera prioritario avanzar na rehabilitación do patrimonio construído como unha medida de fomento da actividade económica e do emprego que ademais facilita fixar poboación nas áreas rurais e mellorar as condicións de vida dos cidadáns.

Neste sentido, debe tenderse a unha rehabilitación sostible, buscando no so a recuperación dun patrimonio degradado senón tamén obxectivos ambientais, sociais e económicos.

Doutra banda, a rehabilitación de todo tipo de vivendas ten un efecto moi positivo sobre a calidade de vida dos cidadáns e axuda a fixar poboación tanto nos cascos antigos de cidades e vilas como no medio rural.

Para acadar estes fins, dispónse das seguintes liñas de traballo:

- Rehabilitación rural. Subvencións, financiadas exclusivamente pola Xunta, dirixidas aos propietarios de vivendas no medio rural para a súa rehabilitación e renovación, potenciando unhas intervencións respectuosas co entorno o mesmo tempo que se mellora a calidade de vida dos ocupantes.
- Rehabilitación pública de vivendas. Intervención directa do IGVS, que adquire e rehabilita vivendas tanto en zonas rurais como en cascos vellos de zonas urbanas. Estas vivendas calificanse como de promoción pública e destínanse ao alugueiro ou á compravenda. Son intervencións de gran entidade en zonas especialmente degradadas ou abandonadas, poñendo en valor o patrimonio construído e recuperando cascos históricos de áreas urbanas ou núcleos rurais en estado de abandono o semiabandono.
- Reparación de vivendas de promoción pública. O IGVS realiza intervencións directas para a reparación de vivendas de promoción pública e tamén dispón dunha liña de axudas para a realización de obras de reparación e mellora por parte das comunidades de veciños de vivendas de

promoción pública.

- Rehabilitación de conxuntos históricos. Axudas financiadas en exclusiva pola Xunta de Galicia para a rehabilitación polo seus propietarios de vivendas e edificios de vivendas emprazados en conxuntos históricos.

- Plan Renove. Axudas do Plan de Vivenda, financiadas pola Xunta de Galicia e o Ministerio de Vivenda, para a rehabilitación de vivendas e edificios de vivendas. Están enfocadas preferentemente á mellora da eficiencia enerxética dos edificios e vivendas.

- Áreas de Rehabilitación. Trátase dun instrumento do Plan de Vivenda que permite a rehabilitación de vivendas e edificios de vivendas, así como a realización de obras de urbanización e reurbanización por parte dos concello, en ambos casos con axudas da Xunta de Galicia e o Ministerio de Vivenda.

Nas Áreas de Rehabilitación teñen unha especial importancia as Oficinas de rehabilitación, financiadas con axudas da Xunta de Galicia e o Ministerio de Vivenda, que xestionan e controlan as actuacións, garantindo a súa adecuación ao entorno e o respecto polo patrimonio arquitectónico naquelas áreas emprazadas en conxuntos históricos, que en Galicia son a maioría.

Asimesmo, dentro da modificación da normativa de habitabilidade fíxose especial incidencia en permitir axilizar a tramitación dos expedientes de solicitude de excepcionalidade para as actuacións de rehabilitación co obxecto de que no constituiran unha demora que fixera desistir o interesado da intervención solicitada.

## **OBXECTIVOS**

- 1.- Rehabilitación de vivendas no medio rural
- 2.- Rehabilitación de vivendas nas vilas e cidades
- 3.- Recuperación e renovación de espazos urbanos
- 4.- Mellora da calidade de vida dos cidadáns
- 5.- Dinamizar o sector da rehabilitación e construción
- 6.- Xerar emprego
- 7.- Servir de referente e impulsor para a iniciativa privada

## **Rehabilitación rural**

Este programa está orientado a concesión das axudas autonómicas á rehabilitación de vivendas nos ámbitos rural, coa finalidade de fomentar as actuacións de rehabilitación, mediante un incentivo en forma de axudas, que permita favorecer a recuperación do noso patrimonio arquitectónico e tradicional, e o seu entorno, e ao mesmo tempo, potenciar a posta en valor de inmobles para ser utilizados como vivenda habitual e permanente do propietario ou dos inquilinos, no caso de que se rehabilite para o aluguer.

O novo marco normativo xurde da necesidade de substituír ao programa anterior da cédula de rehabilitación de calidade, axilizando os trámites, eliminando trabas e dificultades técnicas e adaptando as contías da subvención ao principio de austeridade e proporcionalidade na administración autonómica.

Así, en consonancia coas dispoñibilidades orzamentarias reais e co obxecto de darlle coherencia cos outros programas de axudas do IGVS, redúcese a cuantía das subvencións con respecto a contemplada nos decretos precedentes. Este aspecto queda, en parte, compensado co feito de que estas axudas, a diferenza do que ocorría cos anteriores decretos, pasan a ser compatibles co resto das axudas estatais ou calquera outra axuda pública para actuacións de rehabilitación. Mantense, obviamente, a limitación establecida na lei de vivenda de que o conxunto das axudas non pode superar o 75 % do orzamento da actuación.

Deste xeito, importe máximo das axudas no novo programa será:

- Rehabilitación de fachadas: O 50% do orzamento co límite de 6.600 € (que coincide coa subvención máxima contemplada no plan estatal de vivenda e rehabilitación para actuacións semellantes)
- Rehabilitación: O 50% do orzamento co límite de 6.600 € (que coincide coa subvención máxima contemplada no plan estatal de vivenda e rehabilitación para actuacións semellantes)
- Reconstrucción e remodelación de edificios: O 50% do orzamento co límite de 8.600 € (superior á subvención máxima do plan estatal)

Por outra banda coa nova regulación preténdese dar unha información clara do procedemento a seguir para poder ser beneficiario das axudas á rehabilitación, distinguindo por unha parte, o proceso de cualificación das actuacións, e por outra o procedemento subvencionador, do que se aproban as bases reguladoras, ao abeiro do establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento, aprobado polo decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Axudas dirixidas á rehabilitación de vivendas no medio rural están dirixidas a persoas ou unidades familiares ou convivencias cun límite máximo de ingresos dos beneficiarios é de 3,5 veces o Iprem.

Por outra banda Límitanse as posibilidades de ampliación das vivendas para evitar

subvencionar actuacións que van mais aló da rehabilitación e ampliación para garantir aos moradores o disfrute dunha vivenda digna e nas que se busca a creación de auténticas mansións ou de espazos destinados a usos diferentes aos da vivenda cuxo financiamento non debe correr por conta da administración pública.

Neste sentido límitase a superficie útil da vivenda rehabilitada á correspondente a superficie máxima dunha vivenda protexida (140 m<sup>2</sup>). Esta limitación non terá efecto cando a ampliación da vivenda, dentro ou fora da edificación primitiva, teña por obxecto garantir as axeitadas condicións de accesibilidade se algún dos moradores ten algunha limitación de mobilidade ou se trate de persoas de idade avanzada.

Unifícase nun mesmo decreto tódolos tipos de subvencións que anteriormente viñan reguladas anteriormente en dous decretos conseguindo unha maior unidade de criterios de actuación.

Polo que respecta á rehabilitación de fachadas, mudase substancialmente a filosofía das actuacións subvencionables. Existen no rural galego bastantes edificacións destinadas a vivenda que aínda que levan tempo sendo utilizadas como vivenda, non se poden considerar edificios rematados xa que non se executaron as partidas de acabado de fachadas e permanecen vistos materiais que non estaban destinados a este fin senón que debían estar revestidos coa correspondente partida de acabado e nunca foron executadas. Estas construcións inacabadas consideráanse un elemento distorsionador do medio rural que afecta os núcleos rurais e a paisaxe galegas.

Así a nova normativa determina:

- A esixencia de que a vivenda fora realmente utilizada como vivenda permanente durante os últimos 5 anos.
- A supresión da esixencia de que a edificación obxecto da axuda obtivese no seu día a licenza de obra, se ben se esixe, para poder optar á subvención, que as obras de acabado que agora se subvencionen, e tan só estas, contén coa correspondente licenza de obra.
- Como o obxectivo da subvención é conseguir a dignificación do contorno rural galego, estendese a posibilidade de obter a subvención as actuacións dos alpendres, galpóns e a tódalas edificacións adxectivas á edificación que alberga a vivenda.

<b>PROGRAMAS</b>	<b>1.- Rehabilitación rural</b>
ORZAMENTO 2010-2012	21.000.000
OBXECTIVOS QUE DESENVOLVE	1, 4, 5, 6

### **Rehabilitación pública de viviendas**

Trátase dun investimento directo do Instituto Galego da Vivenda e Solo, que adquire vivendas no medio rural e urbano para a súa rehabilitación integral. Estas vivendas califícanse como de promoción pública e destínanse ao alugueiro ou compravenda.

<b>PROGRAMAS</b>	<b>2.- Rehabilitación pública de viviendas</b>
ORZAMENTO 2010-2012	34.000.000
OBXECTIVOS QUE DESENVOLVE	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7

### **Reparación de viviendas de promoción pública**

Investimento directo do Instituto Galego da Vivenda e Solo que realiza traballos de reparacións e rehabilitación de vivendas de promoción pública, fundamentalmente cando se trata de vivendas da súa propiedade (adxudicadas en réxime de alugueiro) ou cando as reparacións non corresponden ás comunidades de propietarios.

Asimesmo o IGVS convoca anualmente unha orde de axudas a comunidades de propietarios de vivendas de promoción pública para realizar actuacións de rehabilitación e reparación en elementos comúns das edificacións, fomentando deste xeito o bo uso, mantemento e conservación dos edificios e vivendas. As axudas poden acadar ata o 75 % da intervención.

<b>PROGRAMAS</b>	<b>3.- Reparación de viviendas de promoción pública</b>
ORZAMENTO 2010-2012	16.000.000
OBXECTIVOS QUE DESENVOLVE	1, 2, 4, 5, 6, 7

### **Rehabilitación de conxuntos históricos**

Axudas dirixidas á rehabilitación de vivendas en conxuntos históricos declarados en Galicia. Trátase de axudas financiadas en exclusiva con cargo a fondos do Instituto Galego da Vivenda e Solo, compatibles coas axudas para rehabilitación en Áreas de Rehabilitación.

Os criterios, principios e forma de tramitación son os explicados para rehabilitación rural xa que se regulan no mesmo decreto.

O ingresos máximos dos beneficiarios non poderán superar 6,5 veces o Iprem.

As axudas son de 6.600 euros para rehabilitación e 8.600 para renovación.

<b>PROGRAMAS</b>	<b>4.- Rehabilitación en conxuntos históricos</b>
ORZAMENTO 2010-2012	11.000.000
OBXECTIVOS QUE DESENVOLVE	2, 4, 5, 6,

### **ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL**

#### Condicións da ARI

- Declarado pola Comunidade Autónoma
- Vivendas con 10 anos ou máis de antigüidade
- As vivendas rehabilitadas destinaranse a residencia habitual e permanente do propietario ou ao alugueiro, durante polo menos cinco anos.
- ARIS en conxuntos históricos: deberán estar declarados como tal ou ter incoado expediente de declaración e contar con plan especial de conservación, protección e rehabilitación ou figura similar.
- ARIS rurais: municipios de menos de 5.000 habitantes.

#### Actuacións:

- 1-Rehabilitación de edificios e vivendas
- 2-Obras de urbanización e reurbanización
- 3-Oficinas municipais de rehabilitación

### 1.- Rehabilitación de edificios e vivendas

Condicións dos beneficiarios:

Propietarios das vivendas a rehabilitar, inquilinos autorizados polos propietarios ou comunidades de propietarios.

Ingresos familiares que non superen 6,5 veces o iprem

Para rehabilitar elementos comúns ou a totalidade dun edificio para destinalo a rehabilitación as condicións fíxaas a comunidade autónoma.

Axudas

Préstamo, sen subsidiación, prazo máximo 15 anos máis 3 de carencia

Subvención da Xunta de Galicia:

ARI: 40% do importe do orzamento protexido, cunha contía media máxima de 5.000 euros por vivenda

ARI en cascos históricos e rurais: 25% do importe do orzamento protexido, cunha contía media máxima de 5.000 euros por vivenda

Subvención do Ministerio de Vivenda:

ARI: 40% do orzamento protexido, contía media máxima de 5.000 euros por vivenda

ARI en cascos históricos e rurais: 50% do orzamento protexido, contía media máxima de 6.600 euros por vivenda

	Xunta		Ministerio	
	%	Máximo	%	Máximo
ARI	40	5.000	40	5.000
ARI en cascos históricos ou concellos rurais	25	5.000	50	6.600

### 2.- Obras de urbanización e reurbanización

Beneficiarios: concello

Axudas:

Subvención da Xunta de Galicia:

ARI: 20% do orzamento protexido. O importe non poderá superar o 20% do importe das subvencións para rehabilitación de vivendas.

ARI e cáscos históricos 30% do orzamento protexido. O importe non poderá superar o 30% do importe das subvencións para rehabilitación de vivendas.

Subvención do Ministerio de Vivenda:

ARI: 20% do orzamento protexido. O importe non poderá superar o 20% do

importe das subvencións para rehabilitación de vivendas.

ARI en cascos históricos e rurais: 30% do orzamento protexido. O importe non poderá superar o 30% do importe das subvencións para rehabilitación de vivendas.

### 3.- Oficinas municipais de rehabilitación

Beneficiarios: concello

Axudas:

Xunta de Galicia: para oficinas de xestión e información 50% dos seus gastos, cun máximo de 80.000 euros nos concellos de máis de 25.000 habitantes e 60.000 euros nos restantes.

Ministerio de Vivenda: para equipos de información e xestión 50% do custo. Non poderá superar o 5% do orzamento total da ARI.

### ÁREAS DE RENOVACIÓN URBANA (ARUS)

O programa de ARUS establece as condicións básicas para obter financiamento do Plan para a renovación integral de barrios ou conxuntos de edificios de vivendas que precisan de actuacións de demolición e substitución dos edificios, de urbanización ou reurbanización, da creación de dotacións e equipamentos, e de mellora da accesibilidade dos seus espazos públicos, incluíndo, no seu caso, procesos de realoxo temporal dos residentes.

Axudas

Préstamo sen subsidiación.

Subvención da Xunta de Galicia: 20% do orzamento protexible cun límite de 15.000 euros por vivenda.

Subvención do Ministerio de Vivenda: 35% do orzamento protexible. Contía media máxima por vivenda: 30.000 euros.

Xunta		Ministerio	
%	Máximo	%	Máximo
20	15.000	35	30.000

Para urbanización e reurbanización. Subvención da Xunta de Galicia do 35% do orzamento protexible. O importe non superará o 35% das axudas destinadas a vivenda no mesmo ámbito

Para urbanización e reurbanización. Subvención do Ministerio de Vivenda: 40% do orzamento protexible. O importe non superará o 40% das axudas destinadas a vivenda no mesmo ámbito.

Xunta		Ministerio	
%	Máximo	%	Máximo
20	15.000	20	15.000

Realoxo temporal de afectados: subvención da Xunta de Galicia de 1.500 euros/ano para o pago de alugueiro. Máximo 4 anos.

Para equipos de información e xestión: subvención do Ministerio de Vivenda do 50% do custo, sen superar o 7% do orzamento destinado ao conxunto da ARU.

<b>PROGRAMAS</b>	<b>5.- Áreas de rehabilitación e renovacion</b>
ORZAMENTO 2010-2012	40.000.000
OBXECTIVOS QUE DESENVOLVE	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7

<b>Plan Renove</b>
<p>Trátase dun programa de rehabilitación incluído no Plan de Vivenda que ten como obxectivo a rehabilitación de vivendas e edificios de vivendas (zonas comúns) con preferencia para actuacións destinadas á mellora da eficiencia enerxética das mesmas e á adaptación das vivendas para persoas maiores ou con discapacidades.</p> <p><u>Actuacións protexidas</u></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Actuacións para mellorar a eficiencia enerxética, a hixiene, saúde e protección do medio ambiente nos edificios e vivendas, e a utilización de enerxías renovables.</li> <li>2. Actuacións para garantir a seguridade e a estanquidade dos edificios.</li> <li>3. Actuacións para mellora da accesibilidade ao edificio e/ou ás súas vivendas.</li> </ol> <p><u>Beneficiarios</u></p> <p>Propietarios, inquilinos autorizados polo propietario e comunidades de propietarios.</p>

Axudas para rehabilitación de edificios e vivendas unifamiliares (zonas exteriores)

Préstamo a 15 anos con 2 de carencia (ampliable a 3) e subsidiación:

140 euros/año por cada 10.000 euros. Para ingresos que non superen 6,5 veces o iprem.

175 euros/ano por cada 10.000 euros para arrendamentos antigos.

Subvención de Ministerio de Vivenda (incompatible coa subsidiación do préstamo):

Con carácter xeral: 10% e límite de 1.100 euros por vivenda.

15% adicional para ingresos inferiores a 6,5 iprem e uso propio co límite de 1.600 € en xeral e de 2.700 para persoas con máis de 65 anos ou con discapacidade e as obra se destinen a eliminar barreiras ou outras necesidades específicas.

Axudas para rehabilitación de vivendas (zonas privativas).

- Vivendas para uso propio: subvención do 25% do orzamento protexido cun límite de 2.500 euros (3.400 cando se trata de supresión de barreras por maiores de 65 anos ou discapacitados). O límite máximo de ingresos é 6,5 iprem.

- Vivendas para alugueiro: 6.500 euros deberán destinarse a alugueiro durante un mínimo de 5 anos.

<b>PROGRAMAS</b>	<b>6.- Plan Renove</b>
ORZAMENTO	17.000.000
OBXECTIVOS QUE DESENVOLVE	1, 2, 4, 5, 6

## EIXO 3.- ALUGUEIRO DE VIVENDA

### **PRINCIPIOS**

As medidas de fomento do alugueiro van dirixidas a facilitar o acceso á vivenda en alugueiro a tódolos galegos que, por calquera tipo de motivo, non poden ou non desexan adquirir vivendas. Ao mesmo tempo, estas medidas buscan axudar, por medio de subvencións, ao pago do alugueiro por parte das familias máis desfavorecidas.

A mesa 3 do Diálogo Social recoñece a importancia de apostar pola vivenda en alugueiro. Esta aposta deberá materializarse por medio dunha oferta suficiente de vivendas en alugueiro, con axudas para as familias e os colectivos máis desfavorecidos, de maneira que os programas de vivenda en alugueiro teñan unha clara orientación social e, ao mesmo, tempo supoñan un impulso á actividade do sector da construción.

As liñas de traballo que a Xunta de Galicia desenvolve na busca deste fins son as seguintes:

- Programa Aluga. Un programa que facilita o acceso á vivenda en alugueiro, con axudas para o pago das mensualidades. Asemade facilita aos propietarios a posta das súas vivendas no mercado de aluguer e facilita axudas para a rehabilitación das mesmas, así coma un seguro multitrusco que cubra os danos nas vivendas.
- Promoción de aloxamentos protexidos. Trátase dunha liña de actuación do Plan de Vivenda consistente na promoción dunha tipoloxía de aloxamento a medias entre a vivenda privada e a residencia colectiva. Os aloxamentos dispoñen de tódalas condicións dunha vivenda, pero tamén poden dispoñer de servizos comúns semellantes aos dunha residencia.
- Fomento da promoción de vivendas protexidas en alugueiro durante 10 ou 25 anos, con axudas aos promotores en forma de préstamos e subvencións.
- Alugueiro con opción de compra aos dez anos. Trátase de vivendas protexidas de promoción privada calificadas especificamente para esta modalidade. Aos inquilinos que, despois dun período de 10 anos, adquiren a vivenda descontáselles do prezo de venda o 30 por cento das cantidades pagadas como renda.

Ademais das medidas puramente de fomento, o IGVS tamén constrúe vivendas de Promoción Pública en aluguer. Dentro das actuacións do promoción de vivenda de promoción pública desenvoltas polo IGVS parte das vivendas destínanse a aluguer para atender as necesidades de aquelas unidades familiares que non poden acceder a estas vivendas en propiedade

## Programa Aluga

Este novo programa dirixido ao alugueiro, que busca a harmonización co resto de programas de vivenda, configúrase como unha medida de eminente carácter social, cunha dobre finalidade:

- Favorecer o mercado de aluguer de vivendas en Galicia, promovendo a incorporación ao mesmo de vivendas desocupadas de titularidade privada.
- Facilitar o acceso a unha vivenda aos sectores de poboación con niveis de ingresos comprendidos entre 0,7 e 3,5 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), así como a determinados colectivos con ingresos inferiores a 0,7 veces o IPREM, en particular, ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

A través do Programa Aluga poderán acceder ás axudas para o alugueiro tódolos interesados con ingresos inferiores a 3,5 veces o Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (Iprem), inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda e residentes en Galicia ou que desenvolvan o seu traballo na nosa Comunidade Autónoma. Os propietarios de vivendas tamén poderán beneficiarse de axudas para a rehabilitación das mesmas antes de poñelas a disposición do Programa, así como subvencións para os gastos derivados do alugueiro.

### INQUILINOS

As principais novidades que presenta o Programa Aluga en relación cos inquilinos son as seguintes:

- Amplíanse os tramos de ingresos dos potenciais beneficiarios ata 3,5 veces o Iprem para harmonizalo con outras actuacións en materia de vivenda protexida. O anterior programa de vivenda en alugueiro establecía como ingresos máximos ata 3 veces o Iprem.
- Para determinar os importes máximos da renda das vivendas alugadas téñense en conta as zonas territoriais onde se encontren as vivendas, establecendo tres zonas coma no Plan de Vivenda 2009-2012: zona territorial de prezo máximo superior, zona 1 e zona 2, establecidas para a determinación dos prezos das vivendas protexidas. O antigo programa de vivenda en alugueiro establecía un importe máximo para as sete grandes cidades e outro para o resto dos concellos de Galicia.
- Para adecuar o prezo da renda aos ingresos e asegurar un certo grado de solvencia, establécense novos límites de renda segundo tramos de ingresos dos inquilinos:

PREZO MÁXIMO DO ALUGUEIRO (euros por mes)	INGRESOS MÁXIMOS DOS BENEFICIARIOS (veces o Iprem)
400	Ata 1,5
550	Máis 1,5 ata 2,5
600	Máis de 2,5 ata 3,5

## CONDICIÓNS DOS BENEFICIARIOS

Para acceder aos beneficios do Programa Aluga os solicitantes deberán cumprir, entre outros, os seguintes requisitos:

- Ingresos anuais ponderados entre 0,7 e 3,5 veces o Iprem. O límite mínimo de ingresos (0,7 veces o Iprem) non será preciso acreditarlo no caso de colectivos cualificados, que se definen máis adiante.
- Estar inscritos ou anotados no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda (Sección 4ª, "Demandantes de vivenda en réxime de arrendamento incorporada ao Programa Aluga")
- Non ser titulares de pleno dominio ou dun dereito real de uso ou disfrute sobre algunha vivenda
- Estar ao corrente na súas obrigas tributarias
- Residir ou desenvolver a súa actividade laboral nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia
- Non estar recibindo axudas para o alugueiro da Xunta de Galicia. Non poderán acceder ás axudas do Programa Aluga os que xa recibiran axudas para o alugueiro durante cinco anos, excepto cando xa transcorreran dous anos dende a última mensuralidade subvencionada.

No proceso de selección de inquilinos para as vivendas incorporadas ao Programa Aluga terán preferencia as unidades familiares ou de convivencia con ingresos que non superen 2,5 veces o Iprem e os colectivos definidos como prioritarios e os cualificados, que son os seguintes:

Os colectivos prioritarios, dentro dos distintos tramos de ingresos, son os seguintes:

- Menores de 35 anos e maiores de 65
- Familias numerosas.
- Familias monoparentais con fillos.
- Persoas separadas ou divorciadas, ao corrente no pagamento de pensións alimenticias e compensatorias, no seu caso.
- Os considerados "colectivos cualificados" que se definen a continuación

Os colectivos cualificados son as unidades familiares ou de convivencia con ingresos anuais ponderados inferiores a 0,7 veces o IPREM que pertencen a algún dos seguintes grupos:

- Mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Persoas dependentes ou con discapacidade oficialmente recoñecida, e as familias que as teñan ao seu cargo.
- Emigrantes retornados, nos dous anos anteriores a presentación da solicitude.
- Perceptores da Renda de Integración Social (RISGA).
- Perceptores de pensións.

## AXUDAS A INQUILINOS

A porcentaxe de subvención ao aluguer vai desde o 30% ata o 70%, mentres no antigo programa de vivenda al alugueiro a subvención máxima era do 60 por cento.

A contía da axuda fíxase en atención a porcentaxes máximos sobre a renda mensual do aluguer, segundo tramos de ingresos e colectivos:

TRAMOS	COLECTIVOS XERAIS
Ata 1 IPREM	70%
Desde 1 ata 2 IPREM	60%
Desde 2 ata 2,5 IPREM	50%
Desde 2,5 ata 3,5 IPREM	30%

No caso de mulleres vítimas de violencia de xénero a subvención incrementase en 10 puntos porcentuais, de maneira que irán do 40 ao 80 por cento.

A axuda concédese por un período de doce meses poderá solicitarse ata un máximo de cinco anualidades.

### PROPIETARIOS

Os propietarios de vivendas postas a disposición do Programa de Aluguer poderán beneficiarse de axudas para a rehabilitación das mesmas, do seguro multirisco contratado polo IGVS e das axudas para os gastos derivados do alugueiro.

### CONDICIÓNS DAS VIVENDAS

Poderán incorporarse ao Programa Alugas as vivendas libres, desocupadas, que reúnan condicións de habitabilidade e estean emprazadas en concellos con demanda real de vivenda en alugueiro. Os seus propietarios poderán ser tanto persoas físicas como xurídicas.

As vivendas poñeranse a disposición do Programa Aluga por solicitude dos seus propietarios e por un prazo mínimo de cinco anos.

### AXUDAS AOS PROPIETARIOS DE VIVENDAS

O programa Aluga contempla dous tipos de axuda dirixidas aos propietarios:

- Subvención de obras e actuacións de reforma na vivenda, establecéndose un límite máximo segundo a antigüidade da vivenda.

Estas axudas van destinadas exclusivamente a persoas físicas que poñen as vivendas a disposición do Programa Aluga e permitirán subvencionar ata o 75 por cento do custe das reformas, cun límite de subvención de 3.000 euros para vivendas de menos de 10 anos de antigüidade e 5.000 euros para as que teñan dez ou máis anos.

As axudas do Programa Aluga son compatibles coas axudas Renove para a rehabilitación de vivendas establecidas no Plan de Vivenda 2009-2012, podendo chegar en conxunto ata un máximo 9.500 euros para vivendas de menos de dez anos e 11.500 para o resto.

Non serán obxecto de subvención as pequenas reparacións ou reposicións que requira unha vivenda para o seu arrendamento, entendendo por tales aquelas cuxo presuposto total estimado non exceda de 300 euros.

- Subvención de gastos derivados do aluguer, en contía equivalente de ata o 50% do importe do recibo do Imposto de Bens Inmóbles (IBI) da última anualidade vencida, co límite de 100 euros por vivenda. Esta axuda non se contemplaba nos anteriores programas de alugueiro.

Finalmente, suprímense os gastos de xestión previstos no anterior programa, que obrigaba aos propietarios a pagar por este concepto entre o 2 e o 4 por cento da renda, mantense por conta do IGVS o seguro multirrisco e de asistencia xurídica e serán por conta dos propietarios das vivendas os seguros de impago de rendas.

<b>PROGRAMAS</b>	<b>1.- Programa Aluga</b>
ORZAMENTO 2010-2012	32.000.000
OBXECTIVOS QUE DESENVOLVE	1, 2, 3

### **Aloxamentos protexidos**

Os aloxamentos protexidos son edificios ou conxunto de edificios destinados a colectivos especialmente vulnerables con dereito de atención preferente ou a outros colectivos específicos como persoas relacionadas coa comunidade universitaria ou investigadores e científicos.

A superficie útil de cada aloxamento será como mínimo de 40 metros cadrados útiles, cun máximo de 45 metros cadrados útiles. Adxudícanse sempre en arrendamento.

No caso de que exista, será tamén protexida a superficie útil correspondente a servizos comúns ou asistenciais a cal non poderá exceder do 30% da superficie útil dos aloxamentos e conformarán un conxunto residencial integrado ao servizo das persoas residentes no mesmo.

Os promotores de estes aloxamentos poderán acollerse ao mesmo sistema de financiamento que os promotores de vivendas protexidas para arrendamento a 25 anos, de réxime especial cando se trate de aloxamentos para colectivos especialmente vulnerables, ou de réxime xeral para os aloxamentos destinados a outros colectivos específicos. Ademais, subvención autonómica de 200 euros por metro cadrado útil e subvención estatal de 320 euros para colectivos específicos ou 500 euros por metro cadrado cando se dirixan a colectivos vulnerables.

<b>PROGRAMAS</b>	<b>2.- Aloxamentos protexidos</b>
ORZAMENTO 2010-2012	29.500.000
OBXECTIVOS QUE DESENVOLVE	1, 2,4

### **Promoción de vivendas protexidas para alugueiro**

Trátase dun programa do Plan de Vivenda a través do cal se promover a construción, por parte de promotores privados, de vivendas protexidas con destino ao alugueiro. O réxime de alugueiro esténdese por un período mínimo de 10 ou 25 anos, en función das axudas percibidas polo promotor. Os prezos de alugueiro son limitados, en función do disposto no Plan de Vivenda.

Os promotores das vivendas protexidas en alugueiro reciben subvencións entre 250 e 350 euros por metro cadrado útil de vivenda cando se trata de alugueres a 25 anos e entre 200 e 265 euros por metro cadrado útil de vivenda en alugueres a 10 anos.

Ademais teñen dereito a préstamo subsidiado. A subsidiación oscila entre 100 e 350 euros por cada 10.000 euros de préstamo, en función do réxime baixo o que se califican as vivendas.

<b>PROGRAMAS</b>	<b>3.- Axudas á promoción de vivendas protexidas para alugueiro</b>
ORZAMENTO 2010-2012	31.000.000
OBXECTIVOS QUE DESENVOLVE	1, 2,

### **Aluguer a dez anos con opción de compra**

Nos contratos de arrendamento con opción de compra de unha vivenda protexida, o prezo máximo de venda transcorridos os dez anos de arrendamento será de 1,5 veces o prezo máximo de referencia establecido na calificación provisional. Nos municipios de prezo máximo superior poderá acadar 1,7 veces o mesmo prezo. Do devandito prezo, deducirase, en concepto de pagos parciais o 30% da suma dos alugueres satisfeitos polos inquilinos.

<b>PROGRAMAS</b>	<b>4.- Alquiler con opción de compra aos dez anos</b>
ORZAMENTO 2010-2012	5.500.000
OBXECTIVOS QUE DESENVOLVE	1, 2,5

## **EIXO 4.- SOLO RESIDENCIAL PARA VIVENDA PROTEXIDA**

### **PRINCIPIOS**

O desenvolvemento de solo residencial con destino á construción de vivendas protexidas é unha medida eficaz para garantir a promoción deste tipo de vivendas nas zonas onde existe maior demanda das mesmas. Estas actuacións por parte das administracións públicas constitúen, ademais, un instrumento para ordenación do territorio e a articulación urbanísticas das vilas e cidades galegas.

As políticas relacionadas con desenvolvemento de solo urbanizable e os seus usos constitúen un dos puntos de interese manifestado unanimemente polos integrantes desta mesa de Diálogo Social, que consideran necesario realizar as actuacións públicas en función da demanda real existente, de maneira que se optimicen os recursos para obter os resultados que mellor respondan ás necesidades reais de cada momento.

Nesta liña, o IGVS desenvolve solo residencial para vivenda protexida nas principais cidades galegas, adquirindo e urbanizando solo para a posterior venda das parcelas resultantes a promotores privados, co compromiso de construír nas mesmas exclusivamente vivendas protexidas. O IGVS tamén constrúe vivendas de promoción pública en parte das parcelas que urbaniza.

O IGVS tamén adquire solo residencial para a construción de vivendas de promoción pública a través da cesión do mesmo por parte dos Concellos, que en contrapartida reciben o 10 por cento da superficie edificada, ben sexan vivendas ou locais. As cesións de solo por parte dos concellos vincularase aos datos de demanda real de vivendas de promoción pública que arroxe o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda.

### **OBXECTIVOS**

- 1.- Dotación de solo residencial para vivenda protexida
- 2.- Modular o prezo de venda e renda das vivendas
- 3.- Dinamización do sector da construción
- 4.- Xerar emprego

### **Solo residencial para vivanda protexida**

As actuacións directas do Instituto Galego da Vivenda e Solo consisten na adquisición de solo, tramitación dos documentos urbanísticos e urbanización do mesmo. Posteriormenteponse a disposición dos promotores privados, por medio dun concurso de venda. O solo urbanizado polo IGVS e vendido a promotores privados so pode destinarse á construción de vivendas protexidas.

O IGVS resérvase unha parte do solo urbanizado para a construción de vivendas de promoción pública.

<b>PROGRAMAS</b>	<b>1.- Promoción de solo residencial para vivanda de protección autonómica (VPA)</b>
ORZAMENTO 2010-2012	20.000.000
OBXECTIVOS QUE DESENVOLVE	1, 2, 3, 4

<b>PROGRAMAS</b>	<b>2.- Promoción de solo residencial para vivendas de promoción pública (VPP)</b>
ORZAMENTO 2010-2012	3.000.000
OBXECTIVOS QUE DESENVOLVE	1, 2, 3, 4

## EIXE 5.- OUTRAS MEDIDAS EN MATERIA DE VIVENDA

A Mesa acorda que, ademais dos programas antes sinalados, deben de impulsarse outras medidas de dinamización do sector e de protección de outros sectores especialmente vulnerables.

Nesta liña esbózanse unha serie de medidas que poderían poñerse en marcha para facilitar a recuperación do sector empresarial e ampliar coberturas para colectivos en dificultade.

1.- A Lei 6/2008, de 19 de xuño, contempla a reserva de ata o 40 por cento de solo para vivenda protexida.

Entendese que a reserva de solo para vivenda protexida debe estar axustada o numero de demandantes tanto reais como potenciais existentes en cada localidade. Deste xeito parece oportuno estudar unha formula pola que, mantendo ese máximo do 40 por cento, esta reserva poida ser modulada cun índice que se establecerá en función do número de inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda Protexida de Galicia, en relación coa poboación total do concello, cas estimacións de crecemento e cos anos de duración do plan de ordenación municipal.

2.- O Instituto Galego da Vivenda e Solo, ben directamente ou por medio das empresas públicas Xestur, ven desenvolvendo solo residencial destinado á construción de vivendas protexidas por parte de promotores privados.

Ata o de agora o destino habitual de ditas vivendas era a venda, acolléndose os adquirentes aos beneficios do Plan de Vivenda vixente.

Nos últimos tempos, e motivado pola situación de crise en que se atopa o mercado inmobiliario, estase producindo o feito de que concursos de venda de solo residencial quedan desertos ou non se venden a totalidade das parcelas.

A venda destes solos con destino á construción de vivendas protexidas en alugueiro, dando facilidades aos promotores para a súa adquisición constitúe unha vía axeitada para fomentar a promoción de vivendas protexidas e poñer no mercado vivendas en réxime de alugueiro a prezos moi competitivos.

Os promotores disporían de facilidades para o pago do solo adquirido, comprometéndose a destinalo á construción de vivenda protexida en alugueiro a 10 anos (coa posibilidade de alugueiro con opción de compra) ou a 25 anos, prazos establecidos no Plan de Vivenda.

### 3.- Novas medidas fiscais.

Reducción do Imposto de Actos Xurídicos Documentados na adquisición de vivendas (reducción do 25% con carácter xeral e do 33% cando se trate da primeira compra de vivenda habitual) e reducción na mesma proporción do Imposto de Actos Xurídicos Documentados para os préstamos hipotecarios que financien estas compras.

Reducción do 15% do Imposto de Transmisión Patrimoniais na compra de vivendas que vaian ser obxecto de rehabilitación ou reforma.

Reducción do 100% do Imposto de Actos Xurídicos Documentados para a constitución de préstamos hipotecarios destinados á cancelación doutras hipotecas destinadas á adquisición de vivenda habitual.

### 4.- Novas liñas de traballo.

Estanse a analizar as novas liñas de colaboración con promotores de vivendas e as entidades financeiras que actúan en Galicia co obxectivo de establecer novas liñas de traballo que faciliten o acceso á vivenda, en compravenda ou en alugueiro, aos cidadáns e, ao mesmo tempo, dinamicen os sector da promoción e a construción e faciliten a saída ao mercado do stock de vivendas construídas e sen vender.

En función do resultado do citado análise e, no seu caso, unha vez definidas as liñas de actuación, serán analizadas pola comisión de seguimento do presente acordo para concretar os criterios definitivos.

## **SEGUIMIENTO, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN.**

Realizarase un seguimento e avaliación permanentes do presente acordo, que se estenderá tamén á análise da eficacia das distintas liñas cara á súa posible revisión de acordo coas necesidades que se detecten.

A avaliación, e no seu caso, desenvolvemento dos temas obxecto do presente acordo realizaranse a través da Mesa 3 “Infraestruturas e Desenvolvemento Sostible”, que contará coa presenza dos mesmos representantes das organizacións do Diálogo Social en Galicia: Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), UGT-Galicia, SN de CC.OO de Galicia, e a Xunta de Galicia.

Esta comisión reunirse cada ano e sempre que unha das partes así o solicite por razóns de urxencia ou oportunidade.

## **5.- Acordos relativos ao benestar e á cohesión social**

Bases para a elaboración da Lei galega de inclusión social

Proxecto de decreto polo que se desenvolve a Lei 13/2008 de servizos sociais no relativo ao Consello Galego de Benestar Social

Proxecto de decreto polo que se regula a composición e funcionamento da Mesa Galega de Servizos Sociais

O día 18 de febreiro constitúese no marco do proceso de Diálogo Social a Mesa de Políticas de Benestar e Cohesión Social, e acórdase, en canto aos temas obxecto de debate, a seguinte distribución por temáticas e orde de prioridade:

- 1.º Risga-Protección social
- 2.º Dependencia
- 3.º Inclusión social
- 4.º Sanidade
- 5.º Educación

Con posterioridade, na propia Mesa decidiuse a conveniencia de refundir nun único apartado os números 1.º e 3.º.

Esta Mesa n.º 4 dá continuidade ao Diálogo Social desenvolvido en 2007, concretamente aos preacordos acadados na Mesa n.º 5 no devandito período.

Así, tal e como se reflicte na acta n.º 20 –e que está referida ás deliberacións e acordos acadados na reunión da mesa do 25 de abril de 2007–, no contexto do debate sobre o articulado do daquela *borrador de proxecto de lei de servizos sociais de Galicia*:

- Promoveuse a inclusión no texto do devandito proxecto dunha “*disposición adicional na que se inste á modificación da Lei da Risga en Galicia*”.
- No tocante ao título IV (Órganos consultivos e de participación), -ademais do xa considerado Consello Galego de Benestar Social- “*os membros presentes na Mesa amosan a súa conformidade sobre a creación dun órgano tripartito de participación institucional, que se regulará mediante a introdución dun novo artigo no Título IV, no que se regulará a súa creación, funcións e composición*”.

En coherencia co sinalado, esta Mesa centrou o seu primeiro grupo de asuntos para tratar arredor dos seguintes temas:

- 1.- Diagnose da Risga
- 2.- Bases para a elaboración do anteproxecto de lei de inclusión social de Galicia
- 3.- Borrador de proxecto de decreto polo que se desenvolve a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no relativo ao Consello Galego de Benestar Social
- 4.- Borrador de proxecto de decreto polo que se regula a composición e o funcionamento da Mesa Galega de Servizos Sociais

Como resultado das deliberacións levadas a cabo nas oito reunións celebradas, os membros da Mesa 4, Políticas de Benestar e Cohesión Social, do actual proceso de Diálogo Social en Galicia, Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), UGT-Galicia, SN de CCOO de Galicia e a Xunta de Galicia, respectando os compromisos acadados no anterior proceso de Diálogo Social, reflectidos na primeira disposición derradeira na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, sobre a obrigatoriedade de revisar a regulación legal de renda de integración social, acordan elevar á mesa de coordinación os preacordos que deseguido se relacionan:

1.- Diagnose e oportunidade. Xustificación da necesidade dunha Lei galega de inclusión social

2.- Bases para a elaboración do anteproxecto de lei de inclusión social de Galicia

3.- Borrador de proxecto de decreto polo que se desenvolve a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no relativo ao Consello Galego de Benestar Social

4.- Borrador de proxecto de decreto polo que se regula a composición e o funcionamento da Mesa Galega de Servizos Sociais

5.- Constitución dunha comisión de seguimento para a supervisión do cumprimento dos acordos acadados, que contará coa presenza dos mesmos representantes das organizacións que conforman a Mesa 4, Políticas de Benestar e Cohesión Social, do actual proceso de Diálogo Social en Galicia. Esta comisión de seguimento reunirse catro veces ao ano e sempre que unha das partes así o solicite por motivos de urxencia ou oportunidade.

6.- Redactar á maior brevidade e con anterioridade á elevación definitiva para acordo dos devanditos preacordos unha proposta de proxecto de Lei de inclusión social de Galicia en forma de texto articulado, de memoria económica e un cadro de indicadores básicos para o seguimento das medidas reguladas na nova Lei, que se deberán ter en conta na avaliación e control realizados polo Consello Galego de Benestar Social e a Mesa Galega de Servizos Sociais.

Apróbanse, segundo o exposto, os seguintes acordos:

## DIAGNOSE E OPORTUNIDADE.

### XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DUNHA LEI GALEGA DE INCLUSIÓN SOCIAL

#### A) No Ano Europeo de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social

Entre os obxectivos establecidos para o ano 2010, declarado Ano Europeo de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social, inclúese o de recoñecemento de dereitos ás persoas que viven nesas situacións. Así se expresa o documento marco estratéxico da Comisión: “Recoñecer o **dereito fundamental** das persoas que se atopan en situación de pobreza e exclusión social a **vivir con dignidade** e a desempeñar un **papel activo** na sociedade”. Desta maneira, a acción pública debe enfocarse decididamente a fomentar a autonomía destas persoas, a través do acceso a uns ingresos dignos e a servizos de interese xeral.

Ao ano seguinte da publicación da Lei 9/1991 galega de medidas básicas para a inserción social, o Consello instou os Estados membro a recoñecer o dereito fundamental da persoa a recursos e prestacións suficientes para vivir conforme á dignidade humana, dentro dun **dispositivo global e coherente** de loita contra a exclusión social. E incluso referiu, nos principios básicos do recoñecemento, “o acceso a este dereito sen límite de duración, sempre que se cumpran as condicións de acceso e quedando entendido que, concretamente, o dereito poderá asignarse por períodos de tempo limitados pero renovables”. Pero o máis relevante é que outorgaba a este dereito un carácter auxiliar respecto dos demais dereitos en materia social, derivado da necesidade de establecer, como obxectivo paralelo ás políticas públicas en materia de benestar, a reinserción das persoas máis vulnerables nos sistemas de dereito xeral. Deixábase claro, así, que os programas de **renda mínima** debían ser **compatibles e articulados** coa incitación á busca de **emprego**.

En coherencia, xa no ano 2009, o Consello da Unión Europea, mantendo que a mellor protección contra a pobreza e a exclusión social é o emprego de calidade para as persoas que poden traballar, recoñece que para as que non poden é preciso prever “axudas aos ingresos” e fomentar a súa “participación social”.

A **inclusión activa** aparece como unha das prioridades dos Estados membro nos informes estratéxicos nacionais. A mensaxe clave neste respecto é a necesidade de deseñar **estratexias globais que combinen**

**medidas de acceso a uns ingresos mínimos con outras orientadas aos mercados de traballo inclusivos** e ao acceso a servizos de calidade.

De todo o anterior, e incorporando obxectivos promovidos pola Unión Europea para as políticas de inclusión activa, dérivase a necesidade de aplicar unha estratexia baseada en principios de actuación dirixidos a:

- Abordar a complexidade e especificidade das situacións nas que se atopan as persoas que pertencen aos grupos máis vulnerables e as súas necesidades.
- Promover a igualdade de oportunidades das persoas, traballando na redución dos atrancos que dificulten a súa participación na vida económica, social e cultural.
- Mellorar a cohesión territorial tendo en conta as especificidades locais e rexionais.
- Recoñecer e facer efectivo o dereito da persoa a gozar dunhas condicións de vida dignas. Para iso deberáselles asegurar ás persoas un nivel mínimo de renda que se relacione co acceso aos servizos públicos básicos do Estado social.
- Manter de maneira autónoma, pero **estratexicamente vinculadas**, as rendas mínimas de carácter social con aquelas dirixidas á activación da persoa cara ao mercado de traballo. Trátase de dotar as primeiras dun carácter auxiliar das segundas, e concibilas para as persoas que non están, aínda, en disposición de acceder ao emprego por motivos de carácter social, de saúde ou daqueles outros que supoñan unha imposibilidade temporal máis ou menos limitada.
- Modular as contías destas dúas modalidades de rendas mínimas para que non desincentive “a incorporación ao mercado laboral dalgúns segmentos, como é o caso das persoas traballadoras pouco cualificadas con perspectivas de soldos baixos”.

## **B) DIAGNÓSTICO DA RISGA ACTUAL**

### **B.1. Fontes de información e proceso de revisión**

Actualmente a renda de integración social de Galicia configúrase coma un dereito recoñecible que se desdobra en dous aspectos inseparables:

atender necesidades básicas mediante unha prestación económica e condicionar esta ao cumprimento dun proxecto de inserción.

Xa no momento de aprobarse a última reforma lexislativa operada a finais do ano 2004 se empezou a traballar na elaboración de diversos estudos sobre o perfil e a posible cronificación dun segmento das persoas perceptoras da prestación, para o cal se encargaron traballos para analizar o perfil das persoas perceptoras de longa duración. Con posterioridade, no ano 2007, encargouse a unha consultora xurídica un estudo comparado das normativas de todas as comunidades autónomas, para seguir a evolución que este tipo de recurso público ía adoptando na súa evolución nos diferentes sistemas de servizos sociais do territorio español.

En todo ese período, de maneira continuada, no seo da Mesa Autonómica de Seguimento e Avaliación da Risga presentáronse informes de avaliación e xestión, tanto de tipo anual como de períodos inferiores, nos que se realizou unha análise cuantitativa e cualitativa de todos os indicadores relativos á prestación.

Por outra banda, recíbense do Ministerio de Sanidade e Política Social informes semestrais de xestión (anteriormente a periodicidade era anual), que se elaboran cos datos achegados por todas as comunidades autónomas, nos cales se poden apreciar as tendencias e evolucións sobre os distintos perfís dos beneficiarios de rendas mínimas en todo o Estado.

Con todo este traballo de diagnose, entre os anos 2007 e 2009 intensificáronse os traballos de avaliación do dispositivo coa constitución dun grupo técnico de expertos/as das dúas administracións con competencia na materia (local e autonómica), cuxo traballo foi posteriormente avaliado por un segundo grupo de expertos/as do que xa formaron parte persoas alleas ás administracións públicas (sindicatos, ONG etc.), todo iso con presentación periódica destes traballos de avaliación e propostas de mellora á Mesa Autonómica de Avaliación e Seguimento da Risga.

Ao exposto debe unirse o seguimento feito e consecuente estudo dos perfís específicos das persoas beneficiarias de longa percepción da prestación da Risga, información extraída da ferramenta informática de xestión dos expedientes, así como a perspectiva e información de gran valor cualitativo que se extrae da experiencia dos tramitadores provinciais, así como da análise dos expedientes que son obxecto de recurso na propia Subdirección Xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais.

## B.2. A Risga: dimensión e evolución

O último informe anual da Risga, relativo ao ano 2009, revela que un total de 4.798 persoas perciben esta prestación en Galicia. Esta cifra culmina un incremento progresivo que se vén producindo desde o ano 2007, e inclúe un importante aumento neste último ano, no que o actual contexto de crise se manifesta xa na situación das persoas con maior vulnerabilidade.

Táboa 1. Persoas beneficiarias da Risga (2006-2009)

	<b>2006</b>	<b>2007</b>	<b>2008</b>	<b>2009</b>
A Coruña	1.755	1.726	1.717	1.655
Lugo	416	387	405	492
Ourense	679	646	658	731
Pontevedra	1.375	1.419	1.570	1.920
<b>Galicia</b>	<b>4.225</b>	<b>4.178</b>	<b>4.350</b>	<b>4.798</b>

Destaca, na táboa anterior, a redución do número de perceptores/as no ano 2007, ano no que finaliza un ciclo de crecemento e comeza un novo de recesión, que se fai notar na poboación obxecto deste dispositivo. Deste xeito, as persoas que no ciclo anterior accederon ao mercado de traballo en condicións de precariedade comezan a notar o cambio de ciclo coa súa saída do mundo laboral e a intensificación das súas problemáticas.

As tendencias evolutivas do número de persoas beneficiarias é acorde, polo xeral, coa evolución das solicitudes de acceso ao dispositivo, que tamén aumentaron de xeito significativo.


Táboa 2. Solicitudes de acceso á Risga (2006-2009)

	<b>2006</b>	<b>2007</b>	<b>2008</b>	<b>2009</b>
A Coruña	1.059	937	1.146	1.450
Lugo	263	229	279	368
Ourense	320	254	325	392
Pontevedra	920	787	918	1.326
<b>Galicia</b>	<b>2.562</b>	<b>2.207</b>	<b>2.668</b>	<b>3.536</b>

Desde o ano 2007, o número de solicitudes aumentou en 1.329, o que supón un incremento do 60 % sobre o rexistrado nese ano. A demanda da prestación aumenta especialmente no último ano, momento no que a prolongación da situación de recesión dana seriamente as oportunidades de reinserción laboral das persoas traballadoras que quedaron no paro como consecuencia das primeiras manifestacións da crise, -en Galicia no terceiro trimestre de 2008-. A finais do ano 2008 e no ano 2009, este sector de poboación comeza a esgotar o subsidio por desemprego e busca alternativas de ingresos en dispositivos do sistema de protección social. As medidas especiais de protección implantadas para persoas traballadoras que esgotaban os subsidios contiveron, non obstante, o potencial crecemento de solicitudes de Risga.

En calquera caso, a escaseza de recursos que produce o desemprego, unido á falla de apoios económicos no contorno sociofamiliar, deriva en problemáticas colaterais que intensifican a situación de pobreza e exclusión. Rexístrase o acceso recente á Risga de persoas que non a percibiran anteriormente, como se verá máis adiante.

A busca de apoios no sistema de protección social experimentouse, tamén, no incremento no número de persoas beneficiarias das axudas de emerxencia social. A redución ou carencia de ingresos das persoas e familias acúsase, xa non só na ausencia de aforro –o que impide facer fronte a imprevistos–, senón que comeza a notarse no volume de falta de pagamentos. O gráfico que segue amosa a tendencia á alza do volume de solicitudes e o acusado incremento experimentado no último ano:



Os dispositivos de axuda social vinculados directamente a apoios económicos ou de ingresos das persoas en Galicia están a soportar unha maior demanda de importante atención para evitar unha maior incidencia das situacións das persoas que se atopan por primeira vez ou novamente inmersas en circuitos de pobreza e exclusión social.

### **B.3. DIMENSIÓN E EVOLUCIÓN DOS RECURSOS ESPECÍFICOS DE INCLUSIÓN SOCIAL: PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL**

Os dispositivos do Plan galego de inclusión social acusan -como o fai o resto dos recursos do Sistema Público de Servizos Sociais- os prexuízos do actual contexto en forma de incremento de demanda e das persoas atendidas.

O II Plan galego de inclusión social iniciouse no ano 2007, xusto antes do comezo da desaceleración económica, que aínda non tiña incidencia significativa en Galicia. No seu comezo traballaban unicamente os oito equipos urbanos de inclusión sociolaboral. Entre 2008 e 2009 comezan a traballar dezaoito equipos técnicos de inclusión sociolaboral. Iso aclara, en parte, que as tendencias cuantitativas de evolución sobre a participación de persoas no Plan non se teña en consideración para os efectos de valorar o impacto do contexto actual nesta medida. Non é así para o caso das tendencias cualitativas, especialmente reveladoras.

O ano 2009 rematou cun total de 9.102 persoas incorporadas ao Plan galego de inclusión social, das cales o 63 % son mulleres e un 37 % homes. Este acumulado supón un incremento en 5.633 persoas sobre o total do ano anterior. A brusquidade deste aumento non se explica só coa consolidación dos equipos de inclusión social e a posta en marcha doutros

novos, nin sequera coa mellora cualitativa da coordinación con outros departamentos do sistema: trátase tamén do impacto da situación global nas situacións individuais de risco de pobreza e exclusión social. Con iso aumenta o número de persoas que presenta un perfil axustado ao da poboación destinataria do Plan de inclusión e accede co obxecto de eliminar ou reducir os atrancos que lles impiden a súa participación social e laboral.

Do total de persoas incorporadas ao Plan de inclusión a finais de 2009, 1.286 eran perceptoras da Risga, o que representa case un 18 %. Desta poboación, un 54,5 % son mulleres. Unha de cada cinco persoas participantes percibe a Risga, o que revela que hai un número importante de persoas que non accedeu a este dispositivo que se atopa nunha situación de exclusión, non necesariamente ligada a unha escaseza de recursos –ou que esta sexa paliada con outros dispositivos ou apoios económicos–. No entanto, a escaseza de recursos supón a problemática principal do 32 % das persoas participantes no Plan. Ocupa a primeira orde de frecuencia tanto para a poboación incorporada por equipos de ámbito comarcal como polos que traballan en ámbito urbano.

Seguindo coa análise cualitativa da poboación destinataria das accións do Plan de inclusión social, a condición de inmigrante e pertenza a minorías étnicas son os factores principais de vulnerabilidade. Están presentes, respectivamente, nun 14 e 9 % das persoas incorporadas, e en ambos os dous casos son principalmente mulleres.

Xunto cos anteriores, a discapacidade é outro factor que con maior frecuencia está presente na poboación beneficiaria do Plan. Afecta a un 12 % do total de persoas incorporadas. Segundo os datos rexistrados, esta problemática, xunto coa de “adiccións” e “sen teito”, afecta en maior medida aos homes.

É importante deterse neste punto e valorar que, tanto a condición de inmigrante, como a de pertenza a minorías étnicas ou a discapacidade son factores de vulnerabilidade non directamente relacionados coa pobreza, senón coa exclusión, cando menos en primeira instancia. Os equipos do Plan de inclusión social, como se expón deseguido, realizan con estas persoas unha intervención de carácter preventivo, impedindo ou aminorando os procesos de exclusión social nos que se poden ver inmersas.

Desta maneira, a rede de equipos de inclusión sociolaboral consolídase como un recurso preventivo e paliativo con respecto á posible entrada de persoas en situación de vulnerabilidade social no dispositivo Risga. Efectivamente constitúe un reforzo, non só técnico para os recursos de

servizos sociais, senón tamén do dispositivo da Risga e doutras axudas sociais. Comprende, no seu marco, accións de diversa natureza dirixidas, por unha banda, á prevención da pobreza e a exclusión social das persoas en situación de risco, e, pola outra, a paliar as problemáticas daquelas que xa padecen unha situación de pobreza e/ou exclusión, como é o caso das que perciben Risga. Estas actuacións, que se desenvolven de xeito individual ou en grupo, están integradas nun proxecto de inserción deseñado e acordado coa propia persoa, que protagoniza o seu proceso de cambio.

Non se debe esquecer que a situación de pobreza e moito menos a de exclusión social é a consecuencia da confluencia de múltiples factores de vulnerabilidade que a miúdo non se presentan a nivel individual, senón familiar ou da unidade de convivencia. A intervención, por este motivo, debe necesariamente ter un carácter integral e abranguer diversos ámbitos de actuación, e non cingirse aos propios da intervención social.

De acordo co anterior, as actuacións que se desenvolven desde o Plan de inclusión son de diversa tipoloxía. Todas elas configuran –ou non, dependendo da pertinencia– os itinerarios personalizados para atender as especificidades, necesidades e intereses presentados pola persoa. As actividades máis frecuentes e que se están a desenvolver desde os equipos de inclusión social son orientación e asesoramento individual cara á utilización dos recursos do sistema de servizos sociais ou doutros sistemas; formación prelaboral (habilidades sociais, de promoción das competencias persoais e sociais) e de formación básica (alfabetización para adultos, obtención do graduado en ESO, alfabetización informática etc.); formación profesionalizadora, dirixida á mellora da empregabilidade da persoa (cursos con compromiso de contratación, prácticas formativas non laborais...); e accións de busca activa de emprego e de intermediación laboral dos equipos coas empresas para facilitar a finalización con éxito dos itinerarios de inserción laboral. Ademais, os equipos están a realizar accións de dinamización social para a promoción ou desenvolvemento do tecido asociativo e dinámicas sociocomunitarias.

## **B.4. ANÁLISE DA CRONIFICACIÓN DAS PERSOAS PERCEPTORAS DA RISGA**

### **B.4.1. Estrutura do universo de persoas perceptoras con relación ao factor “cronificación”**

Un dos aspectos que focalizan de maneira recorrente a atención de expertos/as, tramitadores, políticos/as e da opinión pública é a existencia

ou non dunha “cronificación” de determinadas persoas como perceptoras deste tipo de prestación, desnaturalizando a súa declarada vocación inicial de ser un recurso público de “activación”, isto é, de preparación e facilitación de acceso ao mercado de traballo.

Na táboa 3 compárase a nómina de febreiro de 2006 coa de febreiro de 2010. Esa comparación faise, ademais, por xénero e de maneira segmentada, agrupando as persoas perceptoras en catro grandes subgrupos: en primeiro lugar, o das que reciben a Risga plena (chamémoslle a “Risga A”, con todos os complementos que correspondan e sen minoracións) e a reciben por primeira vez: son persoas perceptoras novas, que nunca pasaran previamente por esta prestación. Como segundo grupo figura o das que, recibindo tamén a Risga A, o fan por segunda ou máis veces: son persoas perceptoras “repetidoras”, que tras un tempo de ausencia volven á nómina da Risga. O terceiro e cuarto grupos refírense xa a persoas perceptoras que levan máis de catro anos (e que pasaron, en consecuencia, a percibir a Risga B, equivalente á pensión non contributiva). A diferenza é que no terceiro destes grupos se sitúan os que levan dous anos ou menos nesa situación (isto é, un máximo de seis anos na Risga) e no cuarto grupo, en cambio, entran os que están máis “cronificados”, con máis de dous anos na Risga B (isto é, seis anos ou máis na Risga).

**Táboa 3. Distribución das persoas perceptoras por grupos con relación ao factor “cronificación”**

	Febreiro de 2006				Total 2006	Febreiro de 2010				Total 2010
	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres		Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	
Novos usuarios/as (Risga "A")	601	34	1148	65	1749 42%	1075	39	1687	61	2762 58%
Usuarios/as "reincorporados descontinuos" (Risga A)	573	35	1049	65	1622 39%	420	34	825	66	1245 26%
Usuarios/as de Risga B ata 2 anos (4+2=6 anos)	109	31	245	69	354 9%	101	28	260	72	361 8%
Usuarios/as de “Risga B” de máis de 2 anos (6 anos ou máis en total)	110	27	296	73	406 10%	134	33	267	67	401 8%
<b>TOTAL</b>	<b>1393</b>	<b>34</b>	<b>2738</b>	<b>66</b>	<b>4131</b>	<b>1730</b>	<b>36</b>	<b>3039</b>	<b>64</b>	<b>4769</b>

Os resultados amosados na táboa 3 resultan sumamente expresivos en varios sentidos:

- Arredor da metade das persoas perceptoras é de nova incorporación. A crise opera como acelerador neste caso. En febreiro de 2006 só era o 42 % e actualmente está no 58 %. A crise fai funcionar a Risga máis como o dispositivo para o que estivo inicialmente concibida.
- Actualmente un 26 % das persoas usuarias percibe a Risga (completa) por segunda vez (cando menos) nun itinerario de descontinuidade. Este grupo “descontinuo” perde peso con relación a períodos anteriores
- A “Risga B”, que é indicativa dunha cronificación, é percibida por un 16 % dos titulares (8 %+8 %). A crise fai diminuír levemente o “peso de crónicos”, pois estes superaban o 18 % en 2006.

A estrutura do xénero é, para todos os efectos, moi significativa:

- A Risga en xeral está feminizada: de maneira estabilizada ao longo dos anos a proporción 65/35 de homes/mulleres é relativamente estable.
- Nos “novos usuarios/as” a presenza feminina sitúase actualmente no 61 %, pero antes da crise era maior: 65 %. Nas novas incorporacións realizadas o peso dos homes é maior do “habitual”.
- Pero se atendemos ao colectivo máis cronificado (Risga B), esa porcentaxe adoita roldar o 70 % (69 % en 2010 e 71 % en 2006). En definitiva, hai case tres mulleres por cada home entre o grupo que se “estanca” na Risga.

#### **B.4.2. Factores descritivos do grupo máis cronificado de persoas perceptoras de Risga**

Resulta interesante para os efectos deste diagnóstico establecer que tendencias descritivas se observan entre as persoas perceptoras dos diversos grupos arriba citados e, máis en concreto, que diferenzas se atopan entre os grupos máis distantes: o de novas persoas perceptoras (cun período curto desde a súa entrada en nómina) e o de persoas perceptoras fortemente cronificadas: cunha estancia no dispositivo superior na data de referencia (febreiro de 2010) superior aos seis anos (catro en Risga A e 2 cando menos en Risga B).

Na táboa 4 exprésase a distribución de factores de vulnerabilidade/exclusión social para eses dous colectivos de baixa e moi alta cronificación.

**Táboa 4. Problemáticas asociadas ás persoas perceptores de Risga en función do nivel de cronificación** (en vermello os descritores que experimentan variacións máis significativas)

2010	PERCEPTORES/AS MÁIS NOVOS (perceptores/as de Risga A que nunca percibiran a Risga con anterioridade)			PERCEPTORES/AS MÁIS CRÓNIFICADOS (con máis de dous anos de estancia en Risga B)		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
MINORÍAS ÉTNICAS	8,84	13,22	<b>11,51</b>	23,88	22,47	<b>22,94</b>
DROGODEPENDENCIA	13,95	2,9	7,2	11,9	4,49	6,73
ALCOHOLISMO	11,53	2,73	6,15	17,91	2,25	7,48
MONOPARENTAL	1,67	36,1	<b>22,7</b>	1,49	41,2	<b>27,93</b>
EMIGRANTE RETORNADO	2,51	2,07	<b>2,24</b>	0,75	0,37	<b>0,5</b>
PARO	92,93	93,36	<b>93,19</b>	82,84	83,52	<b>83,29</b>
PARO MÁIS DUN ANO	13,12	9,43	10,86	15,67	7,12	9,98
DISCAPACIDADE	19,91	15,77	<b>17,38</b>	15,67	10,11	<b>11,97</b>
PROSTITUCIÓN	0,08	1,42	0,91	0,75	2,25	1,75
PRIVAC. LIBERDADE	1,3	1,07	1,16	0,75	0,75	0,75
INDIXENCIA	4,74	0,77	2,32	5,97	1,5	2,99
OUTROS	7,16	8,42	<b>7,93</b>	20,15	11,61	<b>14,46</b>
<b>TOTAL</b>	<b>177,74</b>	<b>187,26</b>	<b>183,55</b>	<b>197,73</b>	<b>187,64</b>	<b>190,77</b>

Analizando os resultados expresados na táboa 4, compróbase que:

- Os factores “minoría étnica” e “monoparentalidade” son os que experimentan un crecemento máis significativo, cando comparamos as “problemáticas” das novas persoas perceptoras coas de maior cronificación. Temos, xa que logo, que mulleres con característica de minoría étnica e cargas familiares non compartidas supoñen o continxente máis importante nese segmento de perceptores/as cronificados.
- Un factor que aumenta lixeiramente é o de alcoholismo, que, de acordo coa observación dos tramitadores, estaría relacionado co de ruralidade e afectaría máis aos homes.
- Hai descritores case neutros que teñen valores semellantes para os dous grupos extremos analizados. Porén, hai un dato revelador e paradoxal: o paro, como problemática asociada, diminúe no segmento máis cronificado. A lectura correcta deste dato ten que ver co feito de que nese segmento a procura activa dunha incorporación laboral vai desaparecendo do horizonte vital das persoas.
- Tamén diminúe de maneira significativa como factor asociado o de enfermidade física ou mental. E de maneira lixeira vai diminuindo o peso doutras problemáticas asociadas como a emigración de retorno (que practicamente desaparece como “problema” dos máis cronificados), a drogodependencia e a privación da liberdade.

#### **B.4.3 PERSPECTIVAS DE ASIGNACIÓN DAS MODALIDADES DUNHA NOVA PRESTACIÓN DE ACORDO COAS CARACTERÍSTICAS DAS ACTUAIS PERSOAS BENEFICIARIAS**

Se facemos unha extrapolación dos datos estatísticos da ferramenta informática de xestión da Risga podemos chegar a unha aproximación do impacto que terán as modalidades de pagamento e complementos que se incorporan como novidades da nova Renda de inclusión social de Galicia nestas bases.

O 40 % das persoas beneficiarias, como máximo, podería acceder ao novo complemento de aluguer, ao ser esta a porcentaxe de beneficiarios/as que actualmente reside nunha vivenda alugada, aproximadamente dúas mil persoas beneficiarias.

Doutra banda, o 55 % das novas persoas perceptoras –arredor de dúas mil cincocentas– percibiría os complementos correspondentes ao tramo

persoal e familiar, no que se refire aos conviventes, maiormente menores, chegándose a esta conclusión ao analizar que este é o número de persoas beneficiarias que actualmente percibe a Risga, dado que existe máis dunha persoa na unidade de convivencia.

En canto á incorporación ao tramo de inserción, que máis adiante se caracteriza e que debe ter un claro contido de activación cara ao emprego (incluíndo no itinerario actuacións de formación en aspectos de capacitación laboral e prelaboral), pódese facer unha estimación de potenciais persoas usuarias deste tramo baseada na estrutura de proxectos de inserción da actual Risga. Con esta metodoloxía, imputaríamos a totalidade dos proxectos de carácter laboral, así como os de carácter prelaboral. Ademais, consideraríamos como hipótese de cálculo a adición do 50 % dos proxectos de natureza mixta.

Desta maneira chegamos á conclusión de que o número de persoas beneficiarias nese tramo se achegaría ás 3000. (Na táboa 5 exprésanse os criterios de cálculo e os valores porcentuais e absolutos de cada categoría de proxecto, para o que se parte da base de 4.800 usuarios/as actuais):

**Táboa 5. Estimación de persoas usuarias no tramo de inserción**

<b>Tipo de proxecto na Risga actual</b>	<b>%</b>	<b>Valor absoluto</b>	<b>Imputación estimada</b>
Prelaboral	27,3	1.310	1.310
Laboral	7,11	336	336
Mixto	49,3	2. 352	1.176
Total			<b>2.822</b>

## **B.5. ASPECTOS SALIENTABLES EN RELACIÓN COA REFORMULACIÓN DA RISGA**

Como resultado da experiencia acumulada e dos procesos de avaliación emprendidos a diferente nivel, extráense significativas conclusións. Logo de máis de quince anos de xestión, e despois de dúas reformas parciais do dispositivo, mediante as respectivas reformas lexislativas, apréciase que a Risga se atopa ante dous grandes grupos de beneficiarios/as:

1. Os fogares “activables”: constituídos por persoas con máis capacidades e con posibilidade real de inserción social e laboral que, normalmente, cun curto período de tempo no dispositivo e cun adecuado proxecto de inserción, acceden ao mercado laboral.
2. Fogares de moi difícil activación: nos que hai persoas con máis dificultades, nos que habería que traballar e xerar procesos de cambio de carácter persoal e social, etc., cambios que, en calquera caso, son anteriores ao laboral: actitudes, habilidades, novos hábitos etc.

Trátase, este último, dun colectivo de fogares de difícil tipificación, case sempre multi-problemáticos: con frecuencia preséntase a situación de minoría étnica, chabolismo e monoparentalidade; pódense mesturar, ademais, factores de tóxicodependencia, alcoholismo etc., ao que se pode engadir, en certos casos, unha instalación na cultura da marxinalidade, con economías marxinais e somerxidas, e un especialmente baixo “capital humano” (educación, formación e habilidades básicas por debaixo dos estándares mínimos esixidos polo mercado de traballo).

Percíbese neste segmento de fogares unha certa cronificación da súa situación, ao constituír un núcleo duro do paro e da pobreza estruturais na que o éxito dos proxectos de inserción é moi baixa. Esta situación abordouse parcialmente en dúas etapas:

- Nunha primeira fase, no ano 1999, estableceuse un límite temporal de catro anos consecutivos de percepción, intentando con iso paliar a cronificación dunha prestación inicialmente pensada para manterse o tempo necesario para acadar a integración da persoa beneficiaria, concedida por un ano con sucesivas revisións anuais.
- Nunha segunda fase, a finais de 2004, foi introducida unha excepción ao límite temporal de catro anos de percepción, instaurado no ano 1999, coa denominada, entre os xestores, “Risga B”, cunha posibilidade de permanencia no dispositivo das persoas perceptoras con máis de catro anos de antigüidade, que pasan a beneficiarse dunha renda minorada (equivalente na súa contía á PNC). A efectividade desta reforma foi indubidable, pero limitada:
  - non parece que sexa unha medida suficiente para abordar a problemática estrutural da que estamos a falar;
  - desnaturaliza a Risga actual (excepción que se converte en regra e cambia a natureza da norma);
  - incrementou e complicou a xestión.

Con ser moi importante o apuntado anteriormente, o maior problema da actual Risga deriva das contradicións que se foron producindo entre a súa intención inicial e a realidade da súa aplicación.

A concepción inicial dunha renda mínima “condicionada” de maneira estrita á participación nun proxecto de inserción significaba que a Risga nacía como unha contraprestación pecuniaria a cambio da implicación nunha serie de actividades programadas en forma de proxecto de inserción. A razón foi posiblemente unha prevención fronte á hipotética creación dun dispositivo que tivese un efecto de “estímulo da preguiza”. Neste esquema trátase de beneficiar unicamente:

- ao que quixer saír da exclusión e iniciase o proceso de “activación”
- e por un tempo taxado: en tanto non conseguise outras rendas derivadas do seu propio traballo que superasen a súa Risga.

A consecuencia inmediata foi, por unha banda, a “formalización xeneralizada para todos e cada un dos casos” de proxectos de inserción, formalización mediante a cal quedaba “xustificada” a existencia daquela vontade de auto-activación; e, pola outra, o establecemento dunha complicada maquinaria de control, de cálculo e de revisión de contías.

Considerar a contía efectiva de cada Risga como o resultado dunha resta entre o que “se podería cobrar de Risga sen traballar en nada” e os ingresos que se obteñen por pequenos traballos ou por participar en cursos de formación, tivo como resultado, no mellor dos casos, o **ocultamento** das actividades (laborais e mesmo formativas) e, no peor, a **desincentivación** da busca activa de saídas da exclusión laboral.

Desta maneira, un recurso concibido para estimular a inserción mediante formación-emprego pasou a actuar nunha proporción significativa de casos como **mecanismo favorecedor da economía somerxida, da pequena fraude e da desactivación da poboación excluída**. Nestes casos a Risga actuou como disuasoria do que orixinariamente pretendía estimular: a activación da poboación excluída, a estimulación e incentivación de saídas formativas e laborais, a “posta en proceso”.

**C) As políticas activas de emprego cos sectores en risco de exclusión: TRANSVERSALIDADE e confluencia de “traballo” e “benestar” (servizos sociais)**

Tal e como se recolle tanto no primeiro como no segundo Plan galego de inclusión social, a exclusión social é un fenómeno multifactorial e, consecuentemente, “o desafío da transversalidade preséntase como o máis importante á hora de reorientar as políticas de inclusión social”. A este respecto a propia formulación do IIPGIS insiste na importancia da **inclusión polo emprego**: non só polo feito obvio de que “a remuneración do traballo é a principal vía para a obtención de **rendas familiares**”, senón porque a “ocupación laboral se constitúe como un importante mecanismo de **participación social**”.

Pártese agora da necesidade de protocolizar a conexión entre os itinerarios que se levan a cabo polos servizos sociais comunitarios específicos (equipos do Plan de inclusión) e os que son responsabilidade da área de Traballo, para que desemboquen nunha acción positiva eficaz que permita acadar un maior éxito na reinserción social dos usuarios/as.

Esa **interacción entre servizos sociais-políticas de emprego** encontra no marco organizativo actual da Xunta de Galicia unha oportunidade privilexiada, ao confluíren ambas as dúas áreas no mesmo departamento: Consellería de Traballo e Benestar.

As potenciais persoas beneficiarias das medidas a favor da inclusión social forman en gran medida parte do denominado “**paro estrutural**”, e, entre os factores de exclusión máis determinantes, está precisamente o do paro de longa duración ou, para certos grupos de idade, o paro sobrevido a raíz de determinadas crises e reconversións sectoriais. Aquel “núcleo duro” do paro estrutural está nutrido por grupos de poboación activa nos que conflúen, normalmente, varios factores de exclusión: eses son os “clientes/as” habituais dos plans de inclusión e da renda de integración social de Galicia.

Na práctica administrativa dos departamentos de Traballo e de Benestar nos últimos anos desenvolvéronse xa, de maneira máis ou menos coordinada segundo os casos, actuacións a prol da inclusión sociolaboral daqueles colectivos.

A intervención a través da metodoloxía de **itinerarios individualizados** (IPIS) é xa, nestes momentos, común aos servizos sociais (equipos do Plan de inclusión social) e ao servizo público de emprego de Galicia. É necesario conectar eses dous itinerarios, reforzalos e evitar duplicacións.

As **empresas de inserción** son outro ámbito clave de confluencia e coordinación por tratarse, ademais, dun recurso específico para persoas con especial dificultade de inserción laboral. Neste caso, ademais, cómpre aproveitar a Lei de inclusión de Galicia para adaptar a súa regulación aos aspectos básicos da lei estatal que foi publicada con posterioridade ao decreto galego.

Na mesma liña é necesario establecer sistemas de coordinación efectiva entre as actuacións dos sistemas de servizos sociais e emprego nos eidos de economía social, formación para o emprego e promoción do autoemprego.

## **5.1. Bases para a elaboración da Lei galega de inclusión social**

A elaboración das bases e do consecuente proxecto de lei de inclusión social de Galicia parte das seguintes consideracións:

- A necesidade de **revisar a normativa** galega sobre inserción social e loita activa contra a pobreza e a exclusión social está presente nos últimos anos tanto nos foros de participación –mesas de Risga, Mesa de Diálogo Social, Consello Galego de Servizos Sociais, grupos de traballo e foros de expertos/as arredor do Plan galego de inclusión e a Lei de servizos sociais de Galicia etc.-, así como nas entidades do sector e plataformas cidadás interesadas e comprometidas cos máis vulnerables. Ademais, desde a aprobación da Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, a reforma da Risga é unha das obrigas de desenvolvemento lexislativo daquela norma de rango legal.
- Durante o ano 2008 iniciouse un proceso de discusión das bases para a reforma da Lei da Risga (Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social e reformas posteriores). Non obstante, a evolución das políticas sociais e a súa complexidade e transversalidade puxeron en evidencia que calquera reforma parcial ou departamentalizada das medidas contra a exclusión era **insuficiente**.
- Cómpre avanzar no novo contexto de organización político-administrativa da Xunta de Galicia (contexto que facilita a coordinación efectiva das políticas sociais e de inclusión laboral), nunha **lei máis ambiciosa**, con incidencia claramente **transversal** e na que se revisen e poñan os fundamentos non só das medidas básicas (Risga, AES, equipos de inclusión) de actuación que dependen do sistema galego de **servizos sociais**, senón que integre e coordine a **inserción laboral** –integrando liñas de actuación específicas como as empresas de inserción e outras con colectivos de difícil inserción laboral.
- Estamos logo diante dunha Lei galega de inclusión social que aborde:
  - As **prestacións económicas** de activación/inserción vinculadas a itinerarios de traballo social personalizado e que se desenvolven desde os servizos sociais.

- Os itinerarios de inserción **sociolaboral** e accións positivas con grupos vulnerables realizados no marco do **Plan galego de inclusión social**.
- O marco de estímulo e promoción do emprego con colectivos de difícil inserción que se desenvolve desde a Administración laboral galega (políticas de acción positiva, nomeadamente as **empresas de inserción** e os estímulos á creación de emprego destes colectivos).
- Nestas bases defínese unha nova **renda de inclusión social de Galicia**, que substitúa a renda de integración social de Galicia, e na que se parte do recoñecemento de dous dereitos, relacionados e parcialmente vinculados, pero non condicionados e, ademais, compatibles:
  - O dereito a un **mínimo vital**, reforzado nos casos de presenza de persoas que conviven con menores.
  - O dereito a un **apoio sistemático e coherente** por parte dos poderes públicos que compense os déficits acumulados de oportunidades, apoio que se concreta na oferta de participación en itinerarios personalizados e financiados de inserción sociolaboral.
- Na configuración desta nova renda considéranse os seguintes tramos
  - Persoal e familiar.
  - Inserción.
  - Transición ao emprego.
- No tramo **persoal e familiar subsumiríanse as actuais axudas de integración ao menor**.
- Créase un tramo de inserción, que representa un salto cualitativo e cuantitativo na intensidade da prestación. Neste tramo, vinculado a un convenio de inclusión, nos que se plasman os compromisos dos servizos públicos e das persoas beneficiarias, establécese un proxecto formativo á medida orientado á incorporación laboral.
- Introdúcese a posibilidade de incluír un novo complemento de **transición ao emprego** co fin de favorecer o acceso a un traballo normalizado por parte das persoas beneficiarias.

- Determínase a **duración** da prestación en función do tramo. No caso do tramo básico persoal a prestación non ten un límite inicial predeterminado, e será prorrogable, tras a correspondente revisión, mentres se manteñan as circunstancias que xustificaron o seu outorgamento, se manteña a vinculación efectiva co sistema galego de servizos sociais e a avaliación e prescrición positiva, como recurso idóneo, polo técnico/a de servizos sociais de referencia.
- Impúlsanse **políticas activas de inclusión** coa consolidación legal das estratexias de actuación iniciadas no I e o II Plan galego de inclusión, que se coordinan estratexicamente coa nova renda. Isto concretarase no seguinte:
  - Unha **territorialización** que asegure unha presenza e apoio técnico ás dinámicas de inclusión social en toda Galicia.
  - A mellora na **coordinación** transversal e a integración de actuacións específicas con colectivos de alta presenza na actual Risga, que poden facer máis efectiva a estratexia galega de inclusión social (servizos comunitarios+Risga+Plan de inclusión+actuacións de Traballo+acceso á vivenda).
  - A xeración de **convenios individuais de inserción** sociolaboral ou prelaboral, con verdadeiros contidos avaliábeis, cunha secuencia de actividades e valoración dos resultados tecnicamente supervisados e motivados.
- Establécese unha nova modalidade de **axudas de necesidade** que, ademais do carácter de axudas de emerxencia social para situacións extraordinarias, fagan énfase no reforzo específico a procesos de inclusión social en circunstancias adversas sobrevidas, financiando novas situacións que a actual normativa non prevé.
- Establécense unhas **contías diferenciadas en función do tramo** e dos compromisos incorporados no proxecto de traballo social ou no convenio de inclusión.
- Regúlase a **compatibilidade** da renda mínima coas rendas do traballo esporádicas ou descontinuas de menor contía e bolsas formativas como estímulo para a mellora da empregabilidade.
- Establécese a compatibilidade e a exención de cómputo, no caso de menores, das axudas periódicas por fillo/a a cargo e da axuda extraordinaria por nacemento de fillo/a ou adopción.

- Refórzanse os instrumentos de relación interadministrativa a fin de garantir unha actuación coordinada por parte dos diferentes departamentos do Goberno galego que desenvolvan políticas públicas que incidan na problemática da exclusión social.

Apróbase segundo o exposto, o seguinte acordo:

## BASE 1

**DEFINICIÓN DA RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA  
COMO UN DOBRE DEREITO SUBXECTIVO**

A nova renda de inclusión social de Galicia crea **dereitos subxectivos**.

Configúrase como un conxunto articulado de medidas destinadas a garantirles ás persoas en situación ou risco de exclusión social un **dereito** a:

- Un **mínimo vital** en función das características do núcleo de convivencia e
- Unha **oportunidade real de inclusión** sociolaboral con apoio profesional desde o Sistema Galego de Servizos Sociais e o Sistema Público de Emprego.

A nova renda de inclusión social de Galicia recoñecería dous dereitos, vinculados, pero non condicionados entre si, e compatibles:

- o Dereito a un mínimo vital.
  - Establecido a partir da valoración da existencia obxectiva de necesidade (ausencia ou déficit de ingresos) e dunha situación de exclusión.
  - Configurándose sobre a base da esixencia de **vinculación coa rede de servizos sociais** e un **proxecto de traballo socio-educativo**, e, no caso da presenza de **menores**, un proxecto que garanta unha axeitada integración socio-familiar e socialización dos e das menores.
- o Dereito á participación en **itinerarios** personalizados e incentivados de inclusión **sociolaboral** (convenios de inclusión) coas seguintes características:
  - Alta esixencia.
  - Salto cualitativo no incentivo económico.
  - Criterio amplo de compatibilidade.

Tendo en conta o exposto, a renda de inclusión social de Galicia configuraríase como unha prestación económica adaptada ás circunstancias valoradas das persoas perceptoras e que ten por obxecto asegurar recursos económicos mínimos, reforzar a integración e calidade

de vida das persoas menores no seu ámbito familiar e a inserción social e laboral das persoas en situación ou risco de exclusión.

Para os efectos citados determinarase dentro da unidade de convivencia a persoa compoñente desta que deba ser considerada a titular da prestación, establecendo que as mulleres, en igualdade de condicións, deben ter prioridade para ostentar a devandita condición, sen prexuízo de que o traballo social e os obxectivos de inserción laboral se poidan centrar tamén noutros membros da unidade de convivencia.

Doutra banda, a renda de inclusión de Galicia terá carácter alimenticio, persoal e non transmisíbel, e non poderá ser obxecto de embargo ou retención nin darse en garantía de obrigas, tendo carácter subsidiario (ou complementario cando así se determine) de calquera outro ingreso.

Outra novidade é que **desaparecería o límite máximo de idade de 65 anos**, aínda que coa particularidade de que a nova renda de inclusión será incompatible coa percepción (ou dereito á percepción) de pensións non contributivas ou calquera outra pensión ou prestación pública de contía igual ou superior á da pensión non contributiva individual. En calquera caso, veranse beneficiados **emigrantes retornados maiores de sesenta e cinco anos** que non teñan dereito a outra prestación ou que dispoñan de pensións de moi escasa contía.

## BASE 2

### PERSOAS BENEFICIARIAS DA NOVA RENDA

As persoas en situación ou risco de exclusión social con dereito a percepción residirán e estarán empadroadas en Galicia e non disporán de ingresos superiores ao importe do tramo persoal e familiar que lles correspondería. Existen diversas excepcións ao límite de idade mínima de 25 anos, así como ao empadramento e residencia para amparar situacións de retorno, violencia e outras de carácter humanitario. Facilítase o cobro a emigrantes retornados sen dereito a PNC. A renda de inclusión social de Galicia é subsidiaria e complementaria con calquera outra prestación social de carácter público.

Terían dereito a solicitar a nova renda as persoas que se atopen nunha **situación tecnicamente valorada de exclusión social e déficit ou ausencia de recursos** que reúnan os seguintes requisitos:

1. Ter **residencia** constatable polos servizos sociais comunitarios responsables de desenvolver as accións de traballo social e/ou do convenio de inclusión sociolaboral que se definan e estar empadroados en calquera dos concellos da comunidade autónoma galega polo menos durante os seis meses anteriores á formulación da solicitude, computándose para estes efectos os períodos de empadramento sucesivo en distintos concellos galegos.

Quedan eximidas do cumprimento deste requisito de seis meses de empadramento:

- a. As persoas que, procedentes doutras comunidades autónomas do Estado español, sexan beneficiarias do sistema de rendas mínimas na comunidade autónoma da que proceden, sempre que na lexislación da citada comunidade autónoma se recolla a reciprocidade ou convenio específico para o efecto.
- b. As **vítimas de violencia doméstica** que cambian o seu domicilio por motivos de seguridade.
- c. As persoas **emigrantes galegas**, nos termos sinalados no artigo 3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, cando fixasen a súa residencia no territorio da comunidade autónoma. Así mesmo, as persoas nadas en Galicia que residindo noutras comunidades autónomas volvan fixar a súa residencia no territorio da comunidade autónoma galega.

- d. Para os casos de situación ou necesidade extrema sobrevida, nos que non se poida acceder á nova renda por incumprimento deste requisito, aplicaranse as axudas referidas na base 8.
- e. Como excepción ao requisito de seis meses de empadramento e residencia, poderá acceder ao dispositivo quen tivese recoñecida a condición de refuxiado polo organismo competente da Administración Xeral do Estado, ou as persoas cuxa solicitude de asilo se admitise a trámite ou, non admitíndose, teñan as persoas solicitantes autorizada a súa permanencia en España por razóns humanitarias ou de interese social, no marco da lexislación reguladora do dereito de asilo e a condición de refuxiado e da normativa reguladora dos dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España e da súa integración social.

Os cidadáns e as cidadás de Estados non membro da Unión Europea precisarán, ademais, acreditar a residencia legal en España no momento da formulación da solicitude da renda.

2. Ter máis de **vinte e cinco anos**, coas seguintes excepcións:

- a. As persoas menores de vinte e cinco anos que, reunindo o resto dos requisitos deste artigo, teñan menores ao seu cargo.
- b. As persoas maiores de dezoito anos que estean nalgunha das seguintes situacións:
  - 1. Que antes de acadar a maioría de idade estiveran tuteladas pola Xunta de Galicia e internadas nun centro de menores ou en acollemento familiar.
  - 2. Que, tendo recoñecida a condición de persoa con discapacidade, non teña dereito a prestación ou axuda igual ou de análoga natureza.
  - 3. Que estean en situación de orfandade absoluta e non teñan dereito a outras prestacións ou axudas de análoga natureza.
  - 4. Que procedan dun centro de internamento de institucións penitenciarias.
  - 5. Que leven tres anos independizados/as e que cotizaran, cando menos, dous anos á Seguridade Social.

6. As **vítimas de violencia doméstica** que cambian o seu domicilio por motivos de seguridade.
  7. Calquera outra persoa maior de dezoito anos cando os servizos sociais comunitarios consideren que existe unha situación de exclusión social, debidamente xustificada no informe social.
- c. En todo caso, a prestación será subsidiaria das pensións non contributivas ou de calquera outra prestación ou pensión de contía igual ou superior á da pensión non contributiva individual, polo que só terán dereito á súa percepción as persoas que non teñan dereito a estas. E isto sen prexuízo de que en consonancia cos apartados b. e c. anteriores, a nova renda sería incompatible coas prestacións de orfandade, viuvez e por discapacidades con independencia da súa contía, coas excepcións que posteriormente se mencionan.
3. Dispoñer na unidade de convivencia de ingresos inferiores ao importe do tramo persoal e familiar que lle correspondería e, ademais, non dispoñer de bens patrimoniais dos que se deduza a existencia de medios suficientes para a subsistencia.

Para os efectos de determinación do dereito ao acceso ao dispositivo deben ser obxecto de cómputo os ingresos e patrimonio da unidade de convivencia (rendas, prestacións, axudas, subsidios, cantidades percibidas en concepto de pagamento único e os bens mobles ou inmobles).

Tanto no suposto de ingresos que superen o límite establecido como no caso de patrimonio que indique a existencia de medios suficientes denegarase o dereito á prestación.

**CADRO DESCRIPTIVO DA COMPATIBILIDADE ENTRE DETERMINADOS  
INGRESOS E A NOVA RENDA**

**INGRESOS INCOMPATIBLES E COMPATIBLES**

- **Con carácter xeral, a nova renda será incompatible coa percepción por parte da persoa solicitante de calquera pensión ou prestación pública de natureza semellante (pensións, RAI, salario da liberdade, subsidios de desemprego etc.), coa EXCEPCIÓN de determinadas pensións de moi escaso importe, que serán compatibles coa percepción da nova renda** (algúns casos das seguintes pensións e prestacións: pensións de emigrantes retornados, viuvez, orfandade, prestacións a favor de familiares, fillo/a a cargo etc.).
- O cambio fundamental con relación á normativa actual é que agora as pensións de moi escaso importe impiden o acceso á Risga, excepto ás prestacións de protección á familia (principalmente a de fillo/a menor a cargo, que actualmente se desconta, e as prestacións por fillo/a a cargo maior de dezoito anos cunha discapacidade igual ou superior ao 65 % xeradas polas persoas integrantes da unidade de convivencia, que neste momento non se desconta).
- Respecto ás pensións ou prestacións percibidas por outros membros da unidade de convivencia distintos da persoa titular, atopariámonos ante ingresos compatibles, pero en todo caso deducibles do importe da nova renda, coas excepcións que a continuación se sinalan.

## **ANÁLISE DA DEDUCIÓN OU NON DOS INGRESOS COMPATIBLES**

### **Con carácter xeral dedúcese do importe da nova renda todos os ingresos que resulten compatibles, coas seguintes EXCEPCIÓNS:**

- Ingresos intermitentes de menor contía que só resulten un complemento de supervivencia.
- Prestación económica de pago único da Seguridade Social por nacemento ou adopción.
- Ingresos finalistas dirixidos a formación regrada (bolsas) ou a paliar situacións de emerxencia social.
- As prestacións de fillo/a menor a cargo do INSS (como se expuxo, actualmente son obxecto de desconto).
- Ingresos por asistencia a cursos de formación non regrada, sempre que só remuneren os gastos de asistencia ao curso ou incentiven esta. No caso de que o importe concedido por asistir ao curso implique unha natureza distinta (garantir un mínimo vital ou atender ás necesidades básicas das persoas beneficiarias), dependendo do importe, aplicando a regra xeral anteriormente exposta, atoparíamonos ante un ingreso incompatible ou compatible deducible.
- Os ingresos que perciba a persoa beneficiaria cando pase ao tramo de transición (acceso a un traballo), os cales non se descontarán de forma íntegra durante os primeiros seis meses, de forma progresiva (o primeiro mes non se descuentan os devanditos ingresos, o segundo mes descóntase unha porcentaxe, o seguinte mes descóntase unha porcentaxe maior etc.).

**CRITERIOS XERAIS PARA O CASO ESPECÍFICO DAS PRESTACIÓNS  
DA LEI DA DEPENDENCIA**

- Con carácter xeral, as persoas dependentes son titulares de pensións ou prestacións públicas, polo que no caso de que soliciten a nova renda, será aplicable a regra xeral de incompatibilidade anteriormente mencionada.
- Cando no fogar da persoa beneficiaria da nova renda se perciban libranzas para a adquisición de servizos ou para asistente persoal atoparíamonos ante uns ingresos compatibles e non deducibles porque non constitúen un ingreso que se agregue ao conxunto de rendas da unidade de convivencia, senón que obrigatoriamente se destinan ao pago destas contraprestacións.
- Finalmente, cando no fogar da persoa beneficiaria da nova renda se perciba a libranza para coidados no contorno familiar, a cal pasa a engrosar a renda persoal da persoa dependente que convive coa persoa beneficiaria da renda, aplicarase, con carácter xeral, a regra da compatibilidade e dedución destes ingresos.

4. Que non existan **persoas legalmente obrigadas** e con posibilidade real de prestarlles alimentos de acordo coa lexislación civil. A xuízo do órgano de resolución, poderanse eximir deste requisito os solicitantes dos que se prevexa que a obriga dos alimentos non se poida facer efectiva por malos tratos ou relacións familiares deterioradas ou inexistentes das que exista constancia no expediente.

Non obstante, considérase que non teñen a obriga de prestar alimentos os parentes que, en atención ás circunstancias socioeconómicas concorrentes, non poden facer fronte ou atender as necesidades básicas da unidade familiar solicitante sen desatender as propias necesidades ou as dos familiares ao seu cargo. As circunstancias constarán claramente no informe social correspondente.

As persoas beneficiarias da renda de integración social, durante o tempo que sexan acredores desta, estarán **obrigadas** a:

- a. Destinar a prestación económica aos fins establecidos.

- b. Solicitar a baixa na prestación económica no prazo dun mes, a partir do momento no que se deixen de reunir os requisitos esixidos para a súa percepción.
- c. Proporcionarlle á Administración información veraz sobre as circunstancias persoais, familiares e económicas que afecten ao cumprimento dos requisitos e as súas posibles variacións, así como colaborar coa Administración para a verificación da devandita información.
- d. Participar activamente, cando proceda, na execución das medidas personalizadas de inserción contidas no proxecto de traballo social, no convenio de inserción socio-familiar ou no convenio de inclusión sociolaboral acordados e subscritos co profesional de referencia.
- e. Garantir a escolarización efectiva dos e das menores ao seu cargo.
- f. Reintegrar as cantidades indebidamente percibidas, que terán a consideración, para todos os efectos, de ingresos de dereito público, no caso de beneficiarios/as que oculten ou falseen datos. As devanditas cantidades tamén poderán ser obxecto de compensación no caso de que se recoñeza un novo dereito á renda de inclusión social nos termos que sinale o órgano de resolución.
- g. Solicitar das persoas e organismos correspondentes as pensións e prestacións vixentes ás que calquera membro da unidade económica de convivencia teña dereito, incluídas as accións legais derivadas do impago do dereito de alimentos.

Excepcionalmente, a xuízo do órgano de resolución e atendendo ás circunstancias concorrentes, poderase eximir do cumprimento deste requisito nos supostos de malos tratos ou relacións familiares deterioradas ou inexistentes dos que exista constancia no expediente.

- h. A vinculación da persoa beneficiaria coa rede dos servizos sociais mediante o profesional de referencia que se lle asigne.
- i. Cantas outras obrigas se deriven do obxecto e da finalidade da renda de inclusión social de Galicia.

Como regra xeral concederáse unha soa renda por domicilio, entendido como marco físico de aloxamento.

Excepcionalmente, por recomendación dos servizos sociais comunitarios poderanse aboar varias rendas a persoas residentes nun mesmo domicilio, especialmente cando se acredite unha situación de persoa con cargas

familiares non compartidas que se ve na necesidade de acollerse noutro fogar independente.

Así mesmo, concederase unha renda por persoa nos seguintes supostos de residencia colectiva:

- Centros de acollida, públicos ou dependentes de entidades de iniciativa privada, sempre que estean debidamente autorizados pola inspección de servizos sociais e conste a existencia de seguimento plasmado nun proxecto personalizado.
- Establecementos de aloxamento hoteleiros e casas particulares en réxime de pensión, nas que medie contraprestación económica e así se faga constar no expediente.
- As instalacións de centros ou comunidades terapéuticas que acollan persoas que vivan nelas de xeito estable ou temporal, coa finalidade de alcanzar a súa integración.
- Excepcionalmente as vivendas habitadas por agrupacións voluntarias de convivencia, cando a xuízo do órgano de resolución e por proposta dos servizos sociais de atención primaria municipais correspondentes se considere conveniente o fomento ou mantemento desas agrupacións para lograr unha maior calidade de vida ou a integración social das persoas que as constitúen.

En todo caso, a unidade de convivencia beneficiaria non perderá esta condición cando por causa de forza maior, accidente ou desafiuzamento se vexa obrigada a residir con outra.

No caso de privación de liberdade da persoa titular poderán seguir percibindo a renda o resto das persoas da unidade de convivencia sempre que cumpran os requisitos para a súa percepción.

### BASE 3

#### TRAMOS DA NOVA RENDA E LÍMITE DE ACCESO A ESTA

A RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA configúrase en tres tramos:

- Persoal e familiar.
- Inserción.
- Transición ao emprego.

Pola súa banda, estipúlase que o actual límite de ingresos será a cantidade do importe do tramo persoal e familiar que lle correspondería á unidade de convivencia solicitante, excluindo o tramo de inserción (tal e como agora se configura o límite de ingresos para acceder á Risga).

Doutra banda, sentada a base de que non computan as prestacións de fillo/a a cargo do INSS, desenvolverase regulamentariamente un catálogo de recursos económicos exceptuados de cómputo, así como os criterios de valoración do patrimonio que impide o dereito ao acceso á prestación.

#### **TRAMO PERSOAL E FAMILIAR**

##### Caracterización deste tramo:

Neste tramo incluíranse as persoas que se atopen nunha situación tecnicamente valorada de **exclusión social**, fundamentada nun informe dos servizos sociais comunitarios sobre a idoneidade do pago da prestación, sumada a unha ausencia ou **déficit grave de recursos**.

A persoa solicitante deberá atoparse **vinculada coa rede de servizos sociais** e deberá subscribir un proxecto de traballo social.

Ademais de garantir un mínimo de carácter básico neste tramo, utilizarase, vinculado ao proxecto de traballo social, un complemento de estímulo de axuste persoal que se aboará como punto de partida a todas as persoas titulares da prestación, ao que se imputa un peso dunha terceira parte da contía do tramo.

A contía da renda que lles corresponde ás persoas situadas neste tramo estará formada por un ingreso mínimo, un estímulo de axuste persoal e, se é o caso, por uns complementos familiares e por un **complemento de**

**aluguer** (ou de axuda ao pagamento de cotas hipotecarias no suposto de crise financeira insuperable da familia por causas sobrevidas e por tempo taxado).

No caso de que para o cumprimento do proxecto de traballo social se xustificuen ademais outros gastos extraordinarios nos procesos de axuste persoal poderán habilitarse axudas de inclusión para este fin.

A contía que se concederá é a seguinte:

- Solicitante: 75 % do IPREM mensual (399,51 € en 2010, situación que mellora a actual Risga B=PNC=339,70 €).
- Complemento de aluguer, se é o caso: ata o 25 % do IPREM mensual (133,12 € en 2010).

A duración do pagamento do tramo básico persoal será anual e prorrogable por defecto. Trátase dunha concesión estable, con revisión anual, e deberá manterse un diagnóstico de exclusión social, un cumprimento do proxecto de traballo social e unha efectiva vinculación cos servizos sociais.

No caso de que existan menores subscribirase, cando os servizos sociais comunitarios o consideren necesario, un **convenio de integración socio-familiar**, que se revisará anualmente, ou, alternativamente, faranse explícitos no proxecto de traballo social obxectivos e compromisos relativos á integración, educación e socialización dos e das menores.

A contía que se concederá en supostos da existencia de conviventes adicionais increméntase nos seguintes termos:

- Primeiro convivente adicional: 14 % do IPREM mensual (74,55 € en 2010).
- Segundo convivente adicional: 12 % do IPREM mensual (63,90 € en 2010).
- Terceiro e sucesivos conviventes adicionais: cada un 10 % do IPREM mensual (53,25 € en 2010).

A suma do tramo básico persoal e familiar ten un límite máximo do 120 % do IPREM (639,01 € en 2010), salvo que existan menores, suposto no que o límite máximo sería o 135 % do IPREM (718,88 € en 2010).

O importe do tramo persoal e familiar ten un **mínimo do 25 % do IPREM** (133,13 € en 2010), non afectado polo desconto de ingresos: non habería Risga de menos de 133 €.

Dado que cando existan menores a concesión poderá estar condicionada ao cumprimento duns compromisos de integración sociofamiliar, relacionado co benestar e socialización dos citados menores, no momento da revisión anual avaliarase o cumprimento destes compromisos.

Faise constar que o novo complemento por menores subsume o actual complemento familiar da Risga e as axudas para a integración á persoa menor. Na actualidade estas axudas descóntanse do importe da Risga.

## TRAMO DE INSERCIÓN

### Caracterización:

No tramo de inserción incluíranse as persoas que se atopen nunha situación tecnicamente valorada de exclusión social e con ausencia ou déficit de recursos e que se vinculen cun **convenio de inclusión, de contido formativo ou laboral**. Deberá asegurarse que a formación programada está adaptada á persoa e ao mercado laboral circundante e ten un impacto claro na mellora das posibilidades reais de emprego.

A persoa solicitante debe estar vinculada a un **diagnóstico de empregabilidade** que se validará polo órgano competente para a resolución en base aos informes dos servizos sociais comunitarios básicos e/ou específicos (equipo técnico de inclusión), e da proposta de **convenio de inclusión**. A subscripción do convenio de acordo co formato mínimo que se determine é **obligatoria**. A duración do itinerario descrito no convenio será dun **prazo máximo de 18 meses, prorrogable** por un ano máis en función do cumprimento dos obxectivos. Incluíranse contidos laborais e prelaborais (as cuestións de alfabetización e formación similar deben abordarse no proxecto de traballo social, do tramo básico, co pago do correspondente complemento de axuste persoal, se procede).

Para os efectos citados, establécese que o diagnóstico de empregabilidade debe ser incorporado xunto co informe social desde os servizos sociais comunitarios, outorgando legalmente presunción de certeza aos devanditos informes.

O diagnóstico técnico emanado dos servizos sociais comunitarios comprenderá unha valoración profesional que acredite que a persoa:

- a. Non se atopa –ou non hai constancia de que se atope– nunha situación de saúde física ou psíquica (incluídas as adiccións) incompatible co desenvolvemento dun traballo e que non precisa tratamento de deshabitación ou doutro tipo.
- b. Ten acadado un nivel de alfabetización básica ou especialización nun determinado oficio por experiencia laboral previa.
- c. Dispón das capacidades, disposición horaria e actitude positiva para adquirir as habilidades precisas para a participación e desenvolvemento de actividades de tipo prelaboral e laboral que se substancien no convenio de inclusión adaptado ao seu caso.
- d. Ten superada unha situación de residencia de tipo chabolista ou se atopa inmersa nun proceso de realoxamento, nos casos que proceda.

Igual que no caso do tramo básico debe identificarse con claridade cal é o suxeito de dereito deste complemento, con preferencia para as mulleres nos termos anteriormente expostos (ante igualdade de condicións).

A contía deste complemento de inclusión será de ata o 50 % do IPREM (266,25 € en 2010), máis a cobertura de determinados gastos precisos para o cumprimento do convenio de inclusión, como o pago de natureza indemnizatoria dos gastos directamente derivados da participación en certas actividades integradas no devandito convenio. Sen prexuízo do anterior deberase ter en conta o tramo concreto no que se atopa a persoa solicitante.

O pagamento do complemento do tramo de inserción estará condicionado ao control do cumprimento do convenio de inclusión prelaboral e/ou laboral, con seguimento específico dos servizos sociais, en especial dos servizos sociais comunitarios específicos responsables da execución dos itinerarios (equipos técnicos de inclusión referidos na bBase correspondente).

## **TRAMO DE TRANSICIÓN AO EMPREGO**

### **Caracterización:**

O obxectivo do novo tramo de transición ao emprego será o de incentivar o acceso a un traballo por parte das persoa beneficiarias co pagamento dun complemento de transición durante os primeiros seis meses de realización

do citado traballo. As persoas que estean no tramo de inserción deberán pasar ao tramo de transición ao emprego sempre que sexa posible.

Para articular o exposto, no caso de que a persoa beneficiaria acceda a unha actividade laboral con ingresos superiores ao importe da renda que viña percibindo, no tramo de inserción, non se procederá á extinción do dereito, senón que se realizará unha diminución progresiva da renda no prazo de seis meses, aínda que o salario sexa superior ao salario mínimo interprofesional. No caso de actividades laborais con ingresos inferiores á contía da Risga que viña percibindo, entre os que se atoparían traballos a tempo parcial e outros semellantes, garantiríase non descontar a totalidade dos novos ingresos do importe da Risga, tamén de forma progresiva durante seis meses.

Para os efectos citados nos dous supostos anteriores poderase establecer unha contía máxima de ingresos sumando salario e renda, que irá decrecendo progresivamente durante os seis primeiros meses.

**BASE 4****PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DA NOVA RENDA: SOLICITUDE, TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN**

Para a tramitación da renda de inclusión social de Galicia pónense ao servizo da cidadanía todas as instancias do Sistema Galego de Servizos Sociais regulado na Lei 13/2008: servizos sociais comunitarios básicos (inicio e informes diagnósticos, así como o seguimento xeral a través do traballador/a social de referencia), servizos sociais comunitarios específicos (formulación e execución do convenio de inserción por medio do equipo técnico de inclusión que corresponda), servizos territoriais da Consellería (instrución do expediente e resolución) e servizos centrais (coordinación xeral e resolución de recursos).

**Solicitud:**

O recoñecemento da renda de inclusión social de Galicia realizaríase logo de solicitude da persoa interesada, mediante a presentación no seu **concello** do modelo normalizado pola consellería competente, ao que deberá acompañar os documentos necesarios para xustificar o cumprimento dos requisitos esixidos pola norma.

Con esta finalidade, os **servizos sociais comunitarios básicos** facilitaranlles ás persoas solicitantes tanta información e orientación lles resulte necesaria.

Para o cómputo dos recursos económicos da unidade de convivencia, a instancia normalizada de solicitude incluírá unha **declaración responsable** na que os petitionarios e as petitionarias farán constar os ingresos e patrimonio dos que dispoña a unidade de convivencia.

Nesta instancia normalizada a persoa solicitante fará constar que **autoriza ao órgano de resolución** para recadar a **información adicional** que considere necesaria para a adecuada estimación dos ingresos ou recursos económicos da unidade de convivencia.

## Tramitación

As entidades locais, a través dos equipos técnicos dos servizos sociais comunitarios municipais correspondentes, elaborarán un **informe social** no que se valore a procedencia, ou non, da aplicación da renda de integración social de Galicia, así como, segundo o caso, a **proposta dun proxecto** de traballo social e dun **convenio de integración sociofamiliar** (no caso de que existan menores), en ambos os casos co consentimento da persoa interesada.

O informe social salientará o perfil sociolóxico, así como todos os datos necesarios para verificar o cumprimento dos requisitos de acceso da persoa beneficiaria.

Así mesmo, no informe social os servizos sociais de atención primaria incluírán unha **primeira valoración** sobre a conveniencia e oportunidade de elaborar un **convenio de inclusión de tipo laboral ou prelaboral**, indicando as posibilidades de inserción laboral da persoa solicitante, así como os recursos adecuados que existen para tal fin no seu contorno.

O concello de residencia, **no prazo dun mes desde a recepción da solicitude**, remitiralle os informes, a proposta de resolución e mais a restante documentación necesaria para poder continuar a tramitación do expediente ao organismo da Administración autonómica competente en materia de servizos sociais, para a súa cualificación e posterior resolución. De non se remitir no prazo sinalado, dado o carácter determinante para a resolución do procedemento, sen prexuízo da responsabilidade na que incorre o responsable da demora, quedará interrompido o prazo para resolver o expediente, de conformidade co previsto no artigo 83.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## Resolución

O organismo competente da Administración autonómica resolverá as solicitudes remitidas polos concellos no **prazo máximo dun mes** desde a súa recepción. A resolución pronunciarase inicialmente sobre a procedencia do pago do tramo básico e, cando proceda, do tramo de integración familiar.

Excepcionalmente, nos casos en que a situación da persoa beneficiaria o faga imprescindible, poderá realizar a solicitude ao seu nome o propio concello.

Entenderanse **estimadas** as solicitudes nas que, transcorrido un mes dende a súa entrada no rexistro das delegacións provinciais da consellería competente, non se teña notificado resolución expresa sobre esta.

Unha vez outorgada, a renda de inclusión social de Galicia terá **efectos económicos** desde o día seguinte ao da data de presentación da solicitude.

A fin de dar debido cumprimento ao disposto pola disposición adicional novena da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, anteriormente citada, establecerase un procedemento abreviado a fin de que os trámites para a concesión da Risga se fagan con carácter de urxencia e prioritariamente e o aboamento desta se faga no **prazo máximo dun mes** desde a presentación da súa solicitude, debidamente cuberta, e da documentación necesaria.

**Unha vez se resolva** a concesión do tramo persoal e familiar cando exista unha proposta dos servizos sociais comunitarios de elaboración dun **convenio de inclusión** de tipo laboral ou prelaboral, remitirase unha copia íntegra do expediente aos equipos técnicos de inclusión sociolaboral do Plan de inclusión social correspondentes ao lugar de residencia da persoa beneficiaria.

Estes equipos, en coordinación cos servizos sociais comunitarios, entrevistarán a persoa interesada e realizarán un **diagnóstico de empregabilidade** verificando a viabilidade e oportunidade de preparar un **convenio de inclusión enfocado á futura incorporación ao mercado de traballo** e, se é o caso, elaborarán un **convenio de inclusión de tipo laboral ou prelaboral**, no que se describan claramente os **obxectivos e as accións** que se van realizar, tendo en conta as actividades formativas, perspectivas laborais e recursos adecuados que se van aplicar.

O citado convenio de inclusión, ou a xustificación de que non procede a súa elaboración, serán remitidos ao organismo da Administración autonómica competente para a resolución, o cal resolverá se procede o pago do tramo de inserción, así como a súa contía, en función do contido dos informes dos servizos sociais de atención primaria e do equipo de inclusión social.

## **Impugnación**

Contra as resolucións ditadas polos organismos de resolución poderase interpoñer, no prazo dun mes, **recurso de alzada** ante o organismo administrativo competente.

O recurso poderase interpoñer ante o órgano que ditase a resolución ou ante o órgano competente para resolvelo, de acordo co previsto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo redacción dada pola Lei 4/1999.

Se a resolución fose estimatoria do recurso, os efectos económicos desta retrotraeranse á data da solicitude.

A resolución do recurso de alzada poñerá fin á vía administrativa.

**BASE 5****MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DAS PRESTACIÓNS**

A renda de inclusión social de Galicia poderá ser revisada e adaptada a novas circunstancias para favorecer a súa eficacia e eficiencia, e para tal fin se regulan os supostos de modificación da prestación, da súa suspensión ou, se fose o caso, da súa extinción cando se verifique a perda do correspondente dereito de percepción. Estes procedementos levaranse a cabo coas debidas garantías, asegurando a audiencia da persoa interesada.

Nos procedementos de modificación, suspensión e/ou extinción da prestación será preceptiva a **audiencia da persoa interesada** tendo que ser sempre motivadas todas as resolucións que se adopten.

Para acordar a duración da suspensión ou a extinción da prestación teranse en conta as seguintes circunstancias:

1. A existencia de intencionalidade ou reiteración.
2. A natureza dos prexuízos causados.
3. A contía da prestación económica indebidamente percibida.
4. A reincidencia.
5. A problemática social.
6. A existencia de menores.
7. A situación de desestruturación social.

Nos supostos de suspensión ou extinción da prestación, e salvo nos casos en que na unidade económica de convivencia independente exista outro membro que reúna os requisitos para ser titular do dereito, o organismo administrativo competente na materia deberá adoptar as medidas necesarias para evitar ou, no seu caso, diminuír ao máximo a desprotección das persoas que formen parte da unidade económica de convivencia independente.

A suspensión ou extinción da prestación económica non implica o mesmo efecto respecto das medidas de inserción das que se poderá seguir

beneficiando a persoa interesada co fin de promover a súa inserción social e laboral e previr posibles situacións de exclusión social.

### **Modificación**

A modificación sobrevida do **número de membros** da unidade de convivencia ou dos recursos económicos que serviron de base para o cálculo da prestación económica da renda de inclusión social de Galicia dará lugar á minoración ou ao aumento que proceda a partir do mes seguinte a aquel no que teña lugar.

Entenderase que existe unha minoración do número de membros da unidade de convivencia cando a ausencia dun ou máis membros da vivenda ou aloxamento habitual se prolongue por un prazo igual ou superior a un mes.

O devengo e pago da prestación, no caso de modificación da contía, producirase a partir do primeiro día do mes seguinte ao da data na que se dite a resolución de modificación.

### **Suspensión**

A percepción da prestación económica da renda de inclusión social de Galicia suspenderase por **imposibilidade sobrevida**, por parte da persoa beneficiaria, de cumprir as obrigas asumidas, ou a **declaración legal de incapacidade**. Neste suposto, en función das circunstancias concorrentes, durante un prazo máximo de seis meses poderase acordar o aboamento da prestación a outro membro da unidade de convivencia, modificando, se procede, a súa contía mentres subsistan as citadas causas.

### **Reinicio da prestación:**

A percepción da prestación reiniciarase ao concluír o prazo de suspensión fixado, se decaeron as causas da suspensión, unha vez acreditado o mantemento dos requisitos esixidos para acceder á prestación.

### **Extinción**

O dereito ás prestacións da renda de inclusión social de Galicia extínguese por:

- a) A **perda dalgún dos requisitos esixidos** para o seu recoñecemento. Con carácter previo a se ditar a resolución de extinción, o órgano de resolución tramitará o correspondente **procedemento de revisión**, con **audiencia da persoa interesada**, podéndose acordar, ao dispoñer o

inicio do devandito procedemento, a suspensión cautelar do aboamento da prestación cando exista unha presunción fundada de que a persoa beneficiaria perdeu o seu dereito a esta.

- b) O **falecemento** da persoa beneficiaria. Neste caso, e mentres se tramite unha nova solicitude por parte doutro membro da unidade de convivencia independente, poderase acordar o aboamento, por un prazo máximo de seis meses, da prestación a outro membro da unidade de convivencia, modificando, se procede, a súa contía mentres subsistan as citadas causas.
- c) O **incumprimento das obrigas** previstas pola norma para a percepción de cada un dos tramos da prestación, por causas imputables á persoa beneficiaria.
- d) O mantemento das **causas que deron lugar á suspensión**.
- e) A **ocultación ou falseamento** dos datos ou calquera outra actuación fraudulenta dirixida a obter ou conservar a prestación económica, sen prexuízo do disposto no vixente código penal. Ademais, neste caso, as cantidades indebidamente percibidas polas persoas beneficiarias deberán ser devoltas ben mediante o seu reintegro ou ben serán obxecto de compensación no caso de que se recoñeza un novo dereito á renda de inclusión social de Galicia, nos termos que sinale o órgano de resolución.
- f) O **traslado da residencia** efectiva a un concello que non estea comprendido no territorio da comunidade autónoma de Galicia, agás que se teña establecido con este territorio un convenio, en virtude do principio de reciprocidade, que permita o mantemento dos dereitos adquiridos ou en curso de adquisición.

## BASE 6

### ÓRGANOS DE CONTROL E SEGUIMENTO

Como órganos superiores de control e seguimento da aplicación da renda de integración social de Galicia establécense o Consello Galego de Benestar Social e a **Mesa Galega de Servizos Sociais**, regulados, respectivamente, nos artigos 40 e 42 da Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia.

O Consello Galego de Benestar Social é o órgano superior consultivo e de participación no sistema galego de servizos sociais e estará composto por representantes da Xunta de Galicia, as entidades locais a través da Fegamp, as organizacións empresariais, centrais sindicais e organizacións agrarias máis representativas a nivel galego, entidades prestadoras de servizos sociais, persoas usuarias dos servizos sociais, as universidades galegas e os colexios profesionais representativos das disciplinas directamente relacionadas cos servizos sociais.

Entre as súas funcións atópanse:

- O seguimento estatístico, tanto dos procesos de concesión da renda de integración social de Galicia como da correcta aplicación das medidas de fomento do emprego, que, vinculadas aos proxectos de inserción, se establezan na lei galega de medidas básicas para a inserción social, sen prexuízo das competencias do IGE.
- A avaliación global dos resultados de execución dos programas de inserción social previstos na Lei galega de medidas básicas para a inserción social, así como a formulación de observacións e propostas de modificación que axuden a melloralos.

Para o seu funcionamento poderanse crear comisións e grupos de traballo específicos con carácter sectorial ou por áreas de xestión, co obxecto de dinamizar o seu funcionamento e dotalo de maior operatividade.

Nas funcións relativas ao seguimento das medidas de inclusión social, a **Mesa Galega de Servizos Sociais**, órgano específico de participación institucional dos axentes sociais para o deseño das políticas públicas neste ámbito de actuación, atendendo ao **principio de paridade**, contará con representantes en igual número da **Administración autonómica**, das **asociacións empresariais** e dos **sindicatos máis representativos** de carácter intersectorial de ámbito galego.

Para os efectos aquí regulados, as funcións da Mesa serán as recollidas na Lei 13/2008 e, ademais, as de **control e avaliación global dos resultados** da execución do programa, así como a formulación de observacións e propostas de modificación que axuden a melloralo.

Ás reunións desta mesa poderán asistir, a petición de calquera das partes, representantes das asociacións e outras entidades de iniciativa social colaboradoras no programa, que participarán nestas con voz pero sen voto, nos temas directamente relacionados coas súas actividades.

A Administración autonómica facilitaralles a estes órganos a documentación necesaria para o control e seguimento das medidas reguladas na lei de inclusión social de Galicia.

O Consello Galego de Benestar Social e a Mesa Galega de Servizos Sociais elaborarán as súas propias normas de funcionamento.

**BASE 7****RÉXIME DE COMPETENCIAS**

Regúlase un réxime de competencias compartido entre as administracións públicas implicadas, en coherencia co establecido na Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia.

Correspóndelle á **Xunta de Galicia** o exercicio das seguintes funcións:

1. A elaboración das normas de desenvolvemento da futura Lei.
2. O control e a avaliación xeral da aplicación das medidas previstas na futura Lei, sen prexuízo dos labores asignados aos órganos de control e seguimento previstos no texto da futura Lei.
3. A concesión, a denegación, a modificación, a suspensión, a extinción, a denegación e o pagamento da renda de inclusión social de Galicia, nas súas distintas modalidades, e das axudas para situacións de necesidade.
4. A coordinación efectiva das políticas de fomento do emprego cos principios e medidas de acción positiva a favor das persoas en risco de exclusión social contidas na futura Lei.
5. A proposta dos programas que se incluírán no anteproxecto dos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia.
6. A implantación e o financiamento da rede de servizos sociais precisos para a eficaz aplicación das medidas de inserción reguladas na futura Lei, en coherencia co establecido na Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia.
7. A proposta de convenios con outras comunidades autónomas que permitan o mantemento de dereitos adquiridos ou en curso de adquisición por persoas beneficiarias veciñas das respectivas comunidades autónomas en virtude do principio de reciprocidade.
8. A aprobación e actualización do Plan galego de inclusión social.

Correspóndelles aos **concellos da comunidade autónoma de Galicia** o exercicio das seguintes funcións:

1. En cooperación coa Xunta de Galicia, implantar e desenvolver os servizos sociais necesarios para a aplicación do disposto no texto da futura Lei, de acordo co establecido na Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia. Concretamente, a través dos **servizos sociais comunitarios básicos**:
  - 1.1. A detección das persoas en situación de exclusión e o diagnóstico das súas necesidades.
  - 1.2. A información, recepción de solicitudes e a tramitación administrativa da prestación económica da renda de inclusión social de Galicia, nas súas fases de iniciación e instrución do procedemento.
  - 1.3. A certificación acreditativa da situación de vulnerabilidade ou exclusión social que resulte preceptiva para a incorporación prioritaria aos programas de fomento do emprego e empresas de inserción social que se determine regulamentariamente.
  - 1.4. A elaboración dos proxectos de traballo social e dos convenios de integración socio-familiar e o seu seguimento.
  - 1.5. O seguimento da participación nos proxectos de traballo social e nos convenios de integración socio-familiar anteriormente citados.
2. Os concellos, ademais, por si mesmos, ou de acordo con fórmulas de cooperación administrativa establecidas na Lei 13/2008, desenvolverán **servizos comunitarios específicos**, concretados en equipos técnicos definidos na futura Lei, para a elaboración, apoio e seguimento dos convenios personalizados de inserción laboral.

En todo caso, desenvolveranse procedementos de coordinación entre as administracións autonómica e locais para os efectos de facilitar:

- A colaboración entre administracións na aplicación das medidas previstas na futura Lei e nas súas normas de desenvolvemento, incluída a revisión periódica da prestación.
- A comunicación ao organismo competente da Administración autonómica das posibles incidencias observadas no seguimento dos programas personalizados de inserción.

- O apoio das consellerías competentes en cada materia ás entidades locais en materia de prestación de servizos personalizados ás persoas beneficiarias da renda de inclusión social a fin de conseguir a integración social e laboral das persoas en risco de exclusión.

Así mesmo, as administracións autonómica e locais poderán subscribir convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro que dispoñan dos medios adecuados para a realización de actividades en materia de inserción social das persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia.

## BASE 8

### AXUDAS DE INCLUSIÓN SOCIAL

As novas axudas de inclusión social configúranse como prestacións económicas específicas dirixidas a posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social.

Na actualidade, as axudas de emerxencia social (AES) son prestacións económicas non periódicas para facer fronte a gastos específicos extraordinarios de carácter básico, referidos á atención das necesidades alimenticias, así como a adecuación, o equipamento e mantemento da vivenda habitual do beneficiario, provocados por situacións excepcionais e, previsiblemente, non recorrentes.

Propónse un novo escenario no que se xustifique no expediente o carácter da **axuda como condición necesaria do proceso** de inclusión social.

Neste contexto, perdería peso o requisito da “necesidade extraordinaria” e poderíanse pagar varias axudas á mesma familia en función das necesidades específicas apreciadas. Ademais, os actuais conceptos – necesidades primarias, mantemento da habitabilidade da vivenda, mobiliario básico...– serían completados con outros nos que se introducirían novas situacións que non se consideran na actualidade (axudas para servizos de acompañamento de tipoloxía variada: canguros, garderías, axuda a domicilio...).

Así, con carácter xeral, ademais das axudas destinadas a sufragar gastos extraordinarios e urxentes, pasan a incluírse as de necesidade ou de inclusión social, entendéndose como **medidas de acompañamento ou reforzo e moitas veces vinculadas a un proxecto específico** de inclusión social, sendo en todo caso subsidiarias do resto de recursos públicos e axudas específicas existentes.

Así, as axudas poderían estar referidas á atención de necesidades alimenticias, aos servizos de axuda a domicilio de determinados conviventes (debendo coordinarse coas novas prestacións da dependencia), de atención de menores, garderías, así como á adecuación, o equipamento, o uso e ao mantemento da vivenda habitual da persoa

beneficiaria, impedindo o desafiuzamento e o corte de subministracións básicas desta.

En canto á actual axuda de uso da vivenda unicamente se referiría ao pago de débedas de aluguer e conceptos similares (comunidade etc.), pois a axuda para o pago do aluguer das persoas beneficiarias da nova renda de inclusión, tal e como se expuxo anteriormente, pasaría a formar parte do tramo persoal e familiar da citada renda, de pago mensual e periódico, sen esperar á existencia da débeda, e sempre vinculado a un proxecto de traballo social, sendo en todo caso este complemento de aluguer da nova renda subsidiario das axudas específicas en materia de vivenda (bolsa de aluguer etc.). Tamén podería axudarse ao pagamento de cotas hipotecarias no suposto de crise financeira insuperable da familia por causas sobrevidas e por tempo taxado.

Así mesmo, con carácter xeral todas estas axudas terán carácter subsidiario e complementario de calquera prestación pública que lle puidese corresponder á persoa beneficiaria. Estas axudas destinaranse unicamente ao obxecto para o que foran concedidas.

Estas axudas configúranse como de **pagamento único**, que deberá xustificar a persoa beneficiaria documentalmente. Respecto a esta xustificación, cómpre atender as recomendacións realizadas polo Consello de Contas no seu informe de fiscalización correspondente ao exercicio de 2004 (memoria de 2006), cuxo contido debe incorporarse á nova lei ou á súa normativa de desenvolvemento, nos seguintes termos:

- Adoptarase como regra xeral o **pago directo á persoa, entidade ou empresa que realice a prestación ou servizo a favor da persoa beneficiaria** da axuda, de maneira que no momento da transferencia bancaria a esta, que é a libradora da factura, queda perfectamente xustificado o pago efectivo e o destino da axuda á súa finalidade.
- Esta modalidade de pago directo á persoa, entidade ou empresa que realice a prestación ou servizo a favor da persoa beneficiaria da axuda será en todo caso de aplicación nos supostos de axudas para uso da vivenda (débedas de aluguer etc.), equipamento básico da vivenda (electrodomésticos etc.), mantemento da habitabilidade ou accesibilidade da vivenda (arranxos urxentes do domicilio habitual), traslados de vivenda e determinadas necesidades primarias (arranxos dentais, lentes etc.), así como na nova tipoloxía de axudas (axudas para garderías etc.), podendo unicamente exceptuarse esta forma de pago nos supostos de **necesidades primarias de carácter alimenticio**.

- No suposto de necesidades primarias de carácter alimenticio a axuda pagariáselle directamente á persoa solicitante, favorecendo os pagamentos en prazos, e incluíndo a necesaria xustificación con factura da cantidade correspondente ao pagamento inmediatamente anterior.

Respecto aos importes que se concederán parece procedente establecer que se axusten a prezos medios de mercado. Poderán concederse importes inferiores no caso de que se consideren excesivos os presupostos acompañados ás solicitudes, e o desenvolvemento da futura Lei poderá referirse a electrodomésticos de liñas “brancas”, como fan outras comunidades, ou reflectir a posibilidade de rebaixar as contías das axudas en función de baremos de prezos manexados polos órganos xestores.

Tal e como se expuxo, pode establecerse a utilización das novas axudas como medida de acompañamento ou reforzo en supostos de violencia de xénero ou de persoas perceptoras da nova renda de inclusión, realizando algún tipo de proxecto de traballo social, convenio de integración socio-familiar ou convenio de inclusión, podendo estenderse o pago destas axudas de acompañamento a persoas participantes noutros programas (axudas de menores, programas de drogas etc.).

Por outra banda, en canto ás novas axudas para garderías, canguros, axuda a domicilio etc. só deberían outorgarse en situacións que non poidan ser cubertas con recursos públicos (centros, cheque infantil etc.), tendo preferencia no caso de canguros e axuda a domicilio as prestacións de servizos realizadas por entidades públicas ou participadas por unha administración.

De todos os xeitos, igual que nos casos anteriores, debe existir unha adecuada coordinación para evitar duplicidades coas prestacións da dependencia, axudas para atención a domicilio do Sistema Galego de Servizos Sociais, axudas para libros (educación), petición de medicamentos que o Sergas non conceda na totalidade etc.

No relativo aos límites de ingresos para ter dereito ás novas axudas, podería valorarse que se distinguira entre axudas persoais (lentes, audífonos, tratamentos odontolóxicos etc.), no que poderían valorarse só os ingresos persoais; e axudas para o fogar (arranxos da vivenda, compra de mobles, electrodomésticos, alugueiros etc.), suposto no que se poderían computar os ingresos de todos os conviventes.

Tamén debe advertirse que, no caso de que para o cumprimento do proxecto de traballo social se xustifiquen gastos extraordinarios, poderán

habilitarse axudas de inclusión que teñan por obxecto o reforzo do proceso de axuste persoal.

Finalmente, e reiterando a necesaria coordinación coa Consellería de Vivenda, non debe obviarse que esta, mediante ordes anuais, establece axudas para a rehabilitación de infravivendas rurais por un lado e para a erradicación de chabolismo por outro.

## BASE 9

### MEDIDAS PERSONALIZADAS DE INCLUSIÓN E DISPOSITIVOS DE APOIO

As medidas personalizadas de inclusión terán unha finalidade diversa e unha perspectiva integral. Mantendo como obxectivo último a inserción laboral, esta concíbese como a etapa final dun proceso, no que pode ser necesario desenvolver previamente outros enfoques e prioridades. Os equipos técnicos de inclusión serán o nexo operativo entre o Sistema Galego de Servizos Sociais e o Sistema Público de Emprego para as persoas en situación ou risco de exclusión social.

A nova lei conterá unha disposición adicional con estes termos ou semellantes: a Xunta de Galicia aprobará e executará un plan de formación do persoal das administracións públicas responsables da xestión das prestacións durante os seis meses seguintes á data de publicación desta lei no Diario Oficial de Galicia.

### **MEDIDAS PERSONALIZADAS**

Estas medidas serán elaboradas partindo das necesidades e características de cada caso, de tal xeito que procure a autonomía persoal, familiar e económica da persoa beneficiaria e acade a súa integración social e/ou laboral.

O correspondente deseño personalizado realizarase con criterios rigorosos de programación, con determinación de obxectivos, prazos, medios e actividades que permitan a posterior avaliación dos efectos reais de aplicación da renda de inclusión social de Galicia en cada caso.

A nova tipoloxía das medidas personalizadas de inserción sería a seguinte:

#### **1. Proxecto de traballo social:**

Desenvólvese desde os **servizos sociais comunitarios básicos**. Procurará a mellora da **rehabilitación persoal** da persoa perceptora da nova renda, así como a **integración** dos membros da unidade de convivencia no medio social. Estará integrado por accións para a mellora do coidado do fogar, hábitos sociais, de limpeza da vivenda, hixiene, desintoxicación de alcohol ou drogas, apoio á alfabetización, educación e formación básica, seguimento de problemas de saúde, e, en xeral, por

actuacións que melloren a calidade de vida, así como a autoimaxe e a imaxe social.

Tamén podería encaixar aquí o acompañamento de persoas maiores ou calquera outra dedicación solidaria, aínda que isto tamén podería ser outro tipo de proxecto, xunto coas actividades de interese colectivo e social en entidades públicas ou privadas, sen menoscabo dos seus dereitos laborais, así como nos diversos programas de colaboración con outras administracións públicas e entidades sen ánimo de lucro, para a realización de obras e servizos de interese xeral ou social, e nos programas mixtos de formación e emprego.

## 2. Convenio de **integración socio-familiar**:

Cando se considere conveniente (especialmente por detectarse déficits que afectan á integración social dos e das menores), as actuacións e compromisos enfocados ás persoas menores poderán substanciarse de maneira separada ao proxecto de traballo social nun documento separado ou anexo. Eses convenios específicos de carácter socio-familiar desenvolverase tamén con carácter xeral desde os **servizos sociais comunitarios básicos**, desde onde se executa o programa de educación familiar e o programa de axuda a domicilio, que son instrumentos clave para a supervisión dos compromisos que aquí se establezan. Procurará a mellora da cohesión familiar e a mellora da función parental no compromiso de coidado, protección e socialización dos e das menores de acordo con obxectivos que garantan unha calidade de atención esixible e revisable.

## 3. Convenio de **inclusión socio-laboral**:

Desenvolverase con carácter xeral no ámbito dos servizos sociais comunitarios específicos. Procurará a motivación enfocada ao ámbito laboral, a orientación profesional, a formación profesional e ocupacional previa aos itinerarios normalizados de formación ocupacional (formación ocupacional) e acceso ao emprego (IPIS das oficinas de emprego). Tamén poderá conter a potenciación das actividades orientadas á adquisición de habilidades emprendedoras cara ao traballo autónomo ou calquera das formas de economía social.

Tamén potenciará accións tendentes á intermediación laboral.

Os convenios de inclusión, de tipo laboral ou prelaboral, estarán dotados con verdadeiros contidos avaliábeis, cunha secuencia de actividades e valoración dos resultados, garantindo unha temporalización e revisión do expediente.

Na lei ou no seu desenvolvemento, estableceranse as causas que poderán supoñer extinción e suspensión temporal do acordo.

A fomulación dos convenios, de tipo laboral ou prelaboral, así como a súa execución e seguimento, será a función máis importante dos equipos técnicos de inclusión social, no marco do Plan galego de inclusión social, na súa calidade de servizos sociais comunitarios específicos. Coordinarán as súas actuacións, tanto cos servizos sociais comunitarios básicos -e o/a profesional de referencia que corresponda en cada caso-, e as oficinas de emprego para a integración das persoas nos recursos normalizados de fomento da formación e o emprego.

## **DISPOSITIVOS DE APOIO**

### **REDE DE EQUIPOS TÉCNICOS DE INCLUSIÓN SOCIAL**

En calidade de servizos sociais comunitarios específicos, definidos na Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, establecerase unha rede de equipos técnicos de inclusión sociolaboral de acordo co seguinte:

- No marco da planificación dos servizos sociais estableceranse demarcacións territoriais viables para as que se asignará un equipo de inclusión social de referencia, garantindo unha presenza equilibrada destes equipos en todo o territorio. A delimitación farase de maneira coherente co desenvolvemento normativo da Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, e máis en concreto co decreto de servizos sociais comunitarios e o plan estratéxico e mapa de servizos sociais. En calquera caso, asegurárase a presenza dun equipo de inclusión en cada cidade de máis de 50.000 habitantes. No resto do territorio faranse demarcacións territoriais en coherencia coas áreas sociais definidas na Lei 13/2008.
- Garantírase unha actuación coordinada cos servizos sociais comunitarios básicos e con outros axentes sociais –públicos e privados– implicados nos procesos de inclusión.
- Para a implantación dos equipos, a garantía da equidade territorial e a optimización dos recursos públicos, a Xunta de Galicia colaborará coa Administración local mediante convenios de colaboración ou fórmulas consorciais.
- Os equipos estarán integrados por profesionais do ámbito da intervención e das ciencias sociais, con formación en disciplinas

directamente relacionadas coa intervención coas persoas e grupos, a orientación e intermediación laboral e a planificación e avaliación dos servizos sociais.

Serán funcións dos equipos técnicos de inclusión sociolaboral:

- Participar activamente na concreción, seguimento e, segundo os casos, no desenvolvemento das actividades incluídas nas medidas personalizadas de inclusión:
  - o De maneira complementaria en medidas comprendidas no proxecto de traballo social e no convenio de integración socio-familiar, desenvolvido polos servizos sociais comunitarios básicos.
  - o De maneira principal no que atinxe ás medidas contidas no Convenio de inclusión sociolaboral que se establezan para os perceptores da renda.
- Valoración, realización de entrevistas a persoas susceptibles dun deseño, e elaboración de itinerarios personalizados de inserción sociolaboral, independentemente de seren perceptoras directas ou indirectas, ou potenciais beneficiarias da renda...
- Elaboración e seguimento de itinerarios personalizados de inserción das persoas que lles sexan derivadas.
- Coordinación cos diferentes axentes sociais e departamentos administrativos implicados na promoción da cohesión social e na loita contra a pobreza e a exclusión social.
- Identificación de entidades promotoras de empresas de inserción laboral nas súas zonas de intervención.
- Elaboración de programas e desenvolvemento de actividades para previr a exclusión de grupos vulnerables de características homoxéneas e facilitar a súa inserción e normalización social e laboral, en concreto, programas adaptados de habilidades sociais, de educación para a convivencia, reforzo educativo e alfabetización.
- Realización de labores de intermediación laboral que permitan facilitar o acceso das persoas beneficiarias ao mercado laboral.
- Emisión de informes sobre a situación ou seguimento do/s itinerario/s ou das actuacións dunha persoa beneficiaria, previa

solicitud de do/a profesional de referencia ou das administracións competentes e vinculadas directamente co itinerario do Beneficiario/a (UTA-Risga).

- Promoción de accións de dinamización social e comunitaria nas súas zonas de intervención.

A Xunta de Galicia impulsará **plans de inclusión**, que terán a consideración de plans sectoriais, no marco do Plan estratéxico de servizos sociais, segundo o establecido nos artigos 45, 46 e 47 da Lei de 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Os plans de inclusión fixarán os obxectivos e as estratexias e precisarán as fórmulas de coordinación entre os recursos públicos e de colaboración coas entidades de iniciativa social que desenvolvan programas de inclusión social.

O Plan galego de inclusión, ademais, establecerá estratexias coordinadas de actuación entre os departamentos competentes en materias que afecten á inclusión social e favorecerá actuacións específicas con colectivos de alta presenza na nova renda de inclusión, en colaboración con entidades de iniciativa social.

**BASE 10****EMPRESAS DE INSERCIÓN**

As empresas de inserción son un recurso específico para a inserción laboral de persoas afectadas por factores de exclusión social. A Lei de inclusión estará en liña coa nova lei estatal, pero non se trata de facer a adaptación nos aspectos de detalle, que son obxecto dun novo decreto, senón de regular a definición básica e incidir nos aspectos que permitan adecuar o funcionamento destas empresas co obxecto da nova lei de inclusión social, que é a inserción laboral dos colectivos en risco de exclusión social.

A inserción sociolaboral é un proceso prolongado no tempo no cal a persoa beneficiaria atravesará por diferentes necesidades, que, basicamente, abranguen aspectos de carácter social, prelaboral (adquisición de habilidades básicas) e de carácter formativo e orientado ao emprego.

A incidencia práctica é que nos itinerarios de inserción conflúen as políticas públicas de servizos sociais e fomento do emprego. A coordinación entre ambos faise condición de posibilidade de determinados recursos como as denominadas empresas de inserción.

O Decreto 156/2007 regula en Galicia as empresas de inserción laboral. A publicación deste decreto supuxo unha novidade no ámbito sociolaboral galego coa definición e regulación das empresas de inserción laboral en Galicia.

Non obstante o anterior, hai que ter en conta a posterior publicación da Lei estatal 44/2007, do 13 de decembro, que establece a regulación do réxime das empresas de inserción.

Isto fai necesaria unha modificación de determinados contidos do decreto e, en especial, incidir nos aspectos que permitan adecuar o funcionamento destas empresas ao seu obxecto, que é a inserción laboral dos colectivos en risco de exclusión social, tales como:

- Definición do concepto de suxeitos beneficiarios da inserción laboral, de conformidade coa definición de suxeitos de dereito que se fai na propia Lei de inclusión.
- Concepto de empresa de inserción, suprimindo a posibilidade de que unha sociedade civil poida ser cualificada como tal.
- Concepto de entidade promotora, excluindo as corporacións de dereito público.
- Prazo máximo do contrato de inserción, pasando de dous a tres anos.
- Delimitación das competencias das administracións públicas no ámbito das empresas de inserción, clarificando o papel que vai desempeñar cada departamento en cada momento do proceso.
- Simplificación do proceso de cualificación da condición de persoa beneficiaria, coa finalidade de axilizar a incorporación desta á empresa.
- Desaparición da denominación “convenio de inserción” (que introduce confusión con respecto á terminoloxía empregada na futura Lei de inclusión na que se emprega esa denominación para un proxecto máis amplo, no que a vinculación a unha EI é unha posibilidade entre outras), dado que a lexislación estatal o único que esixe, xunto ao contrato, é a obriga da sinatura dun anexo a este, no que a persoa traballadora e a empresa de inserción establezan as obrigacións mutuas no desenvolvemento do proceso.

## BASE 11

### OUTRAS MEDIDAS DE APOIO NO ACCESO AO EMPREGO PARA PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN

A Lei de inclusión establecerá sistemas de **vinculación, coordinación e acción positiva** para o acceso das persoas en situación ou risco de exclusión derivadas do Sistema Galego de Servizos Sociais a outros dispositivos, recursos e medidas de **formación** ocupacional e acceso ao **emprego**.

A lei establecerá principios básicos para regular a colaboración entre os servizos sociais e a área de Traballo no relativo ao acceso das persoas beneficiarias a programas que, dependendo dese ámbito competencial, resultan imprescindibles pero de difícil acceso para as persoas beneficiarias das medidas de inclusión social.

Para tal fin reforzaranse os protocolos incipientes ou efectivamente existentes mediante os que o sistema de servizos sociais actúa como instancia certificadora de determinadas situacións que dan acceso a programas de fomento do emprego.

A autoridade de cualificacións valorará no procedemento de certificación da cualificación pola experiencia laboral e outra formación distinta da formación ocupacional as actividades formativas desenvolvidas polo Sistema Galego de Servizos Sociais no marco dos seus plans de inclusión.

Esta norma garantiría o acceso destes colectivos nos anteditos programas a través **da previsión de cotas ou porcentaxes de participación**. Isto afectaría, dentro dos límites e posibilidades de cada norma reguladora, a:

- programas de **fomento de emprego, obradoiros de emprego, escolas obradoiro**;
- contratos de **cooperación con entidades locais**,
- **itinerarios personalizados de inserción** sociolaboral levados a cabo por oficinas de emprego.

Establecerase a posibilidade de **avaliación extraordinaria das competencias clave** –ou sistemas equivalentes de nivel mínimo para a formación ocupacional– para os participantes en convenios de inclusión sociolaboral desenvolvidos ao abeiro desta lei.

**BASE 12****RÉXIME DE INFRACCIÓNIS E SANCIÓNIS**

Cómpre establecer un novo catálogo de infraccións e sancións como mecanismo de garantía, adaptado á nova configuración da renda de inclusión social de Galicia e á Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia.

O novo catálogo de infraccións e sancións terá en conta o seguinte:

- Serían responsables as persoas titulares da prestación ou os seus conviventes que incorran nas accións ou omisións tipificadas como infraccións no texto.
- Consideraríase a posibilidade de establecer unha tripla clasificación das infraccións en función da súa gravidade:
  - Poderíanse considerar infraccións leves as seguintes:
    - A falta de comunicación á Administración, no prazo de dous meses, do cambio de domicilio, da variación dos requisitos esixidos para percibir a prestación, da composición da unidade de convivencia ou da modificación dos ingresos desta.
    - O incumprimento dos compromisos derivados do proxecto de traballo social establecidos nos servizos sociais de atención primaria.
    - O incumprimento por parte da persoa titular da prestación das súas obrigas legais cara aos demais membros da unidade perceptora, cando do devandito incumprimento non se deriven feitos ou situacións graves.
  - Poderíanse considerar infraccións graves:
    - Ter sido sancionado pola comisión con tres infraccións leves nun tempo non superior a dous anos.
    - A utilización da prestación para fins distintos aos establecidos.

- A negativa a someterse, no seu caso, ao convenio de integración socio-familiar ou o incumprimento inxustificado das medidas establecidas neste.
- Terían o carácter de infracción moi grave:
  - Ser sancionado pola comisión con dúas infraccións graves nun tempo non superior a dous anos.
  - Actuación fraudulenta da persoa beneficiaria na percepción inicial e mantemento da prestación.
  - Negativa inxustificada a someterse ao convenio de inclusión sociolaboral ou incumprimento inxustificado das medidas establecidas neste.
- As infraccións leves serían sancionadas con apercibimento escrito á persoa que as cometera ou coa retirada do complemento de axuste persoal.
- As infraccións graves sancionaríanse coa extinción da totalidade da prestación económica ou dalgún dos seus tramos. No caso de retirada total da prestación, esta non podería ser solicitada de novo ata que transcorrera un período de entre tres e seis meses.
- As infraccións moi graves serían sancionadas coa extinción da totalidade da prestación económica ou dalgún dos seus tramos. No caso de retirada total da prestación, esta non podería ser solicitada de novo ata que transcorrera un período de entre seis e doce meses.
- Na imposición de sancións deberanse ter en conta diversos criterios de gradación:
  - A intencionalidade da persoa infractora.
  - A capacidade real de discernimento da persoa infractora.
  - A contía económica percibida indebidamente.
  - O incumprimento de requirimentos previos por parte das administracións públicas galegas.
  - As circunstancias persoais e familiares, en particular o relativo á situación económica e social.
  - O grao de desestruturación familiar.

- A realización no termo dun ano, a contar desde a comisión da infracción calificada, doutra ou outras infraccións da mesma ou distinta natureza que foran declaradas firmes por resolución administrativa.
- A emenda dos prexuízos que deron lugar á iniciación do procedemento sancionador, sempre que se producira antes da conclusión do citado procedemento.

Serán órganos administrativos competentes para a iniciación, instrución e resolución dos procedementos sancionadores os órganos da comunidade autónoma con competencia en materia de servizos sociais. En calquera caso, non poderán atribuírselle ao mesmo órgano as fases de instrución e resolución do procedemento.

Respecto ao réxime sancionador e recursos ao respecto, serán aplicables as disposicións contidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común referidas a disposicións xerais sobre os procedementos administrativos, revisión dos actos en vía administrativa e potestade sancionadora.

**BASE 13****RECOÑECEMENTO ÁS EMPRESAS INCLUSIVAS:**

A Lei de inclusión procurará a implicación do empresariado na acción pública a prol da inclusión sociolaboral das persoas máis vulnerables. Recollerase así a tendencia positiva observada nos últimos anos por parte de certas empresas que asumen unha **corresponsabilidade social** neste respecto e que veñen colaborando co Plan galego de inclusión, dando oportunidades de emprego ou de formación nun marco laboral real a estas persoas. A lei plasmará un recoñecemento a esa colaboración mediante un selo distintivo de **Empresa inclusiva**.

A colaboración empresarial é fundamental para favorecer o logro dos obxectivos desta lei. Por tal motivo, nos programas e medidas para a inclusión social estanse a formular e desenvolver procesos de intervención-acción co tecido produtivo. Estes procesos consisten en accións de prospección empresarial, análise ocupacional no territorio e intermediación laboral, nos que, ademais de realizar unha tarefa de sensibilización, se procura captar a colaboración do empresariado a través dun catálogo de servizos adaptado ás súas demandas e orientado á inserción laboral das persoas con dificultades de acceso ao mercado de traballo.

As motivacións do empresariado para esta colaboración poden vir determinadas por diferentes aspectos, como poden ser, entre outros: valores de carácter persoal da dirección, interese por realizar accións de impacto no seu contorno local ou doutros onde opera, ou a integración destas accións nunha política da xestión da empresa con criterios de responsabilidade social.

En calquera caso, trátase dunha colaboración voluntaria que é fundamental para o éxito de moitos dos proxectos de inserción, polo que resulta de interese xeral favorecer a continuidade desta implicación e fomentar novos compromisos empresariais na integración laboral das persoas a través de medidas públicas de recoñecemento da administración pública competente ás empresas que realizan este labor inclusivo.

A Lei de Inclusión servirá para establecer o marco normativo dos requisitos de acceso ao recoñecemento público a través do selo de Empresa inclusiva, parámetros esixibles, dereitos que outorga e sistemas de control e reversibilidade da concesión da mención que se regula, co obxecto de dotar de certas garantías e dun carácter formal a esta colaboración.

De acordo co anterior, na Lei de inclusión social regularase:

A. As accións empresariais en materia de inclusión sociolaboral de persoas pertencentes a colectivos vulnerables, nos seguintes aspectos:

- a. **O carácter voluntario** das actuacións, máis alá do cumprimento da normativa legal en material laboral.
- b. **Liñas de fomento** da colaboración empresarial que se promoven ou poidan promoverse desde o Sistema Galego de Servizos Sociais e do catálogo ou tipoloxía de medidas dirixidas a favorecer a implicación empresarial nos procesos de inserción laboral das persoas usuarias.

B. O selo de Empresa inclusiva:

- a. **En que consiste:** recoñecemento do labor de colaboración na inserción laboral de persoas con especiais dificultades de acceso ao mercado laboral.
- b. Potenciais **destinatarias:** empresas e organizacións con domicilio social en Galicia ou con axencia, sucursal, delegación ou equivalente na comunidade autónoma.
- c. **Beneficios** da obtención do certificado, que poderían consistir nalgún dos seguintes:
  - No reintegro dunha porcentaxe das cotizacións sociais que a empresa/organización devenga ás súas persoas traballadoras.
  - Nunha vantaxe derivada de integrar a posesión do selo de Empresa inclusiva como criterio de valoración na obtención de axudas ás empresas para o desenvolvemento de accións que estean comprendidas nun programa de capacitación e mellora das condicións laborais do cadro de persoal

de traballadores/as incluídos nos programas de capacitación do Risga.

• Accións relativas ao marketing social:

- Divulgación da colaboración en actos de sensibilización para a inclusión social.
- Uso do logotipo de Empresa inclusiva nos materiais comerciais ou publicitarios da empresa durante o tempo de vixencia.

d. Requisitos para a **obtención**. Esixiríaselles ás empresas e organizacións candidatas, como requisito mínimo, a acreditación do cumprimento de toda a lexislación en materia laboral, non podendo acceder ou renovar o certificado se a devandita documentación non é conforme. Poderáselles solicitar, ademais, a acreditación dalgunha outra información pertinente.

e. Ademais, a Lei de inclusión social aproveitará para establecer a **vixencia** do certificado e os **mecanismos de control** no mantemento dos presupostos que deron lugar á súa concesión e a pertinencia, ou non, da súa renovación. Para a consecución deste obxectivo a Administración pública recadará, de ser o caso, todos os informes dos organismos competentes que se estimen oportunos.

## BASE 14

### PREVENCIÓN DA EXCLUSIÓN SOCIAL NAS ZONAS DE INTERVENCIÓN SOCIAL ESPECIAL

A Lei de inclusión social establecerá unha estratexia específica sobre certos espazos territoriais urbanos ou periurbanos nos que se acredite unha concentración significativa e anómala de situacións de exclusión social. Trátase normalmente de zonas:

- espacialmente delimitadas,
- urbanisticamente degradadas,
- onde concorren circunstancias e dinámicas comunitarias específicas que impiden ou dificultan en extremo a integración social da súa poboación.

Estas áreas precisan do desenvolvemento de actuacións concretas dirixidas á superación dunha situación de segregación física, marxinalidade e exclusión social. O paradigma desas áreas son os denominados asentamentos chabolistas de zonas suburbanas, aínda que non son estes o único tipo de área susceptible de beneficiarse das medidas contidas nesta base.

A Xunta de Galicia poderá de oficio ou a instancia dos concellos declarar un determinado espazo territorial como **Zona de Intervención Social Especial**. Para a devandita declaración será preceptivo o informe do concello correspondente.

A Comisión Interdepartamental de Servizos Sociais e Inclusión Social, definida no artigo 65 da Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, a proposta do departamento responsable do Sistema Galego de Servizos, aprobará un plan especial de actuación para cada unha das áreas territoriais declaradas Zonas de Intervención Social Especial.

Nos mencionados plans estableceranse as actuacións por departamentos, asignándose así mesmo ao concello o desenvolvemento das actividades que correspondan en función da repartición de competencias establecida polas leis. A este respecto o concello, de ser necesario, realizará e

impulsará unha proposta de modificación urbanística para posibilitar o proceso de transformación.

O departamento competente en materia de servizos sociais reforzará o financiamento dos servizos sociais comunitarios dos concellos nos que sexan declaradas Zonas de Intervención Social Especial, de maneira que, mediante un equipo técnico cualificado, se asegure un seguimento personalizado das persoas e familias, así como a execución dos proxectos sociais e o impulso da coordinación transversal sobre o territorio.

No caso de asentamentos chabolistas os servizos sociais comunitarios e os órganos de control do Sistema Galego de Servizos Sociais garantirán que entre os compromisos por parte dos beneficiarios da Risga ou das AIS estará o de participación activa nun itinerario de cambio residencial no que se concreten os pasos necesarios para o logro efectivo do realoxamento nunha vivenda normalizada.

**5.2. Proxecto de decreto polo que se desenvolve a Lei 13/2008 de servizos sociais no relativo ao Consello Galego de Benestar Social**

Apróbase o seguinte proxecto de decreto:

**PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE DESENVOLVE A LEI 13/2008, DO 3 DE DECEMBRO, DE SERVIZOS SOCIAIS NO RELATIVO AO CONSELLO GALEGO DE BENESTAR SOCIAL**

A comunidade autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, de conformidade co establecido no artigo 27.23 no Estatuto de Autonomía, en relación co artigo 148.1º.20 da Constitución Española.

Facendo uso desa atribución de competencias, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais, na que se ordenan e regulan os aspectos básicos dun Sistema Galego de Servizos Sociais.

O sistema regulado na devandita lei, tal e como se recolle na súa exposición de motivos, configúrase como un instrumento de materialización efectiva de benestar social, de prevención da discriminación e da exclusión, e, en xeral, como medio de realización dos dereitos sociais básicos do pobo galego. Nesta liña, o título terceiro fai referencia aos órganos consultivos e de participación, e regula no seu artigo 40 o Consello Galego de Benestar Social e a creación no seu seo do Observatorio Galego de Servizos Sociais.

O adecuado funcionamento de ambos os dous órganos colexiados esixe o desenvolvemento da Lei 13/2008, do 3 de decembro, a través dunha normativa que, máis polo miúdo, regule os aspectos non concretados naquela sobre a composición, estrutura e funcionamento coa finalidade de axilizar a súa xestión para que sexa un órgano colexiado operativo e dinámico.

Por outra banda, a disposición adicional cuarta da Lei 13/2008, do 3 de decembro, mencionada dispón que a Xunta de Galicia promoverá a constitución do Consello Galego de Benestar Social, que virá substituír o Consello Galego de Servizos Sociais nun prazo non superior aos nove meses desde a entrada en vigor desta lei.

A vixente estrutura da Xunta de Galicia e os seus departamentos e a nova estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar resultante do disposto no Decreto 335/2009, do 11 de xuño, esixe levar a cabo unha

regulación na composición e funcionamento do Consello Galego de Benestar Social.

Na súa virtude, e no uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e demais normativa concordante, e por proposta da conselleira de Traballo e Benestar, despois da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día .....

## **DISPÕO:**

### **Título I**

#### **Disposicións xerais**

#### **O Consello Galego de Benestar Social**

##### **Artigo 1. Obxecto.**

O presente decreto ten por obxecto:

- a) Establecer a composición, estrutura e funcións do Consello Galego de Benestar Social, previsto no artigo 40 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais como órgano superior consultivo e de participación do sistema galego de servizos sociais da comunidade autónoma.
- b) Determinar a composición e o funcionamento do Observatorio Galego de Servizos Sociais, creado no artigo 41 da devandita lei.

##### **Artigo 2. Natureza e sede.**

1. O Consello Galego de Benestar Social é o órgano superior consultivo e de participación do sistema galego de servizos sociais, adscríbese ao departamento competente en materia de servizos sociais, que o dotará economicamente e garantirá o seu funcionamento administrativo e organizativo.

2. Terá a súa sede en Santiago de Compostela, aínda que poderá celebrar as súas reunións en calquera localidade da comunidade autónoma cando así o decida o seu presidente.

## **Título II**

### **Funcións e composición do Consello**

#### **Artigo 3. Funcións.**

1. As funcións do Consello Galego de Benestar Social son, entre outras, as seguintes:
  - a) Asesorar o Goberno na planificación e programación dos servizos sociais, emitindo ditames ou formulando propostas de actuación.
  - b) Coñecer os anteproxectos de lei ou proxectos de normas regulamentarias.
  - c) Recibir información sobre os criterios adoptados na elaboración do anteproxecto de orzamentos en materia de servizos sociais.
  - d) Emitir ditames por instancia do Parlamento de Galicia no eido dos servizos sociais.
  - e) Coñecer da xestión dos servizos sociais.
  - f) Fomentar a participación da sociedade e das administracións públicas.
  - g) O seguimento estatístico, tanto dos procesos de concesión da renda de integración social de Galicia como da correcta aplicación das medidas de fomento de emprego que, vinculadas aos proxectos de inserción, se prevén na lei galega de medidas básicas para a inserción social, sen prexuízo das competencias do Instituto Galego de Estatística prevista na Lei 9/1988, do 19 de xullo, e da Mesa Galega de Servizos Sociais.
  - h) A avaliación global dos resultados da execución dos programas de inserción social previstos na devandita lei, así como a formulación de observacións e proposta de modificación que axuden a melloralos.
  - i) A modificación do seu regulamento de réxime interior.
  - j) Calquera outra función que lle poida ser regulamentariamente atribuída.

2. Nos seus informes, ditames, e propostas, o Consello terá en consideración a perspectiva de xénero.

#### **Artigo 4. Composición.**

1. O Consello Galego de Benestar Social, como órgano de participación dos diversos sectores relacionados cos servizos sociais, estará integrado por:

1.º **Presidencia.** Será ocupada pola persoa titular da consellería competente en materia de servizos sociais.

2.º **Vicepresidencia.** Será ocupada pola persoa titular do centro directivo competente en materia de servizos sociais.

3.º **Secretaría.** Será ocupada pola persoa titular dunha das subdireccións adscrita ao centro directivo competente en materia de servizos sociais, con voz pero sen voto, e será nomeado pola presidencia.

No caso de ausencia desta, será substituída por un funcionario/a adscrito ao departamento en materia de servizos sociais e será nomeado pola presidencia.

4.º **Vogais.** Nomearanse 27 vogais en representación tanto da Administración autonómica como de organizacións, asociacións ou entidades de servizos sociais repartidos da seguinte forma:

1. Pola Xunta de Galicia:

Cinco en representación dos departamentos da Administración autonómica competente nas seguintes áreas:

- Emprego.
- Educación.
- Sanidade.
- Benestar.
- Vivenda.

2. Dous en representación das entidades locais a proposta da Federación Galega de Municipios e Provincias.

3. Tres en representación das organizacións sindicais máis representativas na comunidade autónoma, a proposta das respectivas organizacións sindicais.

4. Tres en representación das organizacións empresariais máis representativas na comunidade autónoma, a proposta da Confederación de Empresarios de Galicia.

5. Tres en representación das organizacións profesionais agrarias máis representativas a nivel galego.

6. Tres en representación das entidades prestadoras de servizos sociais, que serán elixidos entre as entidades inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Traballo e Benestar, conforme á súa área de representación, a proposta da Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais.

7. Un en representación das asociacións que velen polos intereses das persoas usuarias de centros e servizos sociais, proposto polo Consello Galego de Consumidores e Usuarios.

8. Tres representantes das universidades de Galicia, un por cada unha delas designadas polos seus órganos de goberno.

9. Un en representación de cada un dos seguintes colexios profesionais, propostos polo seu órgano de goberno:

a) Colexio Oficial de Psicólogos.

b) Colexio Oficial de Sociólogos.

c) Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social.

d) Colexio Oficial de Educadores Sociais.

2. Por cada vogal titular nomearase tamén un suplente que o substitúa nos casos legalmente previstos.

3. A composición e organización do Consello Galego de Benestar Social rexerese polo principio de paridade e tratará de garantir unha representación proporcionada entre homes e mulleres.

## **Artigo 5. Nomeamento dos membros e duración dos cargos.**

1. A duración do mandato dos vogais representativos será de catro anos, sen prexuízo da súa reelección e da posibilidade de substitución dos titulares e dos suplentes durante o devandito período, por proposta do órgano administrativo, institución, asociación ou entidade a quen represente.
2. Os vogais do Consello serán nomeados polo presidente, por proposta do órgano administrativo, institución, asociación ou entidade a quen represente. Se algún membro perde o carácter de representatividade da institución, asociación ou entidade que o propuxo, deberán proceder a propoñer outro vogal-representante no prazo máximo dun mes, polo período que lle restaba a aquel, para o seu posterior nomeamento polo presidente.
3. A proposta de separación dos vogais, titulares ou suplentes deberá serlle comunicada ao presidente do Consello, a través do secretario/a, xunto coa proposta do novo representante.
4. Nos casos en que un vogal designado para actuar como tal non asista en máis de tres sesións consecutivas, o presidente poderá comunicar estas ausencias sen xustificar ao órgano que o propuxo para que se proceda a propoñer a outro vogal.

## **Título III**

### **Estrutura e funcionamento do Consello**

## **Artigo 6. Funcionamento.**

O Consello poderá crear comisións e grupos de traballo específicos, con carácter sectorial ou por áreas de xestión, co obxecto de dinamizar o seu funcionamento e dotalo de maior operatividade.

## **Artigo 7. O Pleno do Consello.**

1. O Pleno estará integrado por todos os membros do Consello, correspondéndolle, entre outras, as seguintes funcións:
  - a) Adoptar, acordar e emitir informes sobre as materias que constitúen as funcións do Consello.
  - b) Crear e regular a composición e funcións das comisións de traballo, sinalándolles os seus obxectivos.
  - c) Aprobar e modificar as normas de funcionamento interno do Consello.
  - d) Coñecer e emitir informe sobre o anteproxecto de orzamento dedicado a satisfacer os gastos de funcionamento do Consello.
  - e) Aprobar a memoria e o informe anual sobre as súas actividades.
  - f) Aprobar, rexeitar ou modificar os proxectos, informes e acordos que lle sometan a comisión permanente e as comisións de traballo.
2. O pleno reunirse, polo menos, en sesión ordinaria, unha vez ao ano e, con carácter extraordinario, cando sexa convocado polo presidente, ben sexa por iniciativa propia, por solicitude da comisión permanente ou da metade dos membros do consello.
3. Para a súa válida constitución será necesaria a concorrencia da maioría absoluta dos seus membros, en primeira convocatoria, e dun terzo en segunda, debendo transcorrer trinta minutos entre ambas as convocatorias.
4. Todos os membros do pleno terán dereito a voto e os seus acordos adoptaranse por maioría absoluta dos membros presentes. O voto do presidente decidirá en caso de empate e farase constar en acta os votos discrepantes, así como o seu fundamento, se así se solicitase.
5. Cando a orde do día o requira, a presidencia poderá invitar a participar nas reunións do pleno, con voz pero sen voto, as entidades ou expertos/as de servizos sociais que coide oportuno para o mellor asesoramento nos temas concretos que se van debater.

## **Artigo 8. A presidencia do Consello.**

1. Son funcións da presidencia:
  - a) Exercer a máis alta representación institucional do Consello Galego de Benestar Social.
  - b) Convocar as reunións do pleno e da comisión permanente, formular a orde do día e presidir e moderar o desenvolvemento dos debates.
  - c) Someter á consideración do Consello todos os asuntos que sexan da súa competencia.
  - d) Visar as actas e certificacións dos acordos do Consello.
  - e) Velar polo cumprimento das normas de réxime interno do Consello.
  - f) Cantas outras resulten propias da súa condición de presidente.
2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do presidente será substituído polo vicepresidente e, no seu defecto, polos titulares dos departamentos competentes en materia de benestar ou familia por esta orde.

### **Artigo 9. A vicepresidencia do Consello.**

1. Correspóndelle á vicepresidencia:
  - a) Constituír, xunto co presidente e o secretario/a, a mesa do Pleno do Consello.
  - b) Colaborar co presidente nas tarefas que este lle encomende e substituílo nos casos legalmente previstos.
  - c) Presidir e coordinar, en nome do presidente, as comisións de traballo que o pleno constituíse.
  - d) Aqueloutras que lle sexan encomendadas pola normativa de réxime interno e todas as que sexan inherentes á súa condición de vicepresidente.
2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do vicepresidente será substituído, por esta orde, polos titulares dos departamentos competentes en materia de benestar ou familia.

### **Artigo 10. A secretaría do Consello.**

1. A secretaría levará a cabo as seguintes funcións:
  - a) Convocar, por orde do presidente, as reunións do pleno e da comisión permanente.
  - b) Asistir ás reunións do pleno, da comisión permanente e das comisións que se constitúan, levantando acta delas.
  - c) Expedir certificacións, visadas polo presidente, dos acordos, propostas e informes aprobados no pleno e na comisión permanente.
  - d) Executar os acordos do Consello, xestionando e coordinando as súas actividades e velando polo seu correcto funcionamento.
  - e) Elaborar o proxecto da memoria anual das actividades e da situación dos servizos sociais para a súa presentación e, se é o caso, aprobación polo pleno, logo do seu estudo pola comisión permanente.
  - f) Preparar o despacho dos asuntos que vaian coñecer os distintos órganos do Consello.
  - g) Recibir e tramitar as comunicacións dos membros do Consello.
  - h) Despachar co presidente os asuntos ordinarios e aqueloutros que lle fosen encomendados.
  - i) Calquera outra función que lle sexa encomendada polos órganos do Consello segundo a normativa de réxime interno.
2. Cando o volume, axilidade e a eficacia do traballo o aconselle, a comisión permanente poderá propoñerlle ao presidente do Consello o nomeamento dun adxunto/a ao secretario, que o asistirá.

### **Artigo 11. As comisións de Traballo.**

1. As comisións de traballo, constituídas para o estudo de temas concretos e coas competencias que para cada caso sinale o pleno, estarán formadas polos membros do Consello que este designe para cada caso, ademais dos titulares dos departamentos de benestar social.
2. As conclusións, resolucións e acordos que se poidan adoptar no seu seo deberanse remitir ao Pleno do Consello para o seu debate e aprobación, se procede.

## Título IV

### O Observatorio Galego de Servizos Sociais

#### **Artigo 12. Obxecto.**

O Observatorio Galego de Servizos Sociais créase no seo do Consello Galego de Benestar Social para establecer un sistema de información permanente sobre a situación dos servizos sociais en Galicia, e proporcionará unha visión global da súa realidade, tendo en conta, entre outras, a perspectiva de xénero.

#### **Artigo 13. Composición.**

O Observatorio Galego de Servizos Sociais estará formado por unha comisión permanente de traballo da que formarán parte un subdirector/a, un xefe/a de servizo e dous funcionarios/as adscritos ao departamento de servizos sociais designados pola presidencia do Consello Galego de Benestar Social.

#### **Artigo 14. Funcións.**

Entre as súas funcións encóntranse as seguintes:

- Actuar como órgano permanente de recollida, análise e intercambio da información cuantitativa e cualitativa que se recolla dos diferentes órganos de representación dos vogais que compoñen o Consello Galego de Benestar Social en materia de servizos sociais, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Recompilar, promover e orientar a difusión da información obtida.
- Promover, elaborar, impulsar e difundir as investigacións, enquisas, estudos e publicacións.
- Elaborar informes periódicos específicos cando así se lle requira. Con carácter anual, presentará informes de conxuntura social nos que se reflectan as principais variables sociais e se formulen propostas e recomendacións tendentes a promover o desenvolvemento das políticas sociais en Galicia.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

No non previsto no presente decreto será de aplicación o disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## **DISPOSICIÓN DERRADEIRAS**

Primeira.- Facúltase a conselleira de Traballo e Benestar ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta norma.

Segunda.- O presente decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

### **5.3. Proxecto de decreto polo que se regula a composición e funcionamento da Mesa Galega de Servizos Sociais**

Apróbase o seguinte proxecto de decreto:

## **PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A COMPOSICIÓN E O FUNCIONAMENTO DA MESA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS**

A comunidade autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, de conformidade co establecido no artigo 27.23 no Estatuto de Autonomía, en relación co artigo 148.1º.20 da Constitución Española.

Facendo uso desa atribución competencial, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais, na que se ordenan e regulan os aspectos básicos dun Sistema Galego de Servizos Sociais.

O sistema regulado na devandita lei, tal e como se recolle na súa exposición de motivos, configúrase como un instrumento de materialización efectiva de benestar social, de prevención da discriminación e da exclusión, e, en xeral, como medio de realización dos dereitos sociais básicos do pobo galego. Nesta liña, o título terceiro fai referencia aos órganos consultivos e de participación, e regula no seu artigo 42 a Mesa Galega de Servizos Sociais para garantir un espazo de diálogo institucional cos axentes sociais.

O adecuado funcionamento deste órgano colexiado esixe o desenvolvemento da Lei 13/2008, do 3 de decembro, a través dunha normativa que regule aspectos non concretados naquela sobre a composición, estrutura e funcionamento co obxectivo de contar cun instrumento vivo para a participación institucional dos axentes sociais nas políticas públicas no eido dos servizos sociais.

Por outra banda, a disposición adicional cuarta da Lei 13/2008, do 3 de decembro, mencionada dispón que a Xunta de Galicia deberá proceder á constitución da Mesa Galega de Servizos Sociais.

A Consellería de Traballo e Benestar, segundo a estrutura orgánica fixada polo Decreto 335/2009, do 11 de xuño é o órgano da Administración da comunidade autónoma ao que lle corresponde levar a cabo, entre outras, as competencias e funcións en materia de servizos sociais.

Na súa virtude, e no uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e demais normativa

concordante, e por proposta da conselleira de Traballo e Benestar, despois da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día .....

## **DISPÕO:**

### **Título I**

#### **Disposicións xerais**

#### **A Mesa Galega de Servizos Sociais**

##### **Artigo 1. Obxecto.**

O presente decreto ten por obxecto establecer a composición, estrutura e funcións da Mesa Galega de Servizos Sociais, prevista no artigo 42 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais como o órgano específico de participación institucional dos axentes sociais para o deseño das políticas públicas no eido dos servizos sociais.

##### **Artigo 2. Natureza e sede.**

1. A Mesa Galega de Servizos Sociais constitúese como un órgano específico de participación institucional dos axentes sociais para o deseño, estudo e posta en funcionamento das iniciativas que melloren a calidade na prestación dos servizos sociais e para o control e avaliación global dos resultados na execución dos programas desenvolvidos en materia de servizos sociais.
2. As reunións da Mesa Galega de Servizos Sociais realizaranse nas dependencias da Consellería de Traballo e Benestar na súa sede de Santiago de Compostela, aínda que tamén poderán celebrarse en calquera outra localidade da comunidade autónoma cando así o decida o seu presidente.

### **Título II**

#### **Funcións e composición da Mesa**

### **Artigo 3. Funcións.**

As funcións da Mesa Galega de Servizos Sociais son, entre outras, as seguintes:

- b) Coñecer os anteproxectos de lei ou os proxectos de normas regulamentarias.
- c) Recibir información sobre a planificación estratéxica do Sistema Galego de Servizos Sociais.
- d) Propoñer directrices e liñas xerais de actuación.
- e) Propoñer a adopción de iniciativas lexislativas ou actuacións concretas.
- f) Controlar e avaliar globalmente os resultados na execución dos programas desenvolvidos en materia de servizos sociais, así como formular as observacións e propostas de modificación que axuden a melloralo.

### **Artigo 4. Composición.**

A) A Mesa Galega de Servizos Sociais, como órgano de participación institucional dos axentes sociais, estará integrada por:

1.º- **Presidencia.** Será ocupada pola persoa titular da consellería competente en materia de servizos sociais.

2.º- **Vicepresidencia.** Será ocupada pola persoa titular do centro directivo competente en materia de servizos sociais.

3.º- **Secretaría.** Será ocupada pola persoa titular dunha das subdireccións adscrita ao centro directivo competente en materia de servizos sociais, con voz pero sen voto, e será nomeado pola presidencia.

No caso de ausencia desta, será substituída por un funcionario/a adscrito ao departamento en materia de servizos sociais e será nomeada pola presidencia.

4.º- **Vogais.** Nomearanse seis vogais en representación da Administración autonómica, seis vogais en representación das organizacións sindicais e seis vogais en representación das organizacións empresariais.

Polo que respecta aos vogais en representación das organizacións sindicais aplicarase o criterio de maior representatividade de carácter intersectorial no ámbito de Galicia.

A designación dos vogais representantes das organizacións empresariais realizarase por proposta formulada polas organizacións empresariais intersectoriais máis representativas no ámbito de Galicia a través dos seus órganos de dirección competentes.

Tendo en conta o anterior, a designación debe ser proporcional en canto ao número de representantes sindicais e empresariais, sen que poida producirse exclusión ningunha.

Por cada vogal titular nomearase ademais un suplente que o substitúa nos casos legalmente previstos.

- B) A composición e organización da Mesa Galega de Servizos Sociais rexerese polo principio de paridade e tratará de garantir unha representación proporcionada entre homes e mulleres.

#### **Artigo 5. Nomeamento dos membros e duración dos cargos.**

1. A duración do mandato dos vogais representativos será a da duración da súa representatividade, sen prexuízo da súa reelección e da posibilidade de substitución dos titulares e dos suplentes durante o citado período, por proposta do órgano a quen represente.
2. Os vogais da Mesa serán nomeados pola presidencia, por proposta do órgano a quen represente. Se algún membro perde o carácter da representatividade do órgano que o propuxo, deberán proceder a propoñer outro vogal-representante no prazo máximo dun mes, polo período que lle restaba a aquel, para o seu posterior nomeamento pola presidencia.
3. A proposta de separación dos vogais, titulares ou suplentes deberá serlle comunicada á presidencia da Mesa, a través da secretaría, xunto coa proposta do novo representante.
4. Nos casos en que un vogal designado para actuar como tal non asista en máis de tres sesións consecutivas, a presidencia poderá comunicar estas ausencias sen xustificar ao órgano que o propuxo para que se proceda a propoñer a outro vogal.

## **Título III**

### **Estrutura e funcionamento da Mesa**

#### **Artigo 6. Funcionamento.**

1. A Mesa poderá crear comisións e grupos de traballo específicos, con carácter sectorial ou por áreas de xestión, co obxecto de dinamizar o seu funcionamento e dotalo de maior operatividade sempre que se xustifique a súa necesidade. Estas comisións e grupos de traballo estarán integrados por nove vogais: un por cada organización integrante da Mesa e tres en representación da Administración autonómica.
2. A Mesa reunirse con carácter ordinario, como mínimo, unha vez ao ano, así como tantas veces como o requira o tratamento dos asuntos relacionados coas súas funcións e, con carácter extraordinario, cando sexa convocada pola presidencia, ben sexa por iniciativa propia ou por solicitude da metade dos seus membros.
3. Para a súa válida constitución será necesaria a concorrencia da maioría absoluta dos seus membros, en primeira convocatoria, e dun terzo en segunda, debendo transcorrer trinta minutos entre ambas as convocatorias.
4. Todos os membros terán dereito a voto e os seus acordos adoptaranse por maioría absoluta dos membros presentes. O voto da presidencia decidirá en caso de empate e farase constar en acta os votos discrepantes, así como o seu fundamento, se así se solicitase.
5. Cando a orde do día o requira, a presidencia poderá invitar a participar nas reunións, con voz pero sen voto, as entidades ou expertos de servizos sociais que coide oportuno para o mellor asesoramento nos temas concretos que se van debater.

#### **Artigo 7. A presidencia da Mesa.**

1. Son funcións da presidencia:
  - a) Exercer a máis alta representación institucional da Mesa Galega de Servizos Sociais.
  - b) Convocar as reunións, formular a orde do día e presidir e moderar o desenvolvemento dos debates.
  - c) Someter á consideración da Mesa todos os asuntos que sexan da súa competencia.
  - d) Visar as actas e certificacións dos acordos da Mesa.
  - e) Velar polo cumprimento das normas de réxime interno.
  - f) Cantas outras resulten propias da súa condición de presidente.
  
2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do presidente será substituído polo vicepresidente e, no seu defecto, polos titulares dos departamentos competentes en materia de benestar.

#### **Artigo 8. A Vicepresidencia da Mesa.**

1. Correspóndelle á vicepresidencia:
  - a) Constituír, xunto co presidente e o secretario/a, a Mesa.
  - b) Colaborar co presidente nas tarefas que este lle encomende e substituílo nos casos legalmente previstos.
  - c) Aqueloutras que lle sexan encomendadas pola normativa de réxime interno e todas as que sexan inherentes á súa condición de vicepresidente.
  
2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do vicepresidente será substituído, por esta orde, polos titulares dos departamentos competentes en materia de benestar.

#### **Artigo 9. A secretaría da Mesa.**

1. A secretaría levará a cabo as seguintes funcións:

- a) Convocar, por orde do presidente, as reunións da Mesa.
  - b) Asistir ás reunións da Mesa levantando as actas.
  - c) Expedir certificacións, visadas pola presidencia, dos acordos, propostas e informes aprobados.
  - d) Executar os acordos da Mesa, xestionando e coordinando as súas actividades e velando polo seu correcto funcionamento.
  - e) Preparar o despacho dos asuntos que vaian coñecer nas sesións.
  - f) Recibir e tramitar as comunicacións dos membros da Mesa.
  - g) Despachar coa presidencia os asuntos ordinarios e aqueloutros que lle fosen encomendados.
2. Cando o volume, a axilidade e a eficacia do traballo o aconselle, poderá solicitar o nomeamento do persoal necesario que o asista.

#### **Artigo 10. Os vogais.**

1. Correspóndelles aos vogais:
- a) Coñecer previamente a orde do día das reunións e a información precisa sobre os temas incluídos naquelas.
  - b) Participar nos debates das sesións.
  - c) Exercer o seu dereito ao voto.
  - d) Formular os rogos e as preguntas que coiden oportunos.
  - e) O dereito á información necesaria para cumprir as funcións asignadas á Mesa.
  - f) Cantas outras funcións deriven da súa condición de vogais.

En todo caso, a perda da condición de vogal no respectivo órgano de representación deberalle ser comunicada á presidencia, na súa calidade de presidente da Mesa, xunto co nome do novo representante, para futuras convocatorias.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

No non previsto no presente decreto será de aplicación o disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## **DISPOSICIÓN DERRADEIRAS**

Primeira.- Facúltase a conselleira de Traballo e Benestar a ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta norma.

Segunda.- O presente decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.